BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA

Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas"

NÚMERO 365 | A CORUÑA | ANO 2004

Boletín da Real Academia Galega

NÚMERO 365 | A CORUÑA | ANO 2004

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA

Coordinadores
Xesús Alonso Montero
Xosé R. Barreiro Fernández
Xosé Manuel González Reboredo

Coeditan
Real Academia Galega
Fundación Rodríguez Iglesias
Hércules de Ediciones, S. A.

Deseño
Xosé Díaz/Imago Mundi

Maquetación e Impresión
Hércules de Ediciones, S. A.
Rúa Cordelería, 32 EDIFICIO HÉRCULES
Telf. 981 22 05 85
Fax. 981 22 07 17
www.herculesediciones.es
15003 A Coruña

ISBN: 84-87987-60-5
ISSN: 1576-8767

Depósito Legal: C-743/2000

© REAL ACADEMIA GALEGA
Rúa Tabernas, 11
Telf. e fax. 981 20 73 08
www.realacademiagalega.org
15001 A CORUÑA

Esta publicación é posible grazas á colaboración
económica da Fundación Rodríguez Iglesias, Hércules de Ediciones, S. A.
e Fundación Pedro Barrié de la Maza

PRESENTACIÓN

Un ano máis o noso *Boletín*, albiscando xa o centenario do seu nacemento, acode á cita anual como voceiro da Real Academia Galega.

Nesta xeira está dedicado no seu apartado primeiro a Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2004. Este investigador e benemérito galego, herdeiro do espírito do Seminario de Estudos Galegos e da xeración "Nós", ocupouse durante toda a súa vida da recolleita xenerosa do legado da cultura popular. Consciente da cultura que atesouraba o pobo e tamén dos perigos da súa perda, dedicouse a preservar algo que nos pertence a todos porque é a base da nosa identidade. Unha boa parte da súa obra está dedicada á etnografía do mundo rural e do mariñeiro. Pero non son os seus estudos alleos ao mundo da arqueoloxía no que entrou da man do seu mestre Florentino López Cuevillas. Para poñer ao descuberto as raiceiras da nosa cultura foi a arqueoloxía uns dos instrumentos esenciais á par da exhumación da máis vella documentación. Esta orientación arqueolóxico-documental vén marcada polos nosos primeiros historiadores que se esforzaron por mostrar a singularidade da nosa cultura.

O *Boletín da Real Academia Galega* fíxose eco destas inquedanzas ao longo da súa traxectoria, seguindo deste xeito un fío condutor de grande importancia. A figura de Xaquín Lorenzo non fai máis que reafirmar a continuidade cultural e a firmeza da nosa mellor tradición.

Ocúpanse dos traballos e dos días do noso homenaxeado, nos distintos apartados do seu labor intelectual, Carlos García Martínez e M.ª Xosé Fernández Cerviño, voces do Museo do Pobo Galego que tanta relación tivo co homenaxeado.

Clodio González Pérez, Francisco Fariña Busto, Xulio Rodríguez González, Manuel González González, Francisco Calo Lourido, Manuel Caamaño Suárez, Xesús Ferro Ruibal e Xosé Ramón Mariño Ferro, achégannos aos lectores ás diferentes facetas humanas e investigadoras de "Xocas".

A segunda sección do *Boletín* recolle as alocucións académicas do acto institucional celebrado na honra do homenaxeado en Ourense.

O terceiro apartado, como vén sendo habitual, está dedicado a traballos de investigación. Nesta ocasión os profesores Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo inician o estudo dun tema fundamental como é a escrita epistolar en galego.

Por último, a sección que reflicte a vida oficial da Real Academia Galega, ademais de dar conta de distintos proxectos de investigación e de facer a crónica académica, remata coa necrolóxica de D. Domingo García Sabell, membro destacado da institución e Presidente da mesma, a cargo do tamén académico numerario Víctor Freixanes.

A Xaquín Lorenzo

Sabes que non te gabo por obriga,
meu mestre albar nunha Auria de negruras,
bardo de castros, mámoas e seituras;
de insculturas e lápidas espiga.

Sabes por que che canto copla amiga,
temoneiro de auroras e tenruras,
ara de dornas, lápis de solturas,
arracada de luz que tanto abriga.

Lóuvote, bandoneón do Leboreiro,
torre da Limia Baixa namorada,
por seres ti campá da Nai do Viso,

carro e fol de Cuevillas rebuldeiro,
bandeirola de Risco, casa, rada,
e manso embaixador do paraíso.

X. C. Gómez Alfaro
A Guarda, xaneiro de 2004

I

Estudos e investigacións sobre Xaquín Lorenzo Fernández

Xaquín Lorenzo, precursor dos estudos da arquitectura popular galega
Manuel Caamaño Suárez

Cultura mariñeira
Francisco Calo Lourido

A propósito dos traballos arqueolóxicos de don Xaquín Lorenzo
Francisco Fariña Busto-Xulio Rodríguez González

O cantigueiro popular da Limia Baixa de Xaquín Lorenzo
Xesús Ferro Ruibal

A roda e a dorna. Xaquín Lorenzo e o Museo do Pobo Galego
Carlos García Martínez e María-Xosé Fernández Cerviño

Os tipos de xugo e os seus nomes no territorio de fala galega
Manuel González González

Xaquín Lorenzo Fernández. Vida
Clodio González Pérez

O príncipe lagarto, de vila de calvos
Xosé Ramón Mariño Ferro

"Menos mal que nos queda Portugal"
Teresa Soeiro

XAQUÍN LORENZO, PRECURSOR DOS ESTUDOS DA ARQUITECTURA POPULAR GALEGA

Manuel Caamaño Suárez

Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), coñecido agarimosamente entre os amigos, dende a nenez, por Xocas, é unha personalidade senlleira da cultura galega a quen este ano 2004 elixiu a Real Academia Galega para honralo no Día das Letras Galegas e, como consecuencia, a Xunta de Galicia determinou que culturalmente fora o Ano Xaquín Lorenzo para homenaxear de xeito oficial a súa figura.

Nacido en Ourense o 23 xuño de 1907, alí recibiu unha cumprida educación que, completada coas estadías polos veráns nas súas entrañables terras de Facós-Lobeira, foi creando nel a necesidade de estudar a cultura popular. Dicía ao respecto que "Así funme pondo en contacto co campo de Galicia. E vía que ao chegar a Ourense para retomar os estudos, os rapaces da cidade descoñecían completamente o que era o campo; isto facíame reaccionar" (Entrevista de Roberto Benito Fernández en *Faro de Ourense*, 17-V-1984).

APUNTAMENTOS DA SÚA FORMACIÓN, VIDA E OBRA

Desde idade moi temperá será asiduo colaborador do grupo Nós e amigo dos seus integrantes, principalmente de Cuevillas, Otero Predayo e Vicente Risco. Eles os tres foron os seus mestres que o inclinaron cara á investigación e xa, cando aínda só contaba con dezaoito anos (1925), ingresa como membro activo no Seminario de Estudos Galegos (SEG), no que permanecerá ata a desaparición del motivada pola guerra civil. Traballador infatigable, ao mesmo tempo que investiga e traballa como ensinante, actividade para a que tamén se sentía vocacionado e na que deixará unha fonda pegada entre os seus alumnos, participa en numerosas iniciativas culturais das que a de máis relevancia será a que conducirá á creación do seu anceiado Museo do Pobo Galego no ano 1977. Comprométese desde mozo nas fileiras do galeguismo, e nesa doutrina se manterá fiel ata a súa morte no 1989: "O galeguismo foi o guieiro continuo do seu quefacer como cidadán e na vida social", escribiu del o profesor ourensán Marcos Valcárcel (VALCÁRCEL, 2004, 74).

A súa actividade investigadora, que tivo os momentos de máxima produción nas décadas dos 1940 e 1950, e na que, como era característico nos homes do SEG, foron varias as tenzas das ciencias sociais que mereceron a súa atención, entre as que salienta de forma significativa a que se refire aos estudos etnográficos polos que chegará a ser

considerado como o mestre da Etnografía Galega. O decisivo e sobranceiro rol nela, da que nos deixou un amplo legado científico, merece o recoñecemento de caracterizados estudosos da súa obra, aínda hoxe en plena vixencia. Así resume Carlos García Martínez, a persoa que viviu máis preto del continuadamente nos dez últimos anos da súa vida o seu labor investigador: "Como foi característico dos membros da xeración do Seminario de Estudos Galegos, varios eidos científicos mereceron a atención de Xaquín Lorenzo. Notorias son as súas aportacións á historia, á arte e á arqueoloxía; non obstante, con ser importantes os seus traballos nestes terreos é na etnografía onde o seu nome é sobranceiro. Non hai dúbida de que é o máximo sintetizador do que se veu chamando etnografía material" (GARCÍA MARTÍNEZ, en *La Voz de Galicia*, 1983).

Na súa laboría etnográfica abordou temas moi diversos dos que algúns mereceron unha grande e constante atención, como son o carro, a casa e outras construcións, a dorna, o tecido, o cancioneiro ou o refraneiro. Xa en 1927, cando tiña vinte anos, publica as súas primeiras colaboracións na revista Nós e será, a partir dese momento, cando irá producindo unha serie de traballos –soamente interrumpidos nos tempos máis duros e perigosos da guerra civil–, que durarán ata pouco antes do seu pasamento. Os traballos etnográficos, ademais do seu tratado maxistral *Etnografía. Cultura material*, aos que hai que xuntar os de carácter arqueolóxico e outros relacionados coa epigrafía ou coa historia da arte, foron vertidos en publicacións periódicas de Galicia, particularmente en *Nós* (Ourense), no *Arquivo do Seminario de Estudos Galegos (ASEG*, Santiago de Compostela), no *Boletín da Real Academia Galega (BRAG*, A Coruña), no *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense (BCPMHAO*, Ourense), *Cuadernos de Estudios Gallegos (CEG*, Santiago de Compostela) e *Boletín Auriense (BA*, Ourense). O illamento que as condicións políticas e culturais impuñan no tempo da súa máis prolífica produción –anos 1940 e 1950–, non lle impediu lograr información das correntes máis novidosas que había polo mundo así como ter unha comunicación permanente con científicos doutras latitudes europeas, como reflicten as súas colaboracións nas publicacións de Madrid do *Archivo Español de Arqueología (AEA)* e da *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares (RDTP)*, na portuguesa *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia (TSPAE*, Porto) ou na alemá *Volkstum und Kultur der Romanen (VKE*, Hamburgo), entre outras.

A ampla produción investigadora complementouna con numerosas ilustracións, produto da súa habelencia para o debuxo –técnica á que lle concedía moita importancia para a mellor transmisión da cultura popular–, e para a fotografía. Os traballos etnográficos, fundamentalmente os que teñen que ver coa arquitectura popular, levan acaídos debuxos saídos da súa man mestra. Mais as súas habelencias non se esgotaban aí, xa que tamén era un bo deseñador, maquetista e guionista de cine. Aos dezaseis anos construiu unha maqueta dun carro –a súa gran paixón de sempre– da comarca de Lobeira que, posteriormente, sería o motivo que lle serviría para ingresar no SEG; con este mesmo tema

relacionado co home e o contorno no que vive, fixo o guión dun documental, hoxe de gran valor etnográfico e unha das xoias das curtametraxes que se levan producido tanto en Galicia como fóra dela: *O carro e o home*. Tamén como maquetista, xunto con Vicente Fernández Hermida, levou a cabo a realización dunhas maquetas de casas labregas tomando como modelos as que estudara para a súa colaboración na monografía *Vila de Calvos de Randín*.

Baixo a consideración de que a terra, o home e a cultura constitúen unha unidade indisociable de calquera comunidade humana diferenciada, a súa grande e constante preocupación era que se abordara con urxencia o estudo do patrimonio popular, dado o estado de transformación e de perda dos alicerces de tipo material e social en que se achaba a sociedade rural e mariñeira da primeira metade do século XX. Os principios e pautas que nordearon o seu labor científico, o mesmo que os dos seus mestres ourensáns da Xeración Nós ou dos seus compañeiros do SEG, tiñan como obxectivo a toma de conciencia e afirmación da personalidade diferenciada de Galicia, todo elo encadrado nun método de observación e descrición, en moitas ocasións xunto coa análise e a visión social na que se mergullaban os obxectos materiais e as pescudas que realizaba. Manifesta verbo disto o antropólogo González Reboredo que "Si tivéramos que sintetiza-las directrices fundamentais que marcaron o labor de Xocas e os demais etnógrafos do seu tempo poderiamos facelo dicindo que as dúas cousas que pretenderon foron: RESCATAR OU SALVAR DOCUMENTOS ETNOGRÁFICOS e, posteriormente, RECONSTRUÍ-LO PASADO DA CULTURA GALEGA. E estas dúas preocupacións supeditábanse sempre a un fin último: A AFIRMACIÓN DA PECULIARIDADE GALEGA" (GONZÁLEZ REBOREDO, 1996: 27). Dentro das numerosas declaracións feitas ao longo da súa vida sobre esta conduta, nunha ocasión dicía que había que traballar para dotar ao pobo de conciencia colectiva, "(…) Comenzar dándolle ao pobo unha conciencia de si mesmo. Ensinar aos galegos que eran galegos, porque tiñan unha lingua, porque tiñan unha cultura, porque tiñan unhas costumes, unha maneira de ser que os distinguían dos demais. Non por iso foran millores ou piores" (Entrevista en *La Región*, 17-V-1981).

Xaquín Lorenzo era fisicamente un home alto e esguío, "fumador empedernino e saudoso cafeteiro", en palabras do seu grande amigo Antonio Fraguas. A súa calidade humana singularizábase por ser un sabio sen fachenda, que levaba candasí unha gran humildade, austeridade, emotividade, profunda relixiosidade e xenerosidade. Da xenerosidade e bonhomía temos estas dúas mostras: No ano 1981 cedeulle sen pago ningún as súas fincas de Facós aos seus aparceiros e, no seu testamento, deixou ao Museo do Pobo Galego como herdeiro de todo o seu legado intelectual (biblioteca e outros fondos e os dereitos da súa obra escrita). Á vez, no decorrer do seu periplo vital distinguiuse polo permanente agradecemento que profesou aos seus mestres ourensáns, que o alentaron e iniciaron nos labores da investigación e na entrega á causa de Galicia. Referíndose a Cuevillas deixou escrito que aprendera del como mestre cousas e a se interesar polo saber do

pobo e da súa cultura: "E il foime amostrando o que había de positivo niste aspecto da cencia (…) e foi espertando no meu peito un fondo amor a esa cencia e, sobor de todo, ó pobo que a orixina, iste noso pobo, sempre tan novo e tan vello, tan sabio e tan iñorante; iste pobo que produz sabios e artistas sen precisar para elo de grandes sabios nin de grandes artistas; iste pobo, en fín, que vive no día de hoxe co pensamento posto nun pasado lonxano e a espranza nun futuro iñorado e para quen o presente conta pouco" (LORENZO, 1957: 137).

Despois dunha vida ateigada de angueiras e preocupacións polo coñecemento, recolleita e conservación das testemuñas da cultura popular de Galicia, tanto na súa dimensión material como na espiritual e simbólica, Xaquín Lorenzo morre en xullo de 1989, logo de ter recibido numerosos recoñecementos ao seu traballo fecundo, do que nos quedou un legado de inapreciable valor. Por iso segue a ser hoxe en 2004 referencia indispensable en moitas das materias ás que dedicou sen taxa a súa enorme sensibilidade, amplos saberes e amor a Galicia.

A OBRA ETNOGRÁFICA. *ETNOGRAFÍA. CULTURA MATERIAL*

Os traballos etnográficos de Xaquín Lorenzo son numerosos xa que, sobre cento vinte e cinco títulos editados e asinados co seu nome, arredor da metade deles pertencen ao eido científico no que se ocupa de aspectos de variada fasquía da cultura popular. Algúns deles figuran en publicacións colectivas ou noutras de carácter monográfico, mais o seu traballo cimeiro como pescudador da cultura material tradicional é o que está recollido no proxecto *Historia de Galiza*, xestado na emigración bonaerense, compartido en Galicia por algúns dos galeguistas que se dedicaban á investigación e dirixido por Ramón Otero Pedrayo.

Etnografía. Cultura material é o título da obra encomendada e realizada por Xaquín Lorenzo, publicada en 1969 no volume II dun inacabado proxecto, xa que desa *Historia de Galiza* só se chegaron a editar tres tomos que, non obstante, supoñen a sistematización da visión que globalmente tiñan de Galicia os homes da Xeración Nós e do SEG. Constitúe unha extraordinaria e esforzada obra enciclopédica na que, ao longo de 741 páxinas ilustradas con 300 figuras, moitas delas contendo varios debuxos –feitos por el mesmo e o seu irmán Xurxo–, e 215 fotografías da autoría de Pacheco e Xosé Suárez, se compendia a historia da cultura material da Galicia tradicional. Tanto polo contido literario, con linguaxe desprovista de retórica, precisa e sobria, como polas imaxes gráficas, resulta ser unha extraordinaria radiografía sobre o estado da vida material dos mundos labrego, mariñeiro e artesán da Galicia dos primeiros cincuenta anos do século pasado.

Para levar a cabo o compromiso contraído co director da *Historia de Galiza*, Xaquín Lorenzo viaxa por moitos lugares da xeografía galega nas décadas dos anos 1940 e 1950, con notable intensidade nos veráns de 1950 a 1953 –en ocasións na compaña de Vicen-

te Risco, un dos mestres e iniciador dos estudos etnográficos en Galicia–, recollendo *in situ* numerosos e variados datos dos materiais obxecto de estudo, que logo sistematizará e poñerá en orde acudindo á escasa bibliografía existente. Produto das angueiras realizadas no campo e do ordenamento e síntese no fogar ourensán ou de Lobeira, sairía esa obra singular e monumental, sendo aínda máis meritoria por tela feito individualmente e polos tempos en que a levou a cabo, con vías de comunicación e medios de transporte ben precarios e métodos de traballo pouco desenvoltos. Débese ter en conta, ademais, que cando se puxo a traballar na obra, non contaba con precedentes que lle puidesen servir de guía para acometer con mellor eficacia o seu compromiso. Por iso no *Limiar* di claramente que "Algúns temas foron colleitados con certa facilidade pola existencia dalgunhas monografías sobor diles, que, pese á súa excesiva localización, renderon un bó proveito; mais outros estaban totalmente virxes e o seu estudo non deixóu de presentar certas dificultades que se refrexan no lixeiramente que son tratados" (LORENZO, 1962: 8).

Sen dúbida ningunha, esta obra magna foi o alicerce e punto de partida de todos cantos estudos se realizaron despois dela, tanto sobre arquitectura como tecnoloxía popular. Hoxe, corenta anos despois, soamente nalgúns campos se fixeron achegas de certa importancia, como acontece coa cultura mariñeira, a arquitectura popular ou a industria oleira, ou co renque de traballos incluídos no tomos de Antropoloxía do Proxecto Galicia de Hércules de Ediciones. Á primeira edición de 1962 en Buenos Aires, nada doada de conseguir no seu tempo, seguíronlle outras como a de Akal Editor, de Madrid, no ano 1979, en edición facsimilar con formato reducido. Uns anos máis adiante, entre 1982 e 1983, a Editorial Galaxia, baixo o patrocinio das catro deputacións galegas, reedita o texto primitivo dentro da colección Biblioteca Básica da Cultura Galega, en catro libros de pequeno formato: *A casa, A terra, O mar e os ríos* e *Os oficios*. Pola mesma editora faranse novas reedicións, de tal xeito que hoxe lévanse difundido milleiros de exemplares co que se ten logrado un notable espallamento da obra a nivel popular. Cómpre advertir, ao mesmo tempo, que nestas reedicións de Galaxia, por razóns varias, se suprimiron a meirande parte das fotografías e de numerosos debuxos, así como o clarexador Limiar, supresións todas elas que representan un certo empobrecemento.

A filosofía seguida para a realización deste notabilísimo texto etnográfico foi a utilizada sempre polo Seminario de Estudios Galegos, e por iso acode aos lugares onde se sitúan os materiais do traballo investigador para recoller alí persoalmente os fenómenos e materiais obxecto de estudo, mediante a observación e o coñecemento de datos e informes a través de conversas, debuxos e fotografías. Xaquín Lorenzo emprendeu a andaina de percorrer Galicia de punta a cabo, pois, como comenta na introdución da obra "(…) tivemos que pelerinar por todolos camiños da Galiza. Percorrimos a montana, andivemos polos vales e polas terras chás, visitamo-los lugares e andivemos pola bei-

ramar. Fomos informados por homes, por mulleres e por nenos, entramos nas súas casas, visitamo-los seus barcos, os seus obradoiros…" (LORENZO, 1962: 8).

A finalidade e obxectivos que se trazou foron cumpridamente sobardados aínda que, coa humildade que o caracterizaba, propia do sabio que era, considera a obra como unha introdución á Historia de Galicia: "Compre ter en conta que o noso traballo é unha introducción á Historia da Galiza, non tendo, polo tanto, o carácter dun traballo de investigación. Elo fai que moitos temas señan tratados eiquí dun xeito superficial, anque se atope materia dabondo para profundizar nil; mais isto daríalle unha extensión que non estaría de acordo co rol que desempeña na obra de que se trata. (…) Trátase eiquí de recoller, dar a coñecer e intentar que quede lembranza do conxunto de formas de traballo que hoxe se atopan na Galiza, sen arredar o que seña peculiar da nosa Terra do que se pode achar tamén fora dela, xa que o intrés da localización dun feito cultural é sempre grande" (LORENZO, 1962: 7).

A significativa contribución ao rescate e coñecemento da historia creada polo pobo galego mereceu, e segue a merecer, o recoñecemento dos que se dedican a estas materias. Xosé-Manuel González Reboredo chegou a cualificar a obra de "xigantesco esforzo de síntese descritiva dos aspectos tecno-económicos da cultura tradicional galega. (…) Creo que se pode asegurar sen marxe de erro que a súa síntese permite ter unha visión completa do que era a vida material dos nosos labregos, mariñeiros e artesáns, sendo un esforzo pioneiro non só en Galicia, senón en toda a Península (…) e hai que agardar algún tempo para atopar síntese doutras terras de España e Portugal que poida superala" (GONZÁLEZ REBOREDO, 1996: 35). Outro etnógrafo, Clodio González, abondando nos xuízos e adxectivacións do primeiro, manifesta que a obra "constitúe unha fonte impresionante de información etnográfica (…) imposible de repetir, xa que daquela a maioría dos datos aínda os tomou directamente da realidade, e non como agora nos nosos días que xa cómpre acudir a persoas maiores ou a información doutros autores. Ademais do texto, conta cunha extraordinaria riqueza gráfica, sobre todo deseños, que fan do autor un dos mestres de cantos debuxantes se teñan dedicado á etnografía" (GONZÁLEZ PÉREZ, 2003: 247).

Este inmenso tratado está estruturado nun Limiar e cinco capítulos de desigual extensión, nos que describe polo miúdo todos os contidos obxecto de estudo neles. No capítulo I, que todos concordan en denominar *A casa*, aborda con amplitude e rigor os aspectos construtivos e funcionais que teñen que ver coa casa e con outras construcións. No II, *A terra*, o de máis extensión dos cinco, estuda o medio físico e o territorio dende o punto de vista produtivo e de recursos, abranguendo aspectos relacionados cos produtos do campo, a facenda, os produtos do mar e dos ríos e a súa conservación, a caza e a minería; no III, *Os oficios*, analiza estes e os tecidos, así como as actividades que permiten a elaboración, transformación ou mantemento dos recursos mediante os traballos artesáns; no IV, *O traxe e a manteza*, detense no estudo da vestimenta e da súa confec-

ción e, por último, no capítulo V, O *camiño e o carrexo*, pasa revista ás primitivas vías de comunicación e de transporte.

Esa estruturación, considerada hoxe como dunha grande actualidade a pesar do tempo transcorrido, foi susceptible de ser trasladada á conformación museística do Museo do Pobo Galego, institución que Xaquín Lorenzo, como fundador e impulsor, contribuiu á súa creación, vendo así feito realidade un soño que, desde os tempos dos inicios dun museo etnográfico no SEG, era un vello anceio seu. Dun estudo comparativo feito por Xosé-Carlos Sierra, este conclúe que "A análise da estrutura museográfica e, máis fundamentalmente, o discurro museolóxico do Museo do Pobo Galego (MPG) constitúe unha réplica museal da obra etnográfica de Xaquín Lorenzo. Réplica asumida e consentida por quen foi desde a súa fundación Presidente do seu Patronato e inspirador constante do seu desenvolvemento museográfico gradual" (SIERRA, 1999: 74).

A ARQUITECTURA POPULAR NA OBRA ETNOGRÁFICA DE XAQUÍN LORENZO

Unha parcela da obra etnográfica á que Xaquín Lorenzo dedicará unha boa parte dos esforzos investigadores, e na que nos deixou un legado de inapreciable valor, é a que se refire ao estudo das construcións populares. Nos numerosos traballos dispersos nos que se recollen aspectos moi concretos da cultura material, e nos contidos en libros colectivos ou no tratado *Etnografía. Cultura material*, as súas tarefas investigadoras foron abrindo canles para a descuberta e o coñecemento da casa e doutras construcións. Dese xeito, en tempos en que a atención dos etnógrafos estaba centrada no estudo do folklore ou da etnografía espiritual, puxo os alicerces para afondar nunha mellor valoración e sistematización das múltiples construcións que se conteñen na denominada arquitectura popular, e para incorporar esta disciplina ao conxunto de materiais que conforman a cultura material da etapa preindustrial do pobo galego.

Estudos precedentes ás súas investigacións

Cómpre reparar, á vez, nunha advertencia que fai no *Limiar* do seu libro etnográfico relacionado coa inexistencia de traballos globalizadores da etnografía, o que, á hora de valorar o seu esforzado e frutífero traballo, faino aínda máis valioso. Di que "(…) é iste o primeiro intento que se fai de etnografía xeral da nosa Terra, fallándonos, polo tanto, os precedentes en que poidéramos aproveitar a exprencia allea, especialmente no que toca á sistematización do material recollido (…). Algúns temas foron colleitados con certa facilidade pola existencia dalgunhas monografías sobor diles, que, pese á súa excesiva localización, renderon un bó proveito; mais outros estaban totalmente virxes e o seu estudo non deixóu de presentar certas dificultades que se refrexan no lixeiramente que son tratados" (LORENZO, 1962: 8).

De certo, ao igual que na meirande parte dos temas tratados no seu gran libro, eran escasos os estudos precedentes sobre as construcións populares nos que puidera orientarse. Agás algunhas monografías sobre temas moi específicos ou información varia dispersa, en xeral esta disciplina resultaba ser case un campo ermo. O primeiro traballo do que se ten constancia, datado nos anos 1913 e 1914, foi o ralizado sobre o mundo das pallozas no poboado do Cebreiro polo historiador coruñés da arte Ángel del Castillo, cunha primeira parte titulada *Por las montañas de Galicia. Las casas de Cebrero*, e unha segunda *Por las montañas de Galicia. Origen y antigüedad de las "pallazas" del Cebrero*, publicadas nos números 78 e 82, respectivamente, do *Boletín da Real Academia Galega*. A esta primeira e moi parcial achega hai que engadir a feita polo profesor polaco Euganiusz Frankowski sobre o hórreo (1918) no libro *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*, e as procedentes das monografías realizadas na década dos anos 20 polos etnógrafos do Seminario de Estudos Galegos, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Cuevillas, Antonio Fraguas, Fermín Bouza Brey ou o propio Xaquín Lorenzo, que, co traballo interdisciplinar que os caracterizaba, materializaron as súas pescudas nas publicacións sobre o medio físico e humano, *Síntese xeográfica de Galicia* (1926) e *Probremas de Xeografía Galega. Notas encol das formas de poboazón labrega* (1927), e estudos monográficos de pequenos asentamentos humanos como *Vila de Calvos de Randín* (1930), *Terra de Melide* (1933), *Parroquia de Velle* (1936) e *Notas etnográficas da parroquia de Borneiro* (1936), nas que figura sempre o tratamento xeográfico, de poboamento e de aspectos arquitectónicos, construtivos e etnográficos.

Seguramente foi ao quentor desta toma de conciencia do valor do patrimonio popular construído o que levou ás Irmandades da Fala a que, na Asamblea Nazonalista que se celebrou en Lugo no ano 1918 tomara, entre as súas resolucións asemblearias, unha que figura no apartado VII baixo o título "Aspeitos artísticos", que demostran a ampla concepción que tiñan do país as xentes máis comprometidas e identificadas con el. Alí dise: "1º Proclamar a soberanía estética da Nazón Galega que se exercerá: a) Sobor as construccións urbanas e ruraes, ditándose unha ley que obrigue ós propietarios a axeitare o estilo das súas construcciós ó estilo xeneral de cada vila galega. b) Na expropiación e moimentos e paisaxes. c) Na organización do enseño artístico, con creación de unha Escola Musical Galega".

No decorrer do tempo máis próximo á saída no ano 1962 de *Etnografía. Cultura material* tiveron lugar outras contribucións realizadas por autores foráneos: do alemán Fritz Krüger, sobre as construcións circulares e as pallozas dende o ámbito da etnolingüística, con *El léxico rural del Noroeste ibérico* (1947) e *Las Brañas, contribución a la historia de las construcciones circulares de la zona astur-galaico-portuguesa* (1949), e de L. Crespí, sobre as pallozas dos Ancares en *Contribuciones al folklore gallego* (1929); relacionado coas vivendas, anque con referencias moi xenéricas, están os traballos de García Mercadal (*La casa popular de España*, 1930), Torres Balbás (*La vivienda popular en España*, 1930), e W. Giese

(*Los tipos de casas en la Península Ibérica*, 1941); e sobre os hórreos, os autores López Soler (*Los hórreos gallegos*, 1931), W. Carlé (*Los hórreos en el Noroeste de la Península Ibérica*, 1948), e R. Prachi (*Gli hórreos della Galizia Spagnola*, 1952).

As construcións populares no texto etnográfico de 1962

En *Etnografía. Cultura material*, estruturada como xa se dixo en cinco capítulos de desigual extensión, Xaquín Lorenzo fai unha detallada descrición obxectiva de todas as construcións que figuran neles. Ao longo das súas 743 páxinas vai debullando, atendendo aos criterios que se fixara, e no lugar correspondente, as diferentes realizacións construtivas que abranguen a denominada arquitectura popular. Non tenta facer clasificación de ningún tipo, e xa ben claro o di no Limiar cando manifesta que tivo que traballar sen contar con precedentes que o puideran axudar.

É mágoa que non tivera incluído unha bibliografía nun texto tan completo, xa que iso desvelaríanos algunhas das poucas fontes existentes que empregou. Por citas que fai, si sabemos que no que atinxe aos hórreos acudiu aos seus primeiros investigadores, como Frankowski ou López Soler, e a Bouza Brey cando se refire aos muíños de vento. Posiblemente tivo en conta os traballos de Otero Pedrayo sobre xeografía e poboamento, así como os doutros autores, tal como se deduce das citas a pé de páxina que inclúe na publicación do ano 1943, *A casa rural na Limia Baixa*: Ángel del Castillo, Vicente Risco, Torres Balbás, García Mercadal, F. Krüger e algún dos seus discípulos da escola de Hamburgo "Wörter und Sachen" (*Palabras e Cousas*), como W. Schroeder, ou o xeógrafo portugués Amorín Girão.

Contido do capítulo I, A Casa

O capítulo I de *Etnografía. Cultura material*, está integramente dedicado ao estudo da casa, nunha extensión de 156 páxinas –o vinte por cento do total– e 131 imaxes gráficas (59 figuras de debuxos, moitas delas con varios, e 72 fotografías). Aínda que non leva título definido, todos os estudosos concordan en consideralo como *A casa*, distribuído en cinco partes diferenciadas.

Na primeira parte describe e sintetiza, con precisión de entomólogo cultural, a estrutura da edificación baixo os epígrafes de *elementos da casa*, *a casa*, *as dependencias da casa*, *construccións adxetivas* e *construcións comunás*. Este completísimo traballo iníciao, partindo dos cimentos da edificación, co estudo e detalle da parede, á que considera "o elemento máis importante da casa", detallando os diversos sistemas construtivos que a conforman, os vaos ou aberturas que levan, as escaleiras exteriores polas que se accede ao primeiro andar, apoios dos entramados ou divisións horizontais (pisos, corredores e solainas), pavimentos nos espazos inferiores da casa-vivenda, peches dos vaos (portas, contraventáns, vidreiras e cancelas), pisos, corredores e montantes no primeiro andar, o tellado –"un dos máis importantes –di– elementos da casa é a cuberta"–, coa armadura que a substenta e a cuberta final, a cheminea e as ferraxes.

Na segunda parte expón os *antecedentes da casa actual e a casa actual*. Dentro dunha evolución morfolóxica dela, que vai da construción menos evolucionada ata a de máis complexidade, diferencia: a cabana como a vivenda non permanente; a casa redonda –protagonizada pola palloza á que dedica un detido estudo–; a casa rectangular térrea, como a máis primitiva desa forma; casas de tipo intermedio, nas que aparece como un adianto do primeiro andar o sobrado, presentes en toda Galicia; a casa de dous andares coas modalidades das que teñen o acceso ao primeiro andar polo exterior e das que o teñen polo interior, deténdose con minuciosidade no estudo e desenvolvemento do patamal da escaleira e a súa conformación en corredor ou solaina, así como da súa substentación, moitas veces mediante sólidos canzorros; e prosegue, para rematar, coa casa grande, o pazo, a casa á beira da estrada e a casa vilega e urbana.

Nunha terceira parte, titulada *As dependencias da casa rural*, analiza detalladamente a distribución espacial da casa reparando nas dependencias máis comúns dela, tanto na casa rural como na vilega ou cidadá: a cociña e os cuartos, tratando demoradamente a lareira, as cortes e outras dependencias. Nunha cuarta parte aborda o estudo duns novos espazos que se acollen nas denominadas *construcións adxetivas*, construcións que nacen por mor de que a vida dos habitantes do agro se desenvolve en boa media fóra da casa. Di verbo disto Xaquín Lorenzo que "A casa campesiña é máis complexa do que parez a primeira vista. Ela é a que centra en sí a vida dos homes do agro, mais esta vida desenrólase por fora e a casa conta con prolongacións que a poñen en contacto directo e íntimo coa terra que os seus habitadores traballan e da que se manteñen (…) En realidade, moitas das edificacións das que imos falar atópanse, ás veces, no interior da vivenda ou achegadas a ela; mais coma é corrente atopalas isoladas e a súa utilización, por outra parte, é independente da vida familiar, incluirémolas no grupo das que chamamos "construccións adxetivas" (LORENZO, 1962: 108).

Así dedícalle un completo estudo ás construcións seguintes: *ao hórreo* ou *canastro* (termo o de canastro que el gusta de empregar, seguramente porque así se denomina en gran parte da demarcación provincial de Ourense onde existe o hórreo), ao que considera "a máis interesante de todas elas", deténdose na súa orixe, elementos construtivos que o compoñen, nas formas e nomes que varían dunhas comarcas a outras, así como nos diferentes tipos en función dos materiais de que estean feitos; *á eira*, complemento do canastro; *á adega*, sobre todo as adegas-cova que están baixo terra; e *ao forno*. Aborda tamén o estudo doutras construcións como *o palleiro* (que é máis coñecido por palleira), *o combarrizo* ou *alpendre*, e as "*construccións prá i-auga*", como *os pozos* ou *puzos*, *as minas* e *as fontes*, que teñen como función a de fornecer de auga para uso doméstico que, como as anteriores, poden ser de propiedade privada ou comunal, e, como remate, "*outras construccións adxetivas*", onde contempla as que acollen os animais como *o poleiro das pitas*, *a albariza* e *o pombar*.

Conclúe, na parte quinta, coas *construcións comunás*, entre as que recolle *as fontes*, *o lavadeiro* e *os santos* ou *capelas*, sen deixar de mencionar as dúas mostras sobranceiras da arte popular, *os cruceiros* e *os petos de ánimas*, para rematar cun amplo espazo dedicado á moblaxe: *Moblaxe de cociña, os leitos para durmir* e *outros mobles de madeira, mobles de ferro, decoración das paredes, utensilios domésticos* e *almacenamento da roupa.*

No tempo en que fixo o traballo máis extenso da arquitectura popular, trata o tema sen entrar a distinguir tipos ou modelos diferentes de casa que hai nos variados espazos xeográficos de Galicia. A morfoloxía do prototipo que estuda correspóndese, en gran medida, á que hoxe coñecemos como tipoloxía da Galicia meridional, como así o recoñece no texto sobre a casa da Limia Baixa (páx. 160), perfectamente trasladable a este texto posterior: "(…) queremos proporcionar en primeiro lugar unha presentación do esquema da casa da ilustración I, 1, (a casa en perspectiva que figura nos dous traballos) mais advertimos que en realidade non existe unha casa que se corresponda co modelo ao que nos referimos. O esquema foi ideado por nós e obtívose incorporando tódolos elementos que se poden atopar" (En *A casa rural na Limia Baixa*, p. 178 da versión galega aparecida no libro dedicado a Xaquín Lorenzo pola Universidade de Santiago, co gallo do Días das Letras Galegas 2004), aínda que tamén resalta algunha das variantes da casa do litoral. Si fai unha clasificación dos tipos xenéricos que se poden dar en calquera lugar de Galicia: a cabana circular e cadrada precéltica; as vivendas circulares e cadradas da época céltica; vivendas predominantemente rectangulares da época romana; vivendas semellantes aínda que máis evolucionadas da Idade Media; e a casa contemporánea ou actual.

Neste senso, e noutros, os que seguiron o seu ronsel de referente irán, co paso do tempo e de pescudas laboriosas, perfilando moitos dos aspectos que Xaquín Lorenzo non tivera ocasión de tratar por mor da época, da carencia de estudos e dunha metodoloxía axeitada para enxergar a enorme variedade que hai nas construcións populares. Mais nese amplo capítulo primeiro non se esgotan todos os compoñentes que hoxe se integran no que entendemos por arquitectura popular. Haberá que acudir aos outros catro capítulos do texto para facer a recolleita doutras construcións que forman parte dela. Esta expresión de arquitectura popular, que Xaquín Lorenzo case nunca empregará, seguramente porque, ao menos nos primeiros tempos, esa denominación non está comunmente aceptada e utilizada nos ámbitos académicos e profesionais ata logo de se ter celebrado a exposición *Arquitectura sen arquitectos* no ano 1963, no Museo de Arte Moderna de Nova York, onde se exhibirán en diferentes paneis –varios deles mostrando hórreos galegos e portugueses–, as numerosas, variadas e ricas arquitecturas populares do mundo.

As construcións populares nos capítulos II, III, IV e V

No capítulo II, titulado *A terra*, estúdase en oito apartados, nos que en case todos eles hai mención a construcións populares, a relación do home co territorio no cal se asentan as poboacións humanas dun xeito orixinal e as terras de labor así como o seu apro-

veitamento. No primeiro recóllense aspectos que teñen que ver coas construcións do territorio, como *as vedacións*, que sinalan os lindeiros dunha propiedade e impiden o acceso a ela, e *as regas* para uso comunal da auga que vivifica as terras de labor; nun segundo refírese ás construcións de transformación dos produtos do campo, como *a eira* para facer a malla, *o lagar* para custodiar o viño en determinadas condicións, *os muíños de aceite* para a moenda de olivas, e *os sequeiros* e *ouriceiras* para almacenar as castañas.

No quinto, dedicado aos produtos de río, estuda *as pesqueiras* ou *pescos* existentes no curso medio do río Miño; no sexto, que trata da conservación da pesca, analiza *os secadeiros de peixe* ao aire libre (*as estacadas*), e *os edificios de salazón* (*almacéns de salgazón*) para a conservación da pesca do mar; e nun sétimo e oitavo, relativos á caza e á minería, fala dos *foxos* para a caza do lobo no primeiro e das *ferrerías* no segundo.

No capítulo III, *Os oficios*, onde rexistra máis de sesenta, estuda as construcións das pequenas factorías artesanais: *os carpinteiros de ribeira*, pequenos asteleiros onde se fan e reparan os barcos; *os talleres oleiros e telleiras*, cos seus fornos para a produción de cacharros para uso doméstico e tellas para a cubrición dos edificios; *forxas e mazos* para o tratamento do ferro; *talleres de curtidos* ou pelamios para os traballos dos coiros do gando; *o muíño de casca*; *o folón* ou *batán* para dar remate ás mantas; e, por último, *os cubertos de feira*, lugares onde se comercializaban produtos do campo e moitas das manufacturas procedentes dos obradoiros artesáns. No capítulo IV, dedicado a *O traxe* e *A mantenza*, no lugar que trata do pan considera a construción de transformación máis espallada por toda Galicia, como é *o muíño de río*, que é obxecto de demorado estudo, e tamén se refire ao muíño de vento. Xa por último, no capítulo V, titulado *O camiño*, recolle as construcións que se usan para artellar e comunicar entre si os lugares habitados ou os que se dedican a terras de labor ou de monte, como *as diversas castes de camiños* e *os pasos de correntes de auga*: *pasales*, *poldras*, *pontillóns* e *pontes*, así como *vaos* e *portos*.

A casa na obra de Xaquín Lorenzo

Na obra etnográfica de Xaquín Lorenzo, *a casa* será unha constante preocupación súa e por iso o protagonismo dela estará sempre presente nos seus labores investigadores. O comezo desa atención ten xa lugar nas primeiras publicacións que asina, ben en colaboración con Cuevillas (*Vila de Calvos de Randín*, 1930), ou con el e con Vicente Fernández Hermida (*Galicia. Parroquia de Velle*, 1936), ou ben sendo o único asinante (*Notas etnográficas da parroquia de Borneiro*, 1936), nas que o tratamento realizado por el da vivenda e doutras construcións formará parte salientable desas monografías. Porén, o traballo precursor para afondar no coñecemento da casa está incluído no volume XV da revista alemá *Volkstum und Kultur der Romanen*, publicado no ano 1943, en plena guerra mundial, co título "Das Bauernhaus im unteren Limiabecken" –hoxe en versión galega, *A casa rural na Limia Baixa. (Prov. Ourense, España)*, no libro que co gallo do Día das

Letras Galegas promoveu e editou a Universidade de Santiago de Compostela–, onde xa utiliza o seu método de análise e descrición gráfica con toda intensidade, e o estudo que constitúe o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega o 16 de setembro de 1951, co título de *La casa gallega* –nestes intres en vías de saír en versión galega no libro *Estudios etnográficos (dispersos e inéditos). Técnicas, Palabras e Símbolos*, realizado e tamén editado polo Museo do Pobo Galego–.

Posteriormente a eses traballos iniciáticos dará a luz en forma continuada, ademais do profundo estudo global da casa e doutras moitas construcións en *Etnografía. Cultura material*, de varias publicacións monográficas que conteñen pescudas sobre *vedacións, combarrizos, pontes, hórreos, o sobrado*, e as que entran no terreo da tecnoloxía preindustrial como os *muíños de maré* ou *as ferrerías*.

En Galicia, o mesmo que noutros países do mundo, *a casa* como creación cultural e material acada unha importancia grande, tanto se se considera baixo un concepto amplo (concepto que abrangue á casa-vivenda –o centro nuclear dela–, construcións adxectivas, membros da unidade familiar que viven baixo o mesmo teito, facenda e terras), ou se se refire soamente ao seu edificio nuclear, a casa-vivenda. Sierra considera que "Un dos aspectos que reflicte mellor a densidade antropolóxica da obra de Xaquín Lorenzo son os seus traballos sobre a casa. Para el o espacio construído como habitación é ante todo un lugar de relación onde se combinan formas constructivas adaptadas ás necesidades do grupo doméstico coas que se derivan da implicación no espacio habitado doutros elementos que forman parte dos procesos productivos, ao tempo que participan das relacións sociais e simbólicas construídas polo grupo familiar co seu contorno. Na casa coexisten, mellor conviven, persoas e facenda (persoas e animais) e todos tecen a rede de relacións que explica e configura ese mundo-centro real, simbólico e social, do ecosistema rural" (SIERRA, 1999: 72).

Aínda que Xaquín Lorenzo fixa principalmente a súa atención no aspecto formal e descritivo da edificación, non deixa de ter conciencia da complexidade que se encerra nela ao ser o centro neurálxico da vida dos homes, tanto do agro como do mar. Por iso fai referencia ás funcións sociais que en certos espazos se desenvolven, como pode ser a cociña –o "sancta santorum" da unidade familiar, en expresión do antropólogo Lisón Tolosana–, ou o carácter simbólico que leva candasí a sala da respecto, cando a hai.

A valoración que fai do rol determinante da casa como o claustro no que se expresan as relacións entre os membros da familia e a terra lévao a que na estruturación das materias que aborda no seu tratado etnográfico, este se inicie co estudo da casa. A importancia que Xaquín Lorenzo lle concede concordaba coa que lle daban parte dos etnógrafos e homes de pensamento, que a tiñan como o elemento principal da cultura material dos pobos. Tanto, que en casos lle chegan a dar un valor de símbolo nacional ou a considerala suma expresión da raza. Os propios etnógrafos do Seminario de Estudos Galegos teñen resaltado no seus traballos a importancia que lle atribuían, tanto no senso de ser o

vencello dos seus integrantes, como da súa intensa relación co medio, á vez que da protección del. Vicente Risco, nas atraentes páxinas da obra *Terra de Melide*, escribiu que "asegún a visión luminosa e xenial de Oswald Spengler, o máis vital e persistente destes símbolos (as creacións enxebres) é a casa-vivenda, suma expresión da raza. A casa-vivenda é o instrumento de acomodación do home na terra, é a ligame, o vencello do home coa paisaxe; a vida toda do home consistente esencialmente nunha relación co medio, exprésase na casa, da cal pódese deducir toda a demais cultura" (RISCO, 1936: 326).

Xaquín Lorenzo abonda na mesma visión do seu mestre Risco, pois cando se dispón a estudar a casa refírese a ela como que "O elemento máis intresante de toda a producción popular é, sen dúbida, a casa. Non enche somentes o papel de refuxio contra os ataques do meio ambente senón que é tamén o aglutinante que xungue entre sí ós membros dunha mesma familia" (LORENZO, 1962: 52). Por iso a casa é, ademais dunha construción na que se acubillan as persoas e os animais, unha institución creada para servir a un complexo grupo de fins. Porque nela se acollen aspectos distintos e interrelacionados como o físico, o cultural, o simbólico e o económico ou produtivo. Fisicamente, a casa exprésase con formas arquitectónicas moi prácticas e económicas, asentase no lugar máis axeitado, case sempre de accidentado relevo e combate a climatoloxía extrema mediante o uso de recursos materiais habituais, como son a pedra, a madeira e o barro. Verbo disto dicía o noso etnógrafo que "O home lígase directamente á casa do mesmo xeito que a casa se xungue á terra, sendo así a vivenda o vencello que xungue ó home coa xeografía dun xeito íntimo", e que esta unión "faise polos dous elementos que a casa ten en sí: o posto pola man do home e o proporcionado pola xeografía" (LORENZO, 1962: 52).

Formalmente, a casa interprétaa, aínda que sen explicitalo de forma clara, como o conxunto físico integrado polo edificio onde vive a familia *–a casa-vivenda–* e mailas *construccións adxectivas* que estean ou non en relación coa produción*: hórreo, alpendre* (*combarrizo*), *eira, muíño, alvariza, pozo* (*puzo*), *fonte…* Economicamente, é o centro de explotación familiar, con funcións exclusivamente agrarias e, en casos, tamén pesqueiras ou só pesqueiras, e desde o punto de vista cultural, a casa é unha totalidade, e de feito cada unha ten un nome e unha personalidade moral. Réxese por un esquema de organización familiar baseado na convivencia baixo o mesmo teito de todos os membros da familia sometidos á autoridade do petrucio, o xefe da familia. Leva cabo de si unha carga cultural e simbólica que pon de manifesto que a construción material é algo máis que puramente instrumental, como sinala Lisón Tolosana sobre os rituais de carácter preventivo que se realizan en diversas fases do proceso construtivo da casa-vivenda: no comezo, ao depositar unha moeda debaixo da primeira pedra, mesturar nos cimentos unhas pingas de sangue dun animal doméstico sacrificado, ou celebrar o carrexo de materiais mediante o carreto veciñal e, cando o seu remate, celebrar ese feito con bailes e regueifas, logo de poñer o ramo no curuto do edificio.

A *casa* reflicte en Galicia, con máis intensidade ca noutros países, a visión e a concepción do espazo "ideal", así como as relacións sociais e a escala de valores existentes, propios da sociedade e da cultura na que se enxertan e por iso Xaquín Lorenzo acentúa a valoración dela, en gran medida, en factores eminentemente socioculturais. De aí que os seus estudos teñan preocupado ao longo do tempo a homes de leis, etnógrafos ou sociólogos, algúns deles realizados polo economista Xosé M. Beiras, o sociólogo Mario Orjales ou os etnógrafos X. M. González Reboredo e Xosé-Carlos Sierra.

O arquitecto australiano Amos Rapoport, estudoso das culturas tradicionais do mundo, corroborando dalgunha maneira o valor que o noso investigador dá á casa no vello complexo agrario galego, expresouno así: "Las diferencias entre los tipos de edificios de distintas áreas consisten en la evidencia de las diferencias en la cultura, ritos, modos de vida y organización social, climas, paisajes y materiales y técnicas disponibles, mientras que las similitudes son la evidencia no sólo de áreas en que han coincidido alguno o todos esos factores, sinó también de algunas constantes básicas en las necesidades y deseos del hombre" (RAPOPORT, 1972: 27).

Os estudos sobre arquitectura popular posteriores ao traballo de Xaquín Lorenzo

A descuberta da existencia e dos valores das construcións que integran a casa no seu concepto máis amplo, e doutras que se contemplan noutros lugares da grande obra do etnógrafo ourensán, iniciárona os etnógrafos da Xeración Nós e do SEG, do que el mesmo formaba parte. Será el quen achegará un conxunto de materiais que pasarán a considerarse como o punto de partida para estudos e investigacións sobre a arquitectura popular en Galicia. Aínda así tiveron que transcorrer case vinte anos para que, despois da publicación de 1962, e tendo como referente ineludible ese traballo, estudosos de diferente formación académica ou simplemente autodidactas, completen e amplíen o labor emprendido pola personalidade sobranceira de Xaquín Lorenzo.

Nun comezo de forma esporádica e máis adiante de forma continuada, foron aparecendo un bo número de monografías sobre parroquias, pallozas, casa-vivenda, construcións adxectivas ou aspectos parciais. Sobre estudos de vivendas en zonas determinadas están os de: Rogelio Ferrín Martínez, nas zonas rurais do litoral vigués (1965-1966), Xosé Ramón e Fernández-Oxea, sobre a parroquia ourensá de Santa Marta de Moreiras (1968), Xosé María Lema Suárez, sobre a localidade de Bamiro en Baio-Zas (A Coruña) no 1977, Carlos García Martínez, sobre a casa da costa, a do interior e a redonda (1975-1976), Pedro de Llano, sobre *Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida* (1981), Fernando Martínez Sarandeses, sobre a arquitectura vernácula de Pontevedra (1982), Francisco Mallo Lagoa, sobre a casa mariñeira en Cangas de Morrazo e arredores (1982), Mark Gimson, sobre as pallozas (1983), Fuensanta Albo López e Rosario Candela Iglesias, sobre as vivendas rurais en Teixeiro-Curtis (A Coruña), en

1994, e José Ramón Soraluce Blond e Xosé Fernández Fernández, como directores dun grupo de estudantes de arquitectura, sobre *Arquitecturas da provincia da Coruña*, vol. I (1995).

Mais os estudos de obras de conxunto, co mesmo carácter globalizador que o traballo de Xaquín Lorenzo, onde se reflicte a realidade da totalidade da arquitectura popular e anónima, foise dando a coñecer en publicacións, ben de tipo divulgatorio ben en traballos de maior entidade, que afondaron e ampliaron as materias contidas no texto *Etnografía. Cultura material*. Outravolta, curiosamente, foron estudosos non galegos quen primeiro reanudaron o labor investigador con estudos debidos aos irmáns Efrén e José Luís García Fernández (1972), nun traballo, composto en boa parte con magníficos debuxos, que mereceu as loubanzas de Xaquín Lorenzo nunha recensión que lle fixo no *Boletín Auriense* (Ourense, tomo III, 1973, pp. 189-190), que leva por título *España dibujada. 1. Asturias y Galicia*, Carlos Flores (1973) en *Arquitectura popular española*, tomo II (Vasconia, Asturias y Galicia), temén cun arquivo de magníficas fotografías aínda que a crítica que mereceu de Xaquín Lorenzo foi dura e mesmo inusual no seu talante (*Boletín Auriense*, Ourense, tomo II, 1973, pp. 191-192), e Luís Feduchi (1975), no tomo II de *Itinerarios de arquitectura popular española*.

Retoman o tema, con vigor e novos enfoques, investigadores e estudosos galegos que contemplan, en obras de conxunto e con metodoloxía actual, a arquitectura popular. Este é o caso da etnógrafa Begoña Bas que no ano 1980 publica o libro *Construccións populares galegas* que, reformulado, aparece no 1983 baixo o título *As construccións populares: Un tema de etnografía en Galicia*, mentres o arquitecto e profesor Pedro de Llano publica sucesivas investigacións sobre a materia a partir de 1981: o magnífico traballo *Arquitectura popular en Galicia*, volumes 1 e 2, nos anos 1981 e 1983; *La arquitectura popular*, no volume 2 da serie enciclopédica "Galicia Eterna" (1984); e *La vivienda popular gallega* (1985); así como *Razón e Construcción*, no ano 1996. A eles haberá que engadir as achegas realizadas polo autor deste traballo: *A casa-vivenda*, extenso estudo publicado no tomo XXIII da Serie de Antropoloxía do Proxecto Galicia de Hércules de Ediciones (1997); dous libros na serie "Cadernos do Museo do Pobo Galego", cos títulos *A casa popular* e *As construccións adxectivas* (ambos no 1999); e a recente obra saída do prelo *As construccións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia* (2003).

Tamén nas últimas décadas saen á luz numerosas monografías, entre as que se deben salientar: *sobre muíños*, as realizadas por Pedro de Llano, Begoña Bas, Barros Justo, Leal Bóveda ou Elixio Rivas; *sobre hórreos*, Ignacio Martínez, Begoña Bas, Carlos García Martínez, Xosé María Lema, Pedro de Llano ou Leal Bóveda; *de pesqueiras*, o fermoso e completo estudo de César Portela; *sobre pombais, alvarizas, ferrerías* e *cultura material da montaña luguesa* os rigorosos traballos de Clodio González Pérez. Asemade, cómpre mencionar *os ensaios* desde o punto de vista das aproximacións teóricas, dos arquitectos Galle-

go Jorreto (1975), César Portela (1981) ou Rafael Tojo (1991), así como os que analizan *os asentamentos humanos*, con traballos de Otero Pedrayo, Georg Niemeier, Alain Bouhier, González Reboredo, Pérez Alberti e Fariña Tojo.

O influxo exercido neses estudos por Xaquín Lorenzo reflíctese nos traballos dos autores citados e noutros moitos que teñen contribuído a fornecer de publicacións monográficas ou de conxunto á hoxe nada desdeñable bibliografía existente sobre o patrimonio inmobilidario construído de Galicia. Se temos en conta que o seu traballo practicamente partiu de cero, pois, como reiteradamente se vén dicindo, na época en que o fixo non había máis que algunhas monografías relacionadas con temas determinados, como pallozas, hórreos, aspectos xeográficos e asentamentos humanos, resulta aínda máis meritoria a confección do texto referencial. Desas carencias xa se laia o autor no Limiar xa que fallan os "precedentes en que poideramos aproveitar exprencias alleas, especialmente no que toca á sistematización do material recollido" (LORENZO, 1962: 7). En efecto, nos traballos e estudos que se realizaron posteriormente, así como no proceso de reactivación do patrimonio etnográfico, tivo que ver, tal como manifesta Sierra "non tanto a obra directa de Xocas, como a traducción e interpretación que fixeron e fan moitos dos seus difusores axudando a comprender moitas das manifestacións e maneiras que rodean a creación e montaxe de museos e coleccións etnográficas, así como a restauración de moitos elementos da chamada arquitectura popular" (SIERRA, 1999: 73).

Entre as novas contribucións aos estudos sobre arquitectura popular achegadas polos traballos dos estudosos que viñeron despois está o seren realizadas cunha metodoloxía moderna, o que permite facer unha mellor sistematización dos contidos tanto nos aspectos que atinxen ao territorio coma nos construtivos e de clasificación tipolóxica por zonas xeográficas, acusándose de xeito notable nos diferentes modelos de casa-vivenda e nas construcións adxectivas.

Postura de Xaquín Lorenzo diante da situación de cambio provocada pola modernidade

No Limiar da súa grande obra Xaquín Lorenzo manifestaba que "A Galiza atópase nun intre de transformación e o conxunto da súa cultura que eiquí recollemos perderáse aixiña, sustituido polos aparellos da nova técnica que fan xa acto de presencia antre nós e que orixinarán unha transformación total na vida das nosas xentes, desvencellándose da terra e xunguindoas, en troques, á insensibilidade do artiluxio mecánico" (LORENZO, 1962: 7). De certo, o proceso de cambio, iniciado xa a mediados do século XIX, significou no país galego unha mutación social e económica profundas, o que provocará no medio rural un notable descenso demográfico e un importante proceso de urbanización e terciarización que modifica, altera, destrúe ou fai desaparecer parte do patrimonio da cultura popular. Iníciase así unha etapa, que aínda continúa, de modificación da

sociedade e do territorio, tanto nos asentamentos humanos como na arquitectura popular.

Vinte anos despois, como dando resposta a moitas conxecturas, onde a conservación a ultranza da tradición era unha das que se formulaban, manifestáballe ao xornalista Alvarado que "Hai xente que pensa que esto da etnografía, do estudo da cousa popular, presupón o deseo de fixala, que a xente siga vivindo o mesmo, que siga facendo as mesmas cousas… se trata de anquilosar; non se trata de momificar unha sociedade. Trátase de estudiala e continuala dunha maneira lóxica, atemperada aos tempos, á evolución e ás novas técnias. Ter un arado román para gardalo, non (para) usalo, e coñecer… as raíces da nosa cultura para comprender a nosa historia e coñecer a nosa identidade" (*La Región*, 29-IV-1983). El sostivo sempre nas súas pescudas e estudos sobre a cultura material de que a natureza dela era cambiante –tal como acaídamente describe o seu discípulo García Martínez–, "como realidade histórica que é, receptiva a formas culturais novas e sometida tamén a presións e acelerados procesos de cambios que ocasionan ao largo do tempo a transformación, o derramamento ou a perda de moitos elementos ou trazos culturais. De aí a necesidade de estudar os diferentes elementos e creacións etnográficas, documentalas e fixar a súa orixe" (GARCÍA MARTÍNEZ, 2003: 264).

A postura, xa que logo, de Xaquín Lorenzo, diante dese profundo cambio, non se traduce como algúns poidan pensar nunha actitude nostálxica da tradición, nin nun conservadorismo sen senso, ou nun inmobilismo paralizante, senón que sempre tivo a lucidez, sensibilidade e intelixencia precisas para saber o que os novos tempos demandaban e, polo tanto, o que se debía facer do patrimonio material preindustrial en cada conxuntura. Ben claro tiña que os obxectos materiais que foran imprescindibles para o desenvolvemento da vida autárquica e de autoabastecemento había que documentalos e recollelos, como testemuñas desa vida e como mostra da historia da cultura material do pobo galego, anceio que viu feito realidade coa creación do Museo do Pobo Galego, fundamentalmente. Non era ese o caso, que tamén, do patrimonio inmobiliario construído, xa que as persoas seguiron a vivir nas casas-vivenda e utilizando moitas das construcións auxiliares (caso dos hórreos, alpendres, fornos, pesqueiras, …).

O noso etnógrafo vivía coa esperanzada ilusión de que apareceran novos investigadores para lles dar continuidade aos seus estudos. Neste renque de manifestacións súas –que polo seu interese consideramos procedente resucitalas–, recollidas en diferentes anos, pode apreciarse como ía seguindo con atención suma o verse cumpridas as súas arelas e a ledicia que sentía ao saber que aparecían xentes das novas xeracións dispostas a traballar no eido das investigacións máis queridas para el. Á pregunta do xornalista "¿Cal é hoxe o estado dos estudos das investigacións na Galiza?", a súa resposta foi a de que "Aquí estáse empezando a traballar muito e ben aínda que con poucos meios. Houbo un *lapsus*, estes corenta anos de abandono, falta de método e medios, poucas

posibilidades… Ahora reanudáronse, por exemplo, os traballos do Seminario de Estudos Galegos e hai xente traballando ben e facendo cousas moi interesantes como un estudo sobre os hórreos que saíu hai pouco ou traballos que se están a facer sobre os muíños, a vivenda…" (Entrevista de Xoel Gómez, *La Región*, 21-I-1981). Un pouco máis adiante, no mesmo xornal, á pregunta de J. A. Carracedo: "¿Hai quenes siguen hoxe os vieiros dos grandes investigadores como Cuevillas, Risco, Xocas e outros?", respondíalle que "Xa o creo. No Museo do Pobo Galego hai unha serie de rapaces que están traballando moito e ben. Tamén se fan obras tan trascendentales como a que está publicando Begoña Bas, sobre etnografía. O Colexio de Arquitectos fai unha labor interesantísima e moi coñecida" (*La Región*, 14-XI-1982). Noutra entrevista que lle realizou Lino Braxe posteriormente, no ano 1987, para un dos cadernos extra de *A Nosa Terra* –o número 8– dille que "A min prodúceme unha grande satisfacción ver como aquela semente de antes do ano 1936 que despois durante 40 anos tivo que estar acougada, xorde hoxe na xuventude actual. Vexo que estes rapaces novos senten unha curiosidade enorme por coñecer Galiza, por coñecer aos galegos, por coñecerse a sí mesmos e por traballar por Galiza".

Mais, ¿que pensaba sobre as realizacións inmobles construídas como as que se enloban na arquitectura popular?

A casa, que é a institución que fundamenta esa arquitectura –que dado o seu carácter multifuncional acolle gran variedade de espazos, onde cada un deles cumpre unha función determinada–, foi lentamente perdendo personalidade e a *casa-vivenda*, o seu núcleo esencial pasa, en moitas ocasións, a ser unicamente lugar de habitación e residencia das persoas. As *construcións adxectivas de almacenamento* (alpendres, palleiras, hórreos), *transformación* (eira, muíño, forno), *cría e habitación de animais* (pombais, alvarizas, curros), *caza e pesca* (foxos, pesqueiras), *destinadas á comercialización* (recintos de feira), *dos equipamentos* (pozos, fontes, lavadoiros, palcos da música, capelas), ou as *construcións de aproveitamento artesanal e preindustrial* (industrias oleiras, telleiras, ferrerías e mazos, batáns, fábricas de curtidos), ou *do territorio* (camiños, valados, pontes, socalcos, regas), todas elas, entre outras, construcións precisas para o desenvolvemento da economía agraria e pesqueira da unidade de produción que é a casa, por mor de iren perdendo a súa función orixinaria tenden a desaparecer, a seren abandonadas ou, en moitos casos, reconvertidas.

Xaquín Lorenzo, consecuente coa súa concepción dinámica da cultura, adoptou unha postura clara que expresou publicamente en numerosas ocasións verbo do uso e da acomodación, sobre todo da casa-vivenda, ás novas esixencias do mundo moderno. Xa en tempos tan afastados da publicación de *Vila de Calvos de Randín*, cando aínda confiaba en neutralizar intromisións alleas ao país, escribía na páxina 31 defendendo a pureza das arquitecturas tradicionais e comentaba que "As casas labregas de Calvos non están lixadas polo americanismo nin pola influenza das construzóns vilegas, doenzas que

pouco a pouco van matando a nosa enxebre arquitectura rural. (…) Non hai tampouco chalets suízos de tellados bicudos, nin terrazas nin varandas de alen mar; non hai siquera balcóns de cemento". E nunhas amplas declaracións a Afonso Vázquez-Monxardín no ano 1971, xa se pronunciaba claramente sobre o que cumpría facer coas casas tradicionais que "Eu non digo que vaiamos a facer casas vellas. Non se trata de facer casas vellas, pero trátase de estudiar –e esta é a preocupación miña, o estudio da vivenda popular, que se está perdendo– e aplicar os seus recursos, unha cantidade de elementos enormes, perfectamente aproveitables prás construccións modernas". (*Raigame*, núm. 9, páx. 55).

Persiste na súa preocupación ao longo do tempo e nos limiares que lles fixo ás obras de Pedro Llano (1981) e Begoña Bas (1983), explicitaba nitidamente a súa posición. Laiándose da escaseza de traballos sobre o estudo das construcións populares, dicía no Limiar do primeiro libro que tiña entre mans que "(…) esta obra é urxente. A moderna transformación da vida rural está impondo novas formas de relación co medio ambente e coiles novos productos humáns, antre iles a vivenda e as súas dependencias. (…) O infruxo da cidade e especialmente as novedades traguidas pola emigración, introduxeron uns elementos materiais alleos a nós totalmente inxustificados que romperon coa paisaxe e cos intereses da nosa economía. (…) Como é lóxico, a vivenda rural ten que millorar de acordo cos novos tempos, mais iste milloramento debe ser conscente de que a casa de hoxe ten de bo o saber aproveitalo sen esquecer o seu pasado e a súa orixe, obra esta que se atopa nas máns dos técnicos, que con estudos coma o presente terá unha fonte abondosa prás novas vivendas que se fagan no futuro, utilizando os elementos que as caracterizan" (LORENZO, 1981: 13). E na introdución do segundo di que "Begoña Bas comenzou por un interesante estudo encol dos hórreos ou canastros. (…) Agora de novo insiste no tema centrando a sua atención dun xeito especial nas construccións, tanto das vivendas como de anexos e similares, e destaca a importancia das obras da beiramar e dos ríos, moi abandonadas polos investigadores deica hoxe. (…) Begoña Bas, coíste traballo e os anteriores, danos un exemplo do que a constancia e a compreta adicación ó tema pode conseguir. Somentes é preciso ír polo vieiro que ela nos sinala" (LORENZO, 1983: 7).

Por se non abondaran esas declaracións, cando a inauguración o 23 de xullo de 1987 da Sala de Arquitectura Popular do Museo do Pobo Galego, no seu discurso dixo, entre outras cousas, que consideraba a adaptación da vivenda tradicional galega ás novas técnicas como un desafío "para os arquitectos, que ao construír casas como elementos alleos á paisaxe fan unha afrenta. É necesario realizar unha adaptación das novas vivendas ao que a terra nos impón, ao que os sentimentos nos mandan" e considerou, nunha dura crítica aos técnicos, que as novas construccións "feitas de azulexos son como cuartos de baño postos ao revés, non realizadas polos nosos paisanos, senón por uns técnicos que len revistas do estranxeiro e gústalles o que ven e fano aquí cando non é o noso, a nosa casa" (*El Correo Gallego*, 24-VIII-1987).

Coda

Nestes e noutros testemuños, por se non abondara coa súa xigantesca e exemplar obra, Xaquín Lorenzo, investigador entregado ao país que o viu nacer, ademais de deixarnos un legado de incalculable valor deixounos unhas liñas de actuación futuras doadas de enxergar. A semente concienciadora propiciada pola divulgación da súa obra e da dos seus continuadores, vai calando paseniñamente en diversos segmentos da sociedade civil, dos profesionais e centros de ensino e, tamén, dos poderes públicos. Nos tempos actuais do non hai moito comezado milenio, hai cada día máis sectores da sociedade que se empezan a interesar e valorar as construcións creadas polos seus devanceiros. Iniciativas de colectivos de diverso signo propugnan a defensa da cultura popular –entre as que a fervenza de creación de museos ou coleccións etnográficas se manifesta por moitas localidades de Galicia–, a política rehabilitadora de casas-vivenda e doutras construcións por parte da Adminisración autonómica, actuacións puntuais doutras administracións e unha maior toma de conciencia cara ao propio pola sociedade, están a axudar a crear unha conciencia que pode posibilitar que o patrimonio etnográfico inmobiliario ou construído, polo que tanto traballou Xaquín Lorenzo, non chegue a se converter en arqueoloxía.

ÍNDICE CRONOLÓXICO DOS TRABALLOS ESCRITOS E PUBLICADOS POR XAQUÍN LORENZO RELACIONADOS COA ARQUITECTURA POPULAR

Baixo este epígrafe recollemos unha relación dos traballos escritos e publicados por Xaquín Lorenzo, seguindo unha orde cronolóxica, demostrativa da permanente dedicación polo mestre etnógrafo aos temas que se encerran na denominación arquitectura popular.

Ademais de pequenos traballos publicados nos números 27, 28 e 29 da revista NÓS, Xaquín Lorenzo, ben en publicacións en colaboración, ben en monografias soamente asinadas por el, publicou os seguintes títulos:

1930. *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas*, en colaboración co seu mestre Florentino López Cuevillas. *Seminario de Estudos Galegos*, Santiago de Compostela, 1930. 76 páxinas e 59 imaxes gráficas (45 figuras de debuxos e 14 fotografías).

Esta foi a primeira publicación súa de importancia, compartida con Cuevillas, onde se recolle un completo estudo sobre a parroquia ourensá de Calvos de Randín, feito coa filosofía do traballo investigador do Seminario de Estudos Galegos, que posteriormente servirá de base para outras monografías. Nela abórdase, ademais de aspectos xeográficos e paisaxísticos, prehistóricos ou folklóricos, o tratamento da cultura espiritual e material, con atención notable ás construcións tradicionais dos pazos, edificios relixiosos e das casas labregas e outras construcións, á xente, ao enxoval doméstico, vestido, mantenza, etc.

1936. *Galicia. Parroquia de Velle,* en colaboración con Cuevillas e Vicente Fernández Hermida. *Seminario de Estudos Galegos,* Compostela. 330 páxinas e 218 imaxes gráficas (155 debuxos e 63 fotografías).

Na mesma liña da monografía anterior. En seis capítulos estúdase con amplitude a terra, a xente, a historia, a vida material, a vida social e a vida espiritual. Posiblemente sexa o traballo máis completo e de corte máis antropolóxico dos realizados polo SEG. No apartado de cultura material analízase detidamente a arquitectura e a moblaxe, así como a mantenza, o vestido, os oficios, a economía… A chegada do levantamento militar limitou grandemente a súa difusión.

1936. *Notas etnográficas da parroquia de Borneiro. Arquivo do Seminario de Estudos Galegos*, VII, Compostela, pp. 17-39. 25 figuras de debuxos.// En versión castelá foi publicado no ano 1942 no *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense (BCPMHAO),* XII, Ourense, pp. 183-203.

Unha curta estadía na parroquia de Borneiro, do concello de Cabana de Bergantiños, "con motivo das escavacións que o Instituto de Estudios Rexionales está faguendo no castro "A Cidá", de aquela parroquia –di Xaquín Lorenzo– permitíunos recoller algunhas notas etnográficas". Boa parte deste fermoso estudo recolle, con acaídas ilustracións, mostras das construcións populares asentadas no lugar de Vilaseco: a casa de un e dous andares coas súas dependencias –cociña coa lareira e cheminea, cortes, patios– e aspectos construtivos delas, así como as construcións adxectivas, o cabazo, o puzo e o muíño, recollendo o léxico propio daquela zona nesas realizacións.

1943. "Das Bauernhaus im unteren Limiabecken (Prov. Orense, Spanien)", *Volkstum und Kultur der Romanen*, Vol. XV, Hamburgo, pp. 276-308. 21 imaxes gráficas (22 figuras, a maioría con varios debuxos, e 6 fotografías). //A versión galega incluíuse na recente publicación que co gallo do Día das Letras Galegas dedicou á efeméride a Universidade de Santiago de Compostela.

O título orixinal *La vivienda popular en la Limia Baja* posiblemente foi vertido ao alemán por algún dos membros da escola de Hamburgo "Wörter und Sachen" (*Palabras e Cousas*) para a súa publicación en Alemaña. Fai un minucioso estudo da tipoloxía da casa-vivenda que se asenta nunha rexión tan caracterizada como a da Limia Baixa. Iníciase mencionando os antecedentes dela, dedicándolle logo demorada atención á descrición da súa construción, dos seus elementos compositivos e dos diferentes espazos de que consta. En gran medida, os dous tipos máis comúns de casa-vivenda estudados, a térrea e a de dous andares, correspóndense co modelo espallado polo espazo xeográfico interior da Galicia meridional.

Os numerosos debuxos de que consta, moitos deles trasladados á obra *Etnografía. Cultura material*, recollen aspectos tan variados como muros e os ocos ou vaos que van neles, lumieiras, portas, pisos, ferraxes, corredores, chemineas, apoios ou cubertas. Nunha táboa recolle 58 dos termos que de diversas partes construtivas se utilizan nos

concellos de Lobeira, Entrimo, Muíños e Calvos de Randín. Tamén anota a pé de páxina as diversas publicacións ás que acudiu en apoio do seu traballo.

1947. "Las habitaciones de los castros", en colaboración con Florentino López Cuevillas. *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG), II, pp. 7-74. 39 imaxes gráficas (28 debuxos e 11 fotografías).

Estudo das casas castrexas, a organización dos poboados nos que se asentan e da súa evolución, segundo datos recollidos en escavacións e investigacións feitas en Galicia e no norte de Portugal. Analízase con detalle a evolución que se produce desde as cabanas primitivas construídas con vexetais ata a xénese das casas de pedra con diversas plantas redondeadas e a súa pervivencia, alzados e cubertas, dedicándolle unha especial atención a aspectos das construcións que as conforman: tipos de aparellos, vaos, pavimentos, cubertas, así como ao fogar e ao forno, practicamente os únicos servizos da vivenda, así como ás escasas construcións adxectivas.

1947. "Antiguas habitaciones de pastores en la Sierra del Leboreiro". *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG), II, Compostela, pp. 341-351. 7 imaxes gráficas (4 debuxos e 3 fotografías).

Nun traballo feito no ano 1933 atopouse no lugar de Porcarizas na Serra do Leboreiro, lindeira coas terras de Lobeira e Portugal, un conxunto de 42 casas construídas en planta cadrada en máis dos dous terzos e o resto redondas, coas paredes feitas en cachotería de pedra de grá en bloques irregulares. Trátase dun asentamento de pastores no verán, tal como se se tratara dunha alzada ou braña. Considérase que este poboado, que pertenceu ao mosteiro de Celenova, foi abandonado no século XVI.

1949. "Los silos de Villacañas (Toledo)". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (RDTP), V, Madrid, pp. 420-434. 11 figuras con debuxos, algunhas contendo varios.

Nunha breve estadía por terras de Toledo realizou un pequeno estudo sobre os silos-vivenda da vila toledana de Villacañas, posiblemente o único traballo realizado que non ten relación coa cultura galego-portuguesa. Esta construción orixinal de certa complexidade, realizada baixo terra e arredor da que se tecen unhas relacións de fondo contido social, ten unha certa semellanza coas covas-adegas das terras de Valdeorras. Mentres que estas só levan dependencias dedicadas a gardar o viño, fundamentalmente, os silos son vivendas de coidada construción non exenta de motivos decorativos, con todos os espazos precisos para tal fin. Nos dous casos hai que salientar que a ventilación interior se produce por unhas chemineas (refolgadoiros) de características singulares, tanto construtivamente como de forma.

1951. "La casa gallega", discurso de ingreso na Real Academia Galega o 16 de setembro de 1951 en Celanova. Inédito, aínda que nestes intres de redactar este traballo está a piques de saír do prelo integrado na publicación do Museo do Pobo Galego *Estudos etnográficos (dispersos e inéditos). Técnicas, Palabras e Símbolos*.

Inicia o discurso recordando a Murguía e facendo consideracións varias sobre a humanización da paisaxe e dos factores, como o xeográfico, que contribúen a singularizar a casa-vivenda. Logo de facer un repaso dos tipo de vivenda que se encontran nos castros, na que resalta as súas características principais como precedentes da casa actual aínda que negando o paralelismo que se lles dá ás habitacións castrexas e ás pallozas do Cebreiro, indicando as diferenzas que el ve nas dúas. Considera que é excesivo o valor que se lle vén dando á romanización, aínda que esta trae consigo innovacións como a casa de planta cadrada e o tipo de explotación agrícola da "villae". No seu percorrido histórico deixa claro que tanto da época bárbara como de toda a Idade Media non quedaron restos polo que é lóxico conxecturar que permaneceu a tradición céltica.

Logo de deterse nas casas grandes, feitas imitando os pazos, adéntrase na análise da casa rural galega. Estuda a súa evolución partindo da máis primitiva –a térrea–, pasando pola casa con sobrado onde salienta no litoral a existencia da casa do remo, e a casa de dous andares, clasificándoas en dous modelos segundo sexa o acceso ao primeiro andar polo interior ou polo exterior. Destas derivan elementos construtivos presentes nas vivendas do modelo que pon como prototipo: o corredor, a solaina e a galería, cos canzorros que substentan moitas veces estas dependencias. Non deixa de resaltar o papel que xoga a cociña na casa-vivenda e remata a súa intervención cos modelos que se poñen de relevo nas vilas e nas zonas das urbes, da casa á beira da estrada, a casa grande e o pazo.

Este primeiro ensaio coñecido da súa autoría serviralle de base para a detallada exposición que fai da casa no seu tratado etnográfico do ano 1962.

1952. "Cierres de fincas en el SE. de Orense (Galicia)", Homenaje a Fritz Krüger, *Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza (Argentina)*, pp. 175-185. 7 figuras que conteñen 51 debuxos.

A amizade que nos tempos do SEG establecera co etnolingüísta alemán Fritz Krüger, levouno a participar na homeanxe que se lle tributou no ano 1952. A tal efecto enviou este traballo monográfico no que se rexistran os diferentes tipos de vedacións nunha parte de Ourense, dende os elementais marcos ata os valados de pedra, de materiais diversos ou as sebes de material vexetal. Tamén se recollen os diferentes tipos de accesos ou portairos, cancelas e o sistema de xiro de todos eses elementos.

No traballo correspondente no libro *Etnografía. Cultura material* este aspecto das construcións do territorio está menos desenvolvido, con debuxos case todos eles diferentes.

1959. "Muíños de maré", *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnografia*. Homenagem ao Dr. Mendes Correa, XVII, Porto, pp. 249-255. Seis debuxos.

Nesta monografía completa a diversidade de muíños que hai en Galicia, xa que, curiosamente, no seu tratado etnográfico non fai mención ningunha á existencia dos

muíños de maré. Coa súa clásica capacidade descritiva e de síntese, estuda o muíño de maré da Illa de Arousa. Nos debuxos que complementan o texto aparece o pozo de caldeira, propio deste tipo de muíños, onde se acubilla o rodicio capaz de poñer en funcionamento as pezas de moenda do gran.

1962. *Etnografía. Cultura material*, vol. II da Historia de Galiza, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Editorial Nós, Buenos Aires. 742 páxinas e 514 imaxes gráficas (298 figuras de debuxos, moitas delas integradas por varios, e 215 fotografías).

1963. "O mazo, a trompa e a moa", *Actas do 1º Congresso de Etnografia e Folclore*, Braga, 1956, Lisboa, 1963, vol. II, pp. 175-181. Tres debuxos.

A manufactura do ferro nas vellas ferrerías é o estudo que aquí se fai, tomando como referencia unha das últimas factorías tradicionais do ferro, a ferrería da parroquia de Ferreira Vella, no concello lugués de Riotorto.

A ferrería é a edificación onde se acollen o mazo para golpear o ferro, a trompa, artiluxio que produce aire para avivar o lume, e a moa, especie de bruia, roda vertical con aspas que, como nas aceas, xira ao bater a auga contra elas facendo dese xeito subir e baixar o mazo. Os cumpridos debuxos que van co texto axudan a un mellor entendemento dos tres elementos. No libro *Etnografía. Cultura material*, nas páxinas 536 á 542, vén con debuxos distintos e co texto un pouco diferente.

1973. "Metamorfosis de una casa castrexa", *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, XXII, Porto, pp. 225-229. Un debuxo e dúas fotografías.

Estudo da transformación dunha casa castrexa de Castromao (Celanova), de planta circular a planta rectangular, con paulatina evolución das esquinas primitivas curvadas a formas en ángulo, co obxecto de lle dar ao encontro dos muros unha maior consistencia e trabazón.

1976. "El sobrado", *Boletín Auriense (BA)*, VI, Ourense, pp. 305-316. Trece figuras con catorce debuxos.

Monografía na que se estuda a parte da casa-vivenda (aínda que tamén a hai noutras construcións como o combarrizo ou a palleira), chamado comunmente sobrado que, segundo a zona xeográfica, pode ser o andar primeiro destinado a dependencia da vivenda ou para utilizar para diversos usos, para diversificar ambas funcións ou o espazo que queda debaixo do tellado. Adquire varias denominacións: desván, canizo, quenzo, faiado, faio, rocho, trabuleiro, barra, sobrado, solaina, madureiro, sequeiro…, aínda que algunha delas non se aplica indistintamente senón que responden ao uso que se faga desa dependencia.

Analiza os seus antecedentes e as etapas evolutivas dende o seu nacemento. Considera que pode proceder da barra das pallozas, pasando a ser o sobrado con orixes distintas, en función de que sexa consecuencia da construción da casa-vivenda térrea ou un engadido que se lle fixo deliberadamente para dotala dun servizo máis ou, por último, o primeiro andar producido polo seu desenvolvemento cara a arriba.

1977. "O combarrizo", *Boletín del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 6. Santiago de Compostela, pp. 3-9. 21 debuxos.

Estudo detallado das funcións e dos diferentes modelos que se poden dar por Galicia adiante desta sinxela e inseparable construción adxectiva da casa-vivenda, o edificio nuclear da casa. Destinada fundamentalmente para gardar leña, o arado, a grade, etc., protexidos da chuvia; segundo a zona onde se sitúa, a súa denominación varía, e de aí que ademais de combarrizo se lle chame alpendre (o nome máis usual), alboio, cabano, cuberto, chapitel, encastra, garaixe, pallota, paramia, pendello, sobeira, tanada, tendal…

1980. "Unha casa do Castromao (Celanova)", *Boletín Auriense (BA)*, X, Ourense, pp. 203-210. Cinco imaxes gráficas (4 debuxos e 1 fotografía).

No ano 1960, xunto con Xesús Ferro Couselo, estiveron facendo exploracións na acrópole castrexa de Castromao (Celanova), deixando ao descuberto un conxunto de casoupas. Realiza polo miúdo o estudo dunha delas de planta circular, de 4,50 metros de diámetro e paredes cun grosor que vai dos 40 aos 60 cm. Analiza, ademais doutros aspectos, os construtivos dela así como os espazos e as dependencias que podía levar, deténdose nas cubertas, nos accesos dende o exterior e na moblaxe, conxecturando que o seu uso era de construción adxectiva para almacenar froitos.

1988. "A vivenda e a terra", en *Alternativas estructurais e producción agrícola-gandeiras. A gandeiría extensiva, a pataca, o viño*, celebradas en Ourense os días 24, 25, 26 de outubro de 1986, *Cuadernos da área de Ciencias Agrarias*, 8, Seminario de Estudos Galegos. A Coruña, pp. 6-9.

Nesta intervención de Xaquín Lorenzo, este resalta, unha vez máis, a importancia da casa labrega galega construída con recursos materiais próximos e baixo as condicionantes que a vida económica e a xeografía da zona lle defronta. Asemade alude ás diferentes construcións adxectivas que en cada zona se precisan para completar os ciclos produtivos: adegas e lagares en zonas de viño; carpinteiros de ribeira, secadeiros de peixe e de redes, no litoral; alvarizas, pendellos, forxas…

Remata cunha preocupación constante nel, que é a de como se pode adaptar a vella vivenda rural ás novas necesidades técnicas introducidas no campo, propugnando "a necesidade de conservar a personalidade de iste elemento da cultura popular, que nunca debe perder a súa orixinalidade e xeito propio de ser".

1989. "As pontes na tradición popular galega", en *A inxeñería histórica como patrimonio monumental: As Pontes, Actas do I Seminario*, Santiago de Compostela, do 8 ao 11 de outubro de 1985, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, pp. 101-103.

O relatorio de Xaquín Lorenzo sobre as pontes de fasquía popular –ademais de que trata o tema dende o eido da mitoloxía–, expón os diversos sistemas creados polo pobo da construción con bloques de pedra, co obxecto de vencer as correntes de auga: o pasal, o máis sinxelo de todos, para vadear correntes de pouca entidade; as poldras ou

espoldras, pedras prismáticas afincadas no leito, para cruzar regatos anchos ou pequenos ríos; e os pontillóns, parecidos ás poldras aínda que levan por riba das pedras prismáticas lousas tamén de pedra; e, por último, as pontes propiamente ditas, primeiro construídas con falso arco e logo con verdadeiros arcos en número de un a dous de pouco grandor.

1990. "Introducción ó estudio dos hórreos en Galicia", *Actas del Primer Congreso Europeo del Hórreo*, Compostela, do 24 ao 26 de outubro de 1985, Editorial Compostela-El Correo Gallego. Santiago de Compostela, pp. 291-293.

Intervención na que considera o hórreo como o remate dun ciclo que comeza na lareira e finaliza coa colleita. Considera que a construción adxectiva máis numerosa significa o total da mantenza de todo o ano "polo que acada en Galicia un carácter sagro". Por iso acentúa o seu rol na relixiosidade popular, comparando a cámara cun sagrario da igrexa, e dada esa razón e pola función material que vén cumprindo, pensa que diante do abandono en que está mergullado o hórreo ultimamente cómpre con urxencia darlle un novo uso, non só como curiosidade "senón tamén para que cumpra un rol dentro da vida do noso campo, como a cumprio deica hoxe".

BIBLIOGRAFÍA

P. COIRA.– (2004). No verán de 1940. Crónica da película *O carro e o home*. BIBLOS, Clube de Lectores, Mandaio-Cesuras (A Coruña).

C. GARCÍA MARTÍNEZ.– (2003). "Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia". En *Patrimonio Etnográfico Galego. Actas do I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego In Memorian Xaquín Lorenzo Fernández Xocas*. Ed. Deputación Ourense.

——.– (2004). De varia etnográfica (Escolma, limiar e notas). Biblioteca Gallega, *La Voz de Galicia*, A Coruña.

Mª-X. FERNÁNDEZ CERVIÑO e X.-C. SIERRA RODRÍGUEZ.– (2004). "A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo". *Xaquín Lorenzo Xocas*. Universidade de Santiago de Compostela.

C. GONZÁLEZ PÉREZ.– (2003). *Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas (1907-1989)*. Ed. Toxosoutos, Noia.

X.-M. GONZÁLEZ REBOREDO.– (1997). "A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández". En *Tecnoloxía tradicional: Dimensión patrimonial e valoración antropolóxica. Actas do Simposio internacional de Antropoloxía in memoriam Xaquín Lorenzo*. Ed. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

——.– (2004). *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*. Ed. Galaxia, Vigo.

C. LISÓN TOLOSANA.– (1971). *Antropología cultural de Galicia*. Ed. Siglo XXI, Madrid.

F.-S. LÓPEZ GÓMEZ.– (2004). *Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989). Unha vida para a cultura dun pobo*. Baía Edicións, A Coruña.

X. LORENZO FERNÁNDEZ.– (1957). "Cuevillas etnógrafo". En *Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas*. Ed. Galaxia, Vigo.

———.– (1962). Etnografía. Cultura material. Vol. II da *Historia de Galiza*. Ed. Nós, Buenos Aires.

———.– (1981). "Limiar". En *Arquitectura Popular en Galicia*, de Pedro de Llano. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), Santiago de Compostela.

———.– (1983). "Limiar". En *As construccións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. Ediciós do Castro, O Castro-Sada.

MUSEO DO POBO GALEGO.– (2003). *Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas"*. Museo do Pobo Galego, Unidades didácticas, Santiago de Composela.

A. RAPOPORT.– (1972). *Vivenda y Cultura*. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.

V. RISCO.– (1936). "Estudio etnográfico da Terra de Melide". En *Terra de Melide*. Publicacións do S.E.G., Santiago de Compostela.

X.-C. SIERRA RODRÍGUEZ.– (1999). "A obra de Xaquín Lorenzo Fernández, instrumento para a patrimonialización e musealización antropolóxica en Galicia". En *Raigame*, 9. Deputación Provincial de Ourense.
M. VALCÁRCEL LÓPEZ.– (2004). *Xaquín Lorenzo. Vida e obra*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
——— (Coordinación).– (2004). *Don Xaquín no fío de Nós (artigos e entrevistas)*. Colección Auria, núm. 9, Ourense.
A. VÁZQUEZ-MONXARDÍN.– (1999). "Xaquín Lorenzo, 1979". En *Raigame*, 9. Deputación Provincial de Ourense.
——— e OUTROS.– (2004). *Xaquín Lorenzo, 1907-1989. Unha fotobiografía*. Edicións Xerais de Galicia, Consello da Cultura Galega e Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

CULTURA MARIÑEIRA

Francisco Calo Lourido
Correspondente da Real Academia Galega

"Para construír un país hai que coñecelo pronto e ben". Esta frase de Murguía converterase en guieiro e breviario de praxe diaria para os homes da Xeración Nós. Pretenden eles vertebrar e dar significado a este territorio chamado Galicia e, para conseguilo, terán que se dedicar con tódalas súas forzas e sen perda de tempo a estudalo. A intensidade que deberán aplicar débese tan só á escaseza de persoas comprometidas na tarefa, e a présa coa que hai que acometer o traballo á conciencia da perda acelerada e inevitable de sinais identitarios. Se o primeiro non é máis que unha cuestión numérica, aínda que poidamos extraer outro tipo de conclusións extrapolables ó momento actual, no que segue a ser escasísima a intelectualidade realmente preocupada pola terra, o segundo manifesta unha particular, aínda que non exclusiva, concepción do país. Segundo esta, os galegos somos o resultado, o produto de supervivencias antiquísimas que se veñen manifestando dende a Prehistoria, grazas ó espírito que o percorre todo, á alma colectiva do pobo, ó que os románticos alemáns deron en chamar *Volksgeist*. Esta alma, esta esencia do pobo consérvase no mundo labrego, artesán e mariñeiro e aquí radica, precisamente, a présa por recoller e aprehender todas esas notas distintivas do ser galego, por canto as mutacións tecnolóxicas do século XX meten en risco de desaparición moitas delas, e cada unha das que se perdan será algo así como un anaco da esencia de Galicia que desaparece para sempre.

Cando aqueles ourensáns da Xeración Nós -López Cuevillas, Vicente Risco e Otero Pedrayo- asumen o anterior, teñen, por razóns de método e de persoal interese, que se repartir o traballo. Encargarase Cuevillas da arqueoloxía e a prehistoria de Galicia, sentando e asegurando as bases para o seu coñecemento; a etnografía será o eido preferencial de Risco, mentres que Otero centrará os seus esforzos investigadores na xeografía. ¿E os restantes campos ou disciplinas, como a lingua, a literatura, a historia, etc.? Aí, con maior ou menor intensidade, entrarán os tres.

Un carriño de madeira e uns apuntamentos cos chamadoiros das diferentes pezas que o conformaban serán o inicio da relación que un cativo de 16 anos vai encetar e madurar, ata a morte, con aqueles tres sabios. Estamos a falar de D. Xaquín Lorenzo Fernández, máis coñecido, dende aquela, polo hipocorístico "Xocas". Empezou tan novo e tan intensamente a traballar con eles que aínda hoxe hai quen o inclúe na nómina dos membros de Nós, cando por razóns estritamente cronolóxicas (no que se basean, prioritaria-

mente, as xeracións) se trataría dun elo, dun anel que traería cara a nós os presupostos e a continuidade da dita xeración. O campo que elixe como prioritario para as súas investigacións será o etnográfico e, máis concretamente, a cultura material, dedicándose Risco de maneira máis intensa á espiritual, como vemos con só ollar os tomos da Historia de Galiza que, moitos anos despois, dirixirá Otero.

Nado na ourensá Rúa da Paz, en 1907, transcorrerá nela o máis da súa vida, se ben fará continuos desprazamentos e estadías vacacionais no sur da provincia, nas terras da Baixa Limia, concretamente en Facós de Lobeira, onde conta cunha casa herdada da súa familia paterna. Será aí precisamente onde aquel cativo, que xoga e enreda polas rúas da provinciana Ourense, entre en contacto directo co mundo labrego e aprenda a coñecelo profundamente e a amalo como seu. Alí fará aquel carriño e elaborará as notas que, con toda xustiza, pois daquela en ningures se facían esas cousas e a ninguén se lle ocorría anotar o nome das pezas dun carro, van impresionar a Florentino López Cuevillas. Precisamente, cun traballiño feito sobre esta base espontánea máis as suxestións da lectura dun par de libros –de Cabré e de Jalhay- que lle presta Cuevillas, entrará a formar parte do Seminario de Estudos Galegos.

A arqueoloxía, na que traballa en íntima conexión con Cuevillas, chegando a dirixir os traballos que este, polos seus problemas reumáticos, non pode desenvolver, a historia da arte, máis concretamente o prerrománico, así como a lingua, tanto a súa defensa como a recolleita de cantigas ou de léxico para a elaboración dun dicionario, focalizarán a súa atención entre traballo e traballo de cultura material. A fonda relación co seu valedor Cuevillas marcarao toda a vida e levarao a forzar os argumentos para, xa que non pode cualificalo como etnógrafo, tentar xustificalo como "formador de etnógrafos" e engadir un parágrafo sobre a metodoloxía empregada por aquel: "...antre a Prehistoria e a Etnografía esisten semellanzas que as convirten en ausiliares unha da outra, de un xeito especial en Galicia, de esprito conservador e arcaizante, que vive hoxe coas raíces afincadas no pasado e que pode aínda acrarar, polo vivir actual, o segredo de moitos achádegos arqueolóxicos"; conclúe que foi Cuevillas quen "...xunguíu as dúas cencias nunha, e atirou desta mistura intresantes ensinos"[1]. É ben sabido que D. Xaquín exerceu unha verdadeira "devotio" polos seus mestres; pero tamén non ignoramos que este xeito de traballar non foi invención do noso gran prehistoriador.

A BAGAXE METODOLÓXICA DE D. XAQUÍN

Independentemente de que neste mesmo volume se estuden de xeito máis específico as metodoloxías empregadas por D. Xaquín[2], así como polos seus mestres e amigos ourensáns e polos compañeiros do Seminario, como Filgueira ou Fraguas, resulta imprescindible facer aquí unhas lixeiras referencias, considerando a autonomía desta colaboración específica sobre o mundo mariñeiro.

Xa fixemos mención da idea que os románticos alemáns acuñaron como *Volksgeist*, que nós podemos traducir como espírito do pobo e que non é máis que esa alma colectiva que o vai percorrendo, conformando e facéndose presente en todas e cada unha das súas manifestacións. Tiveron isto ben claro os irmáns Grimm, lingüistas, filólogos e etnógrafos, colaboradores na forxa da identidade alemá coa recompilación que fixeron da súa literatura oral. Tamén no século XIX aparece o historicismo (Morgan, Tylor e máis tarde Frazer, cos seus tres estadios da humanidade: maxia, relixión e ciencia). Esta corrente de pensamento considera factible a reconstrución das diferentes fases polas que foi pasando a humanidade. Este século XIX está todo el impregnado, desde a bioloxía á lingüística ou á historia, polo discurso evolucionista. E isto trae, como reacción, a corrente difusionista.

Pero hai algo compartido por todas estas escolas: as supervivencias. E coas supervivencias tropezamos igualmente, xa no século XX, nos presupostos da Escola Histórico-Cultural de Viena e a teoría dos círculos culturais (*Kulturkreise*) de Frobenius. Deféndese aquí a posibilidade de atopar os camiños de difusión dos complexos culturais. E, xa para rematar coas influencias que, en maior ou menor grao, se detectan nos investigadores galegos do Seminario, cómpre facer mención a unha ben coñecida de primeira man por D. Xaquín, a hamburguesa escola *Wörter und Sachen* (Palabras e cousas), escola lingüística que pretende estudar os obxectos asociados ás palabras, polo que a súa incursión no eido da etnografía é inevitable[3].

España, fecunda de universidades e cátedras, nunca xestou ningunha metodoloxía cun mínimo de aceptación, polo que tradicionalmente foi, tamén nisto, mera importadora. No século XIX, entran os estudos sobre o folclore da man do compostelán Machado y Álvarez[4], fundador de "El Folklore Español", e, en Galicia, polo interese de Dª Emilia Pardo Bazán, constitúese "El Folklore Gallego", o 1 de febreiro de 1884. O obxectivo explícito é o de "salvar esas tradiciones que se pierden, esas costumbres que se olvidan y esos vestigios de remotas edades que corren peligro de desaparecer para siempre".

A frase anterior mostra, unha vez máis, o perdurable, a continuidade desde "remotas edades" e o risco de que nos cambios acelerados que xa se están a producir na sociedade liberal burguesa decimonónica se perdan as raiceiras do noso pobo. E esta vai ser a teima cotiá dos nosos etnógrafos: salvar o documento etnográfico para reconstruír o pasado e así afirmar a peculiaridade, o *Volksgeist* galego[5]. Hai que recoller o máis posible, canto antes, en detrimento da análise, que xa virá logo. Son os mesmos presupostos que, polas mesmas datas, se están a introducir e desenvolver en Portugal, con investigadores da talla de Mendes Corrêa, Pires de Lima, Leite de Vasconcelos ou, entre outros, Jorge Dias, quen proclamaba a necesidade de salvar "tudo aquilo que ainda é susceptivel de ser salvo, para que os nossos netos, embora vivendo num Portugal diferente do nosso se conservem tão portugueses como nós e capazes de manter as suas raízes culturais mergulhadas na herança social que o passado nos legou". Vemos que todo vai dar ó mesmo sitio,

polo que reivindicamos a actualidade metodolóxica dos investigadores do Seminario, tanto no seu proceso de formación como nas etapas de madurez científica.

Sen entrar en máis matices e con maior ou menor intensidade, todo o anterior forma a bagaxe teórica metodolóxica coa que conta D. Xaquín para levar adiante os seus traballos. El quere coñecer a esencia, o ser de Galicia e, como xa vimos, ten que procuralo no trespés que conforma a alma do noso pobo, é dicir, nos labradores, nos artesáns e nos mariñeiros, dos que el coñece e sente de xeito natural os dous primeiros, pero, pola contra, ignora todo sobre o mundo do mar, un mundo que lle cae moi lonxe de Facós e que lle fai exclamar, simulando un persoal distanciamento: "O mar tén un grande atractivo prâs xentes do interior. É pra elas algo lonxano, cheo de poesía, que fala fondamente ó seu sentimento, espertando n-iles unha saudade estrana de cousa non coñecida" (LORENZO, 1969: 105)[6]. Aproximarase ó mar de xeito, posiblemente, casual, a non ser que pensemos nunha premeditación da que nunca falou. E, cando o descubre, faino aparentemente desprovisto de coñecementos previos, porque, segundo el mesmo di, non había bibliografía ningunha, algo que, como imos ver, non é absolutamente certo.

TRABALLOS PREVIOS SOBRE O NOSO MAR

Non imos entrar en traballos que, sendo moi interesantes, como é o caso de moitos dos informes da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, por citar uns, non serían de grande axuda para os intereses de D. Xaquín. Imos citar os de maior entidade, certamente escasos, que poderían ter sido, e algún deles foino sen dúbida, por el empregados.

Varios son os traballos de Cornide que poderiamos mencionar aquí. Uns estaban éditos e outros en manuscrito, pero o acceso a eles non era difícil. Cómpre salientar o *Ensayo de una historia de los peces…* sobre todo, pensando na cultura material, polo seu último apartado, no que se tratan os diferentes aparellos e as diversas pescas (CORNIDE, 1788)[7], e aquel outro no que se preocupa polas pesqueiras de sardiña, manifestándose totalmente contrario á introdución e ós métodos dos fomentadores cataláns, que, había poucos anos, se introduciran en Galicia (CORNIDE, 1774)[8].

A monumental obra de Sáñez Reguart ten un enorme interese, non só para Galicia, senón para toda a costa española. Este autor, pescador afeccionado desde cativo, amante do mar e das súas xentes e Inspector Xeral de Matrícula, deixounos un detalladísimo dicionario enciclopédico das artes de pesca. Moitas das entradas completan a descrición con curiosidades etnográficas e con documentación referente á súa utilización. Os debuxos de tódalas artes están feitos por un profesional que o acompañou toda a viaxe pola costa española e que tiña unha depurada técnica, común ós ilustradores-gravadores do século XVIII, herdeiros da ilustración da Enciclopedia Francesa e, para o que agora nos interesa, do clásico da pesca Duhamel du Monceau, tamén colaborador da Enciclopedia

e ben coñecido, seguido e copiado por Sáñez. Os debuxos que iluminan o *cerco real* son os que se repiten en tódolos traballos posteriores, sobre todo nos nosos tempos (SÁÑEZ, 1791-1795)[9].

Paz Graells, vocal da Comisión Permanente de Pesca, fai unha viaxe, comisionado polo Almirantado, por toda a costa de Galicia e norte da Península para estudar as posibilidades de instalación de ostreiras e recoller materiais para o Museo de Pesca. Pero vai moito máis alá do encargo inicial e remata escribindo unha obra magnífica sobre bioloxía mariña, barcos, artes de pesca, industria transformadora, produtos elaborados e mesmo receitas de escabeches, transcrición de datos históricos sobre a caza da balea e valiosas pinceladas económicas e sociais, como o interese polo cooperativismo mariñeiro (PAZ GRAELLS, 1870).

Unha aproximación sociolóxica e económica ó mundo da pesca, chea de descricións etnográficas e antropolóxicas, ofrécenos unha boa visión dos pescadores, xa avanzado o derradeiro cuartel do século XIX (DÍAZ DE RÁBAGO, 1885)[10].

A Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, ou mellor será dicir, aínda que no orixinal non figura o nome de ninguén, Casto Sampedro, o seu presidente e autor real da obra, empregando toda a documentación do Gremio de Mareantes da Boa Vila, fai un longo, detallado e diacrónico estudo histórico e etnográfico da pesca, centrado sobre todo na Confraría do Corpo Santo. Esta confraría ditaba ordenanzas que deberían de ser atendidas e cumpridas en tres rías, desde os Tranqueiros de Aguiño, pasando polo Mar de Moreira ata as Estelas de Baiona. É esta unha obra fundamental para a historia de Pontevedra e para a evolución da pesca galega desde a Idade Media (SAMPEDRO, 1904)[11].

Xa meténdonos neste século XX, contamos cunha serie de obras de Benigno Rodríguez, cabo de mar e, posteriormente, conservador de pesca do Museo Naval de Madrid. Citaremos unicamente, pola súa especial importancia para Galicia, tres destes traballos. En 1911, publica un *Diccionario* sobre artes de pesca de toda a costa norte e noroeste da Península no que se reflicte a súa profesión, en contacto directo cos pescadores, na meticulosidade e exhaustividade de datos e descricións. Continúa o seu percorrido pola costa española e, en 1923, amplía o *Diccionario* a toda a Península, illas e costa africana, daquela, pertencente a España. Son dúas obras espléndidas que constitúen un fito case illado na produción española e que, sen dúbida, coñeceu e utilizou D. Xaquín (RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, 1911 e 1923)[12]. Interésanos tamén un terceiro libro, que se ocupa da vida social dos pescadores e que constitúe un verdadeiro ensaio antropolóxico, económico e social do mundo do mar na costa norte e noroeste da Península (RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, 1916)[13].

Cómpre tamén ter en consideración un moi interesante libro, non dedicado especificamente á pesca, pero que fai unha serie de incursións nela certamente valiosas, sendo moi atinadas, sobre todo, as que tratan de aspectos económicos e etnográficos (GARCÍA RAMOS, 1912)[14].

Para rematar o relatorio de traballos máis importantes que afectan a Galicia, traemos aquí un libro que sen dúbida coñecería, por ser o autor un compañeiro de xeración. Trátase dunha profundización na obra e no arquivo dos mareantes de Casto Sampedro feita por FILGUEIRA (1946)[15].

Os homes do Seminario de Estudos Galegos tiveron sumo coidado en relacionarse cos investigadores do norte de Portugal, pois entendían este como unha continuación natural de Galicia e eran conscientes de que había que aproveitar tódolos impulsos que incidían no común. Citemos, xa que logo, algúns dos traballos que se estaban a facer no veciño país, considerando que puideran ter sido máis ou menos coñecidos por D. Xaquín. O que si podo dicir é que, malia a súa importancia para as nosas propias investigacións, son aínda, a xulgar polas citas bibliográficas, totalmente descoñecidos polos galegos que se interesan pola etnografía ou a historia.

Cómpre principiar polos sucesivos traballos que, a principios do século XIX, irá publicando Constantino Botelho de Lacerda Lobo e que tocarán tódolos temas relacionados coas pesqueiras e a salgadura. De todos eles, citamos xenericamente LOBO (1812a,b)[16]. Nas fins do mesmo século, aparecen dúas obras monumentais. A primeira é o resultado dunha laboriosa enquisa feita ó longo de toda a costa portuguesa (ALMEIDA e ROQUETE, 1980). A segunda é o compendio de 10 anos de observación directa e participante, "percorrendo as differentes localidades, acompañando os pescadores nas suas escursões e familiarisando-nos com os seus hábitos, dialéctica, segredos e methodos profissionaes". O autor vai facer amais o mesmo que fixeran Paz Graells e Rodríguez Santamaría en España, como foi a recolla de materiais etnográficos, e deixaranos tamén unhas moi precisas notas históricas para o estudo das pesquerías de bacallao nas costas de Terranova. O aparato gráfico desta súa obra entronca aínda, o mesmo que a de Sáñez Reguart, coa tradición debuxística derivada da Enciclopedia Francesa (SILVA, 1891).

Dun grande interese para o estudo histórico das pobras marítimas e que tería que coñecer D. Xaquín, considerando as súas persoais relacións cos investigadores portugueses, temos un estudo de 1923 que citamos pola edición posterior que nós manexamos (SAMPAIO, 1979). En 1932 aparece unha obra que podemos considerar modélica e que constitúe un pequeno tesouro da etnografía marítima, común a Galicia e norte de Portugal. Referímonos á monografía sobre os mariñeiros da Póvoa do Varzim feita por un "povense" con diñeiro, dono de almacén de salga e que sentía a vida dos seus convecíños pescadores como algo propio. Toda a existencia, desde o nacemento á morte, latexa nesta obra, que supoñemos coñecería D. Xaquín, aínda que só sexa por un amigo común do autor e del, o alemán Fritz Krüger, xefe da Escola de Hamburgo *Wörter und Sachen*, que aparece fotografado xunto con este (GRAÇA, 1932)[17]. Non tanto polo tamaño da obra, que lle podería ter pasado desapercibida, canto por ter sido publicada nunha revista que D. Xaquín si coñecía e por ser un expoñente paradigmático do método citado de *Palabras e Cousas*, que tan boa aceptación tivo en Portugal, traemos aquí unha memoria

de licenciatura presentada en Coimbra, onde se estuda a linguaxe (e as cousas) dos pescadores e labradores de Vila do Conde, poboación, hoxe, apegada á Póvoa do Varzim (NETTO, 1949)[18].

Outros moitos traballos, tanto galegos como portugueses, poderían ser traídos aquí, pero é moi probable que non foran coñecidos polos homes do Seminario de Estudos Galegos. Por esta razón, non ten senso reflectilos neste estudo sobre D. Xaquín e a etnografía mariñeira, independentemente da importancia que, sen dúbida, tería facelo con vistas á elaboración dunha historiografía dos estudos pesqueiros (desde as perspectivas da etnografía, da historia, da xeografía e da economía) que algunha vez haberá que encarar en profundidade.

TRABALLOS DE D. XAQUÍN SOBRE O NOSO MAR

No ano 1933, en calidade de colaborador do Servicio de Escavacións do Instituto de Estudios Rexionais da Universidade de Santiago, acompañará a Sebastián González García-Paz, profesor da mesma, ás primeiras escavacións arqueolóxicas oficiais do Castro de Baroña (Porto do Son)[19]. O mesmo que xa tiña feito, en similar situación e co mesmo director, no Castro de Borneiro (Cabana), abandonou os traballos arqueolóxicos para se dedicar ó que a el máis lle chamaba: a etnografía. E se Borneiro lle inspirou dous traballos sobre o mundo rural (LORENZO, 1932 e 1942), un fermoso e intelixente artigo deberase a esta estadía no Porto do Son; pero, neste caso, estará directamente relacionado co mundo do mar, o que ten unha grande importancia, considerando que, dos máis de 120 traballos da súa autoría, só cinco ou, se forzamos o asunto, seis (un deles trata de pesca, pero de río) están dedicados, en maior ou menor grao, a ese pé que lle faltaba para entender o *Volksgeist* galego. Realmente, D. Xaquín traballou moi pouco neste eido do mar, para el tan descoñecido.

O 18 de xaneiro daquel ano (Cfr. GONZÁLEZ PÉREZ, 2003: 225) presentou unha comunicación no Seminario de Estudos Galegos sobre un cuestionario de embarcacións. Aparecerá publicado en marzo seguinte (LORENZO, 1933: 49-52) cunha presentación de Vicente Risco, que o trata como unha parte do cuestionario que a Sección de Etnografía e Folk-lore do Seminario estaba a redactar. Di Risco que, se se publica esta parte primeiro é por ser "das menos estudadas, máis virxes pra investigación, da nosa etnografía". Consta de 115 preguntas sobre o mundo do mar e, máis especificamente, sobre os barcos, a súa feitura, tonelaxe, medidas, pesca, tripulantes, esconxuros, contos, cantares, poboacións, casas, etc. Non é, xa que logo, un estudo propiamente dito, senón unha ferramenta para futuros traballos de campo.

Este tipo de cuestionarios eran instrumentos moi empregados na época para elaborar estudos etnográficos e, neste caso, podemos encadralo seguindo a estela dos do Ateneo de Madrid[20] ou da sociedade "El Folklore Gallego".

Naquel verán de 1933, descubriu un porto cheo de embarcacións que estaba querendo empezar a mudar do mundo tradicional pretecnolóxico ó mundo actual. Pero era aínda un mar paleotécnico, un mar igual ó de sempre, ó de tódolos séculos anteriores, e isto resultou ser, para el, marabilloso, xa que lle encaixaba con tódolos presupostos metodolóxicos que vimos de expor e que falaban dun mundo que avanzaba cara a nós, practicamente sempre igual desde a prehistoria, polo que a esencia do ser galego aínda estaba aí inmutable. Aquel mar estaba cheo de cantábricas traineiras e de lanchas xeiteiras, descendentes das xa desaparecidas volanteiras, aquelas embarcacións emblemáticas da vila, os botes principiaban a desprazar ás dornas e as pequenas gamelas e chalanas acarrexaban tripulantes para os grandes galeóns e pataches, goletas e bergantíns e, como algo aínda novidoso, pero de rápida introdución, os motores e racús, así como as altas chemineas dos vapores. O motor avanzaba con forza, pero aínda predominaba a vela; aínda era, como desde a antigüidade, un mar de velas. E de todos aqueles tipos, os seus ollos de etnógrafo escolleron a dorna (LORENZO, 1934: 109-116).

O Porto do Son era precisamente o límite de aguión da expansión da dorna e a variedade era a carreirana, como a *Josefa, 172 do folio de Riveira*, que el vai cousificar de xeito realmente maxistral, considerando o total descoñecemento do que partiu. Podo asegurar que, agás certos pequenos detalles, entendeu perfectamente todo o que era a dorna e o mundo que xiraba ó redor dela. Sen dúbida tivo que facer un grande esforzo, mesmo auditivo, para transcribir a enorme cantidade de nomes que, coa peculiar fonética do Porto do Son, tiñan que lle resultar duros a un oído afeito ó galego de Lobeira. O realmente curioso é que os erros foran escasísimos, reducíndose a "imornal" por "imbornal", "pao" que preferiu pechar en "pau" e pouco máis[21]. Podemos dicir que tódolos traballos posteriores sobre a dorna son, directa ou indirectamente, con ou sen cita, debedores deste e engadimos que aquí aparece recollido case todo o vocabulario das varias ducias de partes que conforman unha dorna, polo que a recolla do obxecto, da embarcación, foi practicamente perfecta. Pero aquí hai moito máis que pura descrición e nomenclatura, xa que D. Xaquín decidiu incardinar a dorna na vida dos usuarios e, neste punto, hai grandes acertos, mais tamén algunhas imprecisións.

O aserto inicial de que a dorna "siñifica o paso da pesca familiar ao cooperativismo" sometémolo a crítica, hai xa trinta anos, na nosa tese de licenciatura[22]. Corriximos alí tamén a confusión da *ghradella* cun liñó, cando aquela é unha armazón de madeira na que se enrola este para a súa necesaria aireación e secado. Quixo tamén D. Xaquín explicar as diferentes clases de pesca que se facían desde unha dorna e, necesariamente, pola abundancia de nomes e accións, tivo que confundir algunha das notas que tomara, intercambiando os fondeos da "poutada" e do "arpeu", iscando con sardiña ou chopo ós pintos e maragotas, liando –nunca mellor aplicado- o xeito de traballar do palangre co do liñó da isca e dedicando aquel á pesca de xardas e sardiñas, ou fondeando a dorna para pescar ó polbo. Certamente, non é o mesmo facer uns deseños, e el era un magnífico

debuxante, sinalando os nomes das diferentes partes, para logo pasar todo a limpo, na tranquilidade do gabinete, que tentar interpretar unhas notas tomadas nunhas "horas de conversa cuns pescadores" e elaborar unha lectura global, absolutamente *etic*, da vida dos pescadores de dorna. A présa na recolleita dos datos levouno necesariamente a confundir cousas como o reparto das ganancias, pois semella que os donos das dornas as mercaron porque lles apetecía axudar ós veciños, xa que todo se dividía en partes iguais, "non tendo o propietario outra ventaxa que a de tripulal (sic) o barco en calidade de *patrón*". Cando, moitos anos despois, escriba a *Etnografía*, repetirá case textualmente parte do aquí escrito, pero corrixirá o parágrafo anterior, dicindo: "indo o dono en calidade de *patrón* e traballando todos á parte, fora da mitade que corresponde ó patrón" (LORENZO, 1962: 383). Isto xa ten unha lóxica, pois resulta estraño que un home invista nunha dorna 1000 pesetas ou 100 pesos, se é pequena -como D. Xaquín nos dipara poñela no mar a traballar de balde[23].

Os anteriores erros non fan desmerecer o gran valor desta pequena obra, que, nunha data tan temperá como 1934, deu a coñecer á comunidade científica, que vivía absolutamente de costas ó mundo do mar, unha realidade nova[24]. Estamos diante dun estudo pioneiro, non por falar do mar galego que, como vimos de ver, xa contaba con algunhas importantes incursións, senón polo tratamento, polo enfoque antropolóxico global que presenta, empregando como fío condutor, case como pretexto, unha embarcación. Non se contenta coa súa fina e exhaustiva descrición, senón que tenta –independentemente de que non atine totalmente- incardinala na economía mariñeira, preocúpase polo seu custo, os tripulantes que traballan nela, os aparellos que leva e as mellores horas de usalos, os peixes que se capturan, os ingredientes das caldeiradas, o que duran as mareas, as comidas a bordo e a roupa de augas e o seu custo. Fala de solucións a rompeduras de pezas, de utensilios auxiliares e de naufraxios e aínda lle sobran unhas liñas para atinar, el, que era un home de terra a dentro, a razón da diferenza entre un campesiño e un mariñeiro, chegando a dicir que: "A incertidume da súa vida, sempre por riba das augas treidoras dá a istes homes un esprito xeneroso e un amplio concepto da vida e das súas pasións". E, amosando o lirismo que en ocasións envolvía os seus traballos, o que demostra que, para el, o estudo da cultura material era a procura do ser galego, do *Volksgeist*, que se vai forxando tamén a través dos obxectos, velaí este exemplo: "Semellantes aos croios que o mar axota ás praias, istes homes perderon ao contacto co mar as aristas que se sinalan ferintes en moitos aspectos da vida campesiña"[25].

Pode tamén resultar sorprendente que D. Xaquín, percibindo que a dorna está xa entrando nunha fase de declive que anuncia a súa desaparición[26], diga o seguinte: "Non é de lamentar a súa perda, sempre que esta siñifique un progreso, mais coidamos que istes documentos populares deben ser coidadosamente estudados: teñamos en conta que ilas forxaron a alma arriscada e valente dos nosos mariñáns". Este parágrafo mostra un etnógrafo nada nostálxico, que celebra o progreso, pero que invita a recoller estes "docu-

mentos" pola súa capital importancia –e aquí está evidenciada a súa metodoloxía- na forxa do noso particular ser galego.

Teremos que agardar moi ben anos para volver a atopar unha nova publicación de D. Xaquín, na que outra volta apareza o mundo mariñeiro. A nefasta guerra incivil e a sórdida e longa posguerra puido contribuír a que o seu radio de estudo non se afastara tanto da súa Ourense. O caso é que non será ata 1962 que volvamos a ver o mar nas súas páxinas.

Nese ano, aparece a monumental e fermosa obra na que habita toda a nosa cultura material. Estámonos a referir á *Etnografía* que Otero Pedrayo lle encomendara para formar parte da magna, malia morrer nos inicios, Historia de Galiza. Os grandes libros son bos para o público, pero tamén para o autor, xa que necesariamente, como foi o caso, esixen que este se poña ó día e complete unha serie de lagoas. Resumín este libro, dicindo que "nel está toda Galicia. D. Xaquín, buscaba a esencia, o ser da Terra e nesta obra plasmouna toda, con enorme erudición, unha grande beleza e un amor absoluto" (CALO, 2004d: 133). Contando cunha boa formación libresca, era sobre todo e por riba de todo un home de traballo de campo, un "arqueólogo e etnógrafo de severa metódica e colleitas cadaneiras", frase que, no prólogo xeral da obra, lle dedica Otero e que reflicte, dentro da súa brevidade, o seu verdadeiro xeito de traballar. Pero, quizá por iso, non se pode dicir que fora proclive a citar bibliografía nos seus traballos e, concretamente nos de pesca, nunca cita a ninguén, o que non fai doada a procura das súas posibles fontes, que, sen dúbida, había.

Malia deixar dito no prólogo que a Galicia que estuda "é case enteiramente agrícola e gandeira", na páxina 334 afirma que moita xente vive do mar, mar que aparece espallado por distintos lugares do voluminoso libro, en función do ordenamento que fixo dos temas e que, como el mesmo dixo, podería ter sido outro. Velaí, coa páxina inicial entre parénteses, os máis ou menos grandes apartados que afectan ó noso tema: casa mariñeira (52), conservación da pesca (437), carpinteiros de ribeira (486), redeiras (572), veleiros (579), peixeiras (589), cordas (656), caldeirada (694), barcas (718 e 735) e, deixando para a fin, pola súa entidade e extensión, produtos do mar (334) e, se queremos asimilalos, produtos de río (415). Podemos dicir que a maior parte dos anteriores temas son verdadeiras primicias na literatura etnográfica galega e, nalgún caso, acadan unha altura moi considerable. Así, por exemplo, o apartado da conservación da pesca resulta modélico pola súa minuciosidade, interpretación, achega de vocabulario específico e mesmo diferenzas zonais nos traballos de salga. Semellante minuciosidade atopámola no apartado dedicado ós artífices de velas e, sobre todo, nos que describe o traballo das redeiras e dos "cordieiros", por empregar o nome usual que se lles dá no Porto do Son. Pola contra, entre os apartados máis frouxos podemos subliñar o dedicado ós barcos de pasaxe, estudados –pola función- inmediatamente detrás do carro, unha das súas grandes paixóns. É moi probable que D. Xaquín soubera desto moito máis do que nos deixou

escrito, pero é xustamente o apartado que remata o tomo, e podemos pensar que, posiblemente, non dispuña de máis espazo.

Deixamos dito que a *Escola Histórico-Cultural* foi un dos seus alicerces metodolóxicos. No apartado dedicado ós construtores de barcos, ós carpinteiros de ribeira tenta rastrexar as súas orixes nos poucos datos bibliográficos daquela existentes e, cando nos fala da feitura das barcas de río, dinos que os seus autores, por vivir dun xeito semellante ó dos séculos anteriores, seguen a facer embarcacións "tan arcaizantes que nos mostran hoxe unha vivinte estampa da nosa prehistoria". Nesta frase temos condensada a crenza e a procura do *Volksgeist* galego, que se manifestaría nos traballos destes artesáns.

Nesta obra totalizadora da nosa cultura material non podía faltar un apartado dedicado á preparación culinaria de diferentes peixes e, máis concretamente, á caldeirada. A descrición está feita con todo luxo de detalles e só se lle poden poñer un par de chatas menores de comprensión, debidas á súa carencia de vivencias directas no mundo do mar. E así tropezámonos con frases como a seguinte: "xibias, chocos e calamares, que somentes se diferencian antre si polo tamaño e, por il, na calidade, xa que en xeral o peixe e tanto millor canto máis pequeno é" (páx. 697). É sabido que o que nós aquí temos son luras (*Loligo vulgaris*, Lamarck) e chopos ou chocos (*Sepia officinalis*, Linnaeus) que son moluscos moi diferentes. Tampouco lle podemos dar a razón no remate da frase, considerando que se trata dun tópico sen sustentación, pois, se ben e certo que nalgunha especie de peixes son preferibles os pequenos, son moitos os que gañan en sabor co tamaño; por exemplo, onde estea un bo robalo ou unha panzuda nada teñen que facer unha chasca ou un corobelo. Tampouco se podería asegurar o contrario, dependendo do tipo de preparación que se lle queira facer: para fritir, sen máis, a xoubiña; pero, se o que queremos é asala, mellor a sardiña. Unha cousa son as pescadiñas co rabo na boca e outras os toros de pescada en salsa verde ou á romana. E así poderiamos seguir.

O apartado dedicado ós aparellos é un dos que ocuparon máis páxinas do tomo, porque non só non se conformou con facer a súa descrición, senón que nos falou da súa feitura e das diferentes partes que os compoñen, con abondosos chamadoiros; pero, a maiores, incardinounos na vida dos mariñeiros, poñéndoos nas súas mans para amosar así as súas peculiares maneiras de traballar e a importancia que teñen na economía das xentes do mar. Aproveita as faenas con eles para describir a roupa de augas que empregaban os pescadores. Bótaos en terra e lévaos a encascar e logo a secar nos tendedeiros; ensínanos as voces de mando dos patróns, coma se el tivera andado a bordo; descríbenos os boureis, fálanos dos xeitos, das traíñas, das xávegas, das parellas, das rapetas, das volantas, dos palangres, dos tramallos, das liñas, das nasas..., é dicir, de case tódalas artes de pesca do seu tempo. E mesmo lle dedicou un certo espazo a falar do cerco real, cando este non é un traballo estrictamente histórico, pero, e aquí temos de novo a influencia da Escola de Viena, non quixo pasar sen falar dun aparello, desaparecido a principios do pasado século[27], que significou a prosperidade dos nosos portos, sobre todo no século

XVI, cando Pontevedra, grazas a el, foi a cidade máis populosa de Galicia (Cfr. CALO, 2003).

Diciamos atrás que D. Xaquín non cita bibliografía, sobre todo nos traballos de etnografía mariñeira, e chega a asegurar que non hai nada feito anteriormente. Non obstante, unha lectura atenta permítenos detectar algúns autores que influíron nel de maneira evidente. Imos velo cuns exemplos. Cando nos explica os aparellos do xeito, di o seguinte: "O xeito consiste nunha serie de pezas, denantes 20 ou 25, hoxe cinco, de setenta metros de longo cada unha por dazaoito de outo; cada peza está formada por unha rede de algodón con malla de 2 ou 2,5 cms" (LORENZO, 1962: 335). Benigno Rodríguez Santamaría, falando do mesmo aparello di: "Primitivamente este arte se componía de veinte a veinticinco piezas de 24 metros de largo cada unha por cuatro de alto... Hoy se compone el jeito de unas cinco piezas nada más, que tienen 70 metros de largo cada una por 18 de alto y malla de dos a dos y medio centímetros de lado del cuadrado..." (RODRÍGUEZ, 1923: 494). A coincidencia das medidas é máis que sospeitosa –considerando a gran variedade que sempre houbo de porto a porto e mesmo de armador a armador- como para non recoñecer a influencia deste autor en D. Xaquín. De Rodríguez sabemos que recolleu estes datos antes de 1911, polo que a coincidencia do número de pezas que se usaban antes daquela data e, para ser máis precisos, antes de 1884, ano no que se decretou a liberdade de medidas nos aparellos, incide no mesmo.

É de todos ben coñecida a habilidade que o autor tiña para o debuxo, maña herdada de seu pai e perfeccionada con máis dun mestre. Os seus debuxos etnográficos son modélicos e, sen embargo vemos que os que ilustran as artes de pesca, feitos pola súa man, están nidiamente inspirados nos daquel autor. De non ser así, tería moi difícil a súa percepción, considerando que, cando un non iniciado chega a un porto, o que realmente pode ver no peirao é unha morea, máis ou menos grande, de panos e trallas con cortizadas e chumbos; pero a forma da rede está totalmente oculta e nin hai espazo nin é probable que os mariñeiros se prestaran a lle estender un aparello de máis de cen brazas para que o mirara ben. Necesariamente tivo que contar cuns modelos, e aí estaban os dicionarios de Benigno Rodríguez.

Con moita probabilidade, o apartado dedicado ó cerco real sexa debedor do magnífico e exhaustivo traballo sobre a *Confraría do Corpo Santo de Pontevedra* de Casto Sampedro ou do máis próximo *Arquivo de Mareantes* de Filgueira Valverde. Ó falar da casa mariñeira, vemos a foto dunha "casa do remo" que, no seu pé, indica textualmente a autoría de Carré Aldao, aínda que despois, ó non haber bibliografía, non apareza a *Xeografía* deste autor. Poderiamos seguir citando e dando pistas que nos axudarían a ver cales son as fontes que, con maior ou menor intensidade, empregou D. Xaquín para facer os apartados do mar, dese pé, para el tan estraño, que lle faltaba para completar o trespés da esencia, da alma de Galicia.

O seguinte traballo relacionado coa pesca non se ocupará do mar, senón do río, e máis concretamente do tramo medio do Miño (LORENZO, 1966: 289-295). Se no ano 1933 estudou a dorna no Porto do Son, fíxase agora nunha embarcación homónima, pero de moi diferente feitío e utilidade. Descríbea coa sinxeleza e mestría que lle foi dando a práctica etnográfica e explica como son os anzós de madeira de espiño ou escalambrón, que se empregan armados en cordas ou palangres, como lle chamariamos no mar, se ben antigamente tamén aquí se denominaban cordas. Lémbranos as dornas de mar e di que nada teñen en común con estas do Miño, agás o nome, do que dá unha serie de variantes que novamente nos fan pensar no método *Wörter und Sachen*. Podería dicir que, aínda que sexa accidental, si hai unha cousa en común e é o feito de vogar cos remos cruzados (posiblemente non lembrara isto, pois no traballo do Porto do Son non o menciona). A razón de vogar así vén forzada pola moita manga para un home só, facilitando o efecto panca. Tanto ó falar da feitura da dorna como dos anzós, insiste no arcaísmo, o que novamente nos enlaza coa prehistoria.

Tres anos despois, publica un artigo do que xa fixemos algunha mención textual e no que anuncia que non pretende "eiquí esgotal-o tema, mais sí quero dar algunhas mostras de esta presencia do mar na terra adentro" (LORENZO, 1969: 105). Empeza falando dos bañistas da montaña que ían tomar os baños de augas de mar e dinos que lles chamaban poubanos. Cando nós eramos picariños, aínda coñecemos moi ben xente desta que viña ó Porto do Son, así como as casas de baños onde se lles quentaba a auga (non era normal que nin eles nin os naturais se bañaran directamente no mar)[28], agora ben, nós falabamos sempre das mulleres e, polo tanto, en feminino. Uns anos antes, tiña publicado Bouza Brey un traballo específico sobre os nomes dos bañistas (el aplícao tamén ás mulleres) e cita os de poubanas, candeleros, mantidas... (BOUZA, 1931: 105), sendo este último o que empregabamos no Porto do Son (CALO, 1978: 114). Deducimos, xa que logo, que os da zona ourensá non frecuentaban a nosa ría. Poderiamos nós contar anécdotas relacionadas coas mantidas, pero o que ignorabamos é o que se nos narra neste traballo: cando volvían ós seus lugares de orixe, continuaban a facer as prácticas curativas prescritas polo médico, escoitaban o mar nos cornos que levaran de recordo e, polas noites, falaban do trasno, das bruxas e do mar, así, todo no mesmo plano, proba evidente de que o mar era para eles un mundo tan estraño e ignoto que figuraba no seu imaxinario ó mesmo nivel que as bruxas e o trasno.

A continuación fálanos de exvotos que el considera mariñeiros e que, sen dúbida o son, pero non de pescadores senón de mariñeiros ou mariños da armada[29]. Trátase de dúas maquetas de senllos barcos de guerra que había na capela do Santo Cristo de Ourense, polo que, en rigor, resulta moi forzado traelos a capítulo nun traballo que realmente pretende falar do mar dos pescadores. Os naufraxios son comúns a todo tipo de barcos e de tripulantes, pero, en ocasións, os exvotos de barcos de guerra nos teñen rela-

ción ningunha co mal tempo, senón co feito en si de ter que ir facer o servizo militar na armada, cos perigos que de aí se poidan derivar. D. Xaquín non tiña porqué saber isto, como tampouco o sabía un mariño, almirante el e autor dun bo traballo sobre exvotos mariñeiros, quen non entendía a razón de ver a reprodución dun determinado barco de guerra nunha igrexa de Muros, cando, segundo el, nunca ese barco estivera en perigo (GUILLËN Y TATO, 1934). Certamente, un mariño profesional nunca entendería que un pobre rapazolo de Muros ofrecera un exvoto só polo feito ou a cambio de volver con ben do servizo na armada. Para el, no seu subconsciente, estaba en perigo desde o primeiro día, para o almirante non[30].

O feito de se atopar, daquela, os dous exvotos de barcos na capela do Santo Cristo de Ourense dálle pé para falar da conexión desta imaxe coa costa e, máis concretamente, con Fisterra, onde contan cunha talla semellante e desde onde se di que vén esta, da man dun bispo da familia dos Mariño. A procesión cos exvotos que imaxina desde a costa non é máis ca un alarde poético.

Dedica a última parte do artigo a falar de cantigas do mar recollidas no interior. Dalgunhas delas, podemos dicir que están ben traídas á finalidade pretendida; outras antóllansenos moi forzadas[31].

Un derradeiro traballo, relacionado co ambiente mariñeiro, é moi probable que lle tivera aflorado, xa cumpridos os 70 anos, coma un durmido recordo das curtas estadías que, sendo neno, botou en Vigo, terra de súa nai, e máis concretamente cando, orfo de pai, trala morte da súa avoa de Facós, se xuntou con seu irmán Xurxo en Vigo, mentres súa nai, Dona Xoaquina, xestionaba a herdanza paterna en Buenos Aires. Describe aquí, con moitos máis datos que os producidos por unha lembranza, unha figura do entroido vigués, chamada *escabicheiro, merdeiro* ou *labrego*. Había labregos que acudían ás cidades e vilas, neste caso a Vigo, para limpar os pozos negros e levar o produto para os seus campos. Aproveitaban para levar tamén as magas ou os restos das sardiñas que as mulleres dos pescadores escochaban (ou escabichaban). Quedan así clarexados os tres nomes que se lle dan a un tipo de choqueiro co que os mariñeiros do Berbés ridiculizan ós labregos. O mesmo que nos seus restantes traballos, deixa caer sempre algunha frase interesante que incide na gran diferenza entre os labregos e os mariñeiros e, unha vez máis, procura unha explicación para isto: "Os pescantíns vigueses, loitadores cotidiáns da mar[32], ollan con certo disprecio a aquiles que se adican á vida tranquía do campo. Os seus diferentes espritos, modelados por sensacións opostas –calma e violencia– son incompatibres e maniféstanse en tódalas ocasións por un mutuo desprecio, máis intenso nos pescantíns, pois o campesiño ten o íntimo convencemento da inferioridade emotiva do seu vivir en contraposición coa loita heroica do mariñán" (LORENZO, 1982: 265). Poderiamos nós opinar sobre o pensamento do mariñeiro, non ousando discutirlle a D. Xaquín a súa apreciación sobre o dos labradores, é dicir, sobre si mesmo.

HAI MÁIS MAR QUE O DE D. XAQUÍN

Acabamos de ver que os traballos de D. Xaquín sobre o mundo do mar, dun indubidable interese, foron certamente escasos, e moitos dos temas da antropoloxía, como é o relacionado coa familia, non foron nin mencionados. El sempre foi un home do rural campesiño, un ilustrado labrego da Limia Baixa, ó que o mar quedaba moi lonxe tanto xeograficamente como, sobre todo, espiritual e sensiblemente. El mesmo o recoñece, aínda que o diga distanciándose: "O mar ten un grande atractivo prâs xentes do interior. É pra elas algo lonxano...". Pero tivo, como bo observador que era, intuicións verdadeiramente xeniais, coma cando viu que o medio físico modelou a forma de ser dos mariñáns, facéndolles perder as arestas ferintes que se conservan nos labregos, cando constatou que a incerteza da súa vida os fixo ser xenerosos ou como cando incidiu na importancia das embarcacións, neste caso as dornas, na forxa da "alma arriscada e valente dos nosos mariñáns". Omitimos as referencias por ser frases xa citadas neste artigo, pero non sobra resumilas agora para mostrar un etnógrafo coa mente libre de prexuízos e aberta á valoración das culturas diferentes da súa propia[33].

Os baleiros que se deixan ver no conxunto da súa obra, no referente á etnografía mariñeira, fóronse, con mellor ou peor fortuna, e algo temos contribuído nisto, reenchendo[34]. Pero desde os tempos en que D. Xaquín elaborou os seus principais traballos ó día de hoxe mudaron substancialmente os materiais, os medios, as técnicas, as actividades piscatorias e mesmo os protagonistas das mesmas. Realmente habería que incardinar isto nunha mudanza natural e xeneralizada en toda a sociedade galega. Se calquera daqueles homes da xeración Nós, mestres e amigos de D. Xaquín, regresaran e volveran sobre os seus pasos investigadores, non recoñecerían case nada do que eles tan ben traballaron e interpretaron. Nin Otero, que xa daquela se consideraba "unha pantasma do século XIX", nin Risco ou Cuevillas, que viviron nunha etapa pretecnolóxica que principiaba a mudar, de aí a présa coa que, por mor da súa metodoloxía (e ideoloxía), se apresuraron na recolleita, entenderían nada da Galicia rural, mariñeira e urbana que, hoxe, se presentaría diante dos seus ollos.

Se a terra mudou, podemos dicir que moito máis o fixo o mar. Se hoxe, 71 anos despois daquel 1933, volvera D. Xaquín ó Porto do Son non entendería nada. ¿Onde vai aquel mar de velas que el viviu? Certamente non escollería a dorna como obxecto de estudo cousificable, pois hoxe o noso mar é un mar de grandes barcos, frío, informática, radares, sonares, telefonías, GPS, haladores hidráulicos, piscifactorías. Pero isto non sería aínda o máis estraño para el, pois non podemos esquecer que, repetidamente, ten feito referencia a recoller os datos, pero aceptando o progreso, que xa el vía vir. Non, o que realmente lle esnaquizaría os esquemas sería o elemento humano, as tripulacións que, hoxe, levan os nosos barcos.

Por razóns que agora non hai ocasión de desenvolver, o mar galego atópase nunha profunda crise, ten carencia de homes e sospeitamos que, a día de hoxe, xuño de 2004,

non leva trazas de se solucionar[35]. O oficio do mar foi sempre cousa propia de mariñeiros, aínda que certo tipo de lances e aparellos precisaron, máis ou menos esporadicamente, da colaboración de labradores, como é o caso do cerco. Pero, como resultado da emigración a Europa na década dos sesenta, foron moitos os campesiños de aldeas veciñas que, ó regresar, apoiados nas novas tecnoloxías que suplían a carencia de oficio, puxeron un barco no mar e se transformaron en mariñeiros. Desde hai uns anos, moitos barcos, sobre todo os maiores dedicados ó cerco, á costeira do bonito ou ó palangre ou arrastre no Grande Sole tiveron que ser amarrados por falta de tripulantes, o que motivou a chegada de estranxeiros para cubrir os ocos que se produciron nos roles. Os nosos barcos levan agora a bordo caboverdianos, subsaharianos, peruanos, indonesios e, como dicimos os mariñeiros, a rede pescando ou, o que é o mesmo, cada vez virán máis, polo habitual sistema de se chamar uns ós outros.

Nun artigo que temos en prensa, no que anunciamos algunhas destas ideas, rematamos dicindo: "¿Vería hoxe D. Xaquín nestes mariñeiros de diferentes cores, sensibilidades e culturas o *Volksgeist* galego? (CALO, 2004e).

Temos os estudosos do noso mar moito traballo pola proa.

BIBLIOGRAFÍA

ABUÍN, Espe (2004): "Entrevista. Elena Espinosa Mangana. Ministra de Agricultura y Pesca". *La Voz de Galicia*, 26/VI/2004. A Coruña, pp. 28-29.
ALMEIDA, José Bento Ferreira de e ROQUETE, Vitorino Chagas (1890): *Inquérito Industrial. Pesca*. Lisboa.
BOUZA BREY, Fermín (1931): "Calificativos dos bañistas da montaña nos portos galegos". *Nós*, nº. 90, pp. 105 ss.
CALO LOURIDO, Francisco (1978): *La Cultura de un Pueblo Marinero: Porto do Son*. Monografías de la Universidad de Santiago de Compostela, 41. Madrid.
CALO LOURIDO, Francisco (1980): *As artes de pesca*. Cuadernos Museo do Pobo Galego, 1. Santiago.
CALO LOURIDO, Francisco (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. Nós os Galegos. Ed. A Nosa Terra. Vigo.
CALO LOURIDO, Francisco (1997a): *Castro de Baroña*. Concello do Porto do Son. Santiago.
CALO LOURIDO, Francisco (1997b): "Peculiaridades da sociedade mariñeira". In GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (Coord.): *Galicia. Antropoloxía*. Hércules de Ediciones, S.A., XXVI. A Coruña, 201-231.
CALO LOURIDO, Francisco (2003): "Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (séculos XII a XVI)". In CALO LOURIDO, F. (Coord.): *Actas do Simposio de Historia Marítima do século XII ó XVI. Pontevedra e o Mar*. Concello de Pontevedra, pp. 19-42.
CALO LOURIDO, Francisco (2004a): "O mar de D. Xaquín". In LORENZO, Xaquín: *O mar terra adentro*. Ed. ilustrada con gravuras de Conde Corbal. Consello da Cultura Galega, Santiago.
CALO LOURIDO, Francisco (2004b): "Patrimonio móbil, fluído e movemento perpetuo conforman a praxe haliéutica e a cosmovisión do home de mar". In *Iº Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego in Memoriam Xaquín Lourenzo Fernández "Xocas"*. Deputación de Ourense, Ourense, pp. 93-104.
CALO LOURIDO, Francisco (2004c): "Limiar". In LORENZO FERNÁNDEZ, X : *As dornas do Porto do Són*. Cartafol da Memoria, 2. Concello do Porto do Son, Noia, pp. 7-17.
CALO LOURIDO, Francisco (2004d): "Xaquín Lorenzo Fernández e a Etnografía Mariñeira". In *Raigame*, nº. 19. Deputación de Ourense, Ourense, pp. 125-137.
CALO LOURIDO, Francisco (2004e): Do paleotécnico e galego mar de D. Xaquín ó tecnificado e multirracial da Unión Europea". *Congreso Xaquín Lourenzo*. Xunta de Galicia (en prensa).
CORNIDE, Josef (1774): *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid.

CORNIDE, Joseph (1788): *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia, arreglado al sistema del caballero Cárlos Linneo, con un tratado de las diversas pescas, y de las redes y aparejos con que se practican*. Madrid.
DÍAZ DE RÁBAGO, Joaquín (1885): *La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico*. Santiago.
FILGUEIRA VALVERDE, José (1946): *Archivo de Mareantes*. Museo de Pontevedra. Pontevedra.
FUENTES ALENDE, Xosé (1998): "Os exvotos de tema mariñeiro en Galicia". In CALO LOURIDO, F. (Coord.): *Antropoloxía Mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in Memoriam Xosé Filgueira Valverde*. (Pontevedra, 1997). Consello da Cultura Galega. Santiago, pp. 315-334.
GARCÍA RAMOS, Alfredo (1912): *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la Región Gallega*. Madrid.
GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, Sebastián (1933): "Noticia de las excavaciones arqueológicas de los castros de Borneiro y Baroña". *Boletín de la Universidad de Santiago (Homenage a Rodríguez Cadarso)*. Vol. I, Santiago, pp. 20 ss.
GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (2003): *Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" 1907-1989. Unha vida dedicada á Nosa Cultura*. Editorial Toxosoutos. Noia.
GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1990): "Introducción". In *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Respostas á enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902)*. Colección "Textos e Documentos de Antropoloxía Cultural de Galicia". Consello da Cultura Galega, Santiago, pp. 7-19.
GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1996): "A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández". In *Tecnoloxía Tradicional: Dimensión Patrimonial e Valoración Antropolóxica. Actas do Simposio Internacional in Memoriam Xaquín Lorenzo*. Consello da Cultura Galega. Santiago, 21-37.
GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1998): "A partida de bautismo de Antonio Machado y Álvarez, fundador do Folklore Español". El Museo de Pontevedra, tomo LII, Vigo, pp. 121 ss.
GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (2004): *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*. Editorial Galaxia. Vigo.
GONÇALVES, Flávio (1984): "A Lição de Santos Graça". In *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*. Vol. I. Câmara Municipal da Póvoa de Varzim, 59-64.
GRAÇA, A. Santos (1932): *O Poveiro*. Póvoa de Varzim.
GUILLÉN Y TATO, Julio F. (1934): *Exvotos marineros: su origen, clases, arte y técnica*. Madrid.
LOBO, Constantino Botelho de Lacerda (1912a): "Memória sobre a preparação do peixe salgado, e seco das nossas pescarias". In *Memórias Económicas da Academia Real das Ciências de Lisboa*. Tomo 4. Lisboa, pp. 252-312.
LOBO, Constantino Botelho de Lacerda (1912b): "Memória sobre a decadência das pescarias de Portugal". In *Memórias Económicas da Academia Real das Ciências de Lisboa*. Tomo 4. Lisboa, pp. 313-376.
LÓPEZ CUEVILLAS, F., FERNÁNDEZ HERMIDA, V. e LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1936): *Parroquia de Velle*. Seminario de Estudos Galegos. Compostela.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1932): "Do cancioneiro de Borneiro (Cabana)". *Nós*. Nº 108. Ourense, pp. 229-230.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1933): "Notas pra un cuestionario de etnografía. Embarcacións". *Nós*. Nº 111. Santiago, pp. 49-52.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1934): "As dornas do Porto do Són". *Nós*. Nº 126-127. Compostela, pp. 109-116.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1942): "Notas etnográficas de la parroquia de Borneiro". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense*. T. XIII. Ourense, pp. 183-203.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1957): "Cuevillas, etnógrafo". In *Homaxe a Florentino López Cuevillas*. Ed. Galaxia. Vigo, pp. 135-138.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1962): "Etnografía: Cultura material". In OTERO PEDRAYO; R.: *Historia de Galiza*. T. II. Buenos Aires.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1966): "Vellas artes de pesca no río Miño". *Revista de Etnografía*. Vol. VII, t. 2, nº 14. Porto, pp. 289-295.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1969): "O mar terra adentro". In *Revista de Etnografia*. Vol. VIII, tomo 1. Porto, pp. 105-112.
LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1982): "Do noso Antroido: os escabicheiros". In *Brigantium*. Vol. 3. A Coruña, pp 265-269.
NETTO, María Teresa de Mendonça Lino (1949): "A linguagem dos pescadores e lavradores do Concelho de Vila do Conde". Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*. Vol. I e II. Coimbra, pp. 122-187.
PAZ GRAELLS, Mariano de la (1870): *Exploración científica de las costas del Departamento Marítimo del Ferrol*. Madrid.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1911): *Diccionario ilustrado… de las artes de pesca, aparejos e instrumentos que se emplean para la pesca marítima en la costa Norte y Noroeste de España*. Madrid.
RODRIGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1916): *Los pescadores del Norte y Noroeste de España. Su vida social y particular por provincias*. Madrid.
RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno (1923): *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Madrid.
ROS FONTANA, Ignasi (2003): "Walter Ebeling en el este de la provincia de Lugo (1928-1933): imágenes de una investigación de la *Escuela de Hamburgo* en Galicia". In *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*. Servicio de Publicacións. Deputación Provincial de Lugo. Santiago, pp. 13-41.
SAMPAIO, Alberto (1979): *Estudos históricos e económicos. II volume. "As Póvoas Marítimas"*. Documenta Historica. Ed. Vega. Lisboa.
SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1904): *Documentos, inscripciones y monumentos para la Historia de Pontevedra*. T. III, Pontevedra.
SÁÑEZ REGUART, Antonio (1791-1795): *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*. Madrid.
SILVA, A.A. Baldaque da (1891): *Estado actual das pescas em Portugal, comprehendendo a pesca marítima, fluvial e lacustre em todo o continente do reino, referido ao anno de 1886*. Imprensa Nacional. Lisboa.
SOEIRO, Teresa e CALO LOURIDO, Francisco (1999): *Fainas do mar. Vida e trabalho no litoral norte*. Centro Regional de Artes Tradiçionais. Porto.

Notas

1 No libro homenaxe a Florentino López Cuevillas, o artigo que lle dedica leva por título "Cuevillas, etnógrafo", pero matízao dicindo que "sería máis xusto o de *Cuevillas, formador de etnógrafos*", xa que "máis que faguer il etnografía intrésalle atopar quen a faga" (LORENZO, 1957: 135-138).

2 Sobre isto, pódese consultar GONZÁLEZ REBOREDO (1996 e 2004).

3 Chegou a ter D. Xaquín unha relación directa con varios membros desta escola, coincidindo coas súas estadías de estudo nas terras galegas. Un deles, Schneider, morou un tempo na súa casa de Facós, e con Fritz Krüger, xefe da Escola, mantivo unha relación amigable e científica que o levaría a publicar dous artigos na prestixiosa revista *Volkstum und Kultur der Romanen*, órgano do grupo.

4 Ocupouse deste autor, pai de Antonio e Manuel Machado, dando a coñecer a súa partida de bautismo na igrexa de Santa María Salomé de Santiago, o investigador GONZALEZ REBOREDO (1998: 121-132)

5 Entre as moitísimas citas que poderiamos traer aquí, escollemos, pola súa brevidade, claridade e sensibilidade, a dedicatoria de *Parroquia de Velle*, libro aparecido en 1936: "En lembranza de Domitila Iglesias, costureira de Velle, que conservaba algo do vello esprito de Galicia no seu corazón enfermo". (LÓPEZ CUEVILLAS, F. FERNÁNDEZ HERMIDA, V. e LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1936).

6 Con motivo de estar este ano 2004 dedicado a honrar a D. Xaquín, reeditou o Consello da Cultura Galega este breve traballiño, ilustrándoo cunhas gravuras do seu amigo Conde Corbal. Tiven a honra de que se me encargara a elaboración dun estudo introdutorio: CALO (2004a).

7 Hai unha edición facsimilar, cun estudo preliminar de Valentín Paz Andrade, publicada polo Seminario de Estudos Galegos, en Ediciós do Castro, en 1983.

8 Existe unha edición facsimilar, cun estudo preliminar da nosa autoría, publicada polo Consello da Cultura Galega en 1997.

9 Hai unha edición de luxo, cun estudo introdutorio de Juan Carlos Arbex, publicada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en 1988.

10 Hai edición facsimilar, sen estudo ningún, publicada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, en 1989.

11 Hai edición, traducida ó galego por Pilar Rosales Vázquez, con estudo preliminar de Juan Juega Puig, publicada por Via Láctea Editorial en 1998.

12 Do *Diccionario* de 1911 hai unha edición, sen estudo introdutorio ningún, da editorial Roig

(Valencia), de 1996. Do de 1923 fixo unha edición a Xunta de Galicia en 2000, cunha "Presentación" estritamente circunstancial do entón conselleiro Amancio Landín Jaraiz e de Jesús Giraldez Rivero.

13 Está a piques de ser reeditado polo Consello da Cultura Galega cun longo estudo introdutorio da nosa autoría.

14 Foi reeditado, cun *proemio* de Antonio Fraguas Fraguas, polo Consello da Cultura Galega en 1989.

15 Hai edición facsímile, sen estudo ningún, editada por Caja de Madrid en 1992.

16 Dicimos xenericamente, porque, no mesmo ano de 1812, terá unha serie de títulos (continuación uns dos outros) na mesma revista lisboeta, reeditada en 1991. En bibliografía, citamos só dous deles consecutivos. Nun explica con agudeza a razón da decadencia da actividade pesqueira de Portugal. Podemos nós engadir que non foi esa a única razón, pero que si tivo moita importancia e que nós, os galegos, sufrimos o mesmo e fomos igualmente prexudicados. Culpa do desastre e decadencia ás "vistas políticas de Filipe II, III e IV" (LOBO, 1812b: 339). Recollemos isto en SOEIRO e CALO (1999: 30).

17 Desta obra hai dúas reedicións, unha facsimilar, feita pola Câmara Municipal da Povóa de Varzim, de 1982. A outra, más recente, con varias fotografías máis que o orixinal, como unha na que aparece o autor xunto co grande etnógrafo Jorge Dias, e cun estudo preliminar de António Medeiros, en Publicações Dom Quixote en 1992. Aparece en compañía de Fritz Krüger en GONÇALVES (1984: 59-64).

18 No remate dos agradecementos, podemos ler: "e, em especial, ao Sr. Dr. Manuel de Paiva Boléo, que não só orientou os meus estudos, como soube incutir-me o gosto pelos problemas filológicos". Sobre o papel de Paiva Boléo, lector de portugués en Hamburgo e, posteriormente, asentado na Universidade de Coimbra, na introdución do método de Krüger en Portugal, así como sobre a chegada do mesmo a Galicia, véxase ROS (2003).

19 Ese mesmo ano, aparecerá a primeira memoria de escavación do xacemento (GONZÁLEZ, 1933, 20 ss.). Moitos anos despois, diriximos as escavacións arqueolóxicas do xacemento. Remitimos aquí á última das publicacións, onde se recolle toda a bibliografía anterior: CALO (1997a)

20 A parte correspondente a Galicia da realizada polo Ateneo de Madrid (1901-1902) pódese consultar na edición do Consello da Cultura Galega, coordinada por GONZÁLEZ REBOREDO (1990).

21 É moi probable que a palabra "imornal", empregada por D. Xaquín, non sexa máis ca un cruzamento entre "imo" e "imbornal". Sen dúbida, o seu informante tivo que lle indicar que os dous paos que se colocan, un a cada costado, para que a dorna se manteña dereita, cando está en seco, como el a fotografou, coñécense como "imos", mentres que as regandixas para saída da auga embarcada son os imbornais. El chamou ós primeiros "escoras" o que indica que non entendeu cando, seguramente, lle explicaron que os "imos" se poñían para que a dorna non escorara, non fora á banda, non caera contra o costado; quedou coa palabra escora e transformou os "imbornais" en "imornais".

22 Fixemos constar alí que a dorna era unha embarcación para pesca familiar. Por iso, os pescadores que podían acudían a Aguiño ou a Carreira a mercar unha, cando decidían casar e ser independentes no mar. Dicimos que escribimos isto hai 30 anos, pois foi en 1974 cando presentamos como tese de licenciatura un traballo que sería publicado, íntegro e sen modificación, catro anos despois (CALO, 1978: 28).

23 Aínda así, volve a insistir en que a dorna significa o paso da pesca familiar ó cooperativismo, o que é totalmente inexacto. Nas primeiras décadas do século XX, podemos ver o cooperativismo, se queremos entender por tal o asociacionismo, nos barcos grandes, tipo os vapores, que precisaban de varios socios capitalistas, non necesariamente mariñeiros, para facerse con un. Agora ben, se por cooperativismo entende D. Xaquín, como parece, que varias familias están implicadas na produtividade dun barco, propiedade dunha delas, entón pódese aplicar o termo a toda a actividade no mar en calquera época e con calquera embarcación. Outra cousa sería, se fixera referencia á pertenza dun barco a un armador e a dos aparellos tamén ó resto dos tripulantes e mesmo a alleos á embarcación, como os cercos reais, as redes das viúvas, etc.

24 O Concello do Porto do Son, sumándose ás homenaxes que, neste seu ano, se lle están a tributar a D. Xaquín, fixo unha reedición desta pequena e importantísima obra, encargándonos a realización dun estudo introdutorio (CALO, 2004c: 7-17).

25 Temos dedicado á idiosincrasia e á cosmovisión, á *Weltanschauung* dos mariñeiros un bo número de traballos. Remitimos agora a CALO (1996) e, cun enfoque máis novidoso, a CALO (2004b).

26 Na década dos cincuenta, cando como cativos enredabamos pola Comboa do Porto do Son, saltando e pescando entre os barcos, considerabamos xa a dorna como algo exótico. Case non había ningunha e as poucas que quedaban mesmo eran propiedade de veciños da parroquia de Queiruga, a medio camiño entre labregos e mariñeiros. Nos últimos anos, sufriu esta embarcación un notable incremento, non como barco de pesca, senón por razóns lúdico-etnográficas. Son varias as asociacións que teñen como finalidade a revitalización da dorna.

27 O derradeiro desfíxose (foi empregado para pasta de papel) en 1909, anque a súa importancia xa era moi escasa desde había varios séculos (CALO, 1980: 17).

28 Pode semellar raro, pero a práctica de se bañar e nadar no mar é recente; agás excepcións, non vai máis alá da nosa infancia, pola metade de século. Os mariñeiros, sempre no mar, era habitual que non souberan nadar e, aínda hoxe, tivo que se poñer obrigatoria unha demostración de saber, cando menos, dar dúas brazadas para conseguir o elemental título de competencia mariñeira, imprescindible, hoxe, para traballar profesionalmente no mar. Pola contra, para ningún dos títulos de embarcacións de recreo se esixe coñecemento ningún de natación.

29 Para os non familiarizados con esta linguaxe, cómpre clarexar que, na armada, mariñeiro é o que non ten ningunha graduación militar, mentres que mariño resérvase para os que levan galóns na bocamanga.

30 Todo precisa dunha correcta interpretación e o mundo do mar é tan específico que resulta habitual tropezarmos, en bos traballos históricos e artísticos ou etnográficos, con explicacións chocantes por falla de coñecementos vivenciais do medio. Mesmo para ler correctamente un exvoto é isto necesario. No Porto do Son, vila que naceu do mar e que reza en papeis desde o S. XIV, temos un exvoto mariñeiro, onde vemos un bergantín goleta, pola banda de estribor, e os tripulantes encomendándose a Xesús Nazareno. Di o texto que o 12 de decembro de 1827 estaban acostados sobre o porto do Cádiz "con tiempo borrascoso, fuerte y oscuro". O autor que o publica extráñase de que digan que estaba "acostado" no porto de Cádiz e que aparezan no medio do mar, sen trazas de peirao (FUENTES, 1998: 329). El traduciu "acostado" por "atracado", o cal é valido, pero habitualmente, entre os homes de mar, un barco está acostado cando se atopa fronte á costa e, se, como neste caso, o tempo é borrascoso, o perigo de ir contra ela é inminente. A meirande parte dos naufraxios nos tempos da navegación a vela, tiñan lugar ó "acostarse" para se aproximar a un porto. Con mal tempo hai sempre que buscar altura. Nunha ocasión escribimos que "Para estudar o mundo mariñeiro non é imprescindible saber de mar, pero tampouco estorba" (CALO, 2003: 21, nota 2).

31 O interese que para nós ten a recolla de cantigas foi exposto en CALO (2004a) e CALO (2004e) .

32 Por razóns de fidelidade e porque son sabedor do moito que ofendía a D. Xaquín que lle corrixiran o seu peculiar galego, respéctoo sempre, aínda que a min me produza un especial disgusto ver que, tamén el, lle chamaba ó mar en feminino. Isto é algo que nunca falla: quen lle chama en feminino, anque pense que entende de mar, vai evidenciando a súa aproximación ó mesmo desde fóra e a súa aínda non comuñón co mesmo. Tanto en galego como en portugués temos un mar exclusivamente masculino. Di moi bonito, para un mariño de guerra, presumir nos bailes do casino con frases poéticas do tipo de "la mar es mi novia"; pero os nosos mariñeiros, obviamente máis prosaicos, cheos de fame e de "miseria á proa" e todos con parentes afogados, sempre viron o mar como algo hostil; por iso din: "o mar é un lobo".

33 Queremos pensar que D. Xaquín lería con gusto e aprobaría un dos nosos últimos traballos, xa citado, onde fixemos unha aproximación á importancia, ou mellor, ó determinismo do medio físico na conformación da *Weltanschauung* do home de mar (CALO, 2004b).

34 Remitimos ós interesados ós traballos que elaboramos para a serie "Antropoloxía" de Hércules de Edicións. Por ser doada a localización, sinalamos só un dos cinco títulos que achegamos ó conxunto da obra: CALO (1997b).

35 Non se trata de ceder ó pesimismo, pero dá xenio ler as recentes declaracións da flamante Ministra de Agricultura (tamén de Pesca) nas que di que a solución para que os mozos se interesen novamente pola pesca consiste, en primeiro lugar, en prestixiala (non di como) e sae pola tanxente, cando se lle pregunta se non terá algo que ver a carencia dun salario fixo, de convenios colectivos, etc. na falla de interese da xuventude polo oficio de mariñeiro. Só a ignorancia ou a mala fe poden facer unhas respostas como as que se len nesa entrevista, pero o resultado é obvio: o mar galego ía mal e agora vai ser sentenciado (Cfr. Abuín, 2004).

A PROPÓSITO DOS TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS DE DON XAQUÍN LORENZO

Francisco Fariña Busto-Xulio Rodríguez González
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Ao aproximarnos ao labor arqueolóxico de don Xaquín Lorenzo, a quen honra a Real Academia Galega como persoeiro do Día das Letras Galegas de 2004, coidamos de interese achegar algúns datos tomados das súas propias manifestacións, verbo tanto das dimensións da súa actividade arqueolóxica como da súa propia idea da arqueoloxía como parte da historia común, antes de pasar a valorar e analizar con máis detalle algúns dos seus traballos de campo e a significación que hoxe teñen.

Non foi don Xaquín un teórico da arqueoloxía, a pesar de ser, consonte a información de don Vicente Risco na necrolóxica do seu irmán Xurxo Lorenzo, coautor dunha obra que hoxe resultaría de grande interese pola súa temática e a data, aínda que resulta para nós descoñecida, un Manual de arqueoloxía de campo[1], que, se por un momento podemos considerar dentro da liña da serie de manuais programados no seo do Seminario de Estudos Galegos[2], coidamos que pola súa temática específica se separa destes e que podería ser unha aproximación teórica neste campo, da que compre destacar dúas facianas moi concretas, a atención ao rexistro e a reconstrución dos obxectos recuperados, sobre todo se atendemos á data, 1933. Di don Vicente:

> Traballos inéditos compretos:
> 15. Escavacións arqueolóxicas.
> Feito en colaboración co seu irmán Xaquín, é un traballo metodolóxico, unha utilísima guía do praiticador de escavacións históricas, que contén todol-os problemas d´orde prautica que se lle poden presentar: maneira de dispôr e de realizar as escavacións; maneira de erguer planos, alzados, etc..; reprodución gráfica do material asoellado; obtención de vaciados; reconstrucción e restitución d´oujetos; conservación dos mesmos,etc., etc.[3]

Con todo, aínda que non abondosas, hai ocasións, sobre todo en declaracións aos medios de comunicación, nos que se refire á súa propia actividade arqueolóxica de campo, a súa intima relación con don Florentino López-Alonso Cuevillas, que, co seu maxisterio, será sempre un fito referencial para a súa actividade arqueolóxica e para o sentido que esa investigación pode ter na reconstrución do pasado histórico de Galicia, marcado xa, no noso xuízo, pola forte imprenta do estudo etnográfico que considera urxente e prioritario fronte ao arqueolóxico.

Así, aparece no discurso que pronunciou na homenaxe a don Vicente Martínez-Risco y Agüero, ao se celebrar o Día das Letras Galegas de 1981, en Ourense, unha valoración onde podemos ler:

> É eiquí é onde dun xeito máis craro se pon de manifesto a necesidade do estudo da arqueoloxía para precurar os antecedentes dos xeitos actuás de vida dos poboadores do noso campo, tendencia ista de Risco na que é axudado por Cuevillas.
>
> Compre ter en conta que, en realidade, a etnografía actual é a arqueoloxía do futuro, do mesmo xeito que a arqueoloxía é, pola súa parte, a etnografía dos tempos idos.
>
> Non embargantes, hai unha diferencia pro seu coñecemento, antre a arqueoloxía e a etnografía: os restos que atopamos da antigüidade consérvanse case sempre na súa totalidade baixo terra; elí estarán todo o tempo que queiramos sen que haxa perigro de se perderen; os produtos de hoxe, pola contra, van desaparecendo sen remedio[4].

E a mesma aproximación aparece tamén nalgunhas entrevistas de prensa posteriores, sobre todo na década dos oitenta, recalcando a urxencia de prestarlle meirande atención á colleita de información etnográfica que á arqueolóxica que pode agardar[5].

Por outra parte, nas súas declaracións, como se pode ver na referencia anterior, aparece, sempre nidio e expreso, o maxisterio de don Florentino López Cuevillas, co que empeza a traballar sendo moi novo, e ao seu carón os lazos que manterá tamén don Vicente Risco e don Ramón Otero Pedrayo, que foi profesor seu no Instituto. É de todos coñecida a anécdota do comezo do estudo do carro[6], pero dende esa data temperá comezará unha estreita relación con don Florentino, tanto nos traballos de campo da súa época de formación como posteriormente, e así o reflicte en diversos traballos[7], en moitas das súas declaracións que axudan mesmo a perfilar facianas da súa biografía[8], e a relación terá continuidade ata a morte de Cuevillas, e aínda despois, xa que será o encargado de ordenar os papeis do mestre para a Historia de Galicia que dirixe don Ramón Otero Pedrayo[9], e mesmo o organizador en Ourense dos actos da celebración do Día das Letras Galegas na súa lembranza, en 1968[10], e despois os do seu Centenario[11] en 1986.

Esta relación marcará as liñas principais do seu traballo arqueolóxico, tanto no que atinxe á interpretación e valoración dos descubrimentos realizados, como no estudo etnográfico dalgunhas facianas concretas do mundo arqueolóxico descuberto, sexa a arquitectura doméstica ou monumental, a ourivería ou as cerámicas dos castros, ou a arquitectura prerrománica. E co maxisterio e proximidade de Cuevillas, a súa valoración do mundo céltico en Galicia como primeiro fito dunha galeguidade singular e o seu propio papel no conxunto, como ten escrito:

> Era a Cuevillas a quen estaba reservada esta angueira: recoller e analizar o dos seus precedesores, faguer a laboura crítica e, sobor de todo, sistematizar e discipriñar aquiles materias ate convertilos en algo sólido e científico, e decir, crear unha prehistoria galega.
>
> Foi íl quén deu un pulo mais forte a esta disiciplina, pra nós de un intres fundamental, que estuda, de un xeito especial, os tempos da chamada cultura dos castros, cultura do Noroeste ou cultura céltica, que enche o tempo persoalizado pola técnica e a apricación do ferro
>
> Se queremos chegar ó fondo da cultura actual do noso pobo, temos por forza que nos ir afastadando no tempo deica chegar ó intre en que os celtas asentan no vello macizo galaico-duriense e van impondo n-íl a súa lingua, a súa relixión, a súa arte, a súa organización social a súa economía, o seu xeito de vivir...

> E se ben é certo que algo quedou das culturas precélticas, foi axiña asimilado pol-os portadores do ferro, que souberon darlle a súa tónica e incorporalo a súa organización
>
> Hoxe, cando se investiga no xeito de ser dos homes do noso campo, sorprende atopar aspectos que somentes teñen senso cando se poñen en paralelo con outros semellantes da Edade do ferro, na que teñen a súa orixe.
>
> Compre non esquecer que se Cuevillas adicou os seus azos á época céltica de un xeito especial, foi porque comprendeu a importancia que pra nós tiña; mais a Edade do Ferro tampouco ten senso prescindindo dos tempos máis lonxanos e así foi ampriando o seu campo de traballo ate abranguer dende o paleolítico á chegada do Roma a Galicia.
>
> E comprendeu moi axiña que moitos feitos prehistóricos pódense acrarar co estudo dos actuás, esi coma istes atopan a súa comprensión na comparanza cos dos vellos tempos.
>
> Xunguiu así os estudos de istes dous lindeiros estremos e creou antre nós o tipo de prehisotriadoretnográfo que, con máis ou menos fortuna, predomina antre os que tiveron a honra de seren os seus discípulos e seguidores.[12]

Sitúase, deste xeito, don Xaquín nun contexto preciso, o que lle corresponde por idade e historia, dentro dos homes do Seminario, seguidores da Xeración Nós, á que define con parámetros diferentes aos que habitualmente serven aos autores que fan historiografía da arqueoloxía[13]. Estes, loxicamente, encádrano, como seguidor de Cuevillas e sen prestarlle demasiada atención particular, no ámbito da arqueoloxía nacionalista que considera o estudo da historia do país como un xeito de reafirmar a identidade, xa que o pasado era empregado como un instrumento para comprender e explicar o presente[14] e tamén, en ocasións para construír o futuro, xa que para moitos a arqueoloxía subministraba razoamentos históricos ao feito diferencial galego e os arqueólogos do Seminario "tentaban aportar hipóteses científicas para cimentar o nacionalismo"[15].

Das actuacións que levou adiante, contamos, nunha entrevista de 1965, cunha relación dos traballos de campo, onde enumera: "necrópole de sepultura planas de Calvos de Randín, necrópole dolménica de Maus de Salas, castro de Borneiro, castro de Baroña, castro de Troña, castro de Cameixa, castro de San Cibrán de Las, castro de Castrelo de Val, castro de Brués, castro de Santa Cristina, estación celto-romana de Laias, vila romana de Abelenda das Penas, necrópole medieval de Ribadavia, castro de San Cristovo, igrexa prerrománica de Santa María de Mixós, dolmens de Esgueva e necrópole dolménica de Entrimo"[16], aos que deberemos engadir despois desta data os traballos que realiza en Castromao ou a recuperación dun dos dolmens de Maus de Salas.

E de todas elas hai referentes precisos, non sempre moi extensos, sobre todo porque en moitas casos as intervencións foron de corta duración e moitas teñen máis carácter de sondaxes exploratorias que propiamente intervencións en extensión, como xa tivemos ocasión de explicitar[17]. De todas, ou case todas, se conservan minuciosas anotacións do traballo realizado, documentación fotográfica propia ou allea, e nos máis dos casos informacións publicadas directamente por el, noutros polos seus compañeiros e colaboradores, e só contados dos que non se teñen publicado apenas informacións[18]. As súas

actividades de campo complétanse con traballos doutro tipo, por exemplo o Corpus de epigrafía romana da provincia de Ourense[19], e, sobre todo, os estudos históricos e artísticos de varios monumentos prerrománicos, sobre o que recolleu información con vistas a un traballo, "El prerrománico en la provincia de Ourense", que chega mesmo a anunciar na entrevista citada de 1965[20] e que debería completar coa documentación reunida sobre os restos dos outros monumentos da mesma época de toda Galicia e que, por diversas causas, foi adiando sen que chegase a completalo.

Temos aquí delimitado o noso campo, a súa idea do traballo arqueolóxico e a relación das súas intervencións, vexamos agora, nunha aproximación analítica, o resultado do seu esforzo e a significación da súa contribución nalgunhas intervencións concretas.

Na relación anterior citada aparecen traballos de xuventude, que podemos considerar propiamente da etapa de formación, velaí os traballos nas necrópoles de sepultura planas de Calvos de Randín, ou na dolménica de Maus de Salas, que terán os seus resultados nas páxinas de Vila de Calvos de Randín[21], que publica con Cuevillas en 1930, na que será modelo dunha manchea de iniciativas semellantes no Seminario de Estudos Galegos, ou os traballos nos castros de Baroña[22] e Borneiro[23], onde participa ás ordes de Sebastián González-García Paz como estudante da Facultade de Letras e membro do Seminario, ou os propios de Troña[24], que fai con Cuevillas en 1935 proseguindo as anteriores intervencións de Pericot, nas que non sabemos se tamén chegou a participar[25].

Nos tempos de conflito suspendéronse as actividades arqueolóxicas de campo, máis aínda no caso que nos ocupa, xa que don Xaquín resultou ferido e como consecuencia ficou como mutilado de guerra. Emporiso, non esqueceu o traballo arqueolóxico, e no ano 1938 publica con don Florentino, un artigo na Revista de Guimaraes sobre o territorio dos "quarquernos"[26].

Xa nos comezos da década dos corenta, dálle pulo á escavación no castro de Cameixa, proxectada conxuntamente con Cuevillas, quen non pode acudir por mor das súas doenzas. Os seus resultados presentáronlles unha realidade diferente da cultura castrexa ata entón considerada –a elaborada por Cuevillas na súa "Edade do Ferro na Galicia", complementada polas descubertas de Santa Trega, ou os xa citados de Baroña, Borneiro e Troña–, xa que foi posible observar a superposición de diversos niveis ocupacionais, con construcións diversas e materiais con variacións definidas[27], e alí coñecerá o final da Segunda Guerra Mundial como tempo logo recordará[28].

Os seus traballos tiveron unha duración limitada, desenvolvéronse en dúas campañas (anos 1944 e 1945) e permitiron, nas sondaxes realizadas, a definición de ata cinco niveis ocupacionais coas súas estruturas defensivas (murallas) e habitacionais (construcións, fogares) e as capas de destrución correspondentes.

Dos traballos deuse unha primeira aproximación escrita en colaboración entre Cuevillas e Lorenzo na Revista de Guimaraes[29], pero xa antes se dera algunha referencia nun traballo de conxunto no que se analiza a arquitectura dos castros e a súa problemática,

onde se fan as primeiras matizacións e se exemplifica coa experiencia asumida a evolución dos sistemas construtivos e se define un proceso, empregando as verbas de García Bellido de petrificación da arquitectura castrexa, hipótese que ía ter ampla traxectoria aínda que os propios autores a matizaran[30].

Pouco despois, nos anos 1948 e 1949, retoma a escavación na Cidade de San Cibrán das Lás, aínda que os resultados, ao igual que acontece cos dos que en paralelo realiza no que el chama "estación celto-romana de Laias", se publicarán por Chamoso Lamas[31]. Coidamos que a intervención xorde dos resultados obtidos en Cameixa, que abren novas perspectivas, como vai dito, e danlle dalgún xeito a volta á panorámica do mundo castrexo que definira Cuevillas dende os seus primeiros traballos en Lás, polo que retomar os traballos nesta estación era unha forma de confirmar as bases anteriores ou afondar na cuestión aberta por Cameixa, e en parte Chamoso confirma a nosa sospeita nalgunhas referencias[32]. Os traballos centraranse nas portas do recinto central, a da nacente, onde descobre os corpos de garda e unhas escadas, e na do solpor e nas súas veciñanzas, onde pon ao descuberto os torreóns da porta do recinto, un pequeno corpo de garda, onde aparece unha inscrición mutilada e as construcións inmediatas, que ofrecen os seus paramentos sen solución de continuidade e con lousado interior, onde están reaproveitados materiais con decoración xeométrica. Tamén re-escava na fonte-alxibe, da que fai un axustado debuxo, e fai diversas sondaxes sobre as murallas e foxos exteriores, ofrecendo os seus materiais unha continuidade con aqueles que xa descubrira Cuevillas nas súas primeiras intervencións o que, coidamos, lles fai dubidar verbo das descubertas de Cameixa. Das súas notas e consideracións, e das súas orientacións persoais, aproveitámonos nos traballos que dende o Museo Arqueolóxico Provincial, na década dos oitenta, recomezamos neste xacemento con vistas á súa recuperación como monumento visitable, e que foron confirmando as súas hipóteses e nos permitiron facer unha achega xeral sobre o conxunto[33].

Dende San Cibrán de Lás desprázase ao inmediato lugar de Barbantes ou As Laias, limítrofe entre as parroquias de Laias e Barbantes. Alí, nas abas do San Trocado que baixan ao Miño, fai diversas sondaxes, nas inmediacións da Cova da Moura ou o Castelo, que polos dous nomes é tamén coñecido, nun tempo reducido, das que se dará conta en relatorios publicados por Chamoso Lamas como xa indicamos. Naquelas datas, a paisaxe era moi diferente da actual e mesmo da que se podía ver hai cinco anos. Nos finais dos corenta aínda non comezara a reforestación do sector e podíanse ver as penedías e os restos de antigos traballos e lugares de habitación, que ofrecen, como se recolle nas súas imaxes unha panorámica moi diferente do xacemento, dunha grande extensión na ladeira, con restos, quizais de varios momentos, dos que exploran con meirande intensidade puntual algúns dos traballos sobre a rocha coas canles, depósitos e canalización, a galería da mina e diversas construcións, onde os restos aproveitados na propia rocha se completan con muros e estruturas de cachotería, mentras só se fai referencia tanxencial

ao xacemento castrexo do cumio (o Castelo) e ás explotación do fondo do val. Os traballos, que ofreceron magníficas perspectivas cara ao futuro non tiveron continuidade, interpretáronse en clave de explotación mineira e asentamento, tamén en relación cos depósitos existentes no fondo do val, que serán os que máis chamen a atención con posterioridade[34].

Non son os seus únicos traballos nos castros. Na relación de traballos xa referida hai referencia doutras intervencións, como a do castro de San Cristovo, que é un xacemento verbo do que non consta ningunha outra referencia, nin se conservan datos escritos seus[35], e outro tanto acontece das mencións aos castros de Brués, de onde procede unha peza cerámica do Museo de Ourense, ou do de santa Cristina. Pola contra podemos ver como se interesa por outras realidades arqueolóxicas nas que intervén neses anos: a vila romana de Abelenda das Penas, o monumento protohistórico de Augas Santas, e no estudo dos paramentos doutros monumentos de época medieval coma Amiadoso, Pazó ou Mixós[36], estudos que coa recolleita de inscricións romanas para a elaboración do Corpus de Inscricións Romanas de Galicia (IRG.) que promove o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IPSEG.) serán a súa dedicación fundamental arqueolóxica nas decadas dos cincuenta e sesenta, aínda que en 1959, con Xesús Taboada, fará unhas sondaxes no castro de Cabanca, onde definen os foxos e parte das estruturas interiores[37], e que non terán tampouco continuidade.

Finalmente, os traballos realizados en Castromao abranguen dúas etapas. A primeira é de apoio a Mariano García Rollán, que fixo dúas campañas, en 1963 e 1965, co aval do Museo[38]; a segunda é de actividade directa en colaboración con don Xesús Ferro Couselo, dirixindo os traballos entre o ano seguinte e 1974. No curso dos traballos directos explóranse moitas construcións da plataforma inferior e delimítase a muralla exterior, e un sector da plataforma intermedia, interesándose especialmente polos problemas construtivos e as transformacións das plantas das construcións[39], moi en liña coas súas preocupacións de establecer secuencias do estudo da casa dende a prehistoria ata o presente, e por algúns materiais relacionables cos de Cameixa coma as cerámicas pintadas. Consérvanse no Museo os croquis das plantas das construcións e algunhas anotacións relativas aos materiais así coma fotos, e o noso contacto con el permitiunos, en anos sucesivos de traballo, completar un labor de escavación que agromou nunha nova perspectiva do xacemento[40], tarefa na que se continua na actualidade[41].

Das súas intervencións cómpre salientar non só os resultados, dos que xa comentamos as xeneralidades, senón como articulou as informacións. Se da súa obra podemos obter unha visión de conxunto é o seu interese pola construción, indirectamente pola factura da mesma, e o seu valor indiciario da estrutura social e económica, elementos que non son alleos ás formulacións e aproximacións que realiza dende o punto de vista antropolóxico, do que as investigacións arqueolóxicas son, segundo o seu criterio expli-

citado, lóxica continuación. Deste xeito, dende Cameixa a Castromao, veremos como se interesa pola construcción doméstica (máis aínda que polas murallas), polas fontes e polos elementos de organización da vivenda, da casa. As formas das paredes, os aparellos, os vans, as cubertas serán fitos referencias esenciais das súas reflexións e publicacións, aínda que se interese polas diversas facianas da ergoloxía: cerámicas, ourivería por exemplo, e das crenzas (as pías, as inscricións) e non só no mundo dos castros, tamén na época galaicorromana (Abelenda, Barbantes) e sobre todo medieval (velaquí as súas aproximacións aos paramentos de Amiadoso, Pazó, Mixós ou o "forno" de Augas Santas).

Cal foi o eco e significado das súas intervencións? Xa fomos vendo como os resultados das súas intervencións foron indicando fitos referenciais significativos, sobre todo Cameixa e Castromao. Pero, en perspectiva, resulta evidente que nin os resultados de Cameixa, que lles presentaron diversas cuestións para as que non encontraron resposta inmediata e lles obrigaron a abrir un panorama de evolución interna da cultura material castrexa, nin os estudos sobre materiais concretos, por exemplo as cerámicas pintadas da mesma procedencia, nin os resultados doutras intervencións, significaron no seu momento un cambio substancial na consideración da cultura castrexa, aínda que tivo un primeiro eco nos traballos de Hawkes nos castros do Norte de Portugal e, anos despois, mediante varios artigos de Maluquer co establecemento dunha evolución marcou un fito referencial importante[42]. Non houbo modo de conseguir unha nova intervención, que servira de contraste de resultados e aplicación de métodos analíticos –endebén sobre os materiais depositados no Museo se realizasen análises de C-14 con resultados positivos–, pero revisáronse os materiais depositados no Museo, e mesmo se publicou unha memoria descritiva dos traballos e materiais con ocasión do centenario de don Floro[43]. Os traballos do gasoduto realizados na década dos noventa, que afectaron ao conxunto lateralmente, serviron para realizar novos achados puntuais, pero pouco máis[44] polo que moitas das interrogantes e problemas suscitados na súa intervención seguen aí.

Os traballos de Lás tiveron meirande significación, xa que marcaron a pauta das intervencións posteriores, na década dos oitenta, coas matizacións propias das novas intervencións[45], e o mesmo aconteceu no Castromao. Signo diferente seguiron as de Barbantes, onde á transformación da paisaxe pola reforestación seguiu a construción da autovía das Rias Baixas (A-52), que provocou unha intervención de salvamento que redescubriu o xacemento, escavándose en zonas como as das primeiras sondaxes e, sobre todo, no Castelo, con importantes descubertas, como o camiño de acceso, a singular porta e as diversas estruturas e murallas. Despois foi literalmente destruído nunha parte substantiva e aterrada noutra polas escombreiras da construción da autovía, aínda que se podería ter salvado boa parte dos restos descubertos de optar por outra solución, que ademais evitase os problemas de desprendementos que ofrece actualmente neste punto.

Con todo, os traballos efectuados deron pé a novas descubertas, de importancia e significación, e que agardamos sexan proximamente publicadas.

Outro tanto podemos dicir do valor de traballos como os de Augas Santas ou Mixós e se hoxe nos aproximamos novamente a eles, veremos como de cada un deles se pode dicir o que González Reboredo presenta sobre a intervención en Augas Santas[46] xa que o tempo transcorrido permítenos novas aproximacións e a reinterpretación dos resultados inicialmente acadados. Por eso, coidamos que o seu traballo segue a ofrecernos moitas posibilidades de aproximarnos a unha realidade arqueolóxica ben documentada, xa que se conservan anotacións, debuxos e fotos dos seus traballos así como os materiais das intervencións no Museo Arqueolóxico provincial de Ourense, que aínda pode suxerirnos novos datos e formas de interpretación.

Notas

1 Vicente Martínez Risco e Agüero,"Lembranza de Xurxo Lorenzo", en *Nós,* 124-125, abril-maio, 1934. Descoñecemos o texto, que quizais se poida localizar entre os fondos de Risco na súa Fundación en Allariz, pero chama a atención o feito de que nunha data en que non había contribucións sistemáticas na Península ao tema, en Galicia se tivese a preocupación e o interese indicados, das que son amosega evidente as súas propias notas de campo e experiencias de reconstrución de pezas e estudo funcional, caso das vasillas cerámicas de Calvos de Randín ou as formas das cerámicas de Cameixa, como temos indicados noutras ocasións en charlas e artigos varios. Cfr. X. Rodríguez González: "Don Xaquín Lorenzo Fernández. Actividade arqueolóxica", en *Raigame. Revista.* Ourense, 2004. Tamén F. Fariña Busto e X. Rodríguez González: "Dimensión arqueolóxica de Xaquín Lorenzo" en *Xaquín Lorenzo Fernández. Unha fotobiografía.* Vigo: Eds. Xerais, 2004.

2 Alfonso Mato, *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro. 2001.

3 Vicente Martínez Risco e Agüero: "Lembranza de Xurxo Lorenzo", en *Nós,* 124-125, abril-maio, 1934.

4 X. Lorenzo Fernández, Don Vicente Martínez-Risco y Agüero. Día das Letras Galegas. 18 de maio de 1981. Ourense. Real Academia Galega. A Coruña, 1981, 16.

5 Para as entrevistas destas datas pode verse M. Valcárcel: Concello de Ourense, Ourense, 2004, que recolle case a totalidade delas.

6 Relátaa el mesmo en X. Lorenzo "Cuevillas, etnógrafo", *en Homaxe a Cuevillas no seu LXXV aniversario*. Editorial Galaxia:Vigo, 1957, 135--138.

7 A máis definitoria é na introdución do libro: *Castro de Cameixa. Campañas 1944-46*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Benestar Social. Santiago: 1986, onde se le: "Faguía xa tempo, dende o ano 1924, que eu colaboraba con Cuevillas diste xeito; unhas veces soio, como nas necrópoles dolménicas de Maus de Salas, nas de Entrimo, nos castros de Troña ou San Cibrán de Las; outras veces na súa compaña coma na Vila de Calvos de Randín ou en Santa Marta de Velle". Tamén Lino Braxe: "Xaquín Lorenzo, Xocas", en *A Nosa Terra,* nº 303, 6 febreiro 1986

8 Nas entrevistas, ademais do respecto e o recoñecemento, aparecen reflectidas as circunstancias do traballo e ata certos intereses comúns, alleos á arqueoloxía, como o que desvela nunha

entrevista de 1983, cando a propósito de Cuevillas di: "Il á carreira (era farmaceutico por estudos) non lle tiña afición, pero recordaba todas aquelas cousas que lle interesaban de anatomía, botánica e outros temas. Pasáballe coma a mín, que comencei a estudar Ciencias Naturais e nunca esquecín as cousas que me ensiñaron os bons mestres" (Xaquín Lorenzo: O amigo fiel.", en *La Región* 30 de xullo de 1983). E testemuña deste feito son os cadernos con debuxos e notas da súa man que se conservan no Arquivo do MAPOur. Tamén as íntimas relacións que mantiñan, como o revela nun parágrafo do artigo que publicou en *La Voz de Galicia*, do 13.11.1986, co título "Cen anos de Cuevillas" (recollido agora na publicación *Xaquín Lorenzo, De varia etnográfica*. (Escolma, limiar e notas de M. Carlos García Martínez). Biblioteca Gallega. La Voz de Galicia, 2004), onde di: "Moito valeron os ensinos de Cuevillas, anque aínda máis valeron os seus exempros e a súa amistade. En tódolos actos da súa vida foi o home que actuou dacordo cos seus ideais, co seu pensamento, coas suas crencias. ... Un intre, non embargantes, tivo de vacilación e desánimo na súa vida: cando comenzou a guerra civil. Por aquiles dias mandoume os seus apuntes, as suas notas, as investigacións comenzadas, todo o seu manterial de traballo e díxome que non quería seguir con aquello. Que eu, se tiña azos para elo, seguira aquil vieiro, que íl xa non agradaba nada máis, que non voltaría ós seus estudos e inquéritos.

Non embargantes, aquello non durou. Pouco a pouco funlle devolvendo aquil material para que completase ideais, enchese lagoas, acrarase conceptos; e tornou de novo a renacer níl o desexo de traballar pola Terra, ben que noutras condicións e faguendo o mínimo de concesións ás novas circunstancias".

Unha versión moi semellante aparece na entrevista citada denantes e publicada en *La Región* o 30 de xullo de 1983.

9 F. Álvarez Alonso: "Sobre la marcha: D. Joaquín Lorenzo", en *La Región*, 12 de marzo de 1965, p.5, onde se pode ler: "Estoy poniendo en orden el original de Cuevillas sobre Prehistoria de Galicia, que será una parte del segundo tomo de la Historia de Galicia que se está editando, bajo el patrocinio de don Manuel Púente, en Buenos Aires", "Me eligieron los editores de la obra, por ver en mi a un discípulo íntimo de Cuevillas, conocedor de su pensamiento y de sus opiniones en este terreno. Y, por otra parte, sabían de mi profundo afecto por Cuevillas me llevará a hacer este trabajo con todo el interés y con todo el cariño". Hai outros datos de interese na mesma, como a referencia seguinte: "El trabajo por el realizado no será alterado; pero tengo el pensamiento de hacer, en colaboración con Bouza Brei, un apéndice poniéndolo al día, ya que desde el fallecimiento de Cuevillas, han aparecido nuevos materiais". No volume editado hai efectivamente un apéndice, pero é da autoría de don Xesús Taboada Chivite, tamén discípulo de Cuevillas e íntimo amigo de ambos os dous.

10 Así o recolle a prensa da data, e aparece cunha colaboración na publicación que fai a Real Academia Galega que recolle o traballo de Fl. López Cuevillas, *A Edade do Ferro na Galicia*. Tamén foi o colector da escolma de artigos de don Florentino publicados baixo o titulo "Cousas de Ourense", Concello de Ourense. Galaxia, 1969.

11 Foi presidente do Comité constituído en Ourense, que organizou os actos que incluíron a celebración dun Coloquio internacional de Arqueoloxía, que se celebrou no Ateneo de Ourense, do que se publicaron a meirande parte das intervencións no *Boletín Avriense*, XVII, 1987, con achegas de varios autores. Así mesmo editouse unha memoria sobre os traballos realizados no Castro de Cameixa, e na súa presentación relata as circunstancias que explican a tardanza: "nesa época xa se atopaba inutilizado nestas actividás pola reuma que o atacou gran parte da súa vida. Tamén foi a última obra, que non chegou a concluir: Un día, alá polos comezos do mes de xuño de 1957, nos derradeiros tempos da primavera, cheguei coma de cote onda il. Xa de pirmeiras díxome que estaba canso e non tiña azos para traballar, que deixásemos para outro día o proseguimento da nosa angueira, día que non chegou nunca."

"No meu poder quedaron istes derradeiros ensinos do meu chorado mestre. Máis tarde quixen rematar eu soio o que na súa compaña comenzara, mais non me foi posible. Cando ollaba diante de min as coártelas escritas por íl, sentía a fonda saudade da súa ausencia e ía deixando dun día para outro aquelo que eu matinaba rematar."

"Esí pasou o tempo e agora, ó cabo distes 28 anos, decídome a dar a coñecer a derradeira obra do meu mestre coa que me honrou faguéndome o seu colaborador e que eu quero respetar na súa integridade coma homaxe cordial e sinceiro no Centenario da súa nacencia. Vaia pois, iste traballo coma tributo de quen lle debe os

grandes bens da ciencia, da amistade, da irmandade e do amor á nosa Terra".

12 Parágrafos do seu traballo "Florentino López Cuevillas e a Prehistoria Galega", en Fl. López Cuevillas, *A Edade do Ferro na Galicia*. A Coruña, Publicacións da Real Academia Galega, 1968.

13 Entrevista con Lino Braxe: Xaquín Lorenzo,"Xocas", en A Sombra inmensa de Otero Pedraio, *A Nosa Terra,* extra nº 8, 1987, onde se recolle unha súa valoración: "Nós naceu como unha necesidade de ter un órgano cultural. Había que abrir Galicia ao resto do mundo. Este desexo de abrir-se ao exterior é o que levaba , en esencia, o pensamento da revista Nós. A revista Nós tiña intercambios, recibía revistas europeas: alemás, suízas, italianas, inglesas, francesas... Aquí, as grandes figuras que destacaban en Europa eran coñecidas perfectamente.

Mire vostede, na Galicia había un tópico, o da Galicia da gaita e da muiñeira. E na Galicia toca-se a gaita e baila-se a muiñeira, pero ademais hai problemas no campo, hai problemas de tipo cultural, político... e esto é o que a xeneración Nós quería revivir e dar a coñecer. E para isto, claro, a primeira medida era criar dentro do pobo...criar non, revivir esa idea da propia personalidade, do valor polo noso, de que temos cousas que nos diferencias doutras culturas, doutros pobos. De aí veu o nome que recibiu precisamente, a xeneración e o nome que recibiu a revista "Nós". Nós non quere decir nen que somos piores, nen que somos mellores; simplemente que somos nós, con todas as nosas taras, con todas as nosas virtudes. Porque temos de todo".

14 F. Pereira González, "Unha contribución ó estudio da historia da arqueoloxía galega: o emprego da información arqueolóxica en Galicia. 1800-1922", en *Gallaecia* (Universidade de Santiago), 14-15, 1996, 23-24.

15 B. Díaz Santana, *Os celtas en Galicia. Arqueoloxía e política na creación da identidade galega*. Noia: Ed. Toxosoutos, 2002. Tamén interesa para o contexto Otilia Prado Fernández,"El Seminario de Estudos Galegos: génesis, aportación y desaparición", en G. Mora e M. Díaz-Andreu, *La cristalización del pasado: Génesis y desarrollo del marco institucional de la Arqueología en España*. Málaga, 1997, 459. Mª Dolores Fernández Posse, *La investigación protohistórica en la Meseta y Galicia,* Madrid: Sintesis,1998. 68 ss.

16 Isidoro Guede "Entrevista con el arqueólogo y etnógrafo, don Joaquín Lorenzo Fernández", *El Ideal Gallego*. A Coruña, sábado, 6 de febreiro de 1965. No paragrafo seguinte pódese ler: "...el profesor Lorenzo Fernández continua trabajando con ahínco. Así puede anunciarse otra relación de obras en preparación: "Cancioneiro popular de la Sierra de Leboreiro", "La rueda en el NW. De la Península Ibérica", "las dornas de río Miño", "Barcas y artes de pesca en el río Miño", "El prerrománico en la provincia de Órense" "Terra de Varoncelli en el siglo X"". Agás os dous últimos todos os demais se publicaron nos anos sucesivos, cfr. as bibliografías existentes, sexa a de F. Fariña, Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), en *BAvr*. XIX-XX, 1989-1990, a de X. M. González Reboredo, Vigo: Galaxia, 2004 , Clodio González Pérez, Xaquín Lorenzo Fernández, *"Xocas" (1907-1989).Unha vida adicada a nosa cultura*. Noia: ToxosOutos, 2004., ou M. Valcárcel, Xaquín Lorenzo.Vida e obra. Vigo: Eds. Xerais. 2004.

Sobre as necrópoles de Entrimo, cfr. o seu traballo, en colaboración con Fl. López Cuevillas, "Dos necrópolis dolménicas" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* XIII, 1958, 284-291. Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos galegos,1930. (en colaboración con Fl. López-Alonso Cuevillas). Das restantes daremos as referencias publicadas no seu lugar, así coma das anotacións, manuscritos e debuxos que se conservan.

17 X. Rodríguez González: "Don Xaquín Lorenzo Fernández. Actividade arqueolóxica", en *Raigame,* Ourense, 2004. Tamén F. Fariña Busto e X. Rodríguez González: "Dimensión arqueolóxica de Xaquín Lorenzo" en *Xaquín Lorenzo Fernández*. Unha fotobiografía. Vigo: Eds. Xerais, 2004.

18 Dos citados tan só tres referencias carecen de datos: castro de Brués, castro de Santa Cristina e castro de San Cristovo, e non son absolutos. De Brués hai no Museo de Ourense unhas pezas cerámicas, que poderían relacionarse con esta actividade, aínda que denantes estableceramos unha relación con outras actuacións realizadas por don Xesús Ferro Couselo nos anos 42 e 43 e que podería ser a mesma. Do de San Cristovo, que sospeitamos é o do mesmo nome no Ribeiro, hai referencias orais a traballos realizados nel por equipos do Museo, pero sen poder concretar máis.

19 O traballo para o que preparou Cuevillas un importantísimo prólogo, que mostra que xa se traballa nel na década dos cincuenta, aínda que

se publicou na década seguinte, primeiro como artigos en *Cuadernos de Estudios Gallegos* e despois como fascículo completo: *A. D'Ors, F. Bouza Brey, X. Lorenzo, Corpus de Inscripciones Romanas de Galicia. IV.* Provincia de Ourense. Santiago,1968.

20 Isidoro Guede "Entrevista con el arqueólogo y etnógrafo, don Joaquín Lorenzo Fernández", *El Ideal Gallego*. A Coruña, sábado, 6 de febreiro de 1965. Ademais desta referencia, cónstanos o seu interese no tema e no Arquivo gráfico do Museo de Ourense gárdanse diverso material fotográfico e algúns debuxos da súa autoría relativos a moitos monumentos desta época.

21 *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos galegos,1930. (en colaboración con Fl. López-Alonso Cuevillas).

22 Sebastián González-Garcia Paz: "Noticia de las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña" en *Boletín de la Universidad de Santiago,* 1933 (Homenaje al Dr. Rodrígez Cadarso), 323-351. Para as intervencións posteriores, coa información anterior, F. Calo Lourido, e Teresa Soeiro: Castro de Baroña.Campañas,1980-84, Arqueoloxía/Memorias, 6 Santiago, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Benestar Social, 1986.

23 Conservánse as notas da intervención, xuntamente cunha morea de debuxos e cántigas recollidas no tempo da escavación que lle serviron de base para a publicación do seu traballo "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro", en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* VII, 1936, 17-39. Ao practicamente non se ter distribuído este número de *Arquivos,* o autor publicou o mesmo artigo, pero en lingua castelá en 1942, no *Boletín de la Comisión de Monumentos Histórico-Artísticos de Orense,* 183-203. Sobre actuacións posteriores no xacemento coa bibliografía Ana Mª Romero Masiá: *Castro de Borneiro. Camapañs 1983-84*. Arqueoloxía/Memorias, 7. Santiago, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Benestar Social, 1987.

24 Notas de campo e diario de traballo en MAPOur. Arquivo. Caixa X. Lorenzo. Publicou logo unha nota sobre "Un petroglifo inédito de Troña" en *BCMHAOrense,* XV, 1945, 22-24. Máis tarde aínda, en colaboración con Cuevillas dou a coñecer "Unha nova inscultura serpentiforme da citania de Troña", en *Boletín da Real Academia Galega,* XXVIII, 1957, 217--222.

25 Cómpre chamar a atención sobre o feito da presenza de Pericot como catedrático en Santiago e a íntima relación que mantivo con Cuevillas: L. Pericot, *BCPMHAOurense,* XX, 1960. Xa redactadas estas liñas, chegou a nós o artigo de " ", en *Gallaecia,* 2004, onde se fai unha aproximación á significación de Pericot, pero non se establece a relación coas novas fornadas de investigadores e estudantes daqueles anos.

26 "Sobre arqueología do territorio dos Quarquernos" *RG*. XLVIII,1938,85-106, 8 figs e 2 láms.

27 Fl. López Cuevillas e X. Lorenzo, "Notas arqueológicas do castro de Cameixa", en *Revista de Guimaraes,* LVIII, 1948, 288-305. Despois aparecerá un relatorio, da autoría de Fl. López Cuevillas: "Castro de Cameixa (O Carballino)", en *Noticiario Arqueológico Hispánico,* Madrid, 1954. Pola súa parte don Xaquín publicará un estudo detallado dalgúns materiais en "Cerámicas castrexas pintadas", en *Revista de Guimaraes,* LXVI, 1956, 125-140, e finalmente Castro de Cameixa, 1944-46. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Benestar Social. Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio histórico-artístico: Santiago, 1986.

28 Aparece recollida na entrevista que lle fai B. Vázquez: "Xaquín Lorenzo ("O Xocas"), un herdeiro da Xeración Nós", en Outeiro, 8 (A Coruña, Caixa Galicia) 1983. Reproducida agora no libro de Benxamín Vázquez e X. M. González Reboredo, Santiago: Fundación Caixa Galicia. 2004.

29 Fl. López Cuevillas e X. Lorenzo: "Notas arqueológicas do Castro de Cameixa", RG. LXVIII, Guimaraes, 1948. Fl. López Cuevillas e X. Lorenzo: "Las habitaciones de los castros", en CEGal. Nº 5, II, "1946,7-74, especialmente 10-11;" 38-38, para as referencias a Cameixa. Sobre a petrificación 62-65.

30 En efecto cómpre salientar a importancia que o tema tivo en moitos traballos posteriores, véxase senón o valor que lle outorga Mª Dolores Fernández Posse, *La investigación protohistórica en la Meseta y Galicia,* Madrid: Sintesis,1998.

31 M. Chamoso Lamas: "Excavaciones arqueológicas en San Cibrán das Lás (Orense)", en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* IX (1954) 406-410. Cun texto, parcialmente idéntico, pero que incorpora unha introdución e as referencias aos traballos en San Trocado en Barbantes-Laias, M. Chamoso Lamas: "Excavaciones arqueológicas en la Citania de San Cibrán das Lás y en el poblado y explotación minera de oro de época romana de Barbantes (Orense)", en *Noticiario Arqueológico Hispánico,* Madrid, Ministerio de Educación Nacional, IV, 1954, 114-130 máis lám. Sobre os traballos en Barbantes tamén en

M. Chamoso Llamas: "El Puente romano de Órense", en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* XI, 1956, 9-54, sobre todo 10-14. Diario de escavación, deseños e fotografías da intervención no MAPOur. (caixas X. Lorenzo). Hai tamén notas varias nos papeis do seu arquivo persoal que se gardan no Museo do Pobo Galego.

32 Así pódese explicar a referencia inicial "Muy celebradas por el notable interés que despetaron fueron las excavaciones que por el año 1922 llevó a cabo en la citania de San Cibrán de Lás (Carballino) el ilustre arqueólogo don Florentino López Cuevillas. La campaña entonces realizada contribuyó muy extraordinariamente al mejor conocimiento del desenvolvimiento de los castros en Galicia pues la abundancia de vestigios y lo extenso de la citania hizó pródiga la tarea investigadora", e os parágrafos seguintes: "Teniendo en cuenta que las excavaciones realizadas en 1922 por el Sr. Cuevillas solamente habían alcanzado al descubrimiento y estudio de varios grupos de casas de la acrópolis y del segundo recinto y que el sistema defensivo mostraba una extraordinaria importancia, se decidió por el mencionado arqueólogo, como Comsario provincial de Excavaciones, llevar a cabo una campaña...Las excavaciones realizadas por don Joaquín Lorenzo, con nuestra colaboración, bajo la dirección del señor Cuevillas, dieron como resultado el descubrimiento de tres recintos amuarallados y separados entre sí por sendo fosos, correspondiendo la fortificación más cuidada al recinto interior", M. Chamoso Lamas, Exca..., cit. 406-7. E outro tanto cando remata o seu texto: "La abundacia de la cerámica ha sido también notable, recogiéndose trozos decorativos correspondientes a tipos ornamentales muy variados, si bien ya conocidos. No obstante, estas excavaciones no añadieron novedades, en cuanto a la cerámica, se refiere, a las efectuadaas por el señor Cuevillas en 1922". Ibidem, 410.

Consideramos que todas estas referencias non serían tan explícitas senón xurdiran dun prantexamento de confirmación.

33 B. Pérez Outeiriño: "Informe sobre las excavaciones arqueológicas de A Cidade de San Cibrán das Las (San Amaro-Punxín. Ourense). Campaña de 1982", en *NAHisp.* 22, Madrid, 1985, 211-259. IDEM: A Cidade de San Cibrán das Las. Obxectivos e resultados das últimas intervencións arqueolóxicas (1982-83), en *Lucerna,* 2ª serie, II, Porto, 1987, 15-39. M. Xusto Rodríguez, C. Rodríguez Cao e F. Fariña Busto: "Las". Concello de San Amaro, 1991. C. Rodríguez Cao, M. Xusto Rodríguez e F. Fariña Busto: "A Cidade". Guías do Patrimonio Cultural. Ourense. Grupo Marcelo Macías, 1992. M. Xusto Rodríguez, C. Rodríguez Cao, F. Fariña Busto e F. Del Río: Arqueología aérea en Galicia: A Cidade de San Cibrán das Las, *Arqueología,* nº 144, abril de 1993, 14-23.

34 F. J. Sánchez-Palencia Ramos,"Romischer Golderbabau im Nordwesten Spanien", Der Anschitt, 2-3 (1979) 37-61. Tamén J. Nespereira Iglesias: "Sintesis sobre los yacimientos auríferos gallegos" en Braña, 1, Santiago, 1978:18-49.

35 A carencia de datos é sorprendente, pois aínda que non chegase a publicar os resultados dalgunhas intervencións, coma Abelenda das Penas por exemplo, consérvanse os seus debuxos e diarios de excavación así coma algunhas fotografías da intervención, das que daremos conta proximamente. Véxase o indicado na nota 15 para os outros casos.

36 X. Lorenzo,"La capilla visigótica de Amiadoso" en AEArq. XVI, Madrid, 1953, 424-433. "La iglesia prerrománica de San Martiño de Pazó", en CEGal. XX,Santiago, 1965, 180-192. "A eirexa de Santa María de Mixós, encrucillada de tres estilos", en Congresso luso-espanhol de Estudos Medievais, Porto, 18-23 de xuño de 1968, 298., e tamén "La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós, en BAvr II, Ourense, 1972,75-110.

37 X. Taboada Chivite e X. Lorenzo Fernández, "Excavaciones arqueológicas en el castro de Cabanca (campaña de 1961)", en NAH. VI. Madrid, 1964, 129-134. No MAPOur. consérvanse notas e debuxos de campo.

38 M. García Rollán, "El Castro de Castromao", AEArq.XXXIX, Madrid, 1966,197-200, e "Memoria de las excavaciones arqueológicas en Castromao (Coeliobriga)", AEArq. 44, Madrid, 1971, 175-211.

39 X. Lorenzo: "Metamorfosis dunha casa castrexa", Trabalhos de Antropología e Etnologia XXII, fasc. 3, Porto, 1971 (Coloquio lusso-español sobre a cultura castrexa. Carvalhelhos, 1968) 225-229. Tamén IDEM: "Unha casa do Castromao", BAvr. X, Ourense,1980, 203-210.

40 Unha visión xeral sobre o xacemento, coa bibliografía anterior, en F. Fariña Busto, "Dúas notas a propósito de Castromao", en CEGal. XXXIX, Santiago,1990, 55-71.

41 Para os traballos posteriores ao ano 1992, pode verse L. Orero Grandal, Castromo (Celanova-Ourense), en *Brigantium* 12, A Coruña, 2000, 179-185. Tamén, actualizando a bibliografía ata o momento E.B. Nieto Muñiz, "Novo aspecto

da Tabula Hospitalis de Castromao", en *BAvr*. XXXII,2002, 53-76. Actualmente trabállase na reordenación dos materiais procedentes do xacemento que se conservan no Museo dentro dos programas de traballo deste Centro.

42 J. Maluquer de Motes: "La originalidad de la cultura castreña", *Trabalhos de Antropología e Etnologia* XXII, fasc. 3, Porto, 1972 (Coloquio luso-espanhol sobre a cultura castreja. Carvalhelhos, 1971). Tamén IDEM, "Formación y desarrollo de la cultura castreña", en *Actas de las Ias Jornadas de Metodología aplicada a las Ciencias Históricas. I. Prehistoria e Historia* Antigua. Santiago, 1973 (Vigo, 1975), 269-284.

43 Castro de Cameixa, 1944-46. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Benestar Social. Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio histórico-artístico: Santiago, 1986.

44 C. Parcero Oubiña: "Documentación de un entorno castreño: Trabajos de arqueología en el área de Cameixa". *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe (TAPA)* 1, Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais. Universidade de Santiago de Compostela. 1997. Tamén X. Amado Reino, Mª del Carmen Martínez López e M. Santos Estevez: "La arqueología en la gasificación de Galicia 5: Corrección de impacto del ramal Pontevedra-Ourense". *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe (TAPA) 7*, Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais. Universidade de Santiago de Compostela, 1998. Os traballos bordearon a parte baixa do castro e documentaron un conxunto de elementos diversos, con conxuntos de materiais da idade do ferro e época romana, nas zonas curiosamente onde se sinalaran con anterioridade nas primeiras intervencións achados semellantes. Tamén a existencia dalgunhas "estructuras, das que destacan dous foxos e un parapeto probablemente vencellados co castro"(TAPA 7,14), outras dúas eran fosas de difícil interpretación nas que aparecen abundantes materiais romanos, unha estrutura lineal posiblemente relacionada con labores de cultivo de época castrexa".

A propósito fixéronse unhas datacións absolutas sobre algúns dos elementos conservados no Museo (Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do I.P.S.E.G.: "Datacións absolutas de xacementos galegos", en *CEGAl*, 104, 1990, esp. 52-53, onde se dan as datas. Sobre o valor datas cfr. tamén L. X. Carballo e R. Fabregas Valcárcel: "Dataciónes de Carbono-14 para castros del noroeste peninsular", en *AEArq*. 64, Madrid, 1991, 244-264.

45 Cfr. As referencias citadas na nota 31.

46 X. M. González Reboredo, *Don Xaquín Lorenzo*. Vigo, Galaxia, 2004, esp.

Cameixa. Estruturas do nivel IV

Cameixa. Superposición de estruturas

Cameixa. Os distintos niveis ocupacionais

Cameixa. Sondaxe



Cameixa. Muro do nivel II

Cameixa. Estruturas dos niveis III e IV



Cameixa. Motivos decorativos de cerámica



Cameixa. Plano de muralla

Lás. Porta oeste do recinto central

Lás. Corpo de garda da porta oeste

Lás. Casa lousada do recinto central

Lás. Segunda muralla

Lás. Escaleiras

Lás. Fonte

Barbantes. Vista xeral

Barbantes. A mina

Barbantes. Sondaxes na media encosta

Barbantes. Depósitos da sondaxe



Barbantes. Vista xeral

Barbantes. Sondaxes

Barbantes. "O Templo"

Barbantes. Construción rupestre

Barbantes. Detalles dunha canle

Barbantes. Sondaxes



Barbantes. Debuxos de campo



Barbantes. Debuxos de campo

Abelenda. Construción A

Abelenda. Construción B



Abelenda. Esbozo xeral das sondaxes

Castromao. Casa transformada

Castromao. Paramentos



Castromao. A transformación das casas



Fig. 1

Castromao. A transformación das casas

Barbantes. Vista xeral dende o alto

Castromao. Pavimento entre construcións

O *CANTIGUEIRO POPULAR DA LIMIA BAIXA* DE XAQUÍN LORENZO

Xesús Ferro Ruibal

Por seren estas unhas páxinas de homenaxe a Xaquín Lorenzo e por ser eu, de sempre, amigo de mirar para o queixo e non para os buratos, vou salienta-lo traballo por el realizado e fareino de maneira descritiva. Analiza-las cantigas sería interesante por ser un corpus limitado xeográfica e cronoloxicamente; pero sería outro traballo e debo advertilo de entrada.

1. CARACTERÍSTICAS

O *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (de aquí para diante *CPLB*) viu a luz en 1973. Para os que salten os prólogos e as notas o CPLB podería pasar por un de tantos cantigueiros, aínda que non pequeno, porque contén 2.547 cantigas (de aquí para diante *c.* ou *cs.*), as máis delas, cuartetas, e 9 composicións [1], 6 desafíos, 11 parrafeos, 7 oracións e 6 romances. Máis aló desta ordenación estrutural, hai unha ordenación alfabética [2]. Pero unha lectura atenta non pode prescindir do meditado prólogo (no que fai unha descrición, en boa parte, válida para este e para tódolos cantigueiros populares galegos: ocasións de compoñer e cantar na cultura rural galega e tipos de composicións) e, sobre todo, dos apéndices: en primeiro lugar as 867 notas (CPLB 199-280), que enchen 81 páxinas de letra miúda, o que significa que unha de cada tres cantigas leva un comentario erudito e observo que, en moitos casos, esas anotacións non son erudición superflua senón imprescindibles para entender a correspondente cantiga [3]; e poñerei só un caso: quen non souber, como el explica (CPLB 241, 418), que o *consumo* foi un imposto odiado polos nosos campesiños entendería mal ou non entendería a c. 1292 (*Miña meniña da ialma, / ben sabes que eu presumo / que me hei de casar contigo / se é que baixan o consumo*). Nesas notas, e no estilo da Xeración Nós, subliña a presenza nestas cantigas galegas de temas universais coma o de alivia-las penas co canto (CPLB 231, 325), o inesquecible amor primeiro (CPLB 210, 112), o menosprezo do que viaxou e non viu bailla-lo sol (CPLB 233, 341) e similares. Engade 111 referencias bibliográficas [4] e un valioso índice toponímico (CPLB 287-296), ó que me referirei en 6.1, no que explica a maior parte dos 165 lugares que aparecen mentados 504 veces nestas cantigas.

2. ¿UN CANTIGUEIRO SEN MÚSICA?

Endemal, quen recolleu o prezado *alalá de Lobeira*[5] non recolleu (ou non sabemos que recollese) as melodías. Dende logo, Francisco Fernández del Riego, persoa que naquela época era case todo en Galaxia, dime que X. Lorenzo lle entregou o texto sen melodía ningunha. No arquivo persoal de Xocas, que hoxe está repartido entre o Museo Arqueolóxico de Ourense e o Museo do Pobo Galego en Compostela, non hai rastro de anotación musical, segundo me din os seus responsables Francisco Fariña e Rosa Méndez[6]. Manuel de Dios, director da Coral de Ruada, asegura que X. Lorenzo lle cantou algunhas cantigas (cunha delas reconstruíu el o alalá de Lobeira) e mesmo que conserva unha pequena gravación pero que coida que X. Lorenzo nunca anotou melodías.

Resulta curioso que o CPLB vise a luz, como dixen, en 1973, o mesmo ano no que Filgueira Valverde realizaba o seu soño de rescatar do esquecemento, co patrocinio da Fundación Barrié, o *Cancionero gallego de* Eduardo Martínez Torner e de Xesús Bal y Gay (MARTINEZ-BAL 1973) como xa fixera en 1942 co de Casto Sampedro (SAMPEDRO 1942). O CPLB e o de Torner son dous cantigueiros moi semellantes e moi diferentes. Os dous cadran en dar á luz un material recollido na Galicia rural e antes da aparición da radio nese mundo rural. Pero, mentres o de Torner e Bal y Gay rescata o tesouro de melodías que xa se daban por perdidas, e que mesmo estiveron practicamente perdidas en arquivos de fóra de Galicia durante decenios, o CPLB recolle só letras, sen melodía ningunha. O de Torner – Bal y Gay tivo enorme repercusion social porque nel beberon grupos musicais coma Milladoiro que conseguiron converte-la música tradicional galega en fenómeno de masas urbanas de Galicia e mesmo de Europa e de fóra de Europa na final do século XX. O CPLB, en cambio, tivo unha repercusión social menor, porque a nosa literatura actual, lanzada á conquista do mundo urbano, non bebe na tradición oral e pódese dicir que só os fraseólogos e antropólogos se debruzan encol desta poesía oral, como é o caso de Mariño Ferro cando estuda o tema sexual (MARIÑO 1995).

No CPLB só dúas veces, que eu vise, fai alusión á música no CPLB: unha, cando di que a discordancia de acentos entre os versos 1-2 e os 3-4 comentando a c. 60 (*Agarráchesme polas pernas, / arrastráchesme polas pallas, / fixéchesme a cama no chau / que estaba de sete somanas*) e atribúeo a *algunha múseca especial que iñoramos e que así o esixa* (CPLB 200, 28); o outro momento é cando comenta a c. 833, e di que é unha cantiga "recollida por min no ano 1930, ouvina recitada e nona ouvín cantar" (CPLB 227281). É polo tanto un cantigueiro literario, na liña dos anteriores de Tobío, Valladares, Casal, Saco y Arce (BLANCO 1992), Pérez Ballesteros (1885-1886)[7] ou, máis recentemente, de Cotarelo Valledor (COTARELO 1930-1931), Cabanillas (CABANILLAS 1951) ou Fabeiro (FABEIRO 1958): interesan as cantigas por seren –como dicía Valladares no prólogo do seu *Cantigueiro* de 1867– *non escrita e virxen poesía* (VALLADARES 1970:26), expresión dos sentimentos e visión do mundo de quen as cantan; interesan en

canto son literatura popular. É unha opción que aínda tería e ten continuadores[8], aínda que, endebén, hoxe hai xa máis sensibilidade verbo da urxencia de recoller letra e música[9].

3. CRONOLOXÍA DO CANTIGUEIRO

Aínda que o CPLB se publica en 1973, o tempo de recollida do material remata en 1932. X. Lorenzo reitera esta data en diversas páxinas (9;271, 750) porque entende que esa limitación conférelle á súa recadádiva un valor especial: todo é anterior "a que os aparellos de radio e televisión estabreceran un contacto artificial antre terras distintas, que doutro xeito permanecerían alleas unhas ás outras… Hoxe non pasa así; as emisións radiofónicas espallan aos catro ventos as súas programacións e de iste xeito vánlle dando unha universalidade ás súas emisións que, como atrás decimos, non responden a un feito natural".

Non sabería dicir se os 41 anos de distancia entre o momento de pecha-lo corpus e de publicalo se deben á necesidade de estudar e anotar ese rico material ou a que a estratexia editorial da produción en lingua galega esixía que este material etnográfico esperara a que lle chegase o seu momento. Penso máis ben nesta segunda razón, porque, cando en 1949 Filgueira Valverde e Sánchez Cantón, entre outros, crean a Editorial Bibliófilos Gallegos[10], no seu terceiro ano programan un monumental refraneiro e conségueno en 1954 coa obra monumental de Vicente Llópiz Méndez; pero naqueles anos a venda de semellante obra de cultura popular é problemática, tanto que cincuenta anos despois aínda está inédita. Cando en 1950 Del Riego, Piñeiro, Otero, García-Sabell e demais amigos crean Galaxia teñen unha visión distinta das prioridades editoriais da lingua galega; pero en 1972 o catálogo de Galaxia xa cubriu certas necesidades básicas: xa está consolidada a revista *Grial*, xa hai un dicionario enciclopédico, xa hai unha respectable obra de creación en prosa e verso e no mercado empezan a aparecer libros científicos en galego. Quizais non se quería empezar por dar unha imaxe de lingua rural.

4. CANTIGUEIRO VIVO

Repetidas veces alude X. Lorenzo á autenticidade do CPLB. Recoñece que tal cantiga tamén se recolleu noutro lugar de Galicia (mesmo que na Limia tamén se cantan as mesmas cantigas doutros lugares[11]) pero positivamente exclúe as que lle consta que a xente aprendeu oíndoas na Radio, aínda que for de Coros galegos. Estas considéraas "ilexítimas, tanto na letra como na música" (CPLB:9-10).

Xaquín Lorenzo sorprende o nacemento dalgunhas cantigas. Así, daquel fistor do XIX coñecido como Manxor, que era das Quintas (Lobeira) "cóntase que ía unha noite de camiño, cantando, como tiña de costume. Un veciño atopouse coíl e díxolle: 'Seica

vas contente, Manxor, que moito cantas'. E o noso fistor, sen deixar de cantar, contestoulle…" (CPLB:200,25) *Á entrada de Forcadas / por ti parei preguntando: / dixeron que estabas bo / por eso veño cantando*. (CPLB:31, c.52). Do mesmo xeito testemuña que en 1932 aínda pervivía a sona doutros fistores: o Palmela, de Lobios (1802-1878) (CPLB:214, 153; 225, 258; 249, 515) e mailo Cipigueira, tamén do século XIX (CPLB 226, 283).

Conta tamén no prólogo que no nadal de 1933 deulle pousada na súa casa de Lobeira ó filólogo alemán Hans Schneider e que os veciños que viñeron canta-los reises remataron, como adoitaban, improvisando unha cantiga de gabanza: *Nos días da miña vida / xa vin un cacho de pan; / que por moitos anos viva / o señorito alemán*. E Xaquín Lorenzo di que "antre o regocixo dos cantores e a súa ademiración, o Doctor Schneider improvisóu *Nos día da miña vida / xa pasei por unha feira; / que por moitos anos viva / a xentiña de Lobeira*" (CPLB:9).

Noutras notas conta como unha muller de San Xes de Lobeira, cando o cura lle preguntou na catequese o misterio da Encarnación, improvisou a c. 786 (*Diste meu peito saiu / unha palabra suave: / Misterio da Encarnación / solo o Padre Eterno o sabe*) (CPLB 226, 266; ou como outra muller improvisa: c. 216[12] ("Cantiga improvisada de diante de nós ao anunciarmos unha viaxe a iste porto") (CPLB 208, 89) ou c. 809[13] ("… esta cantiga foi improvisada dediante de nós coma remate de uns reises" (CPLB 227, 274) ou o retoque improvisado da c. 102 (CPLB 203, 47). Nalgúns casos a improvisación empeora un modelo que está na cabeza[14].

Con algunha frecuencia entra na técnica de creación de cantigas, a partir dun patrón[15]. Tal é, entre outros exemplos que dá, o primeiro verso da c. 1578 (*Nos días da miña vida / eu tamén gasto refaixo / i ainda volvo decer / que viva o barrio de baixo*) de uso frecuente nos desafíos (CPLB 249, 514). Pero non mo parece nalgún caso de cantiga erótica coma a 1620, a pesar de que el diga que os dous primeiros versos non parecen corresponder ós dous vv. seguintes (*O caravel foi ó río / foi pechado e veu aberto; / agora xa vou sabendo / que o teu cariño no-é certo*) (CPLB 251, 530)[16].

5. RIGOR NA RECOLLEITA

Hai algo que fala de seu: X. Lorenzo puido, e non quixo, agranda-lo seu *cantigueiro*. Con moita frecuencia cita cantigas galegas paralelas que el coñece e que, non só agrandarían o volume do cantigueiro, senón que mesmo farían máis acaído o seu comentario; pero non as inclúe coma se fosen recollidas na Limia senón que as deixa para as notas. Vexamos uns casos. Comentando a c. 730 (*Déixame un sitio, meniña, / déixame un sitio á túa beira, / que por moito que te mates / coma min no-hai quen te queira*) X. Lorenzo fala da picardía das mozas de levaren ós fiadeiros tallos onde se puidesen sentar dous, para que os mozos se sentasen ben par delas (CPLB 223, 237) e cita o paralelo *Si tu queres e eu*

quero, / nena da cara redonda, / si tu queres e eu quero / un banco ben nos abonda; víñalle moi ben pero non a dá como cantiga limiá. Do mesmo xeito, cando comenta a c. 1861 (*Para un irmau que teño, /para un irmau solteiro, / para un irmau que teño, / váiseme de mariñeiro*) di que noutras terras interiores de Galicia esta c. corre nesta versión e o da c. 1861 (*Para un irmau que teño, /solteiriño e por casar, / para un irmau que teño, / lévanmo de militar*) pero, como "na nosa comarca non temos ouvido [esta versión]" –di el–, tampouco a inclúe. De maneira semellante procede coas datas: antes de 1932 recolle a c., 2242, (*Subino por unha liña, /baixe[i]no por un cordón, / énchoche a boca de grilos, / tápocha de curazós*) na que o último verso é un mal eufemismo, porque posteriormente recolle estoutra variante *Eu subín por unha liña, / e baixei por un cordón, / tápoche a boca con merda, /e[n]chocha de cagallós 17*. Pero, como lle chega despois de 1932, non a introduce no corpo do cantigueiro. Este proceder é síntoma da autenticidade da súa colección.

6. XEOGRAFÍA E ONOMÁSTICA DO CANTIGUEIRO

6.1 Toponimia

Os topónimos e antropónimos que aparecen nas cantigas certifican tamén a autenticidade deste *Cantigueiro da Limia Baixa*. Vexamos. O río Limia nace en Sarreaus e percorre os concellos de Xinzo de Limia, Rairiz de Veiga, Porqueira, Bande, Muíños, Lobeira, Entrimo e Lobios e despois entra en Portugal para encontra-lo Atlántico en Viana do Castelo.

A comarca natural da Limia colle o seu nome deste río. Tradicionalmente divídese en Limia alta (a da cabeceira do río) e Limia Baixa (o curso medio deste río). A actual organización en comarcas considera Limia Baixa os concellos de Bande, Muíños, Lobeira, Entrimo e Lobios e englobou na Limia Alta os concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio e Xinzo de Limia.

Para Xaquín Lorenzo a Limia Baixa empeza na Ponte Liñares[18] polo norte e nos montes de Baltar polo nacente, mentres que polo sur e o poñente estrema con Portugal pero engádelle o val do Salas, afluente do Limia (CPLB:7),

Aínda que no propio CPLB o autor ofrece un índice toponímico[19], non indica en qué cantigas aparecen tales topónimos. Quero compensalo ofrecéndolle aquí ó lector interesado eses topónimos coa referencia das correspondentes cantigas. *Aceredo* (*Lobios)* (2069, 2070); *Amarante* (2093); *Anamán* (976); *Andalucía* (1464); *Antas, costa das* (1732); *Arcade* (246)[20]; *Asturias* (461); *Badiña* (1370); *Baldemir* (v. *Valdemir); Bande* (194, 2477, 2492, 2493, 2494); *Baño* (1636); *Baños* (*Bande)* (24); *Barca* [Ponte da, Portugal] (2286); *Belén* (473, 2098); *Benavente* (716); *Bixa* (1129); *Bos Aires* (2263); *Bouzás* (*Entrimo)* (23); *Braga* (125, 1047, 1051); *Brasil* (434, 2182, 2352); *Cabaleiros* (*Lobei-*

ra) (1687); *Cadós* (*Bande)* (1418); *Calvos* (*¿?*) (1759); *Calvos* (*Bande)* (26, 305, 359, 347, 2495); *Calvos de Randín* (344, 347, 348, 359, 2477, 2496); *Canle* (*Lobeira)* (438, 439); *Canle, A* (*Lobeira)* (1681); *Carballal, O* (680); *Carballiño, O* (1609, 1611); *Casal de Alén* (*Entrimo)* (367); *Castilla* (716, 968, 1194, 1276, 1464, 1487, 1818, 1857); *Castro* (1109, 1108, 1530); *Cebreiro (Calvos de Randín)* (1873); *Celanova* (1612, 2469); *Cenderiz (Lobeira)* [hoxe *Senderiz*](2288); *Cimadevila* (*Lobios)* (2286); *Codesal, O (Lobeira)* (1828); *Corgo, O* (*Lobios)* (1685); *Cortegada* (2007); *Cortiñal (Lobeira)* (124); *Coruña, A* (2191, 2497); *Corvelle* (*Bande)* (26, 351, 2495); *Couso (Muíños)* (424); *Couto, O* (1947); *Cruceiro de Herbán (Quintela de Leirado)* (1821); *Cruz de Ferro* (*Portela de Padornelo)* (1745, 1818); *Cuba* (568, 745, 1195); *Chaos* (*¿Lobeira / Bande?)* (1686); *Chaus* (*Lobeira)* (811); *Entrimo* (28, 29, 202, 349, 2103, 2104, 2105, 2106, 2167); *España* (353); *Extremadura* (1150); *Facós* (*Lobeira)* (197, 31, 219, 351, 353, 354, 791, 790, 811, 842, 843, 1100, 1101, 1162, 1400) 1460, 1468, 1469, 1470, 1471, 1782, 1798, 1856, 1857, 1996, 2101, 2235, 2520); *Feira Nova, A*[21] (*¿Entrimo/Bande?)* (1773, 2450); *Ferrol* (494); *Flandes* (1816); *Fontarcada (Xinzo)* (305); *Forcadas* (*Bande)* (51, 608, 609, 2285); *Fradalvite* (*Lobeira)* (1495, 1496); *Fraga, A* (*Lobeira)* (26, 2495); *Francia* (1812); *Gaiás* (*Lobeira)* (355, 356, 509, 525, 1100, 1101 1622, 1799 1800); *Galez* (*Entrimo)* (29); *Galicia* (453, 642, 844, 1058, 1057, 1059, 1464, 1576, 2107, 2235, 2328, 2329, 2489, 2497); *Ganceiros* (*Lobios)* (1020); *Guxinde (Entrimo)* (743); *Granada* (1121, 1316); *Granxa, A* (*Bande)* (2477); *Grou (¿Lobeira / Lobios?)* 282, 1074, 2119, 2177; *Grou* (*Lobeira)* (438, 439, 443); *Grou* (*Lobios)* 1066, 2102; *Gudiña, A* (1650, 1745); *Gustós* (454); *Guxinde* (*Entrimo)* (1472, 1473); *Habana, A* (89 2267 494 2266 2427); *Illa, A* (*Entrimo / Lobios)* (196); *India* (10); *Lantemil* (*Entrimo)* (2222); *Leboreiro, Serra do* (1135); *León* (945); *Lisboa* (734, 2181); *Lobeira* (141, 30, 361, 360, 609, 845, 922, 1102, 1105, 1155, 1156, 1157, 1159, 1160, 1161, 1393, 1422, 1461, 1498, 1555, 1588, 1635, 1740, 1754, 1966, 2027, 2102, 2104, 2106, 2219, 2240, 2288, 2435, 2498, 2499, 2517); *Lobios* (1105, 2178, 2179); *Lubeira* (1158, 2028); *Lugo* (2497); *Martiñá* (*Bande)* (1650); *Maus, As* (*Bande)* (346, 454); *Meás* (*Lobeira)* (124, 2101); *Meaus* (*Baltar)* (454); *Molar (V. Moar); Moar* (1909); *Montaña, A* (2285, 2286, 2287); *Monterrei* (724, 801, 803, 1745); *Monterroso* (*Lugo)* (2219, 2220); *Nigueiroá* (*Bande)* (15, 2255); *Nogueira* (*Lobeira)* (443, 609, 855, 1754); *Nogueiras* (*Calvos de Randín*[22]*)* (744); *Olivada* (¿Portugal?) (1873); *Ourense* (679, 716, 1047, 1866, 1867 2017, 2018, 2497); *Outeiro (Entrimo)* (1844); *Outeiro* (*¿Bande, Lobios?)* (13, 40, 41,300); *Outeiro, O* (*Calvos de Randín)* (743, 744[23]); *Pacín, río* (2222); *Padroso* (*Calvos de Randín)* (362, 363, 364, 1873); *Padua* (2094); *Parada* (*Lobeira)* (26, 1054, 1105, 1782, 2495); *Paradela* (*¿Porqueira /Calvos de Randín?)* (1773, 1675); *Pazo, O* (*Bande)* (850); *Pedra de Anamán* (penedo na Serra do Leboreiro) (1820); *Peneda, A (Portugal)* (674, 975, 1109, 1367, 1368, 1366, 1369, 1370, 1371, 1372, 1373, 1374, 1375, 1376, 1378, 1365); *Penedo, O (Facós, Lobeira)* (1835); *Pereira, A (Entrimo)* (1201); *Picouto, O (Serra do Leboreiro)* (2235); *Ponte (Liñares), (Bande)* (1133); *Ponte*

Pedriña, A (Bande) (1869, 1871, 1872, 1870); *Pontevedra* (2497); *Porqueirós* (*Muíños)* (424); *Porta , río de* (2069, 2070); *Portela, A*[24] (*¿de Pitóns/ do Home?*) 238, 244, 641, 1625, 1626, 1627); *Porto (Portugal)* (1051, 2130); *Portugal* (675, 325, 453, 750, 751, 2107); *Pousa* (*¿?*[25]) (246); *Queguas* (*Entrimo)* (1684); *Quenguas* (*Entrimo)* (1493); *Quintas* (*Lobeira)* (26, 2495); *Quintas, As* (*Lobios)* (274,1492) *Quintas, As* (*Lobeira);* (423, 842, 1054, 1682, 1683, 1782, 1828, 1856, 2346); *Quintela* (*Bande / Lobios)* (850); *Ramallosa, A (¿Arousa?)* (1977); *Rebolar (Lobeira)* (1909); *Recarei* (*Bande)* (194, 805, 1108, 2020, 2477, 2494); *Requeixo* (*Lobios)* (365, 1054, 1476, 1477, 1478, 2232, 2233, 2503); *Riba de Mouro (Lobios)* (1377); *Ribadavia* (1609, 1611, 1612); *Ribadeo* (1718); *Ribas* (*Bande)* (839, 1494); **Ribero, El* (1857); *Río Limia* (612); *Rioseco* (*Calvos de Randín)* (297); *Rubiás* (*Bande / Calvos de Randín)* (1102, 2102); *Ruega (¿?)*(849); *Sabariz* ver *Zabariz*; *Salamanca* (135, 1731, 2444); *Salvaterra* (2479); *San Martiño* (*Lobeira)* (2549); *San Xes* (*Lobeira)* (1635,1897); *Santa Baia* (*Lobeira)* (17, 423, 843, 850, 1498, 1497, 1501, 1588, 1688, 1682, 1683, 1856, 2099, 2100, 2101, 2495); *Santa Comba* (*Bande)* (961, 2102); *Santa Cruz (Lobeira)* (1119); *Santiago* (513, 929, 1217, 2582); *Santo, O*[26] (372); *Sarreaus* (*Bande)* (2477); *Senderiz* (v. *Cenderiz); Silvares (Bande)* (206) *Silvares (Bande/Lobios)* (366, 1138, 2494); *Sobreira, A (Entrimo)* (1379); *Souto* (*Lobeira)* (443, 855); *Taboazas* (*Lobeira)* (26); *Talavera* (2436); *Terrachán, A* (*Entrimo)* (397, 1844); *Torneiros(Lobeira)* (47, 439, 2543, 2377); *Toural* (*Lobeira)*[27] (48); *Valdemir* (*Lobeira)* (123, 438, 439, 2371, 2377); *Valencia* (856, 1812); *Valoiro* (*Lobios)* (368); *Val, O (Lobios)* (1380); *Veiga do Gorgodelo* (*Calvos de Randín)* (1959); *Véncias* (*Venceáns, Entrimo)* (849, 857); *Verín* (802); *Vigo* (216, 1045); *Vila* (*Calvos de Randín)* (268, 338, 1474, 1475); *Vilamaior* (2548); *Vilameá* (*Lobios)* (1386, 1577); *Vilanova* (371, 509, 966, 2479); *Vilar* (*Bande / Calvos de Randín)* (849); *Vileriño* (998, 2407, 2420 805, 1689, 1945, 2099); *Vila, A (Lobeira)* (417, 423, 842, 843, 1996, 2099); *Vila, A (Lobeira/Lobios)* (1075); *Villaviciosa* (1753); *Viso, Monte do* (1392, 1393, 1394, 1395, 1574, 1575, 1707, 2099, 2240, 2487); *Xeás* (*Lobios)* (509); *Xendive* (*Lobios)* (612, 789, 1066, 1530); *Xurés, Serra do* (53, 977, 1032, 1381, 1380, 1382, 1383, 1384, 1385, 1387, 1388, 1386, 1389, 1391, 1390, 1577); *Zabariz* (*Lobeira)* (962, 963, 1648, 1690, 2377, 2543); *Zaragoza* (*?)* (419).

Como se ve, a maior parte das referencias toponímicas son galegas, da Limia Baixa e máis concretamente do concello de Lobeira (161, se non contei mal), seguido dos de Lobios e Bande. Pero hai algunhas do resto de España, de Portugal (maiormente do territorio limítrofe coa Limia Baixa) e de Sudamérica.

Hai algunhas referencias malas de localizar pero nisto é de xustiza recoñecer dúas cousas. Unha, que el dá no seu mentado *índice toponímico* (CPLB 287-296) datos moi precisos de case todos. Outra, que en 1973, data da edición (e moito menos en 1932), ninguén dispoñía da cartografía detallada de Galicia que hoxe temos nin era doado acceder a un nomenclátor civil e eclesiástico completo de Galicia e a este feito hai que atribuí-los desaxustes frecuentes en traballos desa época, que, comparativamente, en X.

Lorenzo tampouco son tan numerosos nin tan relevantes como adoitan ser noutros escritores da época.

Iso explica algunhas diferenzas co Nomenclátor actual. X. Lorenzo di *Cenderiz,* que hoxe figura como *Senderiz*; e di *Zabariz,* hoxe *Sabariz;* e *Valdemir* (Lobeira, cs 438-9; CPLB 295), hoxe *Baldemir;* e *A Molar* da c. 1909 (*Paxaro que vas voando /por riba do Rebolar, /dille ás mociñas que veñan /pousarse eiquí, á Molar*), hoxe *Moar.* Con dous topónimos é algo belixerante: *Vencias e A Terrachán*. De *Vencias*, hoxe *Venceáns /Venceás* escribe que "Anque oficialmente figura esta parroquia co nome de Venceás, o certo é que os indíxenas chámanlle Vencias" (CPLB 227, 285). A cantiga é: *En Ruegas canta o cuco, / en Vilar a cabra vella, / en Véncias cantan os anxos, / que é a flor da nosa terra.* E no índice toponímico (CPLB 195) reitera: "Anque o nome real é o que queda rexistrado [Véncias], o Nomenclátor oficial mudoullo en Venseás" (sic). O outro topónimo é *A Terrachán* (coma tal CPLB 295), forma que el usa sempre, porque rima con *pan* na c. 1844 (*Outeiro, tú estás no alto, / non te ve a Terrachán; / tú es máis frío ca ela, / pero dás ben millor pan*) e afirma que dende 1893 é parroquia: no *Nomenclátor,* en cambio, figura como *A Terrachá* e como lugar da parroquia de Entrimo. Caso distinto é cando atribúe un lugar a un concello limítrofe (*Paradela* a Xinzo, sendo de Porqueira; *O Valoiro* a Lobeira, sendo de Lobios).

Algúns dos lugares que aparecen nestas cantigas, hoxe parecen desaparecidos, coma *A Feira Nova* (Entrimo; c. 1773; CPLB 289); *A Ponte Pedriña* (ponte romana preto de Santa Comba de Bande... "hoxe está lastimosamente asolagada por un embalse hidroeléctrico" CPLB 292); *Gustós* ("lugarciño perto de Calvos de Randín"; c. 454 CPLB 290). *Silvares* da c. 206[28] non existe hoxe en Bande; *A Veiga de Gorgodelo,* do que el di que era un conxunto de herdades onda Calvos de Randín e engade "hoxe xa perderon ese nome" (CPLB 262, 649). E hai dous lugares sen identificar: un é *Olivada* da c. 1873, pero tendo en conta que os outros dous que figuran na mesma cantiga (Padroso e Cebreiro) son de Calvos de Randín, é posible que sexa mesmo do outro lado da raia; o outro é *Ruega* da c.849. En cambio, hai un lugar que ten varios nomes: *Riba de Mouro* (c. 1377), que en CPLB 294 é *Ribas de Mouro,* e que é o outro nome de *Ribas de Araúxo* (Lobios).

Xocas lembra (CPLB 210, 109) que a Limia Baixa é montaña e que, polo tanto, o viño das vodas haino que ir buscar á ribeira, tal como aparece na c. 283 (*Áquile*[29] *que anda no baille, / áquile que entrou agora, / vaille a besta na ribeira / buscalo viño prá boda*). E, coma en tódolos cantigueiros, o terreo central aparece sempre ben tratado en relación ós limítrofes[30], non faltan as rivalidades internas[31].

6.2 Antroponimia

O número de antropónimos que figuran nas cantigas populares é sempre elevado e en certos casos son tamén un testemuño de autenticidade limiá. Quero ofrecelo aquí tamén con indicación do número da correspondente cantiga. *Adelaida* (20, 21); *Alber-*

to (2584); *Amaro* (1140); *Ana María* (1816); *Antonia* (744); *Antoniña* (236); *Antoniño* (237, 241, 242, 243, 244, 815, 1973, 2082 2090, 2091); *Antonio* (145, 238, 805, 1140, 1994, 2093, 2092, 2094, 2258); *Arcade* (246); *Arsenia* (320); *Baia* (1497, 1501, 1588, 1688, 1682, 1683, 1856 2099, 2100 2495); *Bartolomeu* (106, 206, 1173); *Belcebú* (152); *Benita* (449); *Benitiña* (660); *Benitiño* (450, 451, 2095, 2096, 2222); *Benito* (1140, 2177, 2175, 2176); *Bernabé* (246); *Camiliño* (2569n); *Camilo* (2569i, 2569c, 2569g); *Carlota* (246); *Carme* (210); *Carmela* (2569f, 2569a, 14, 568 1759, 2466); *Carmeliña* (2569h, 2569b, 2569m, 2569d); *Carmiña* (793, 792, 571, 569, 570, 1843, 2003, 2247 2466); *Carmo* (2485, 2488); *Carolina* (444, 572); *Catelina* (2558); *Cateliña* (773); *Catuxa* (2559n, 2573n, 2573c, 600, 601, 602, 1911, 2316, 2347); *Catuxiña* (2573i, 2573e, 2573a, 2573o, 445, 603, 604, 2236); *Cesáreo* (1768); *Cipigueira* (835); *Clara* (70); *Comba* (961, 2102); *Concepción* (660, 2314); *Constantino da Tomasa* (1965); *Cristelina* (520, 521, 522, 1120); *Cristina* (855); *Cristo* (250, 510, 716, 969, 1421); *Directorio* (780); *Domingos* (1706); *Elisa* (1496); *Encarnación* (841); *Engracia* (1731); *Eufemia* (1054, 1105, 1782, 2097); *Farruca* (54, 1036, 2572e, 2065); *Farruco* (153); *Farruquiña* (1925); *Farruquiño* (1037, 2511); *Fermín* (2384); *Ferranchina, A* (2542); *Filomena* (2130); *Fiz* (2137); *Francisco* (744, 1964, 2436, 2462); *Gracia* (1731); *Inesiña* (2518); *Isabel* (1144, 2111); *Isidro* (2097); *Josefa* (105, 121); *Larazo* (930); *Lilaina* (2532); *Lilaira* (2532); *Lola* (576); *Lorenzo* (1782); *Lourenzo* (1054); *Lucía* (401, 805, 1229, 1708, 2048, 2170, 2171, 2172, 2173); *Lucía* (); *Luísa* (2235, 828); *Luisiña* (1163, 2581); *Madanela* (2582); *Mamede* (1066); *Manoel* (95, 520, 600, 875 1030, 1068, 1073 1181, 1185, 1186, 1187, 1188, 1189, 1190, 1191, 1192, 1193, 1279, 1470, 1698, 1699, 1765, 1771, 1811, 1994, 2001, 2051, 2111, 2258, 2296, 2303, 2403, 2534); *Manoela* (2004, 2360); *Manoele* (145); *Manoeliña* (34); *Manoeliño* (1183, 1182, 1184, 1369, 1717); *Manola* (1447); *María* (2581, 2558k, 2251, 142, 4, 2581, 493, 904, 1145, 1202, 1197, 1200, 1198, 1199, 1201, 1747, 1772, 1660, 1729, 1902, 1912, 1913, 2098, 2104, 2105, 2103, 2106, 2167, 2169, 2235, 2252, 2403, 2582); *María Antonia* (1196); *María da Carreira* (1908); *María Susana* (1203); *María Xoana* (684); *Marica* (2360); *Maripepa da Rasela* (125); *Mariquiña* (1207, 143, 147 1205, 1206); *Mariquiño* (143); *Marta* (2104, 2106); *Martiño* (2549); *Maruxa* (19, 76, 77, 80, 78, 79, 768, 927, 1077, 1079, 1215, 1216, 1217, 1218, 1219, 1220, 1916, 2004); *Maruxiña* (2563, 144, 145, 188, 431, 442, 455, 689, 880, 1031, 1107, 1221, 1224, 1225, 1222, 1223, 1226, 1227, 1228, 1230, 1229, 1231, 1232, 1235, 1233, 1234, 1236, 1240, 1241, 1242, 1869, 2209, 2383, 2382); *Matilde* (1243, 1447); *Miguel* (510, 1144); *Palmela* (773); *Pedro* (1985, 1987, 560, 679, 1421, 1463, 1542); *Pepe* (1729, 1946, 1994, 2366, 2581); *Pepiño* (256, 237, 478, 1947); *Pilar* (2560q, 2560r); *Pousa* (246); *Ramón* (14, 1769); *Ramona* (2319); *Ramonciño de Calvos* (1759); *Roque* (1105, 1312, 1774, 1971, 2178, 2179); *Rosa* (407, 591 713, 1633, 2073, 2074); *Rosa da Fachesa* (1474); *Rosiña* (2584, 856, 1080, 1106, 1546, 1849, 2075, 2076, 2077, 2385, 2584); *Rufina* (2585, 2585, 2585, 2585); *Sabela* (1988); *Santelo* (6);

Santiago (445, 929, 1217, 2107, 2108, 2582); *Santiaguiño* (513); *Sara* (327, 102, 103, 104); *Serafín* (867); *Silvestre* (2572d); *Soidade* (2428); *Taranara* (182); *Teresa* (691); *Tupina do Rixón* (417, 1608); *Tutaitinas, O* (1163); *Vicente* (510); *Xan* (2573m, 2573d, 2573b, 1985, 1987, 54, 368, 1068, 2137, 2530); *Xan Guindán* (2586); *Xan Manoel* (1446); *Xancebás* (991); *Xanciño* (2573ñ, 2559ñ, 2573h); *Xermán* (831); *Xerónima* (2581); *Xesucristo* (1395, 2111); *Xesús* (634, 2558k, 107, 108, 2574, 904, 974, 2541, 2582); *Xoán* (725, 780, 789, 2111); *Xoana* (605, 2586); *Xoquín* (462, 1849); *Xosé* (2098, 2558k); *Xuliano* (2542).

Aparecen outras denominacións antroponímicas. Na c. 612 (*Chamáchesme dos da néboa / porque paso o río Limia; / eu chámoche porreteiro, / ceboleiro de Xendive*) e en 218, 197 anota que os do val do Limia son coñecidos como *os da néboa*, polas brétemas que provoca o Limia, mentres que os de Xendive corren como *ceboleiros*. Os do *birrete bermello* da c. 1378 (*Miña Virxe da Peneda, / vín acá, non teño medo; / veño ben acompañada / dos do birrete bermello*) son os portugueses, polo barrete semellante ó dos *pagesos* cataláns e X. Lorenzo di en presente "que usan os de estas fronteiras" (CPLB 243, 447), cousa que hoxe xa é unha noticia histórica.

7. DOUS TIPOS DE ERUDICIÓN

Non vou dicir que Xaquín Lorenzo fose un erudito, do estilo de Risco ou Otero Pedrayo, capaces de elaboraren unha teoría orixinal sobre un material recollido. Os que coñeceron a Xocas (e el mesmo) sinalan que o seu irmán Xurxo, prematuramente falecido, era desoutro estilo, máis brillante. Pero Xaquín foi indiscutiblemente un traballador incansable, un arrecadadador e organizador de datos miúdos que, debidamente ordenados, constitúen un tesouro. Cando un corpus de datos é rico e está ben ordenado tampouco se precisan grandes teorizadores, porque o conxunto fala en por si. Nunha cadea de produción (mesmo de produción cultural) tódolos traballadores fan un traballo indispensable.

Hai dous tipos de erudición neste *Cantigueiro*. En primeiro lugar, a literaria. Nos paralelos e glosas cita a Airas Nunes (CPLB 210, 112), Marqués de Santillana (CPLB 217, 185), Rosalía (CPLB 202, 44; 210, 110), Cervantes (c. 702; 223, 227), Quevedo (CPLB 215, 166), Lope de Vega (218, 199; 221, 212), Tirso de Molina (CPLB 231, 318; 238, 394); Lope de Rueda (242, 433), San Xoán da Cruz (CPLB 245, 462), Teresa de Xesús (CPLB 273, 759), Calderón de la Barca (CPLB 258, 607), Jorge Manrique (PPLB 263, 662). Dos lugares galegos cita preferentemente Arousa e Ribeiras do Tea (por Bouza Brey), Muros (por Fabeiro), Borneiro (por experiencia persoal: ns. 71). Dos lugares portugueses, ademais do xenérico Portugal, cita moito Arouca, S. Simão de Novais, Monte Córdova, Minho, Viana do Castelo, Celorico de Basto, Barcelos. E tamén o *Cancioeiro de Évora* do s. XVI (CPLB 242, 426). Dos lugares de lingua castelá, ademais do xenéri-

co Castela, cita Salamanca, Santander, Valladolid, Murcia, Extremadura, Aragón (221, 213). No ámbito catalán cita Baleares (CPLB 250, 525). Tamén cita con algunha frecuencia paralelos asturianos. E da América cita preferentemente Arxentina, Chile, México, Cuba e Brasil. Este tipo de erudición pode ser emprestada e el non só non agacha as súas fontes, como se ve na bibliografía, senón que mesmo afirma, como dixen na n. 4, de onde tira as citas e paralelos.

Pero hai outro tipo de erudición que lle é propia. Tal como cando sinala o autor dunha cantiga, polo feito insólito de que unha cantiga popular, polo tanto anónima, teña autor coñecido. Así, di que é do fistor Manxor, das Quintas (Lobeira) a c. 51; ou de Lamas Carvajal (CPLB:217, 192) a cant. 591 *Casou Rosa cun mociño*, aínda que os actuales cantores iñoren esta orixe; ou cando lembra que Rosalía de Castro a glosou ou utilizou tal cantiga: así coa c. 97 (CPLB 202, 44); c. 286(210, 110); c. 533 (216, 177), c. 546 (217, 181), c. 596 (218, 195), c. 680 (221, 220), c. 954 (230, 317), c. 1285 (241, 416), c. 1617 (CPLB 251, 529), c. 1714 (CPLB 254, 565), c. 1758 (CPLB 255, 577), c. 1602 (CPLB 250, 525), c. 1987 (CPLB 263, 659), c. 2092 (266, 694). O mesmo tipo de erudición, cando sinala onde e cando se recolleu, polo especial interese do dato, como é o caso da cantiga *Carmiña, Carmiña / xogaches ó fogol / e no medio do campo / metéronche un gol* (LORENZO 1973:59, c. 570); e dela di que a considera "unha das pirmeiras manifestacións deste deporte [o fútbol] neste campo" e que a recolleron el e mais Cuevillas en Calvos de Randín en 1928. Por certo, isto revela que este deporte tivo unha rápida difusión xa que entrou en Galicia pola Costa da Morte poucos anos antes, que inicialmente era palabra aguda (*fogol*) e que xa daquela os goles tiñan connotacións sexuais (CPLB:217, n.167).

7.1. Contactos culturais da Limia Baixa

Cando un se achega a unha terra cargada de personalidade coma a Limia Baixa, mesmo, como é o caso do material recollido neste Cantigueiro, antes de 1933, sen luz eléctrica, nin radio nin teléfono, coa actual rede de estradas en estado larvario de camiños de carro ou congostras, practicamente sen automóbil, percíbese con sorpresa pero con claridade que a xente se movía máis do que hoxe imaxinamos. Nesta Limia Baixa, que un diría pechada, falase moito das persoas, cousas e lugares máis próximos, coma Xinzo ou Verín, pero tamén se fala de Vigo, cántanse cantigas que mentan Verín, Ribadavia, Salvaterra, Santiago, Lugo, Ferrol, Ribadeo, a Arousa ou Pontevedra; hai un feixe delas da Virxe da Peneda en Portugal e de Braga, do Porto e de Lisboa; e algunha hai de León, de Salamanca, de Extremadura, de Valencia, de Granada e mesmo de Villaviciosa como as hai que mentan Bos Aires ou a Habana; e Cuba, Brasil, Flandes, Francia ou a India coma Portugal, España ou Galicia. A globalización quedaba lonxe pero a Limia Baixa non era un mundo hermeticamente pechado: chegaban as segas en España e Portugal, a emigración a Portugal e á América e o servizo do rei para faceren permeable a Limia e produ-

ci-la osmose. E a iso aínda lle hai que sumar ese fondo común que é o campesiño cristián europeo, que está aínda pouco estudado, polo menos entre nós.

7.1.1 Influencia da costa no interior de Galicia

En moitos casos as cantigas son comúns a toda Galicia ou a algún lugar concreto: X. Lorenzo está en condicións de afirmar nalgúns casos o influxo da costa no interior a través da comparanza do seu corpus co xa publicado de Arousa e Ponteareas (por Bouza Brey) ou de Muros (por Fabeiro): tal é o caso da c. 1977 (*Por ir ao baille / da Ramallosa, / por ir ao baille / perdín a moza*) que hai idéntica en Carril onde o seseo conseguiría rima consoante: *Ramallosa –mosa* (CPLB 263, 656). Por veces sinala expresamente que unha cantiga chegou á Limia Baixa, probablemente de cando os montañeses baixaban a toma-los baños, como é o caso da c. 1450 (*Na mar hai unha torre / e na torre unha ventana / e na ventana unha nena / que aos mariñeiros chama*) e engade a cita da c. 2464 que parece traída da Odisea. Tamén é o caso da c. 1861 (*Para un irmau que teño, /para un irmau solteiro, / para un irmau que teño, / váiseme de mariñeiro;* ou das cs. 1700 e 1701 (*O mar anda que desanda, / anda que desaparece; quén tén amores non dorme, / quén nonos ten, adoece. / / O mar dá bicos na area, / o orballo dá na flor; / se todo o que ama se bica, / dáme un bico meu amor*) (CPLB 253, 558). Que o planeta Venus na Limia Baixa se chame *estrela mariñeira* nas cs. 917-9 habería que anotalo tamén na lista destes influxos da costa no interior (CPLB 229, 305). Polo top. *Arcade* a c. 246 tamén debeu de chegar de fóra.

Pero é obvio que o pobo axeita cantigas alleas. Nalgúns casos as cantigas son tan xeitosas e teñen un topónimo que non afecta á rima, e iso permite atopalas por case toda Galicia: tal a c. 1492 (*No lugarciño das Quintas / amores hei de tomar, / á entrada óu á saída / ou no medio do lugar*) (CPLB 247, 488). Así a c. 1100 (*Hei de facer unha ponte / de peras e de fatós / para pasearen os mozos / de Gaiás para Facós*) que veu de fóra porque entre Facós e Gaiás non hai ningún río que precise ponte (CPLB 235, 357).

7.1.2 Contactos con Portugal

Algunha vez sinala as importacións de Portugal (c. 1661), que por veces son detectables en que na outra lingua riman, tal é o caso da c. 690 (*Rosa blanca, sete abriles, / ábrete na miña mau, / que se abres na mau de outro/ ou serás miña ou non*) na que *mão* rimaría mellor con *não* do que *mau* con *non* (CPLB 266, 690)[32] e, en menor medida, a c. 79 (*Estreliña encantadora, / roubadora dos meus *maes, / quíxenme casar contigo, / non me deixaron teus pais*). Tamén a c. 662 (*Con os paxaros do campo / eu me quero comparar: ando vestido de penas / e ando sempre a cantar*) porque considera que o significado "plumas" da palabra *penas* é exclusivamente portugués e, se cadra, ten razón, porque non está moi recollido nos dicionarios galegos, aínda que temos temos *penacho e penuxe* (CPLB 221, 214). O estraño é a non contracción *con os* (por *cos*) pero o xogo coa polisemia da palabra *penas* arrequece moito a mensaxe da cantiga[33].

7.1.3 Contactos con Castela

Contactos, non influencia unidireccional. A influencia castelá vese na c. 1158 (*Lubeiriña ten a fama / de bo viño i augardente, / de las rapazas bonitas / y de los hombres valientes*) hai dous versos enteiros en castelán e ademais o propio X. Lorenzo recoñece que Lobeira non é terra de viño, e que sendo montaña a Limia Baixa, o viño das vodas haino que ir buscar á ribeira (CPLB 210, 109), tal como aparece na c. 283. Pero o mesmo fan fóra de Galicia, como el sinala nesta cantiga recollida en Salamanca (*Marusiña ponte tiesa, / que te vienen a pedir. / Yo bien tiesiña me pongo / pero no los veo venir* (CPLB 237-8, 391). Por veces o influxo do castelán redúcese a unha palabra que resulta xeitosa para a rima[34] coma na c. 2004 (*Para querer ben, as Maruxas, / para cantar ben, as Manoelas; / vivan tódalas mociñas, / que unhas i outras son *boenas*), ou na c. 2042 (*Quen ten amores ten pena, / eu tameno considero; / eu, como taménos teño / da mesma pena *me muero*) e neses casos el tende a consideralas traducidas do castelán, imperfectamente porque a rima non se conseguíu (CPLB 265, 682; 270, 740; 271, 749; 276, 811). Outras veces na presenza dunha realidades inexistente en Galicia. Así na c. 759, cantiga de casamento, (*Despídete, queridiña, / da casiña dos teus pais, / que esta é a última noite / que nela solteira estás*) X. Lorenzo considéraa importada porque na Limia non se coñece tal costume de marcha-la filla da casa dos pais; ou na c. 1643 (*O día que me casei / coidaba que ía prá gloria; / cantas voltas dá o mundo, / dá máis voltas que unha noria!*) porque as norias foron e son totalmente descoñecidas nesta comarca. Esta importación por veces é discutible, coma cando a basea na afirmación de que en Galicia non hai esquíos (2335: CPLB 275, 778) ou en que un certo culto, coma o da Virxe da Soedade, apenas se atopa no noso campo (CPLB 276, 805) ou que na Limia non se utiliza a faca (CPLB 278, 834).

Por certo, Xaquín Lorenzo expresa a súa sorpresa porque do castelán o pobo galego adopta o de menos valor.

"O noso pobo, poeta por natureza, ten un outo senso da beleza que se revela nas súas composicións. Iste senso poético falla, en troques, cando se trata de faguer un xuicio encol das cantigas alleas i escolle para traducir á súa lingua as máis prosaicas e insulsas. Somentes acerta cando non precisan traducción, coma socede coas do resto de Galicia ou coas portuguesas" (CPLB 21).

E reitera a "falla de senso crítico antre os nosos campesiños para escoller no cancioneiro alleo" (CPLB 259, 624) . Así considera de mal gusto no autor, no importador e no tradutor a c. 1895 (*Pasei polo cementerio / e pisei un oso frío / y me respondió mi padre: / "Que me pisas, hijo mío"*) ou da c. 1683 (*O lugarciño das Quintas / parez unha *sepoltura, / en cambio o de Santa Baia / parez unha *escoltura*) (252, 549). Pero iso contradío cos numerosos casos de paralelos galego-castelán que el mesmo ofrece[35]. Un só caso: c. 1744 (*Ó pasala barca / díxenlle ao barqueiro: / 'As nenas bonitas / non pagan diñeiro'*) e nas notas dá case equivalente (*Al pasar la barca / me dijo el barquero: / -Las niñas bonitas / no pagan dinero*) (CPLB 254, 572).

7.2. Noticias etnográficas

Este é o terreo no que X. Lorenzo fala con autoridade e sen bibliografía. A súa condición de profesor faille ver que, sendo o CPLB a voz dun pobo rural, os lectores novos e urbanos empezan a carecer de experiencia para entenderen os matices e as alusións de certas cantigas e, nalgúns casos, para non entenderen as cantigas de maneira disparatada. ¡Que lixeiros mudan os tempos e costumes! Na sociedade urbana de hoxe, que tanto estima o ser moreno e os grandes modistos, resulta difícil entender a teima que no cantigueiro hai contra as morenas, como direi en 7.2.4, e a baixa estima dos xastres (CPLB 270, 738). Por iso no CPLB toda cantiga que o precise leva a súa nota aclaratoria.

Xa é importante a descrición que fai no prólogo (CPLB 18-19) de cómo nacen e qué función e momento tiñan as cantigas de casamento, cando eran algo máis familiar e íntimo cós multitudinarios banquetes que hoxe a maior parte dos mozos e pais se senten obrigados a facer, quizais para esconxura-la atávica memoria galega da fame.

7.2.1 Os traballos

Abandonado ou minorizado o cultivo do liño, xa non todo o mundo sabe que a arriga do **liño** se fai no mes de abril e só así se entende a c. 308 (*Arrigai, arrigadeiras, / daille liño ós ripadores; / que xa veu a primaveira / i hei de tomar dos amores*) (CPLB 211, 119); nin que, despois de arrigado, ponse en feixes e estes lévanse a unha poza na que se teñen mergullados durante algún tempo (CPLB 227, 280) e mentres se enfeixa mozos e mozas troulean e só así se entenden a c. 1669 (*O liño queda na poza / i a bagaña no palleiro; / agora, miña meniña, / tocarémolo pandeiro*) e maila c. 832 (*Eih, señores ripadores, / chegados á Ramallosa, / polas trazas que vou vendo / non vai hoxe o liño á poza*). Detalles da elaboración do **fío**, coma o de molla-los dedos no cuspe ou en auga ou ter unha castaña na boca para provoca-la salivación, fan que se remonte ás fiandeiras de hai 1900 anos en Pompeia (CPLB 206-7, 72) para entede-la c. 148 (*A miña moza non fía, / que nona deixo eu fiár: / quero que garde a saliva / para me a min falar*). Tamén ofrece precisións verbo da *estopa* (213, 131), a **zaragoza** (214, 152); os **tomentos** (215, 164); a **chumbeira** (214, 148). Quen non saiba que a **criba do centeo** ten os buratos grandes, non pode catar lle chamen *cara de criba de centeo* a quen padeceu as vexigas e lle quedaron buratiños semellantes a eses na pel da cara: sen certos coñecementos do mundo rural boa parte da finura e fondura do cantigueiro pasa desapercibida como pura palabrería. Quen non saiba que "as pitas chocan todo o ano, mais no mes de xaneiro e febreiro é cando 'se deitan', é decer, cando se lles poñen os ovos para que críen" (CPLB 220, 202) non entenderá que a c. 621 diga *Chamáchesme pita choca / porque nacín en xaneiro; inda tú no-élo galo / que canta no meu poleiro*[36]. Quen non saiba que o **trobisco** é unha herba venenosa (CPLB 220, 205) non entenderá a c. 628 *Chamáchesme truvisqueira, / erba que o gado non come; / mais vale ser truvisqueira / que muller de malo home*. Hoxe son moitos os que xa non coñecen as saias de estopa, que son de máis dura pero de tecido máis groseiro (CPLB 213, 131).

A técnica, sorprendente para un urbano do século XXI, de "plastificar" as **eiras para mallar** sen que se perda un gran de trigo entre as areas, mediante un amoado de bosta e auga que se deixa cocer ó sol, aparece na c. 1546 (*Non te cases con Rosiña, / que é moza moi faladeira; / ponte, cando te non ve, / como a merdiña na eira*). O carácter solidario das mallas, nas que tódolos veciños se axudan gratuíta e reciprocamente, é o que explica a c. 1104 (*Hei de ir á túa seitura / hei de ir á túa segada, / hei de ir á túa seitura, / que a miña vai acabada)*. Tamén na **vendima** se creaban e cantaban cantigas (277, 823). Antes de que as cepas se cultivasen en parra ou en espaller, as **vides** poñíanse ó pé doutras árbores para que gabeasen por el arriba. Era o antigo sistema romano, ben documentado grafica e literariamente, que perdura no N. de Portugal e que entra algo na Limia, tal como aparece na c. 1379 (*Miña Virxe da Subreira / é amiga da goteira; / póñenlle o carballo á porta, / heille planta-la videira* (CPLB 243, 448). O *pau das culleres* é o **buxo** (CPLB 201, 40); pero de buxo ou de amieiro fanse tamén os santos (CPLB 268, 722). Coméntao verbo de cantigas que sorprendentemente tamén lle chaman pau das culleres ó piñeiro (*¡Ai, que piñeiro tan alto! / Ai, que pau ten para culleres / Ai, que homildes son os homes / cando van prónda as mulleres!*) (CPLB 34, 91).

7.2.2 Os xogos, os bailes e os instrumentos musicais

Unha cantiga condensa o que é un fiadeiro[37], e a c. 1446 (*Na corte de Xan Manoel / hai moitas mozas cantando: / unhas tascan, outras fían / i outras están asedando*) (CPLB 245, 472). Das fiadeiras conta a picardía de levaren tallos onde se puidesen sentar dous, para que os mozos se sentasen coelas (CPLB 223, 237).

O *ventoreiro*, un baile semellante á muiñeira que aínda vira bailar no 1932 pero que na hora de edición do CPLB "xa non se atopa por estas terras ninguén que o saiba beillar" (CPLB:255, n.576). O *baile da carrasquiña* (CPLB 250, 526), propio de rapaces e rapazas. O *xogo da roda*, propio dos fiadeiros, aparece nas cs. 193 (*Ande a roda, ande a roda, / ande a roda darredor; / canto máis a roda ande / máis lle quero ó meu amor*) e a 273 (*Aquile que anda beillando / baille ben e bote fora / que tamén queren beillar / aquiles que andan á roda*). O *xogo da laranxiña*, tamén propio dos fiadeiros, aparece nas cs. 1840-1 (*O toco da laranxiña / tiña sede e foi beber; / afonte estaba estiñada / e tívose que volver. // O toco da laranxiña / tiña sede e foi beber; / agora que estou no medio / son señora de escoller*).

A c. 263 menta o birimbau e isto dálle pé para anotar dous fraseoloxismos *O birimbau non che é gaita que é un ferriño que toca* e *estar tocando o birimbau* (CPLB 209, 103). Fala de que non sempre hai gaiteiro á man e nese caso os mozos botan man do birimbau (CPLB 227, 279) e as mozas botan man dos *ferriños*, unha sartén ou cazola que baten ritmicamente cunha chave ou as trébedes, que colgan dunha baraza, e bátenlle cun ferro calquera (CPLB 227, 284). O pandeiro aparece en moitas cantigas e nos cantigueiros doutras linguas (CPLB 236, 374); pode ser catro esquinas ou de seis, como di a c. 1853 (*Pandeiro de catro esquinas / ben pudera ser de seis / ben pudera esta meniña / conmigo canta-*

-los reis), aínda que X. Lorenzo di que tamén pode ser triangular ou redondo pero o máis frecuente é o cadrado (CPLB 258, 610).

7.2.3 Os amores e as pelexas

As pelexas eran antes moi frecuentes nas festas entre mozos de parroquias diferentes, moitas veces como forma de afirma-la propiedade das mozas da parroquia, e a isto alude a c. 1384 (*Miña Virxe do Xurés, / eu iste ano alá non vou / polo mor dos alborotos, / malia quénos armou* (CPLB 243, 450). Entre mozos existe unha forma de desafío que é o *vara-pau*: quen desafía fai cun pau un risco no chan para que o contrincante o pise e comeza-la loita (CPLB 267, 699). Nunha nota á c. 2092 (*San Antonio / daime un home / anque me mate / anque me esfole*) explica que nestas angueiras afectivas as mozas implican os santos, poñéndolles flores, luces e outros agasallos pero tamén meténdoos na auga, poñéndoos contra a parede ou apagándolle-las candeas (CPLB 266, 694)[38].

7.2.4 O ideal estético do mundo rural

Ideal estético: delgadiñas da cintura e alegres de corazón, coma na c. 354. Pero a gordura é sinal de riqueza, coma na c. 351 (*As mociñas de Corbelle / son pequenas e redondas; que vivan as de Facós / que son gordiñas e longas*).

Pola mesma razón que no mundo urbano, traballando todos á sombra, tendemos a te-la pel pálida e os que se poden permitir horas e días frecuentes de lecer tumbados na praia ou facendo deporte, e así estar moreno e índicio de boa vida, no mundo rural, en cambio, traballando todos ó ventimperio, tenden a te-la pel morena e estar branco é indicio de estar exento da dura vida no sector primario e estímase te-la pel branquiña, porque estar moreno é indicio de traballo proletario e mal pago no sector primario[39]. Unha das notas máis longas e eruditas motívaa a cuestión do desprestixio da color morena (hoxe, en cambio, tan cobizada) que se ve en cantigas coma a 608 (*Chabacana de Forcadas, / anque te laves e laves / eres negra de nación / e pouquerrechiño vales*) ou as que empezan *Chamáches-me moreniña* (cs. 613-617); a nota ábrese cunha expresiva cita bíblica, que demostra o vello que é o prexuízo, e vai seguindo por Juan de Chen, Lope de Vega ata percorre-lo cancioneiro galego, o portugués e mailo castelán (CPLB 218-219, 199); pero tanta abundancia de morenos por forza tiña que dar apoloxías: e así a c. 1414, gabanciosa para as morenas (*Moreniña ten que ser / a terra prós caravés / i a muller que eu hei querer / moreniña e con desdén*) (CPLB 244-5, 462) e mais na c. 1939 (*Pensas que por ser morena / xa me non quere ninguén; /moreno é o chiculate / e chúpanlle os dedos ben*). Outra nota estética aparece na afirmación de que as boas mozas adóitase comparalas cos piñeiros e coas cerdeiras e dío comentando a c. 1478 (*Niste lugar de Requeixo / no medio quero decer, / hai un piñeiriño verde / que alumea sen arder*) (247, 482). As mozas usan o tormentelo ou trementelo para poñeren fermoso o cabelo como di a c.1951 (*–Pigureira das ovellas, / con qué peinalo cabelo? /–Cunhas erbiñas do monte / que lle chaman tormentelo* (CPLB 262, 645).

7.2.5 Crenzas e supersticións

Crenzas arcaicas pero vivas daquela explican cantigas. Así a do tardo (demiño bulrón e trasno: CPLB 279, 860) explica unha versión do *Padre Nuestro pequeniño* (2578). Así a de que as bolboretas son mensaxeiras dos defuntos e ausentes (CPLB 341, 424) explica a c. 1314 (*Miña nai, do meu amor, / hoxe ou mañá terei carta / que vin unha volvoreta / na miña roca* pousada); e a de que revirando as tellas do aleiro do tellado de certas capelas ou casas conséguese virar e calma-lo vento (CPLB 213, 143) explica a c. 389 (*As tellas do teu tellado / están postas do revés; / se algunha vez che faltéi / agora eiquí me tes*); e a de que, baixando a Virxe do Xurés á parroquia de Riocaldo, no Val, conséguese que chova, explica a c. 1386 (*Miña Virxe do Xurés, / baixaivos ao areal / que lle leva o millo a seca / ás calaceiras do Val*) (CPLB 243, 449). Sorpréndeme, en cambio, que non anote a concepción circular da historia, de raíces pitagóricas, presente na a c. 1566 (*Non te rías de quen chora / que é cousa que Dios condena; / pode desandala roda / e collerte a mesma pena*). E a crenza de que a faldra fóra da camisa protexe das bruxas e Lorenzo explica que, "sen dúbida, pola semellanza coa alba dos sacerdotes" que lles chega ós pés[40]; encóntraa na c. 1472 (*Niste lugar de Guxinde, / ao pasar polas ladeiras, / pasade coa faldra fora / pola mor das feiticeiras*) (CPLB 247, 480); e a de que despois da medianoite andan ceibes as bruxas (CPLB 275, 787) explica a c. 2367 (*Tódolos que cantan ben /cantan deica a medianoite / i eu, como canto tan mal, /canto máis alá das doce*).Tamén se ten por mal sinal que chova e faga sol ó mesmo tempo o día da voda: na c. 1647 (*O dia que me eu casei / saiu o sol i orballou; válame o Dios do Ceo, / que mal casadiña vou*) e X. Lorenzo explica que, cando tal acontece, casa unha filla do demo. Non estou moi seguro, porque as correspondentes cantigas falan de que nesa circunstancia o demo azouta as mulleres[41] e no folclore bretón tamén se di que *emañ an diaoul o pilat e wreg* "o demo bate na súa muller" (MENARD 2000:47).

A progresiva laicización da sociedade está facendo que mesmo os eclesiásticos novos descoñezan as claves iconográficas que distinguen cada santo. E, non sabendo, por exemplo, que unha das dúas formas de representar san Miguel e como un soldado que ten baixo os pés un Satán cornudo (CPLB 213, 135) pódese entender mal a c. 367 (*As mociñas do Casal / cantan e poden cantar: / teñen un mozo con cornos / á entrada do lugar*), que, en realidade alude a unha capela cun San Miguel no lugar de Casal de Alén na parroquia da Terrachán[42]. E así outros costumes coma a existencia do Santo, de propiedade veciñal (CPLB 213, 136); ou o costume de abraza-lo Apóstolo Santiago na c. 1217 (CPLB 238, 393).

7.2.6 Medicina popular

Da medicina popular aparecen catro alusións: o chocolate para os enfermos terminais (CPLB 261, 638); o tormentelo para as dores de cabeza (CPLB 262, 645), a auga corrente para os ollos (265, 684), a malvela para as molestias do embarazo (CPLB 270, 735).

7.2.7 Precisións cronolóxicas

A todo isto habería que engadirlle o feito de que sempre que menta unha festa ten o coidado de indica-lo día en que se celebra. Non é un dato menor, como puidera parecer, xa que teño comprobado en máis dun caso que hai parroquias da Galicia rural que conservan datas de celebración que foron as oficiais do Calendario Hispánico e que mudaron á data actual cando Roma coa axuda dos cluniacenses conseguiu impoñer na península ibérica o rito romano e mailo seu calendario: son polo tanto esas datas aldeás, documentos cronolóxicos de evidente valor histórico.

7.3. Noticias históricas

7.3.1 Asuntos políticos ou militares

Sitúa historicamente certas cantigas. Tal é o caso do *Coto Real de Lobeira*¸ polo que, sendo lugar arraiano, os seus veciños estaban exentos do **servizo militar** e que aparece na c. 197 (*Á nosa Virxe do Viso / un favor lle vou pedir: / que os mociños de Facós / servir ó rei non han de ir*) (CPLB 207, 82). Noutra cantiga, a 1269, aparece a crítica ó feito de que daquela os ricos, pagando unha cantidade de diñeiro, libraban deste servizo (*Meu chalequiño de liño, / vámonos servir ao rei, / que os ricos loitan e quedan / i eu, como son probe, irei*) o que lle dá pé a X. Lorenzo para outra nota que vincula este servizo co insuficiente coidado da agricultura en Galicia. E, de actualidade ata a supresión do servizo obrigatorio, a c. 1827 (*Os soldados no coartele / cando limpan os fusiles / miran unhos para outros: "Cando nos veremos libres!"*).

A memoria da **invasión francesa** (CPLB 205, 62) aparece en cs. coma a 124 (*Alá van os granadeiros / polo Cortiñal arriba; / as mociñas de Meás / choran que parten a vida*). Pero sorprende que algunhas cs. ás que non se lles ve alusión á francesada (coma a 301) teñan o mesmo verso inicial (*Arriba, cabalo mouro*) ca outras castelás (*Sácame / Arriba, caballo moro*) que a aluden directamente (CPLB 211, 115).

Deixa constancia de **lugares asolagados.** Trala c. 30 (*Adios Baños, adios Baños, / adios Baños minerales; / eu déixoche o meu diñeiro / pero voume cos meus males*) (CPLB:30, 10) comenta que os tales *Baños minerales* están xa asolagados, xunto coa Ponte Pedriña, no encoro das Conchas e era San Xoán de Baños de Bande (CPLB:199, 10); e volve repetir que esa ponte romana preto de Santa Comba de Bande... "hoxe está lastimosamente asolagada por un embalse hidroeléctrico" CPLB 292).

Xa mentei a cantiga do **fútbol** en 7. Nas notas un paralelo pódelle suxeri-la necesidade dunha nova aclaración histórica. Tal acontece en CPLB 212, 127, onde, falando das *esfolladas*, onde se xoga co dobre senso de *esfollar*, encontra o paralelo da *espicha* e *espichar* e iso dálle pé a falar da espicha e a **presenza dos cataláns** no mundo mariñeiro galego.

7.3.2 Asuntos sociais

As **axitacións campesiñas** do primeiro terzo do século XX quedaron asentadas no cantigueiro (*Este pandeiro que toco / é de coiro de xuez / escribano…*) (CPLB 236, 375), e aquí na c. 1146 (*Este pandeiro que toco / por moito que o repenique / non teñas medo que o rompa / que é de coiro de cacique... é de coiro de xuez / …escribano…*). A loita contra os impostos (*Foi o 'consumo' un dos trabucos que pior recibiron os nosos campesiños*) (CPLB 241, 418) e que aflora nas c. 1292 (*Miña meniña da ialma, / ben sabes que eu presumo / que me hei de casar contigo / se é que baixan o consumo*) e sinala paralelos nas cs. 76, 1078, 1092.

Anota para a historia nomes de persoas que quedaron na memoria popular. Tal é o caso de Tomás das Congostras, un ladrón célebre no XIX que intentou roubar na reitoral de Lobeira cantando a c. 12 (*A canteira está ben dura / e témola de arrombar / iá ama do señor cura / 'la tenemos de matar*' (CPLB:29) mentres el e maila súa xente trataban de abrir un burato na parede pero o cura acordou e escorrentounos a tiros; pero, cando o cura foi para San Mamede de Grou, asaltouno outra vez e desta volta cortoulle as orellas dicindo *¡Eiquí non estamos en Lubeira, señor abade!* (CPLB:199, 6). Este Tomas polo visto era tan bo mozo que, cando en vista dos seus delitos a raíña de Portugal deu orde de capturalo e matalo, decapitárono e leváronlle a cabeza á raíña, e ela disque dixo que *¡Se soubera que era tan bo mozo, non o mandaba matar!* (CPLB 257, 598). Tamén é o caso dos gaiteiros da Gudiña e da Martiñá, sonados no comezo do século XX, que aparecen na c. 1650 (*O gaiteiro da Gudiña / e máis o da Martiñá / andan en pleito co vento / e non sei quen gañará*) (CPLB 252, 538).

O drama da **emigración**, co diñeiro emprestado para paga-la viaxe contra hipoteca dos bens que, remataba en quedar *case sempre o emigrante sen as terras que dera como garantía* (CPLB 224, 241) aparece na c. 745 (*Dende que fuches a Cuba / quéreste dar moito tono / e por malas lenguas sei / que o estás debendo todo*). A emigración aínda pode ter outro remate dramático: o rexeitamento se o emigrante volve con diñeiro e non segue sendo o de sempre, coma na c. 2201 (*se quixera mozo / tiña máis de ún, / pero de *pajilla / non quero ningún*) alusivo ó sombreiro de palla que traían algúns da América.

7.3.3 Oficios: sardiñeiros, arrieiros, segadores...

Describe o *trato do sardiñeiro*, que practicaba xente que no verán ía pola mañá cedo recolle-lo peixe á estación de Frieira (liña Vigo-Ourense), é dicir, 60 kms pola serra do Leboreiro entre ida e volta, para despois ilo vendendo polas aldeas, comentando a c. 62 (*Agora que me trocaches / has de ter moito diñeiro; heite de meter no trato, / no trato do sardiñeiro*) (CPLB 200, 29).

Fala do vello oficio dos arrieiros, hoxe substituído polo de camioneiros (CPLB 211, 117), cando comenta a c. 205 (*Arrieiros, os de Calvos, / que pasades pola estrada, / tende coidado coas bestas / no lugar de Fontarcada*); e da mala sona dos xastres (CPLB 270, 738).

Redacta tres longas e eruditas notas verbo da ida dos segadores galegos a Castela, a propósito da c. 135 (*A lua vai encuberta / con panos de seda blanca; / amores que ben me queren / traballan en Salamanca* (CPLB:36) e mais da 592 (*Castellano, castellano, / mal da terra non me fales; / olla que vivo de eiquí / se falas esí non sales*) (CPLB:61) e outra (CPLB:255) verbo de algo moi conexo coa sega, o paso pola Cruz de Ferro, onde os casteláns dicían que as galegas xuraban non volver como ían (é dicir, non volver castas senon "castillas"): faino para comenta-la c. 1745 (*Ó pasar a Cruz de Ferro / a Gudiña ben a sei / i agora voume chegando / aos aires de Monterrei*) (CPLB:122) que, en si mesma, xa é unha negación do mito castelán, porque menta a ditosa Cruz, como porta de regreso emocionado á terra galega. Nesa nota distingue a Cruz de Ferro de Foncebadón, pola que unicamente pasaban os que ían dende terras de Lugo e A Coruña, da outra Cruz da Portela de Padornelo, pola que pasaban os que ían do sur de Galicia e que, aínda que era monolítica, tamén acabou tendo o nome de Cruz de Ferro; e nesa ocasión anota tamén as rutas galegas da sega e o costume de facer milladoiros e deixar nesa cruz os fouciños gastados. (CPLB 255, 573). A sega reaparece coa c. 1219 (*Maruxa, se vás á sega / escríbeme do camiño; / se non topares papel, nas alas dun paxariño*) noutra nota sobre as mulleres *alugadas* (CPLB 238, 394).

Unha cantiga estraña, a 1506 (*Non chores meu pequeniño, / que a naiciña está a chegar; / foi pola fariña ao muíño / e teu pai foille asubiar*), fala de algo moi normal, cando non se coñecía a luz eléctrica nin as lanternas, o canto ou o asubío cando un tiña que andar de noite por camiños escuros entre árbores. O estraño é que a nai traia o saqueto da fariña e o home simplemente asubíe (CPLB 247, 491).

7.3.4 Unha fronteira permeable

Agora que a Unión Europea fixo desaparece-las fronteiras, desapareceu tamén a **ramboia**, ese comercio clandestino que permeaba a raia seca nas dúas direccións, a ramboia. Na Limia Baixa – di Xocas- *ten pouca importancia iste tráfico pero fálase moito nil* (CPLB 204, 57) e de feito aparece en diversas cs. (117, 1618, 2007, 2011, 2491, …) e ten un segundo significado "facerlle o amor ás mozas, cortexalas" (CPLB 209, 104) como aparece na c. 263 (*Á porta do fiadeiro / hai unha pedra redonda / onde se sentan os mozos / cando veñen de ramboia*). Con todo iso, recoñece que o contrabando de tabaco foi intenso por esta parte da raia, cando comenta a c. 2178 (*Señor San Roque de Lovios, / estanqueiro do tabaco, / dígame, señor San Roque, / queno meteu niste trato*) (CPLB 268, 722). Outra proba de que a raia xa era relativamente permeable son as **romaxes transfronteirizas**: vese nas cantigas que aluden á romaxe dos galegos á Virxe portuguesa da Peneda (cs. 1365-1378), no feito de que "á festa da Nosa Señora do Xurés veñen moitos romeiros de Portugal" (CPLB 244, 454) tal como se ve na c. 1390 (*Miña Virxe do Xurés, / ten unha ventana nova / para ver aos portugueses / cómo tocan a viola*); e en que "son correntes as mútuas visitas dos de Entrimo e Lovios e os da Ponte da Barca [Portugal] con motivo das festas de unha ou de outras das ditas localidades" (CPLB 292).

7.3.5 A Igrexa: rendas e algún servizo

X. Lorenzo sinala que algunha cantiga é testemuña de que de antigo algúns santos e santas de certas igrexas e capelas recibían en herdanza casas, fincas, muíños e que probablemente parte da produción (coma tal, de liño), o que explica que nalgunhas cs. se diga que tal Virxe *ten un tendel de meados* (c. 326) (CPLB 212, 124 e 244, 456).

Comentando a c. 1866, que fala da Ponte de Ourense, dá un antigo paralelo asturiano que aínda fala da barca de Ourense e lembra que o bispo don Lorenzo reconstruíu o arco central no s. XIV e que antes había dúas barcas, unha do concello (no lugar da ponte) e outra do cabido (no Portovello), aínda que posteriormente tivo que volver haber barcas en diferentes ocasións.

7.4 Notas lingüísticas

7.4.1 Gramaticais

¿Cantiga ou *cántiga?* X. Lorenzo toma partido xa na primeira nota (CPLB: 199, 1) polo paroxítono *cantiga* contra a opinión de Varela Silvari que prefería *cántiga* e apóiase en que esixe a forma paroxítona o metro de cantigas coma a 1507 (*Non hai cantiga no mundo / que non teña o seu refrán; / nunca niguén faga contas / senón do que ten na mau*) e maila 2141 (*Sei un saco de cantigas / se volas quero decer; / as máis delas son pedradas / para quenas queira entender*). Cita a autoridade de Manuel Rabanal e mesmo para o castelán do Arcipreste de Hita. Para min non lle falta razón, vendo os datos do *Tesouro Fraseolóxico Galego* do Centro Ramón Piñeiro onde temos 53 casos de *cantigas* por 14 *cántigas* e estes dubidosos [43]. Anota que na Limia *Vilariño* se pronuncia *Vileriño* (CPLB 232, 330) e que *Fontarcada* tamén corre como *Fontercada* (CPLB 289) e que o plural do substantivo feminino *meada* na Limia é anomalamente masculino (*os meados*) tal como aparece na c. 326 (*A Santa Virxe do Viso / ten un tendel de meados; / vente conmigo, meniña, / ó río ver de lavalos*) (CPLB 212, 124).

7.4.2 Léxicas

En canto ó léxico anota que que *apurriar* é o mesmo que *atutar ou aturuxar* (CPLB 266, 692); que *bixa* é "barrio" e que se usa tamén como topónimo (CPLB 236, 369) na c. 1129 (*Indo pola Bixa abaixo, / toda a xente me quer ben, / so a nai do meu amor / non sei que rabia me ten*); que *caixeiro* é "dependente dunha tenda, non necesariamento o cast. *Cajero*" (CPLB 247, 484); que *estriga* é a "porción de liño que se deluba de cada vez e que se conserva na mesma cantidade deica o intre de fiar" (CPLB 265, 674); que *morar* é "vivir na casa na que está a servir" na c. 2003 (*Para qué qués, Carmiña, / tanta gravedá, / tanta gravedá, / tanto presumir: / túa nai a morar, / teu pai a pedir*) (CPLB 264, 666); que *pírtiga* significa "fachendosa, presumida" na c. 1952 (*Pírtiga éo túa irmá / que eu ando ben sinxela / e teño mozos de sobra / e noivos á rangalleira*) e explica que alude á postura do pírtigo do

mallo cando se empina (CPLB 262, 646); que o *quinteiro* ou *quintairo* é "un anaco de camiño que queda dediante da casa e que se ten estrado con toxos para que a facenda os vaia curtindo prós convertir en esterco" (CPLB 244, 461); que *requear* é "entoar o Requiem" ou canto litúrxico de defuntos (CPLB 242, 438); e que *rifante* é "carniceiro".

Coma se quixer facilita-lo labor dos neofalantes, ofrece o recurso de aprende-lo uso do *te* e mailo *che* aplicados ó verbo *querer* e por iso fai reparar na c. 1003 (*Eu querer quérote ben, / nono dou a declarar, / que che non quero dar pena / nin ó mundo qué falar*) (CPLB 232, 331).

7.4.3 Fraseolóxicas

Non faltan as anotacións de tipo fraseolóxico: *fillo de palleiro* (CPLB 214, 146), *rolda da iauga* (CPLB 243, 444), *aire de abaixo* (CPLB 249, 517), *cara de criba de centeo* (c. 489), *libro de escolapías* (CPLB267, 710), *pau das culleres* (CPLB 201, 40), *ronda do lugar* (CPLB 227, 279); *Ir de ramboia* (CPLB 209, 104), *beillar sobor dun puño / no cribo dunha peneira* (CPLB 210, 110), *a raiar* (CPLB 215, 164), *estar torcendo as liñas* (CPLB 226, 271), *dar a liña o no* (CPLB232, 333), *botar a vaia* (CPLB 233, 347), *ir resellar* (CPLB 236, 364) *ser feito de cera* (CPLB 241, 413), *bater a chanquiña, tocar o zoco, andar batendo o zoco* (258, 609), *andar a morar* (CPLB 264, 666), *pór o risco* (267, 699), *tomar as augas* (CPLB 295).

Tamén insire refráns nas súas notas coma *De español de pelo roxo e francés de pelo negro, líbrate coma do demo. Líbrate Deus de home de bigote loiro, de can rabeno e de home pequeno. Home de barba rubia, unha che di, outra che cuida* (CPLB 215, 166). *Moza probe e ben vestida, mal me cheira a chamusquina. O que come cabrito e cabra non ten, de algures lle ven* (CPLB 245, 467). *Alá vai Serodio con temperán, mais na palla, non no gran,* este comentando a c. 1728 (*—Onde vas, millo miudo? / —Vou a pór do temperau. / Co temperau no-has chegar / nin na palla nin no grau*) (CPLB 254, 567). *A muller composta quita o home de outra porta. O andar ben vestida, fai á moza garrida* (CPLB 260, 630). *A gran subida, gran caída* (CPLB 271, 751). Anota tamén fórmulas coma *Está moi maliño. Xa lle dan chiculate!* (261, 638); *¡Eih, carballeira, árdelle o eixe!* que considera berro de desafío (CPLB 269, 729), e dialoxismos propios de Ourense coma este *—Que queres, torrezo ou ovos? —Todo revolto, señora, todo revolto!* (CPLB 258, 607).

Ten algunha importancia que detecte, como moito en 1973, o que hoxe se coñece como *explicitación fraseolóxica*. Faino cando sinala que algunhas cantigas son elaboradas a partir dun refrán, en liña co que xa daquela era doutrina firme na fraseoloxía eslava: os dous primeiros versos da c. 670 (*Costureira sen dedal / din que cose pouco e mal; / a miña moza non-o ten / e fai as costuras mal*) "están feitos cun dito popular" (refrán) (CPLB:221, n.216). Repárese en que non di que sexan un dito popular senón que "están feitos cun dito popular", porque o refrán non ten o sintagma *din que*: o refrán é *Costureira sen dedal cose pouco e cose / iso mal*. Un refrán que amplía o seu tamaño mediante unha elaboración amplificadora para orixinar unha cantiga é o que os fraseólogos eslavos chaman

explicitación (Mokienko 2000). Véxase tamén Ferro (2004). Outro exemplo que podía citar é este: *Non hai cantiga no mundo que non teña o seu refrán; nunca ninguén faga contas / senón do que ten na mau* (CPLB:110, 1507).

7.4.4 Psicolingüísticas

X. Lorenzo fai unha observación psicolingüística que se adoita esquecer no debate sociolingüístico: a utilización do castelán en certas cantigas ten evidente senso irónico ou burlesco. Entre os exemplos que cita está a c. 1970 (*Por baixo do lavadoiro / corre a iauga e nace a ierba; / amores que non son firmes / mándanse luego a la mierda* (CPLB 263, 652); ou a c. 2366 (*Tódolos Pepes son dulces, / máis dulces que un caramelo; / eu, como son tan amarga, / por un *Piepito me muero*)[44]. Dubidosa a c. 94: *Ai, que piñeiro tan alto! / no medio ten un letreiro: "Non me criaron mis padres / para ti, camanduleiro"* (CPLB 202, 42).

7.4.5 Notas de estilo

Sinala hipérboles na c. 44 e 1157 (*Lubeiriña non ten auga, / se noa ten eu lla darei: / coas bágoas de istes meus ollos / todas terras regarei.* (CPLB 236, 378).

Considera que é o vello leixaprén, o encadeamento de versos entre cantigas, coma o da 995 (*Eu non vou, non vou, / eu non vou alá, / á casa do cura, / que me quererá? / Que me quererá? / Que me ha de querer? / Morreulle a criada, / quérema vender*); na c. 996 (*Eu non vou, non vou, / eu non vou alá, / á casa do cura, / que me quererá? / Que me quererá? / Que me ha de querer? / Morreulle unha vaca, / quérema vender*); na c. 1502 (*No nabal do meu sogro / acitáronme os cás / e saíu a miña sogra / cunha chanca na mau; / coa chanquiña na mau / i o zapato no pé; / ela a min tenme rabia, / eu ben sei por qué é*); na c. 2466 (*Ven beillar, Carmiña, / Carmiña, Carmela, / co zapato baixo / i a media de seda; / i a media de seda, / i a media calada, / ven beillar, Carmiña, / miña namorada*) e na 2566. Pero tamén o sinala entre cs. alfabeticamente distantes como son a c. 834 (*Eiquí tes meu curazón, / podes faguelo pedazos, / pero cunha condición: / que hei de morrer nos teus brazos*) e a 1423 (*Morrer nos teus brazos, nena, / será morte con regalo, / pois é tanto o que che quero / que hasta á morte me allano*).

Rima cruzada infrecuente no cancioneiro popular na c. 1566 (*Non te rías de quen chora / que é cousa que Dios condena; / pode desandala roda / e collerte a mesma pena*) (CPLB 249, 511) ou na c. 1539 (*Non quixera, rapaciño, / darche a ti o meu querer; / non me agradas, queridiño, / non teño que lle faguer*) (CPLB 248, 503) ou na c. 2457 (*Vaite lavar, moreniña / vaite lavar, Conceición, / Vaite lavar, coitadiña, / Vaite lavar, curazón*) (CPLB277, 815).

7.4.6 Ortografía

Preocupado pola autenticidade do material que recolle, utiliza unha grafía algo persoal e, ben mirado, fora mellor que se deixase guiar pola ortografía que usaba daquela a Editorial Galaxia, así evitaría formas coma *tameno, tamenos, queno, quenos* por *tamén o,*

tamén os, quen o, quen os e similares; maiormente porque X. Lorenzo non usa os apóstrofos nin sempre fai as contraccións que o ritmo esixe en sintagmas coma *de outro / de outra* e similares, aínda que usa a contracción *áquile(s)* por *a aquile(s)* nas cs. 281-191. Fernández del Riego testemuña que el e Aquilino Iglesias Alvariño foron persoas que, co gallo da conservación de variantes dialectais vivas, puxeron algunhas dificultades para aceptaren a ortografía de Galaxia.

7.5 Humor e amor nas cantigas

O humor da ruptura da esperada rima no último verso. Sinálao na c. 795 (*Do outro lado do rio / deume o sol por tras das costas; / heiche de dar de beber / polo rodo das polainas*), na c. 1114 (*Hoxe arriguei o meu liño, / hoxe o dei a fiare, / que pasei onte por il, / non sei se é liño se é erba)*, na c. 1524 (*Non me tires con pedriñas / que son do mesmo penedo; / se te atopo nun camiño, / son capaz de comer xente*), na c. 1868 (*Pasei a Ponte de Ourense / queridiña por te ver; o día que te non vexo / non boto fabas ao pote* [45]), na c. 2512 (*Voume por eiquí embaixo, / pillando moscas cun pondón* / e veu meu pai a correr / e deume cun terrón nas costas*) e dá paralelos en castelán (CPLB 226, 269). Por veces anota algunha outra cantiga humorística, como dixen na n.1.

O tema amoroso aparece, xa na literatura medieval (CPLB 238, 399), velado na expresión *lava-la roupa* que aparece na cantiga 1769 (*O río cando vai louro / leva cascas de limón / para lle lavala camisa / ao meu amante Ramón*) e na c. 1234 (*Maruxiña, Maruxiña, / Maruxiña, non teño outra; / se me morre Maruxiña, / quen me ha de lavala roupa?*): esta última na sensibilidade de hoxe estaría nas antípodas, no políticamente incorrecto. X. Lorenzo salienta a intención erótica de certas metáforas (CPLB 200, 16): tal a c. 2148 (*Sementei millo miudo / no colo de unha rapaza; / queira Dios de hoxe nun ano / o millo miúdo naza*) e maila 31 (*Adios, lugar de Facós, / lugar de ventanas altas; / queira Dios de hoxe nun ano / se non descubran as faltas*).

Contradinse algunhas cantigas falando da fidelidade e sinálao (CPLB 247, 498): a c. 1068 (*Hai candiles de dúas luces / i as dúas alumean ben: / que podo querer a Xan / e mais a Manuel tamén*) e a c. 1532 (*Non quero do teu querer, / que o teu querer repartes: / fas como aquiles faroles / que alumbran por moitas partes*). Salienta X. Lorenzo o costume das mozas de se deixar face-lo amor (é dicir, cortexar) simultaneamente por varios mozos, presente en cs. coma 70, 233, 265, 1068, 1319, 2283, 2285, 2286… (CPLB 207, 78) e de que, mentres ela está na lareira con un, este deixa a súa vara na porta da casa, de xeito que, o seguinte pretendente ten que agardar a que marche o dono da vara para entrar el (CPLB 214, 151) e así se entende a cantiga *Á túa porta, meniña / hai unha vara delgada; / se non foras tan bonita / non eras tan deseada* (c. 412). Este estar na porta da moza como forma de rondala dá a c. 2299 (*Teño un castiñeiro á porta / que me dá moitas castañas; / heiche de dar un saquete / xa que todas mas apañas*) (CPLB 274, 769). Describe como os mozos por veces van xuntos ronda-las mozas (*ronda do lugar*) (CPLB 227, 279). *Pedir*

* Quizais erro por podón.

auga na porta dunha moza ou pedir lume para o cigarro, serve para iniciar coela a conversa cando un mozo a quer cortexar -di X. Lorenzo (CPLB 259, 620) e iso sitúa a cs. 1888-9 (*Pasei pola túa porta, / pedinche auga e non ma deches; / pasaches tú pola miña, / bebiches a que quixeches. // Pasei pola túa porta, /pedinche auga e non ma deches; /válate Diola meniña, que tan mala te figueches*).

A cantiga 332 xoga co dobre sentido do verbo *esfollar* (*As esfolladas de noite / non dan porveito a ninguén; / mandei a muller a unha / i esfolláronma* tamén) e na correspondente nota (CPLB 212, 127) aduce a paralela mariñeira (*A espicha do catalán / non dá proveito a ninguén; / mandei a muller á espicha / i espicháronma tamén*)[46].

Sinala outras cantigas eróticas coma a 57 (*A folliña da malvela / a carrapata no chau; / faliñas, as que quixeres, / pero non me ha pór a mau*) e a 1267 (*Metíchesme a mau no seo / polo ollal da camisa: / hola, hola, galanciño, / que eso xa pasa de risa*). Estoutra *Cun anaco de pitillo, / unha copa de augardente / i o abrazo de unha nena / xa marcha un home contente* desata outra nota erudita de interesantes paralelos.

8. REMATE

O CPLB é unha mostra de cómo os homes da Xeración Nós sabían facer grandes e europeas as cousas dos galegos da aldea. Nalgún momento Xaquín Lorenzo devece porque alguén desenvolva cantigas que están pedindo a transformación en pastorelas, coma a 1518 (*Non me namoran aneles / nin pendentes nas orellas; / namóranme os teus olliños, / pigureira das ovellas*) (CPLB 247, 497). Esa é o exemplo e a tarefa que nos deixan. É certo que este *Cantigueiro*, a diferenza doutros anteriores e posteriores, ten a eiva da ausencia de notación musical. Pero iso son os buratos do queixo.

BIBLIOGRAFÍA

BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*. 2 vols. Xerais, Vigo.

BREA, Mercedes (1999): "Cantar et cantiga idem est" en *Homenaxe ó profesor Camilo Flores. Edición coordinada por Mª Teresa García-Sabell Tormo e outros*. Universidade de Santiago de Compostela; Tomo I, 93-108.

CABANILLAS, Ramón (1951): *Antífona da Cantiga. Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo*. Galaxia,Vigo.

COTARELO VALLEDOR, Armando (1930-1931) "Cancioneiro da agulla" en *Nós* 82,1930,192-199; 83,1930,241-247; 85,1931,12-18. Reedición Galaxia, Vigo 1984.

ESTRALOXOS (2003): *Cántigas, ditos, alcumes…da Ribeira Sacra*. Asociación Xuvenil "Os Estraloxos" de Pantón. A Coruña, 2003.

FABEIRO GÓMEZ, M. (1958): "Cancionero de Muros" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XIII, 39,1958,95-131.

FERNÁNDEZ SENRA, Mariló e Xulio (1997): *Cancioneiro popular da provincia de Ourense* t.I.: (Concellos de Avión e Beariz). Deputación Provincial de Ourense.

FERRO RUIBAL, Xesús (2004) : "Implicitación e explicitación fraseolóxica: notas galegas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004, 57-80.

FOXO, Xosé Lois e RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2003): *Cantares das Terras das Frieiras. A Gudiña*. Vol 1. Deputación Provincial de Ourense.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*. Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Trasalba.
LAMAS CARVAJAL, M. (1918) "Cántigas populares" n'*A Nosa Terra*, 67-68, 9.
MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1995): *O sexo na poesía popular*. Edicións do Cumio, Vigo.
MARTÍNEZ TORNER, Eduardo - BAL Y GAY, Jesús (1973): *Cancionero Gallego*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, La Coruña; 2 v.; 363 p.
MENARD, Martial (2000): *Petit guide d'initiation au breton*. An Here, Le Relecq-Kerhuon.
MONTERO SANTALLA José-Martín (2000): *As rimas da poesia galego-portuguesa: catálogo e análise*. Tese de Doutoramento em Filologia Hispânica (sec. Galego-Portuguesa). Universidade da Coruña, Faculdade de Filologia, Departamento de Galego-Português, Francès e Linguística, Área de Filologias Galega e Portuguesa, 2000, 3 v. (I: pp. 1-600; II, pp. 601-1200; III, pp. 1201-1796).
MORGADE, Xosé Carlos (1996): *A Lama. Libro de cantigas*. Concello da Lama.
PAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1994): *Cancioneiro popular eumés (Festas anuais)*. Ayuntamiento de Pontedeume.
PAZ FERNÁNDEZ, Xosé (1998): *Na beiras do Eume. 2ª parte do Cancioneiro popular eumés*. Concello de Pontedeume.
PEREZ BALLESTEROS, J. (1885-1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la Provincia de La Coruña*. Tomo I en *Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas*.VII (1885) Librería de Fernando Fé, Madrid; Tomo II *Ibidem* IX (1886); Tomo III *Ibidem* XI (1886). Reedición facsímile. Akal editor, Madrid 1979; 3 vols.
QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (2000): *Cancioneiro do Fisterra galego. 2500 cantareas comentadas e clasificadas por temas*.Editorial Toxosoutos, Noia. 3 vols.
SACO Y ARCE, Juan Antonio (1920): "Literatura popular de Galicia." en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*. 1910-1926 (passim). Edición completa: SACO CID, Juan Luis (ed) (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Diputación Provincial de Ourense.
RICO VEREA, Manuel (1989): *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela*. Galaxia, Vigo
RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*. Ediciós do Castro, Sada.
RIELO CARBALLO, Isaac (1989): *Cancións galegas. Recolleita, ordenación, limiar e notas de ….* Servicio de Publicacións, Diputación Provincial, Lugo.
RIELO CARBALLO, Nicanor (1986): *Escolma de Carballedo (Lugo). Recadádiva, ordenación e limiar de ….* Edicións Castrelos, Vigo
RIVAS CRUZ, Xosé Luís e IGLESIAS DOBARRIO, Baldomero (1998): *Cantos, coplas e romances de cego. Recopilación de Mini e Mero*. Ophiusa, ensino, Lugo.
RIVAS QUINTAS, Eligio – RODRÍGUEZ CRUZ, José (2002): *Terra das Frieiras*. Deputación Provincial de Ourense.
RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*. Deputación Provincial de Ourense.
SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1942): *Cancionero musical de Galicia. Reunido por …. Reconstitución, introducción y notas bibliográficas por José Filgueira Valverde*. Reimpresión facsímile de la edición de 1942. Fundación 'Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, La Coruña 1982.
SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1984-1995): *Cancioneiro Popular Galego*. Fundación 'Pedro Barrié de la Maza. Conde de Fenosa'. La Coruña I (1984), II (1986), III (1987), IV-V (1988), VI (1993), VII (1995).
TAIBO, Victoriano (1916): "Cántigas populares" n'*A Nosa Terra*, 5,5.
TAIBO, Victoriano (1925): "Da vella roseira" n'*A Nosa Terra* 211,9.
VALES, Xaquín (2000): "Xaquín Lorenzo e de Ruada. Noticia da evocación histórica Camino de Santiago" en *Boletín Auriense* 30,315-337.
VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1970): *Cantigueiro popular*. Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña.
VENTÍN DURÁN, José Augusto (1935-1936). *Refraneiro e cantigueiro de Moscoso*. Inédito de próxima publicación. Arquivo da Real Academia Galega.

Notas

1 Ó revés do que acontece no folklore bretón, no que as cantigas populares poden ser tan longas que leve quince ou vinte minutos cantalas, no folclore galego a maior parte son cuartetas e aínda se manteñen algunhas tríadas. Por riba dos catro versos hai poucas e X. Lorenzo sinala que moitas das que el recolleu teñen o aire de seren fragmentos de composicións máis longas irremediablemente perdidas (isto acontece en diversas notas das pp. 278-281).

2 Esta ordenación alfabética é incompatible cunha ordenación temática pero X. Lorenzo trata de compensalo en numerosas notas orientando o lector para que encontre cantigas para case tódalas situacións. E así cita cantares de xantar de voda (cs. 398, 2001 en 214, 147) ou advirte de que unha cantiga pode ser unha adiviña (CPLB 227, 277), un anaco dun desafío (227, 277; 266, 688; 268, 727; 277, 822; 279, 851), un anaco dun parrafeo (228, 292, 295; 235, 355; 255, 578; 261, 633; 275, 788), dun canto de reises (228, 296; 270, 745), dun trabalinguas (230, 318), remate dun romance (c. 1652; 252, 539; c. 2107; 267, 703), unha cencerrada (216, 174), cantiga de entroido (233, 338), cantigas de disparates (233-5, 348) ou cantigas humorísticas (coma as cs. 184, 1597, 1846, 1949, 2532), fragmentos de lerias trabalinguas (CPLB 262, 649); ou procede dun serau (cs. 1965-6). Outras veces recoñece que Bouza Brey lle comunica que tales versos non son unha cantiga senón unha *fala de animais*, tal como o da c. 1052 (CPLB 233, 346).

Pero, ademais, en moitos casos nas notas relaciona unhas cantigas con outras semellantes, antitéticas (1979 e e 2392: CPLB 275, 792) ou que son contiguas nun formato poético superior á cuarteta.

3 Coma tal (CPLB 210, 109) da c. 283; (CPLB 211, 119) da c. 308; (CPLB 213, 135) da c. 367¸ (CPLB 213, 143) da c. 389; (CPLB 214, 151) da c. 412; (CPLB 215, 163) da c. 163; (CPLB 220, 202) da c. 621; (CPLB 227, 280) da c. 832; (CPLB 232, 333) da c. 333; (CPLB 241, 418) da c. 1292; (CPLB 247, 482) da c. 1478; (CPLB 248, 507) da c.1546; (CPLB 265, 680) da c. 2039; (CPLB 269, 729) das cs. 2193-4; (CPLB 271, 752) da 2245.

4 E aínda non están nese elenco tódolos autores realmente citados. Así faltan, entre outros, Manuel Rabanal (citado en CPLB 199, 1); o Señor de la Melonniere, W. Dalrymple, J.F. Peyron (XVIII) e Luis Usoz y Rio (CPLB 206, 66); Jose Townsend do XVIII (CPLB 212, 127); Taboada Chivite (CPLB 238, 394); G. Borrow (CPLB 263, 660). E, naturalmente, os literatos coma Arcipreste de Hita, Cervantes, Lope de Vega, Quevedo, Rosalía de Castro… A razón da omisión da cita final destas persoas probablemente estea en que non son citas directas, senón citas recollidas das obras que inclúe na Bibliografía: iso parece deducirse do que el di no prólogo (p.21) aludindo ós paralelos que cita nas notas: "Pra simprificar a esposicion omitimos as referencias ás fontes, anque todas foron tomadas das obras que figuran na Bibliografía, aparte de algunhas ouvidas por nós directamente". En calquera caso, hai autores coma Manuel Rabanal ou Rosalía de Castro que dificilmente podemos crer que lle chegasen a través de lecturas intermedias e non directamente.

5 É xa un lugar común neste ano en que se lle dedican a Xaquín Lorenzo as Letras Galegas afirmar que Xaquín Lorenzo recolleu ese alalá. A propia Coral de Ruada, no acto institucional da Academia en Ourense o pasado 17 de maio, interpretouno e presentouno como recollido por el. Pero Xaquín Vales engade un matiz cando di que na romaría de Lobeira *endexamais se esquecían os ruadistas agasallar ao seu amigo Xocas co Alalá de Lobeira, o antigo canto que el recollera naquela zona co seu irmán Xurxo e que tanto o emocionaba cada vez que llo cantaban* (VALES 2000:316).

6 Fariña Busto infórmame de que no caderno de campo de Borneiro, onde X. Lorenzo recolleu tamén cantigas, non hai anotacións musicais. A nai de X. Lorenzo tocaba o piano e o seu irmán Xurxo tamén pero Xaquín, que tamén amaba a música, non tiña a mesma inclinación pola notación musical; e que só albisca a posibilidade de que entre os papeis de Vicente Risco, onde deberían aparecer cousas de Xurxo Lorenzo que el manexou, apareza algunha anotación musical de Xurxo, que tamén estudou Lobeira e morreu despois de que Xaquín pechase o corpus do *Cantigueiro*.

7 Para os interesados nunha descrición dos primeiros cantigueiros galegos é imprescindible a obra de Domingo Blanco, que, por parte, ofrece o servizo impagable de refundir tódolos cantigueiros anteriores a 1885 en edición crítica e cronolóxica (BLANCO 1992).

8 Lémbrense, entre outras, as recolleitas dos irmáns Rielo (RIELO 1980, 1986), de Fraguas (1985) ou as máis recentes de Xosé Carlos Morgade (MORGADE 1996) ou Quintáns Suárez (QUINTÁNS 2000) entre outros. Lembro que Xaquín Lorenzo me contara unha vez que o seu traballo do carro e o de Fraguas no cantigueiro eran compromisos que os dous decidiran asumir o mesmo día e que el o lembraba con certa emoción.

9 Entre os musicais, debe consultarse o *Cancioneiro* de Casto Sampedro de 1942, que con detallada bibliografía reeditou Filgueira Valverde en 1982 (SAMPEDRO). Entre os máis recentes e mixtos (letra e música) destaca o de Schubarth e Santamarina (1984-1995); pero deben lembrarse tamén os de Rico Verea (RICO 1989), de Xosé Paz Fernández (PAZ 1994; 1998), dos Fernández Senra (FERNÁNDEZ 1997), de Mini e

Mero (RIVAS-IGLESIAS 1998), e de Foxo e Rodríguez Cruz (FOXO-RODRÍGUEZ 2003), entre outros. Visto o valor do recuperado, aproveito esta humilde nota para pedir que ou as Deputacións ou a futura Cidade da Cultura creen o Arquivo Musical de Galicia, que dixitalice e posteriomente informatice o inmenso corpus de partituras de todo tipo que gardan tantos arquivos galegos, maiormente eclesiásticos.

10 No primeiro ano crean un premio de novela longa que gaña Carballo con *A xente da Barreira*. No segundo ano crean un premio de tradución que gañan Ramón Piñeiro e García de la Vega coa tradución do *Cancioneiro da poesía céltiga* de Jules Pokorny. No terceiro ano convocan un premio de recollida e ordenación de refráns que ten que ir a segunda convocatoria, ante a imperfección técnica dos presentados, e gáñao finalmente en 1954 o comandante na reserva Vicente Llópiz Méndez, cunha obra de máis de 40.000 refráns ordenados ideoloxicamente e comentados.

11 Así a 1627 (*O carballo da Portela / ten a folla revirada, / que lla revirou o vento / nunha mañá de xiada*) da que di que é "cantiga estendidísima por toda Galicia" sen que se poida precisar cál das moitas *Portelas* galegas é a da cantiga (CPLB 251, 531).

12 *Anque queiran ir a Vigo / eso non parece mal, / que o que nunca foi a Vigo / nunca viu 'puerto" de mar.*

13 *Do poleiro, unha galiña, / do fumeiro, un salchichón; / viño verde, viño verde, / veña acá un trambullón.*

14 C. 1114 (*Hoxe arriguei o meu liño, / hoxe o dei a fiare, / que pasei onte por il, / non sei se é liño se é erba*). Lorenzo cita un paralelo alleo ó seu corpus pero máis perfecto (*Maruxa, monda o teu liño, / non te vaias á taberna: / pasei onte por alí / non sei si é liño si é erba*) (CPLB 235, 363). Noutros casos lamenta a falta de habilidade (CPLB 275, 776 e 783) ou de inspiración de quen fixo a cantiga: tal é o caso da c.2214 (CPLB 270, 739; 277, 831).

15 Velaí un exemplo de como funciona un patrón: *Baixa Canle, baixa Canle, /que Valdemir xa baixóu; /pano fino, pano fino /o que gastan os de Grou.* (438) *Baixa Canle, baixa Canle, /que Valdemir xa baixóu; /Torneiros pano de seda /do que gastan os de Grou.* (439).

16 Esta cantiga xa aparecera íntegra (e só alí) no *Cantigueiro* de Pérez Ballesteros (PÉREZ 1886:2,101); eses dous primeiros versos non os volvo ver nun ficheiro de 36.000 cantigas: non parece, polo tanto, tratarse dun patrón.

17 Por certo que X. Lorenzo salienta que o disfemismo non o é tanto, porque a metáfora é tapala boca dunha persoa como se tapa a boca do forno, cando se coce o pan.

18 No Índice toponímico falando da Feira da Ponte, que se celebra na Ponte Liñares o 22 de cada mes, engade: "eiquí remata a Limia Alta e comenza a Baixa. Queda preto de Xinzo de Limia" (CPLB 292).

19 É moi útil este elenco toponímico, porque o lector interesado poderíase perder. Supoñamos que atopa a mención de *Calvos* nunha cantiga; como sempre se pensa no máis grande, pensará que alude a *Calvos de Randín*, que é concello pero X. Lorenzo explica que é Calvos de Bande, parroquia do concello de Bande. Quen bate co topónimo *Crasto* pensará que se refire a un dos numerosos *castros* que, coma en calquera outra comarca galega, hai na Limia pero X. Lorenzo explica que é o *Crasto Leboreiro*, na Serra do Leboreiro do lado portugués da raia.

20 V. nota a *Pousa*.

21 No Nomenclátor actual figura *A Ponte Liñares* ou *A Feira Nova* na parroquia de Santiago de Güín (Bande) pero X. Lorenzo (CPLB 289) sitúa este lugar na parroquia de San Fiz de Galez (Entrimo): o que nesa parroquia de Entrimo figura hoxe no *Nomenclátor* é *A Feira Vella*. O río da Feira Nova é o río de Pacín (CPLB 256,58), afluente do Limia e á súa vez confluencia dos ríos *Illa* (que vén da Serra do Quinxo) e o *Montaña* (que vén da Serra do Leboreiro) (CPLB 292).

22 X. Lorenzo di "Pode ser un lugar da parroquia de San Xoán de Piñeira, concello de Sandiás, na Limia Alta. Na nosa comarca non hai ningún lugar coise nome" (CPLB 291). No actual *Nomenclátor de Galicia* (2003) non figura tal lugar nesa parroquia, en cambio, figura un *Nogueiras* en Santiago de Calvos (Calvos de Randín) e por iso penso que este sexa o da cantiga.

23 Habendo *Outeiro* e *Nogueiras* en Calvos de Randín, supoño que este *Outeiro* é o dese concello.

24 En CPLB 293 di que, en caso de se referiren a *Portelas* da Limia Baixa, sería a *Portela de Pitóns*, paso entre a Serra do Xurés e a de Pitóns, ou á *Portela do Home*, paso na Serra do Xurés "que enlaza por elí Portugal coa Galiza".

25 Non lle encaixa a X. Lorenzo a presenza aquí do topónimo *Arcade* e por iso di que debe ser unha cantiga importada da provincia de Pontevedra (CPLB 293). Pero a lectura desa cantiga *(Antre Pousa i o Arcade / hai unha trampa no chau; / o Bernabé caiu nela / i a Calrota deulle a mau)* fai máis verosímil que esteamos ante antropóni-

mos, porque *Arcade* leva nela un artigo do que carece o topónimo pontevedrés.

26 "Dase o nome de 'Santo' a unha pequena capela que se atopa en moitos lugares de esta comarca e ainda do resto da Galiza. Anque intervido polas autoridás ecresiásticas, o 'Santo' adoita ser propiedade dos veciños, que teñen a encomenda dos seus arrenxos e conservación. Por atopárense polo xeral no meio do pobo, dividen a iste en dous barrios: Riba do Santo e Baixo do Santo" (CPLB 213,136).

27 "É onde se fan as feiras do gado e de ehí o seu nome. Esta mesma desiñación de 'Toural' atópase noutros lugares e ten o mesmo senso que o castelán 'cuadropea' ou 'cuatropea', anque en Castela teña esimesmo o siñificado de un imposto sobor do gado " (LOREN2295, s.v. 'toural').

28 Erroneamente cítaa como 294.

29 *Áquile* é grafía persoal de X. Lorenzo para reproduci-la contracción fonética de *A aquile*.

30 Lobeira é case sempre positivo (*As mociñas de Lubeira, / esas sí que baillan ben; / danlle xeito ao pasodoble / e mais ao tango tamén. / / Ás mociñas de Lubeira / ninguién lles ten que decer; / poñen o pé na auga crara / que hastra o rei llo pode ver. / / As mociñas de Facós / postas nas súas ventanas / parecen cadeas de ouro: relumbran por toda España. / / As mociñas de Corbelle / son pequenas e redondas; que vivan as de Facós / que son gordiñas e longas*).

31 Así, o lugar de Fradalvite, en Santa Comba, leva este dicterio pola súa pobreza, que resulta visible na falta de gado para xunguir ó carro, como di a c. 1495 (*No lugar de Fradalvite / non entra carro ferrado / se nono trai Elisiña / co burriño polo rabo)* (CPLB 247, 489).

32 Esta cantiga, en calquera caso, debe de estar mal axeitada dun orixinal, porque literalmente parece expresar un pensamento que hoxe calquera consideraría aberrante.

33 Noutro caso constata o dobre significado que para galegos e portugueses ten unha cantiga. Tal é o caso da c. 1019 (*Eu subín ó limoeiro / e dende o medio caín; o limoeiro é a morte / eu para morrer xa nacín*) o dobre senso en que O *Limoeiro* é *a vella cadea de Lisboa* (CPLB 232, 336).

34 Se as dúas da rima son castelás, considera importada a cantiga: así na 2335 onde riman *ardilla* con *polilla* (CPLB 275, 778). Nada di, en cambio, da c. 1074 (*Hai unha mociña en Grou / con tanto garbo e *salero / que cando vai paseando / casque parez un *torero*).

35 Véxase CPLB 247, 487 ou CPLB 258, 611 da c. 1857 (*Para pan trigo, Castilla /para buen vino, el Ribero, / para rapazas bonitas, viva Facós, que es mi pueblo*). Parece haber nel un certo *parti pris*, porque na c. 1471 (*Niste lugar de Facós / non se crían avelairas / que se crían boas mozas / *morenas pero saladas*) comenta que debe ser adaptación (mala) do castelán, porque, contra o que di a c. Lobeira é terra de avelairas (CPLB 246, 479). O mesmo se ve na desculpa da teima litixiosa dos campesiños galegos *común aos campesiños de todo o mundo* (CPLB 264, 669).

36 Por certo, que comentando a c. 1711 (*O meu amor está malo, / se está malo vouno ver; / lévolle unha pita choca / para que acabe de morrer*) afirma que *A pita choca, por ter febre, fai mal a quena come e moito máis si se trata dun doente* (CPLB 253, 562)

37 Os fiadeiros facían daquela o papel que hoxe fan as discotecas: lugar de encontro e namoro da mocidade. Lémbrese aquela cantiga que di *Non fun ó fiadeiro /nin alá hei de pór pé, /que me din que teño amores: /maldita mentira é.* E nunha nota comenta que *a forxa, o forno e o fiadeiro* [quédanlle atrás os seraus –CPLB 270, 737– e mailo muíño] *son os lugares en que decote se axuntan os veciños que, coas suas conversas, dan novas de todo o que pasa no lugar e ainda fora de íl* (CPLB 265, 680).

38 Tremenda cantiga da violencia de xénero, á que tamén alude a c. 758 *De solteiriños os mozos / todos son garatuxeiros / e dende que están casados / fan das mulleres pandeiros*.

39 Pero aínda hoxe, que a xente gasta diñeiro en poñerse moreno artificialmente, como signo de ter tempo libre e diñeiro, polo tanto, de benestar económico, se ben se mira, distínguese entre *moreno de praia* (de *dolce far niente*, é dicir, de señorito) e *moreno de obra /moreno obreiro, moreno de camioneiro* (de traballador e, polo tanto, de pobre).

40 Existe, dende logo, a fórmula de crítica *Faldras fóra foi á misa, veu o can e roeulle a camisa.*

41 El mesmo cita a cantiga *Cando chove e vai sol, / van os demos pró Ferrol, / cunha carga de culleres, / azoutando nas mulleres*. Esta versión da cantiga, X. Lorenzo atribúea ás *terras do Ferrol,* erroneamente porque nesa comarca non se adoita poñerlle o artigo ó topónimo *Ferrol:* coido que *Ferrol* está aí por rimar con *sol,* como podían estar *Friol, Ourol* ou *Pol,* pero *Ferrol* é máis coñecido ca estes.

42 E a X. Lorenzo non lle escapa a confusión que o propio cantigueiro ten de Xoán Bautista con Xoán Evanxelista na c. 2111 (*San Xoán Evanxelista / fillo de Santa Isabel, / bautizou a Xesucristo, / púxolle o nome Manoel*) (CPLB 267, 706).

43 A cuestión *cantiga /cántiga* é confusa. A palabra é unha innovación da nosa lírica medieval no século XIII (BREA 1999:100,107) xa que outras linguas utilizaban outras palabras sinónimas e a

propia lírica galega utiliza outras (mairomente *cantar*). A palabra na lírica profana só aparece nas rúbricas nunca nos versos pero ¿como hai que lelo *cantiga* ou *cántiga?* Montero Santalla, reparando en que *cantiga* nunca aparece en rima con *amiga*, cousa que parecería esperable, di que, se tal acontece, é porque a forma era *cántiga* ou, polo menos, que xa coexistía a forma *cántiga* (MONTERO 2000:1480-1481). Pola miña parte, da notación musical das cantigas de Santa María 106, 316, 347 e 400, únicas nas que a palabra aparece en texto con música, coido máis verosímil a lectura *cantiga* que a lectura *cántiga*, porque a sílaba *–ti-* aparece nunha nota máis aguda cá sílaba *can-* (cs. 106 e 400); e, se está na mesma nota (c. 347), a sílaba *-ti-* é máis longa; con todo iso, non me parece nada definitivo, porque noutras estrofas ás que se aplica a mesma melodía vexo que esa nota máis aguda corresponde a un artigo ou a un pronome átono (c. 400). A autoridade de Carolina Michaelis de Vasconcellos e a de Corominas ponse do lado da forma *cantiga* e este supón que a forma *cántiga* é un cruce cultista coas palabra *cántico, cántica* e constata que é máis simple explicar *cántiga* como evolución cultista de *cantiga* ¿El será *cantiga* de orixe céltica e non latina?

Na Galicia actual coexisten as dúas formas e, mentres o ILG non publique o mapa desta palabra, supoño que *cántiga* debe limitarse a certas partes da Galicia septentrional. No cantigueiro popular actual coexisten as dúas con claro predominio de *cantiga* pero a simple transcrición gráfica non é suficiente, porque a acentuación depende tamén da melodía. Dende logo, cando entra en rima, *cantiga* rima con *durmía, diga, romería* e *Lucía* e o pl. *cantigas* rima con *formigas* (*Axudaime aquí a cantar, / a botar unha cantiga, / a primeira ha ser a nosa, / a segunda do que a diga*. (MORGADE 1996:83). *Como unha cantiga / perdida no monte / o Neno durmía / no colo da noite / Como unha cantiga/ na máis outa aldea / leda romería*. (MORGADE 1996:57). *Maruxiña, Maruxiña, /anda, bota unha cantiga, /que che hei de dar moitos cartos /pra ires á Santa Lucía*. (CPLB:1229). *Malo raio parta o rato/ e veña polas formigas/ que me rillaron o libro/ onde aprendín as cantigas*. (MORGADE 1996:83). Se atendémola cantiga tan sonada, xa no s. XVIII, *Non hai cantiga no mundo /que non teña seu refrán; /nunca ninguén faga conta /senón do que ten na man*, poderemos discutir se o primeiro verso é un trímetro dactílico, igual có terceiro, pero o ritmo parece pedir que *cantiga* sexa paroxítono, como Lorenzo di, aínda que habería que coñece-la música para dicilo de maneira definitiva. Por outra banda, non encontro nunca o esdrúxulo *cántiga* en rima, nin sequera interna. Os casos de *cántiga* dos que dispoño son variantes metricamente discutibles e son estes *A cántiga que dixeches /inda lle faltan palabras, /teño unha craba na corte /vaille trincar as cagallas*. (VENTIN 1935:461). *Aunque me oias cantar /una semana* y *dos meses /no me oirás cantar /una cántiga dos veces*. (SCHUBARTH-SANTAMARINA 1993: 6/2/118c). *Botáchesme unha cántiga, / eu contesteiche ó momento; / se a túa levaba sal, / a miña, sal e pimiento*. (ESTRALOXOS 2003:79). Ou teñen aire de seres elaboracións cultas (*Cando están as carpazas / botando a súa flor, / no corazón das rapazas / nacen cántigas de amor. Cando están as carpazas / co lilailo da súa flor, / no corazón das rapazas /nacen cántigas de amor*. (ESTRALOXOS 2003:23). *Si te alcontras triste, canta, / que son as cántigas, queixas, / que se suspiran, sin bágoas*. (LAMAS 1918: 67-68,9).

É curioso o feito de que Victoriano Taibo publique unhas "Cantigas populares" n'*A Nosa Terra* en 1905 incluíndo nelas esta *N'hai cantigas coma as nosas / nin fala coma a galega / non hai terra coma a miña / nin baila coma a muiñeira*. (TAIBO 1916:5,5); pero vinte anos despois e na mesma revista publica uns versos titulados "Da vella roseira" nos que inclúe dúas cs das de 1905 pero agora nesta versión *N'hai cántigas como as nosas/ nen fala como a galega/ non hai terra como a miña / nin baile como a muiñeira*. (TAIBO 1925:211,9) na que fixo sete intervencións e, entre elas, a *cantiga* pasou a ser *cántiga*. Curiosamente onde mellor lle acae o ritmo é nunha cantiga castelá (*... I aunque 'stuviera cantando / un año con trece meses / nunca m'oirás cantar chavaliña nova / una cántiga dos veces*. (SCHUBARTH-SANTAMARINA 1993:6/2/118d). No castelán o Corpus diacrónico del español (CORDE) da Real Academia Española documenta *cántiga* 18 veces (*e cántigo quiere dezir tanto como cántiga o cantar de alabança* –Afonso X, *General Estoria,* 1275–; hai outro caso no XVIII e 14 no XIX –maiormente Zorrilla, Bécquer e a Pardo Bazán–); hoxe é acentuación facultativa á par de *cantiga*.

44 X. Lorenzo considera importada esta cantiga. A hipercorrección *Piepito* parece darlle carácter irónico.

45 Neste caso a c. 1869 fainos ver que o 4º verso esperado era *non poño o caldo a quecer*.

46 E, aínda que a Xocas, non, a min tamén me parece veladamente erótica a c. 1620 (*O caravel foi ó río / foi pechado e veu aberto; / agora xa vou sabendo / que o teu cariño no-é certo*).

A RODA E A DORNA.
XAQUÍN LORENZO E O MUSEO DO POBO GALEGO

Carlos García Martínez e María-Xosé Fernández Cerviño
Museo do Pobo Galego

Para quen traballamos no Museo do Pobo Galego, don Xaquín Lorenzo é unha figura venerable. Para esta institución é máis ca un fito fundacional, un elemento definidor e un elo inquebrantable dun proxecto histórico do que este Museo é un chanzo máis. Un proxecto de longa e vagarosa traxectoria, que viviu sucesivos avatares e coñeceu numerosos protagonistas, e que tivo que agardar máis dunha centuria para comezar a se facer realidade.

Desde fins do século XVIII, coa aparición da ciencia etnolóxica, manifféstase en toda Europa un crecente interese polo estudo, recuperación e conservación da cultura e as tradicións populares. Esta tendencia intensifícase no século XIX grazas ao auxe dos estudos etnolóxicos e etnográficos. Así, han xurdir en diversos países europeos institucións axeitadas como marco para estas investigacións. A procura dos valores culturais autóctonos potenciará ademais a creación de museos etnográficos ao longo do século XIX e a comezos do XX.

Galicia non foi allea a esta corrente. O proxecto de crear un museo nacional no que se recollesen as manifestacións da cultura propia afunde as súas raíces no movemento intelectual que, a mediados do século XIX, había dar lugar ao Rexurdimento. Como un eco das inquietudes científicas do momento, xorde a preocupación por defender os valores da cultura popular, como precedente dos modernos estudos etnográfico-folklóricos. Xa un real decreto de 1844 instituíra as Comisións Provinciais de Monumentos Histórico-Artísticos, que tiñan entre os seus cometidos o de crear os museos e bibliotecas provinciais. O primeiro sería o Museo de Pinturas de Ourense, que funcionou entre 1845 e 1852 e que, en 1895, daría paso ao Museo Arqueolóxico Provincial.

A Exposición Rexional de 1858 servirá de pretexto á iniciativa de crear un museo de Galicia. Iniciativa que non pasará do desiderátum, pero non ha caer en saco roto. Dez anos máis tarde, a "Sociedad Económica de Amigos del País" de Santiago de Compostela convoca unha reunión para este fin, da que resulta o proxecto de formar un Museo Arqueolóxico de Galicia. Consecuencia diferida do mesmo é a creación en 1884 do Museo Arqueológico Central de Galicia, que coincidía coa conmemoración do centenario da Sociedade, pero que tivo unha existencia efémera. Un paso máis foi a propos-

ta de creación polo Estado do Museo de Galicia, encargándose José Villaamil y Castro, en 1886, dun estudo preliminar que non chegou a frutificar.

No entanto, os estudos de folklore acadan carta de cidadanía coa constitución, en 1883, da "Sociedad del Folk-Lore Gallego", que en 1885 fai circular a primeira enquisa etnográfica de carácter científico[1]. Entre os proxectos da Sociedade figuraba o de crear un museo, aínda que tampouco esta vez se producirían froitos tanxibles.

De novo unha exposición rexional, a de 1909, servirá para relanzar a idea, sen maior fortuna. Entre os impulsores do proxecto leva o facho Federico Maciñeira, quen, a través de sucesivos artigos na prensa, vai teimar durante anos nesta preocupación. A esta campaña súmase en 1923 a voz de Fermín Bouza Brey desde o xornal *Faro de Vigo*. Para entón as propostas xa se decantaban cara a un museo de carácter etnolóxico ou etnográfico. Coincide no tempo a fundación, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos onde, por fin, o vello proxecto vai facerse realidade.

Entre estas iniciativas que tardan en callar hai unha excepción: a da familia Peinador, que na segunda década do século establece na súa finca de Pías (Ponteareas) un museo etnográfico, desaparecido nos anos trinta.

En paralelo a esta andaina, van aparecendo de xeito gradual os museos provinciais. En 1922 créase oficialmente o Museo de Belas Artes da Coruña, dependente do Estado, aínda que ata 1937 non vai dispoñer dunha sede (compartida coa Academia de Belas Artes e o Consulado do Mar) e non abrirá as súas portas ata 1947. O Museo de Pontevedra é instituído o 30 de decembro de 1927, como continuador da "Sociedad Arqueológica de Pontevedra". En 1932, a Deputación de Lugo acorda crear o seu Museo Provincial, que se inaugura dous anos máis tarde. Estas institucións incluirán no contexto dos seus fondos xerais seccións etnográficas máis ou menos desenvolvidas, aínda que circunscritas a un "tipismo" sen un verdadeiro propósito identitario, que non esperte as suspicacias do réxime[2].

Pero volvamos ao Museo de Galicia. A fundación da revista *Nós* en 1920 e a creación en 1923 do Seminario de Estudos Galegos supoñen o tránsito definitivo aos estudos etnográficos contemporáneos. Nas páxinas da primeira e na Sección de Etnografía do segundo vaise modelando unha ciencia de rango europeo, feita con rigor e método. En ambos os foros, o mozo Xaquín Lorenzo Fernández vai ir abrindo co seu traballo concienciudo e discreto o suco polo que ha discorrer esta disciplina ao longo de cincuenta anos. Na sesión do 1 de maio de 1926 do Seminario de Estudos Galegos, segundo consta na acta correspondente, "O Sr. Tobío leéu o traballo de ingreso que presenta D. Xaquín Lorenzo, encol do 'Carro Galego'".

Xa nesta etapa inicial da súa traxectoria evidénciase nos traballos de Xaquín Lorenzo a preocupación pola perda dos trazos materiais e sociais da identidade galega, dedicando o seu maior empeño a deixar testemuños fidedignos deles. Neste período de formación, no que ten como principal mentor a Florentino López Cuevillas, verán a luz obras que logran xa unha significada madureza e nas que se fai patente a súa extraordi-

O Museo Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos, no Salón Artesoado de Fonseca

naria capacidade de observación e de descrición, enriquecida co dominio do debuxo como ferramenta para a transmisión do coñecemento etnográfico. Máis dun cento de artigos de etnografía, arqueoloxía e historia irán aparecendo en publicacións periódicas, en particular na revista *Nós*, no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Cuadernos de Estudios Gallegos* e, fóra de Galicia, no *Archivo Español de Arqueología* (Madrid), *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (Madrid), *Trabalhos de Antropologia e Etnologia* (Porto) ou *Volkstum und Kultur der Romanen* (Hamburgo), entre outras.

Desde aquel momento, a visión etnográfica de Lorenzo completará, sumándose á dos xeógrafos, arqueólogos e historiadores ligados ao movemento Nós e á xeración do Seminario, a concepción definidora de Galicia como feito identitario. A historia é para eles o alicerce sustentante do edificio cultural e, polo tanto, o nutrinte básico da súa construción etnográfica. Home, Terra e Cultura constitúen facianas inseparables da etnicidade galaica, e as tradicións son o trasunto natural dese vínculo.

O Seminario de Estudos Galegos vai lograr, por fin, constituír o arelado museo, que reúne diversas coleccións instaladas no compostelán Colexio de Fonseca. En 1932 Xaquín Lorenzo trasládase a Santiago para proseguir os estudos universitarios que iniciara en 1923 e interrompera por motivos familiares. Daquela intensifica a súa dedicación ás tarefas do Seminario e é nomeado director do novo Museo, pero ao ano seguinte el e mais o seu irmán menor, Xurxo, significados pola súa militancia galeguista, vense

obrigados a trasladaren a matrícula a Zaragoza, onde Xurxo falece en 1934, o mesmo ano en que Xaquín remata a carreira de Filosofía e Letras.

A rebelión militar de 1936 impediu continuar a tarefa brillantemente iniciada polo SEG. As novas autoridades de guerra afánanse de contado por eliminar da escena pública todo vestixio de sentimento galeguista, o que ten como consecuencia directa o desmantelamento das institucións máis comprometidas.

Logo da devastadora paréntese que representa a contenda, na década dos corenta volven aparecer paseniñamente novos traballos etnográficos que, máis tarde, enlazarán cos estudos antropolóxico-sociais encetados por investigadores foráneos. Deste encontro nace unha nova xeración de investigadores que empezan a dar a luz as súas contribucións nos anos sesenta.

No entanto, non deixan de sucederse as chamadas de atención sobre a perda da cultura propia e as invitacións a recoller os seus elementos materiais máis significativos: Vicente Risco, Laureano Prieto, Xesús Taboada, Xaquín Lorenzo,... insisten en canto teñen ocasión nesta ameaza real. Manuel Chamoso Lamas, desde a súa posición de comisario de patrimonio artístico nacional, auspicia na década dos sesenta a creación de catro museos monográficos: o das pallozas no Cebreiro, o do viño ou "Museo del Valle" en Ribadavia, o do mar en Combarro e o do traxe en Betanzos. Agás o terceiro, os demais son hoxe realidade, se ben distante da idea orixinaria.

E velaquí que en novembro de 1975 fenece a ditadura. O 19 de decembro, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia difunde unha convocatoria, asinada por Andrés Fernández-Albalat, Decano da corporación profesional, polos colexiados Manuel Gallego e Rafael Baltar e polos membros da Comisión de Cultura Justo Beramendi e Carlos García Martínez, e dirixida a unha ampla nómina de persoas e institucións vinculadas coas ciencias sociais e a cultura de Galicia, invitando a unha xuntanza para constituír o Padroado do Museo do Pobo Galego. A convocatoria sinalaba:

> O estudo antropolóxico i etnográfico do pasado e do presente das sociedades humáns adquiríu no século XX unha grande importancia en aqueles países conscentes da sua propia identidade. Froito delo foi o establecemento de museos antropolóxicos como instrumentos axeitados pra a realización desta tarefa.
>
> Dende fai tempo bótase en falla a esistencia en Galicia dun museo deste tipo. É innecesario suliñar a riqueza etnográfica do país galego en todos os seus eidos culturaes, eisí como a aceleración crecente do proceso de cambeo económico, social e máis ideolóxico que anda a facerse nos derradeiros anos e que provoca o estrago ou a fonda transformación dos riscos fundamentaes desa cultura que, de non recollerse axiña, perderáse sin remedio.
>
> Si ben é certo que en museos provinciaes de Galicia esisten sáas adicadas a algunhas facianas da cultura popular e que a Administración central creóu sobor do papel museos monográficos, nin aquélas nin éstos cubren nin poderán cubrir nunca, tanto polo seu carácter parcial unhas como pola sua deficente financiación e pola sua organización os outros, as funcións dun Museo do Pobo Galego de carácter xeral, funcións entre as que compre salientar de comenzo as seguintes: recadádiva, clasificación e preservación de materiaes e datos; investigación; divulgación.

A reunión ha ter lugar o 24 de xaneiro seguinte, no auditorio do Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela. A ela asisten, facéndose eco do chamamento, representantes de doce institucións e máis de trinta persoas vinculadas a distintos sectores do espectro cultural. Entre as adhesións cóntase a de don Ramón Otero Pedrayo, que nunha carta do 3 de xaneiro escribía:

> Recibín, con intensa lediza, o fermoso documento invitando a creazón do Padroádego do Museo Etnográfico da Nosa Terra. Estou chegando ós 88 anos, non podo apenas maquiar as pernas e meio vivo asulagado en tristura dende o pasamento da miña dona. Pro si algunha enerxía aínda me concede algún día Deus, ela ha ser empregada no servizo da Galiza e dende logo da Institución por Vdes. orgaizada. O vindeiro 24 fica como data senlleira na historia galega. En esprito estou con Vdes.

Xaquín Lorenzo foi, por razóns obvias, un dos primeiros cos que se tiña falado para liderar o proxecto, e participa activamente nesa xuntanza, na que se acorda constituír unha asociación que se denominará Padroado do Museo do Pobo Galego. Don Xaquín foi un dos valedores da denominación que finalmente ía prosperar, fronte á proposta de denominalo Museo Antropolóxico de Galicia. Para poñer a andar a entidade, elíxese unha xunta xestora na que figuran, entre outros, Lorenzo e Fraguas.

Nesta mesma sesión, ao tratar o punto no que se habían definir as "liñas xeraes do museo", don Xaquín intervén para dar lectura a unha proposta de estruturación do centro. Manifesta que a primeira preocupación ha ser a recollida de obxectos, dando prioridade aos que están en transo de desaparecer, seguindo coa procura dos que aínda se poden atopar en abundancia, a reprodución dos que aínda lembran os artífices –porque, di, "non hai que confundir antigüidade con obxecto"–, a colección das pezas que aparezan incidentalmente e a confección de maquetas. Complementos de todo isto serán un arquivo musical, unha filmoteca e un fondo fotográfico, un ficheiro de literatura oral e un arquivo de planos de arquitectura popular. Unha biblioteca "é indispensable", e débese publicar unha revista. A este deseño incorpórase o plano organizativo que presentan os Sres. González Reboredo, Arias Vilas, Acuña Castroviejo e García Martínez. Don Xaquín subliña que o programa do museo non pode ser ríxido, senón flexible para acoller novas liñas de traballo.

A presidencia da nova institución ofréceselle a don Ramón Otero, pero o seu falecemento o 10 de abril impediralle acceder ao cargo. Poucos días máis tarde, o 24 do mesmo mes, celébrase a asemblea na que se aproban os estatutos do Padroado. O 5 de xullo o ministro de Interior, Manuel Fraga Iribarne, dálles a preceptiva aprobación, e o 31 ten lugar a asemblea constituínte. Nesta sesión, como non podía ser doutro xeito, a elección de presidente recae en don Xaquín Lorenzo. Cumpríase así a idea que o patriarca das letras galegas expresara, con fermosas palabras, a comezos do ano anterior, cando saudaba o proxecto de creación do museo:

Inauguración do Museo do Pobo Galego por Pío Cabanillas, ministro de Cultura, e Xaquín Lorenzo. Detrás de don Xaquín, Antonio Fraguas e Xosé-María Álvarez Blázquez

> Sempre houbo na Nosa Terra bos etnógrafos. Enteiros equipos de severo método, e xa miramos dibuxárese nun non lonxano futuro o fermoso museo. E un nome, hoxe, nestora, un soio, alenta no noso esprito, como o esprito rector, como mestre de capela da sinfonía fermosa e simbólica do ser da Galiza nas artes populares, na súa resposta úneca ó seu horizonte xeográfico e caraitereolóxico, un nome de amigo e irmán nos degoiros fondos. Non o quixeramos estampar por non trubar a súa estudosa soedade, mais a pluma escribeu por si o nome do maior etnógrafo da Penínsoa: D. Joaquín Lorenzo Fernández, o agardado por todos os leentes, o querido Xocas.[3]

Grave compromiso esta nominación expresa feita polo representante e depositario das esencias culturais da Terra. Investidura que don Xaquín acolle coa súa humildade característica, facendo constar en acta que se acepta e asume o cargo, é por vontade directa de don Ramón. Forman parte da aclamada candidatura, como vicepresidentes, Antonio Fraguas, Xesús Taboada Chivite, Andrés Fernández-Albalat e Xosé-María Álvarez Blázquez.

Non espera máis o noso home para promover as primeiras iniciativas. Eis a de crear un premio de etnografía, coa denominación "Premio Vicente Risco do Museo do Pobo Galego", que na súa primeira convocatoria había ter como tema o dos hórreos e canastros e que se dotaría con cen mil pesetas, cantidade que no seu día aportará el persoalmente.

O Museo do Pobo Galego inaugurarase o 29 de outubro de 1977, coa presenza do entón ministro de Cultura, Pío Cabanillas. Meses antes, Lorenzo escribira:

> Foi a ilusión de toda a miña vida a posibilidade de crear en Galicia algún museo etnográfico. E, cando xa perdía as esperanzas de velo algún día, atopeime con que o Colexio de Arquitectos de Galicia patrocinaba a idea da creación do devandito órgao etnográfico. Orgaizouse un Padroado, chamáronme a min, e fun a il, e ademais por certo, por mandato expreso de Otero Pedrayo, quen convidoume a asistir a aquela xuntanza, e logo elixíronme a min presidente do dito Padroado i eu supoño que foi por levar o nome de Pedrayo conmigo, porque por outra razón non foi.[4]

E, días despois da xornada inaugural, definía así a misión da nova institución:

> Os nosos propósitos comprenden todo o que é Galiza, non só os costumes do pobo senón a xeografía, ciencias naturais, vida material e espiritual... Queremos revitalizar todo, ser unha cousa viva, non ser un museo morto: ir preparando xente e arquivando todo o que se poda. O programa ten un problema gravísimo que é o de sempre: o económico... O Museo hoxe segue adiante gracias ao esforzo e desinterés de certa xente.[5]

A cuestión financeira foi, efectivamente, unha preocupación para don Xaquín. Preocupación por acadar os medios que a institución necesitaba para o seu desenvolvemento e polo uso que se fixese deles. O diñeiro, dicía, é un bo servidor, pero un mal amo.

Un detalle reflicte de forma gráfica o estreito vínculo que desde os comezos se establece entre a nova institución e a traxectoria do seu presidente. O deseño do emblema encárgaselle a Xosé-Manuel Gómez Vilasó, quen con grande acerto sintetiza a mensaxe que o Museo pretende difundir na combinación de dous elementos: a roda e a dorna. Dous elementos que teñen un papel preponderante na obra etnográfica de Lorenzo. Hoxe, con vinteoito anos de historia, este emblema segue mantendo intacto o seu potencial comunicativo.

Don Xaquín tiña moi presente que unha das misións fundamentais e perentorias dun museo etnográfico en Galicia achábase na recollida de todo aquelo que fose produción do pobo:

> ... dende ferramentas de traballo, sistemas de cultivo, vivendas e construccións do campo, aquelas cousas que fan os homes do agro pra labourar a terra, coidar o gando, faguer as obras que precisan... Tamén hai unha producción espiritual que ten que recoller o noso museo. Trátase de cantigas, contos, supersticións, crencias, etc. Con elo van os bailes populares, as festas, os traxes, e tamén costumes dos homes e rapaces, como son os xoguetes, xogos, enredos.

Pero, a máis, a institución debería ter en conta estoutra obriga:

> Desexamos crear un museo que reviva aquelo que teña que ser revivido. Somos conscentes cos tempos van transcurrindo e trocando o modus vivendi dos homes e cousas, pro tampouco podemos esquencer o antigo, xa co novo está basado naquelo. Asemade, direi que hoxe hai cousas que aínda ten apricación, nembargantes por moitas circunstancias, económicas ou práiticas, atópanse desbotadas e nós temos que recoller toda ista historia do pobo galego pra revivila diste xeito.[6]

Como pon de relevo Xosé-Carlos Sierra[7], a obra de Xaquín Lorenzo foi interpretada e traducida museograficamente en moitas das experiencias de creación e montaxe de

museos e coleccións etnográficas producidas desde os anos setenta ao longo e ancho de Galicia. Porque a súa relación co mundo dos museos non se limita ao do Seminario de Estudos Galegos e ao do Pobo Galego. En 1972 acode, xunto con Xesús Ferro Couselo, a inaugurar o Museo Etnográfico fundado en Oseira por Olimpio Liste. Por estes anos tamén contribuirá cun conxunto de materiais achegados aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Pero é, loxicamente, no Museo do Pobo Galego que el presidiu onde había de se plasmar en boa medida o seu proxecto de recollida, estudo, exhibición e difusión da cultura tradicional. No artigo citado, X.C. Sierra trata de poñer de manifesto a correlación entre a súa *Etnografía. Cultura material* e o programa museográfico do centro. Un paralelismo de forte carga simbólica, toda vez que os fundadores facían unha profesión filial verbo do Seminario de Estudos Galegos. Así o declaraba o propio don Xaquín en 1980:

> Estamos intentando lo que intentó el Seminario de Estudios Galegos, crear una organización para el estudio de la etnografía gallega, que es el Museo do Pobo Galego. Tengo una gran ilusión porque de ahí saldrá algo definitivo, no un museo estático.[8]

A súa contribución á formación das coleccións e á concepción museográfica deste centro é, ao tempo, intelectual e material. Ao ano seguinte da inauguración do Museo, levando a termo a súa proposta da asemblea constituínte, institúe e dota persoalmente o Premio de Etnografía "Vicente Risco", que só coñecerá tres edicións. En outubro de 1978 reuniuse o xurado da primeira convocatoria, que tiña como tema os hórreos de Galicia; o premio recaeu no traballo presentado por Begoña Bas López. En maio de 1983, o II Premio "Vicente Risco", que versou sobre os traballos comunais, foi concedido a Paz-Sofía Moreno Feliú[9]. A terceira e última convocatoria, en setembro de 1985, quedou deserta.

Unha das iniciativas máis afortunados do Museo en relación coa obra do seu presidente foi a recuperación do documental *O carro e o home*, realizado en 1940 por Antonio Roman, con guión e participación directa de Xaquín Lorenzo, na comarca de Lobeira. Este magnífico e emotivo documento compendia con maxistral riqueza de imaxes e sobriedade de recursos expresivos o completo panorama dun xeito de vida que naquela altura estaba xa en transo de rápida transformación, e que don Xaquín intuía que en moi pouco tempo ía dar paso a outra realidade ben distinta. En 1977 un copión do orixinal localizado no Museo Arqueolóxico de Ourense foi restaurado por Eloy Lozano, por encargo do Museo do Pobo Galego, dando como resultado a curtametraxe titulada *O carro e o home*, para a que o propio don Xaquín prestou a súa voz.

En 1981 alenta a organización dun ciclo de conferencias sobre Vicente Risco, no que participan, entre outros, Ramón Martínez López, Antonio Fraguas, Xosé-María Álvarez Blázquez e Xosé F. Filgueira Valverde; don Xaquín disertará sobre "Vicente Risco, etnógrafo".

Inauguración da exposición *De Rosalía a Castelao: Galicia* (1985).
De esquerda a dereita, Raquel Casal, Asunción Baltar, Teresa Castelao, Carlos García Martínez, Xerardo Fernández Albor, Xusto Beramendi, Antonio Rosón e Xaquín Lorenzo

O 19 de xuño de 1983 impónselle a primeira Insignia de Ouro do Museo, que recibe de mans de Antonio Fraguas no mesmo acto en que se lle fai entrega do Premio Trasalba. Un ano máis tarde, será el quen lle impoña a Fraguas o mesmo emblema.

En outubro de 1985 organízase o I Congreso europeo do Hórreo na Arquitectura rural. A apertura polo Presidente da Xunta de Galicia tivo lugar no Paraninfo da Universidade, lendo don Xaquín a lección inaugural[10].

En 1988 o Museo do Pobo Galego e mais o Museo Arqueolóxico ourensán ofrécenlle unha exposición homenaxe, *Galicia ao través dun obxectivo*, no marco do certame "Outono fotográfico", que presenta, primeiro en Ourense e logo en Santiago, unha antoloxía dos traballos fotográficos de don Xaquín.

Por entón a súa saúde andaba xa algo quebrantada, polo que non sempre podía atender as demandas que desde o Museo se lle cursaban. Así o fai constar en varias das frecuentes cartas que intercambia co seu fraternal amigo Antonio Fraguas, director do centro. Con todo, na medida das súas posibilidades, participa con entusiasmo e asiste –polo común en compañía do incondicional e devoto Xosé-Lino Vázquez-Monxardín– á maioría das sesións do Padroado. E case nunca acudía coas mans baleiras. A expensas da súa magra economía, foi arrequecendo a incipiente biblioteca con doazóns tan valiosas como as edicións facsimilares das Cantigas de Santa María, do Lapidario de Afonso X e do Libro do Xadrez. Ao finalizar as asembleas, compartía o xantar que adoito congregaba aos patróns no comedor do Estradense, nun ambiente de inesquecible cordialidade,

A biblioteca Lorenzo Fernández do Museo do Pobo Galego

no que el facía gala de humor e excelente apetito, aspectos ambos nos que rivalizaba con Fraguas.

No serán do 18 xullo de 1989 falece na súa casa de Facós, en Lobeira. A capela ardente instálase no salón de sesións da Deputación Provincial de Ourense, onde recibe unha derradeira homenaxe desde todos os sectores sociais e culturais de Galicia. Para substituílo na Presidencia do Padroado do Museo será elixido don Antonio Fraguas.

Nas súas disposicións testamentarias, consoantes coa xenerosidade que o caracterizara en vida, deixou o seu herdo intelectual e científico ao Museo do Pobo Galego. O 12 marzo de 1990 a institución recibe o legado material, que comprende preto de 3.500 monografías e folletos, un centenar de títulos de publicacións periódicas e un conxunto documental, que se atopa clasificado en trinta e oito unidades de instalación. Cóntanse tamén neste fondo máis de dous mil documentos gráficos (fotografías, negativos, postais e diapositivas), 78 pezas etnográficas, 81 obxectos persoais –condecoracións, premios e homenaxes, principalmente– e 18 pezas do seu equipo fotográfico. A isto cómpre engadir a cesión a favor do Museo dos dereitos da súa obra.

Desde o seu pasamento, a memoria de don Xaquín mantense viva nas institucións das que fora inspirador. En 1990 o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense organiza unha homenaxe á súa memoria, na que o Museo do Pobo Galego colabora cedendo materiais etnográficos para a exposición *Os oficios tradicionais*.

En 1992 aparece na serie Alicerces do MPG o opúsculo *Enredos*, que fora editado en 1958, en español, na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Na mesma serie publicarase, en 2003, *O carro no folclore de Galicia*, que publicara igualmente na RDTP en 1974.

O documental *O carro e o home* será restaurado en 1994 e editado en vídeo[11].

En 2003, o Padroado do Museo do Pobo Galego, reunido en Ourense, acorda dirixirse á Real Academia Galega para que se tome en consideración a candidatura de Lorenzo ao Día das Letras Galegas. A proposta sinalaba:

> Coidamos que é escusado encarecer a importancia do labor intelectual de don Xaquín Lorenzo nos diversos eidos do saber que cultivou e, en especial, no da etnografía, disciplina á que se dedicou con singular empeño e na que deixou textos de referencia que, aínda hoxe, manteñen unha vixencia incuestionable. Consagrou a súa vida á investigación, asumíndoa como un monacato e encarándoa coa determinación de servicio a Galicia, con lealdade a ese propósito e ós homes que o alentaron e dos que foi fiel testamenteiro. De par da súa talla intelectual, a calidade humana e a nobreza singularizaron a súa persoa. Por todos estes conceptos considerámolo acredor a un lugar eminente no contexto da cultura galega.

A Academia, en sesión do 12 de xullo, resolve dedicarlle o Día das Letras Galegas. A Xunta de Galicia, pola súa parte declara o 2004 como ano de Xaquín Lorenzo. Ao longo deste ano, o Museo do Pobo Galego, directamente e, sobre todo, en colaboración con outras institucións afíns, entre elas a propia Real Academia, veu organizando unha serie de actividades –exposicións, conferencias, publicacións– encamiñadas a enxalzar a figura do homenaxeado e contribuír á súa presenza no panorama cultural. Entre estas actividades, adquire singular importancia a exposición *Xaquín Lorenzo Fernández. Vida e obra*, que arestora vai itinerando por Galicia levando a mensaxe que el nos deixou, a mensaxe do seu espírito de traballo, da súa entrega xenerosa e incondicional á causa da Terra, que se sintetiza nestas palabras:

> Pola miña parte, hai algo que me satisface. I é o pensar en que durante toda a miña vida traballei por Galiza, e todo o que fixen, fíxeno por Galiza. Millor ou pior. Cada un traballa segundo os talentos que Deus lle deu. Non vou xuzgar o valor da miña obra, pero si, toda ela sin excepción, foi feita pensando en Galiza, traballando por Galiza, mantendo a fidelidade que prometín cando me puxen en contacto con Cuevillas, con Risco, con Otero.[12]

A don Xaquín Lorenzo ninguén lle disputa a condición de sistematizador dos estudos etnográficos na Galicia do século XX. Desde a perspectiva actual, a súa obra ten que se considerar como unha inestiñable fonte de referencia para a investigación dos fenómenos sociais e culturais. Non debemos esquecer que o seu traballo estivo sempre encamiñado a un obxectivo último: contribuír á transmisión fidedigna dos elementos que definen a identidade galega. Para el, como para os homes da Xeración Nós, dos que sempre se declarou epígono, a Terra foi o horizonte que nordeou o seu proxecto vital.

Don Xaquín Lorenzo soñou un Museo Etnográfico de Galicia, e sempre abrigou a esperanza de ser testemuña da súa creación. Tiñan que pasar corenta e seis anos, desde aquel

lonxano 1931 no que se abriran as portas do salón artesoado de Fonseca acollendo o inicial Museo do SEG, ata o 29 de outubro de 1977, día no que pronuncia un emotivo discurso na inauguración do MPG. Unha larga andaina na que perseverou na necesidade dunha institución que, a través dos seus contidos e accións, contribuíse a definir as raíces da nosa cultura, a comprender a nosa historia e a coñecer a nosa identidade. Un museo que dese abeiro ao noso ricaz patrimonio etnográfico. Pero un museo franco e vivo, no que o papel da colectividade tería que ser relevante e participativo; no que o seu traballo de investigación e divulgación amosase o valor e o sentido cultural das producións populares, que incentivase a colaboración das xentes e avivase o seu interese e respecto pola súa preservación. E neste punto entendía esencial o achegamento dos máis novos, a procura da súa cooperación, coadxuvando a apreciar o significado do patrimonio colectivo, axudando e activando a súa atención. En suma, facendo presente esa tradición, que é parte da memoria histórica común. Unha tarefa certamente louzá, que require da conxunción de vontades e ánimos. Desiderátum que debe nordear agora e no futuro a derrota da institución. É moito aínda o que queda por andar, e non pouco o que debe endereitarse.

O Museo do Pobo Galego, xa con vinteoito anos ás costas e coas eivas inevitables nunha empresa humana, ten que mirarse na excelencia de quen fora un dos seus principais valedores e seguir esforzándose por ser fiel ao legado de don Xaquín e por manter viva e activa a súa memoria.

Notas

1 *Cuestionario del Folk-Lore Gallego, establecido en La Coruña el día 29 de diciembre de 1883*. Madrid: Tip. Ricardo Fe, 1885 (ed. en galego, 1995, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego).

2 Este periplo museístico pódese seguir con detalle en Os museos e a construcción da comunidade, en *VII Coloquio Galego de Museos: Museos, construíndo a comunidade*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos, 2003, 22 ss.

3 *La Región* , 20 de xaneiro de 1976.

4 *El Correo Gallego*, 2 marzo 1977.

5 *El Ideal Gallego*, 17 novembro 1977.

6 Entrevista *La Región*, 12 abril 1977.

7 Sierra Rodríguez, X.C. (1999) A obra de Xaquín Lorenzo Fernández, instrumento para a patrimonialización e a musealización antropolóxica en Galicia. *Raigame*, 9, 69-79.

8 Entrevista *La Región*, 2 marzo 1980.

9 En coedición co Museo de Ourense, dentro da serie *Anexos do Boletín Auriense*, publícanse en 1987, co título *Os traballos comunais no mundo rural*, os tres traballos seleccionados no II Premio de Etnografía "Vicente Risco", de P.S. Moreno Feliú, J.A. Fernández de Rota e X.A. Fidalgo Santamariña.

10 "Introducción ó estudio dos hórreos en Galicia", *Actas del primer Congreso Europeo del Hórreo*. Santiago: Ed. Compostela, 1990, 291-293.

11 No ano 2004 o CGAI vén de restaurar a versión orixinal de *El hombre y el carro*, na montaxe de Serrano de Osma.

12 Entrevista *La Región*, 17 de maio de 1989.

OS TIPOS DE XUGO E OS SEUS NOMES NO TERRITORIO DE FALA GALEGA

Manuel González González
Real Academia Galega. Universidade de Santiago

0. INTRODUCIÓN

Sabido é que, dentro da preocupación xeral que Xoaquín Lorenzo tiña polos diversos aspectos da cultura material de Galicia, ocupaban un lugar relevante o xugo e o carro, aos que dedicou atención en múltiples estudos, como "Die Bremse am Galizischen Wagen"[1], "Notas lingüísticas gallegas. Limia baja"[2], *Vila de Calvos de Randín*[3], "Distribución dos xugos na Galiza"[4], "Notas etnográficas de la parroquia de Borneiro"[5], "El carro en el folklore de Galicia"[6], e sobre todo nun traballo moi documentado que leva por título "Nomenclatura del carro gallego"[7]. Nesta contribución, que pretende ser fundamentalmente unha modesta homenaxe e un recoñecemento ao labor de Xoaquín Lorenzo, ofrecemos unha revisión das áreas ocupadas polos distintos tipos de xugo establecidas no seu día por Xocas, e realizamos un estudo sobre os nomes que reciben estes tipos de xugo en todo o territorio de fala galega.

O xugo é un instrumento de madeira para xunguir unha parella de bois ou de vacas, máis raramente de bestas, onde vai suxeita a cabezalla do carro, o timón do arado, da sachadeira, grade, caínzo, etc.

O documento máis antigo sobre o xugo de que temos noticia é o dunha miniatura en cobre encontrada en Tell Agrab, en Mesopotamia, de cara ao ano 2600 a.C., descrita por Wilhelm Treue[8], que representa unha cuadriga na que os dous cabalos de dentro están xunguidos a un xugo de madeira.

En Galicia úsanse tres clases de xugo: o grande, para sachar o millo, patacas, etc. (por un rego vai a sachadeira, e polos dous lados van os animais); o normal ou do carro; e o dun boi ou dunha vaca sós, para certos traballos lixeiros, coma o de arrendar o millo. O noso estudo centrarase no xugo do carro e dos seus tipos.

Acostúmase dicir que os mellores xugos son os de freixo e os de cerdeira, porque non esgazan nin rompen, domean ben e son suaves e frescos para o gando. Non obstante, as madeiras utilizadas son diversas, e a elección dunha ou doutra depende de múltiples factores.

1. PROCEDENCIA DOS DATOS

O corpus léxico que constitúe a base deste estudo está tirado de:

a) 167 cuestionarios correspondentes a outros tantos puntos do *Atlas Lingüístico Galego* –en diante *ALGa*– (véx. mapa 1). O material destes cuestionarios recolleuse, como é lóxico, *in situ*, a falantes do lugar durante os anos 1974, 1975 e 1976. Sempre que foi posible, as preguntas fixéronse cun xugo diante, para que o informador puidese identificar mellor as pezas e evitar confusións. Isto permitíanos, amais, observar o tipo de xugo de que se trataba. Cando isto non era posible, as preguntas facíanse por medio de debuxos preparados previamente.

b) Outras enquisas específicas levadas a cabo sobre todo para completar o material anterior. Os datos destas enquisas só se reflicten cando achegan algo novo con relación aos puntos próximos, ou cando amplían unha área léxica respecto aos datos anteriores.

c) Teses de doutoramento e memorias de licenciatura realizadas sobre falas de distintos puntos do territorio de fala galega.

d) Diversos estudos de lexicografía e etnografía galega nos que aparece algunha información sobre o xugo.

e) Todos os dicionarios galegos, nos que aparece algunha das voces obxecto de estudo.

f) Tamén se revisou un número considerable de estudos lexicográficos nos que aparecen datos sobre o xugo do territorio portugués (sobre todo o do norte) e do español (sobre todo os que corresponden a falas leonesas). Estes datos aparecen neste traballo como material auxiliar que só é tido en conta cando bota luz sobre algún problema suscitado polo propiamente galego.

2. TIPOS DE XUGO

En Galicia encontramos tres tipos básicos de xugo, perfectamente definidos, dous deles xugulares e o outro cornal. Chamarémoslles convencionalmente: tipo *A*, tipo *B*, e tipo *C*.

Tipo *A*: Xugular. Consiste nun madeiro atravesado por catro paus diverxentes que van unidos entre si, dous a dous, en cada un dos extremos, por dúas correas que pasan por debaixo do pescozo do animal. Nalgunhas zonas os dous paus interiores van enlazados no seu extremo superior por unha corda, unha correa ou unha cadea de ferro.

C-1

C-23

C-36

C-36

C-47

L-18

P-15

Tipo *B*: Xugular. Consiste nun madeiro atravesado a cada lado por un par de arcos alongados, case sempre de madeira e algunha vez de ferro, que se pasan pola parte inferior do colo do gando e se introducen nos buratos correspondentes do madeiro. Estes arcos suxéitanse na parte superior por medio dunhas travesas que poden ser de metal ou de madeira.

C-49

Xugos A e B de C-48



P-21



O-5

Tipo C: Xugo cornal, con variantes, segundo as localidades, en canto á forma máis ou menos alongada e ao arco, de maior ou menor amplitude, que se apoia sobre a parte alta da cabeza do animal, e vai atado aos cornos deste cunha corda ou unha correa. A liña superior do xugo é nalgúns casos continua, pero as máis das veces está interrompida por lombas talladas para enganchar as correas.

A-3

A-5

A-7

O-11

A-1

Z-1

Z-1b

Z-3

3. DISTRIBUCIÓN DOS XUGOS

3.1. Tipo A

En 1927 aparece no tomo X da revista *Wörter und Sachen* o estudo de Fritz Krüger sobre o léxico rural do Noroeste Ibérico, titulado *Die nordwestiberische Volkskultur*[9]. Neste traballo, Krüger localiza este tipo de xugo, dentro de Galicia, na Coruña, Santiago e Lugo.

En 1967 sae á luz o traballo máis rigoroso sobre este tema, obra de Xoaquín Lorenzo Fernández[10], no que o autor mostra unha distribución moito máis completa e exacta dos xugos de Galicia. Segundo Xoaquín Lorenzo o xugo tipo A, que el coñece co nome de "xugo de canga con cangallas", atópase en toda a provincia da Coruña, menos nun pequeno recanto ao suroeste (en Santa Uxía de Ribeira), na metade norte de Pontevedra, no norte e leste da de Lugo e no noroeste da de Ourense. O traballo vai acompañado dun mapa mudo de Galicia, no que o autor tenta sinalar cartograficamente, dun xeito xeral, as áreas ocupadas por cada tipo. Aínda que a descrición é bastante exacta en liñas xerais, non obstante a realidade é un pouco máis complexa, segundo mostraremos.

Distribución dos tipos de xugo en Galicia, segundo Xoaquín Lorenzo

Utilízase practicamente en toda a provincia da Coruña, agás en Santa Uxía de Ribeira, onde se usa soamente o xugo tipo *B*. En dous concellos próximos ao de Santa Uxía de Ribeira, seguindo a liña da costa, o de Boiro e o de Rianxo, este tipo *A* coexiste co *B*. No extremo nordoriental da provincia encontramos o xugo *A* en competencia co *C*: no Barqueiro, e en San Claudio de Ortigueira empréganse ambos os dous tipos; un pouco máis cara ao sur, en San Ramón de Moeche, coñécese aínda o xugo cornal, pero é practicamente inusitado, e está en manifesto retroceso con respecto ao tipo *A*.

Na provincia de Lugo a distribución é máis complexa. En liñas xerais podemos dicir que o tipo *A* está difundido por toda a provincia, agás unha zona situada ao Sueste, dunha amplitude aproximada a unha cuarta parte de toda a provincia, e delimitada pola liña que pasa pola Barrela, Taboada, sur de Guntín, Pobra de San Xiao, Baralla, O Cádavo e A Fonsagrada, seguindo cara ao norte pola fronteira de Galicia con Asturias. No norte da provincia aparece en todos os puntos en competencia xeneralizada co tipo *C*. Viven xuntos o tipo *A* e mailo *C* en: Vieiro (Viveiro), Cervo, Orol, Ferreira do Valadouro, San Cosme de Barreiros, Rinlo (Ribadeo) e, baixando cara ao sur pola zona leste da provincia, en Lindín (Mondoñedo), Vilarmide (A Pontenova) e O Trobo (A Fonsagrada). Descendendo polo centro da provincia atopamos estes dous tipos en Cospeito, e un pouco máis ao sur desembocamos na zona de confluencia dos tres tipos, que Xoaquín Lorenzo Fernández circunscribe a Meira e arredores da cidade de Ourense:

> Ben se comprende que os lindeiros entre as tres rexións non son liñas, senón zonas nas que se misturan os tipos colindantes. Iste fenómeno é especialmente intresante nos arredores da cidade de Ourense e na zona de Meira, onde, por se xuntaren moito as zonas dos tipos pirmeiro e terceiro, atopamos empregados os tres tipos indistintamente[11].

Aprecio que a zona de confluencia dos tres tipos de xugo non se sitúa en Meira, senón un pouco máis ao sur, nunha área que se estende desde Santa Comba de Lugo, Baralla e Pobra de San Xiao cara ao Suroeste por Taboada e A Barrela, penetrando polo leste de Pontevedra deica Rodeiro.

En Ourense só encontramos o tipo *A* no noroeste da provincia, nos concellos de Boborás, Santo Amaro e Ribadavia; pero, mesmo nestes puntos, sofre a competencia do tipo *B*. Con todo, o xugo *A* é coñecido, mais non usado habitualmente, noutros puntos illados da provincia, como: Allariz, Bande, Córgomo de Valdeorras, A Gudiña e A Mezquita.

En Pontevedra úsase na metade setentrional da provincia, aproximadamente ao norte da liña formada, de oeste a leste, polos concellos de Sanxenxo, Pontevedra e Cotobade. Ao noroeste da provincia e mais na área limítrofe con esta liña fronteiriza que separa o uso do xugo *A* do *B*, viven xuntos estes dous tipos, como se pode ver en Cambados, Moraña, Forcarei, Sanxenxo, Pontevedra e Cotobade. No extremo leste da provincia hai unha zona, Rodeiro, onde rivalizan os tres tipos de xugo.

3.2. Tipo *B*

Na Coruña atopámolo exclusivamente en tres puntos extremos do suroeste da provincia: Aguiño (Ribeira), Cabo de Cruz (Boiro) e Rianxo.

En Lugo úsase, ao lado dun dos outros dous, pola parte centro-sur da provincia, nunha área comprendida aproximadamente entre: Santa Comba de Lugo, O Cádavo, Becerreá, Triacastela, Pobra de Brollón, Sober, A Barrela e Taboada[12].

En Ourense coñécese no noroeste da provincia, e introdúcese polo val do Miño, onde se emprega nas súas marxes: Crespos (Padrenda), Vilavidal (Ramirás), San Cristovo (Ribadavia), Santo Amaro, San Cristovo de Cea, Brués (Boborás), Avión. Nalgún destes puntos está en contacto co A, son os casos de Brués, San Cristovo de Cea, Santo Amaro e San Cristovo (Ribadavia).

En Pontevedra é onde está o núcleo máis compacto. Úsase dunha maneira xeral en toda a parte da provincia que queda ao sur da liña formada por Cambados, Moraña e Forcarei, e mantén nos arredores desta liña unha forte competencia co tipo *A*.

3.3. Tipo *C*

Na provincia da Coruña achámolo soamente no extremo nordoriental, nas localidades do Barqueiro e San Claudio de Ortigueira, e aquí ao lado do tipo *A*. Aínda se coñece un pouco máis ao sur, en San Ramón de Moeche, onde xa non se usa.

En Lugo emprégase nunha estreita franxa que vai ao longo da súa costa desde a provincia da Coruña, e segue polo leste da provincia, en dirección norte-sur, ata chegar á altura da capital, Lugo, pasando polos puntos seguintes: Vieiro (Viveiro), Orol, Cervo, Ferreira do Valadouro, San Cosme de Barreiros, Rinlo (Ribadeo), Lindín (Mondoñedo), Vilarmide (A Pontenova), O Trobo (A Fonsagrada), Negueira de Muñiz e Rao. Na parte da provincia que queda ao sur da capital utilízase este tipo de xeito xeral.

En Ourense a área xeográfica en que se utiliza ocupa toda a provincia, agás a zona noroccidental; a liña divisoria[13] pasa aproximadamente ao leste de Crespos (Padrenda), Vilavidal (Ramirás), Ribadavia, Cenlle, Santo Amaro e San Cristovo de Cea; e é nesta zona onde o xugo cornal conflúe cos dous tipos de modalidade xugular.

En Pontevedra encontrámolo unicamente en Rodeiro, poboación limítrofe coa provincia de Ourense, e na que aparecen as tres variedades de xugo.

No territorio do galego exterior (franxa occidental de Asturias, León e Zamora) é este o único tipo coñecido.

Resumindo, podemos dicir que o xugo *A* ocupa toda a provincia da Coruña, menos a zona de Santa Uxía de Ribeira; esténdese cara ao sur pola metade norte de Pontevedra chegando deica o noroeste de Ourense, e, cara ao leste, penetra na provincia de Lugo enchendo a súa metade norte. O xugo *B* atópase na franxa máis meridional da costa coruñesa (Aguiño, Ribeira, Cabo de Cruz e Rianxo) e en todo o centro e sur de Pontevedra; desde Pontevedra esténdese polo oeste e norte de Ourense, introducíndose nunha

franxa que vai en dirección suroeste-nordeste cara ao centro de Lugo. O tipo C áchase en toda a provincia de Ourense (agás na súa parte noroccidental) e no sur e leste de Lugo; no extremo norte desta provincia coñécese nunha franxa que percorre toda a costa e penetra no nordeste da Coruña; en Pontevedra rexístrase só en Rodeiro. É tamén este o único tipo que se utiliza na zona do galego exterior. Unha representación gráfica desta distribución pode verse no mapa 2.

4. DENOMINACIÓN XENÉRICA DO XUGO

As denominacións para designar o xugo agrúpanse en redor de dous termos: *xugo* e *canga*, coas súas variantes fonéticas.

A denominación *xugo*, coas súas distintas realizacións, é a usual en toda a provincia da Coruña e Lugo, en toda a de Ourense (a excepción da súa parte noroccidental), no norte e centro de Pontevedra, e no territorio de Asturias, León e Zamora de fala galega.

A denominación *canga*, coas súas variantes, atópase localizada nunha área moi concreta situada no sur de Pontevedra e no Noroeste de Ourense.

A isoglosa que separa ambos os dous nomes parte do sur de Vigo, pasa entre Soutomaior e Mondariz, entre A Lama e A Graña, introdúcese na provincia de Ourense polo norte de Avión e o sur de Brués (Boborás), atravesa San Cristovo de Cea, onde vira cara á dereita e pasa, ao oeste de Ourense, cara a Ramirás e Crespos ata chegar á fronteira con Portugal. Non obstante, en puntos illados da área de *canga* tamén se coñece a denominación *xugo*; deste xeito atopamos ambas as dúas en Tomiño, Oia, A Cañiza, Crespos, Ramirás e San Cristovo de Cea.

Dun total de 167 puntos enquisados para o *Atlas Lingüístico Galego*, só en 16 de todos eles se designa o xugo co nome *canga*. Nos 151 puntos restantes a designación xeral é *xugo*. A porcentaxe de puntos do ALGa nos que se documentan estes nomes é dun 90,42% para *xugo* e un 9,58% para *canga*. Véx. o mapa 3, coa distribución xeográfica das denominacións *xugo* e *canga*.

4.1. A VOZ "XUGO"

4.1.1. Realizacións fonéticas de "xugo"

[ˈʃuɣo]: Encóntrase en toda a zona de fala galega onde non hai gheada, agás en Z-1. Esta forma coexiste con [ˈʃuho] en puntos onde a gheada non é xeral, como son os casos de L-2, L-10, L-11, L-14, L-22.a, L-24, L-28, L-29, L-31, L-32, L-37, L-39, O-3, O-12, O-16, O-20, O-30, P-2, P-8, LE-1, LE-3. Na zona de non gheada está rexistrada en L-3, L-4, L-5, L-6, L-7, L-8, L-9, L-12, L-13, L-15, L-16, L-18, L-19, L-21, L-22, L-23, L-25, L-26, L-27, L-30, L-33, L-34, L-35, L-38, O-1, O-4, O-8, O-9, O-11, O-13, O-14, O-17, O-18, O-21, O-24, A-1, A-2, A-3, A-4, A-5, A-6, A-7, LE-1, LE-2, LE-3, LE-4, LE-5, Z-1.

[ˈʃuho]: Ocupa a maior parte da área onde hai gheada. Aparece en: C-1, C-3, C-4, C-6, C-8, C-9, C-13, C-14, C-15, C-17, C-18, C-20, C-23, C-25, C-26, C-28, C-30, C-31, C-32, C-36, C-39, C-40, C-42, C-46, L-1, L-17, L-20, L-36, O-2, O-7, O-15, O-22, O-23, O-25, O-27, O-28, O-29, P-3, P-4, P-5, P-7, P-9, P-10, P-11, P-14, P-16, P-17, P-19, P-24, P-25, P-32. Convivindo con [ˈʃugo] aparece en L-2, L-10, L-11, L-14, L-22, L-24, L-28, L-31, L-39, O-16, O-20, O-30, P-2, P-8. Atópase tamén esta realización, ao lado de [ˈʃuɣo] nunha área situada nos confíns onde se xuntan as provincias de Lugo, León e Ourense, nos puntos: L-29, L-32, L-37, LE-1, LE-3, O-3, O-9, O-12.

[ˈʃuxo]: C-5, C-7, C-10, C-11, C-12, C-13, C-19, C-35, C-36, C-47, C-48, P-1, P-6, P-12, P-13. Encóntrase, xunto coa variante [ˈʃuho], en C-2, C-8, C-13.

[ˈʂuho]: C-21, C-27, C-29, C-38, C-43, P-18, P-21. Ao lado de [ˈsuho] e [ˈsuho] ácha-se en C-41; ao lado de [ʃuho] en C-37 e P-23; ao lado de [ˈʂuho] en C-33.

[ˈʂuho]: C-33 (ao lado de [ˈʂuho] e C-34 (ao lado da variante [ˈʂuxo]).

[ˈsuxo]: C-34 (ao lado de [ˈʂuho]).
[ˈʂuxo]: C-24 (ao lado de [ˈsuxo]) e C-49.
[ˈsuho]: C-38 (ao lado de [ˈʂuho]) e C-41 (ao lado de [ˈʂuxo] e [ʃuxo]).
[ˈsuxo]: C-24 (ao lado de [ˈʂuxo]).
[ˈʒuɣo]: O-19 (ao lado de [ˈʒuho] e [ʃuɣo]), O-26 (ao lado de [ˈʒuho] e [ʃuɣo]), O-31 (ao lado de [ˈʒuho], Z-3.
[ˈʒuho]: O-19 (ao lado de ˈʒˈuɣo]: e [ʃuɣo]), O-26 (ao lado de [ˈʒˈuɣo] e [ʃuɣo]), O-31 (ao lado de [ˈʒuɣo]).

Para a distribución cartográfica destes datos, véx. o mapa núm. 4.

A presenza desta palabra nos dicionarios e estudos lingüísticos foi obxecto de estudo por parte de Ramón Lorenzo Vázquez (*C.E.G.*, XVIII, pp. 130-131), quen di:

> Es voz conocidísima. Se halla en Carré, Cuveiro, Valladares (escrito *jugo*), E. Rodríguez, Schneider, Risco (*Melide*, 399), Ebeling (*VKR*, V, 95), J. Lorenzo (*RDTP*, XII, 96), López Soler (79) y Krüger (*GK*, 173; *Léxico*, 13 y 17). En Portugal, bajo la forma *jugo* registran la palabra L. Netto, Barreiros (*RL*, XXXV, 251), Souza (*RBF*, V, 174; con la variante *jubo*), Krüger (*GK*, 173), Dias (*Vil.* 113; en *Rio de Onor*, 60: *xugo*), Fefe, Messerschmidt (135), Figueiredo, Azeredo (*RL*, XI, 183, s.v. *apeirias*)...[14]

Curiosamente, ningún dos lingüistas e etnógrafos que estudaron o xugo en Galicia ten recolleitas as denominacións co primeiro fonema despalatalizado ou semidespalatalizado, que se encontran, como xa vimos[15], nunha boa parte da costa sur da provincia da Coruña, e nalgúns puntos da costa pontevedresa, coas realizacións fonéticas: [ˈʂuho], [ˈʂuho] [ˈʂuho], [ˈsuho] e [ˈsuxo].

4.1.2. Algúns problemas fonéticos destas realizacións

4.1.2.1. O "X-" inicial

A palabra *xugo* permítenos estudar perfectamente os distintos resultados do *j-* latino no galego actual:

A.

O estadio sonoro [ʒ] ([ˈʒuɣo]), procedente do son "africado, prepalatal-alveolar" [ʤ][16], encontrámolo, dentro do territorio de fala galega, en Hermisende (Z), Monterredondo-Padrenda (O), Entrimo (O) e Lobios (O)[17]. Nestes puntos aínda se conserva a oposición da "fricativa, prepalatal, xorda" e a "fricativa, prepalatal, sonora", oposición que está a piques de desaparecer en Hermisende, e que parece ter unha vitalidade maior nos demais puntos sinalados.

B.

O resultado máis xeral no galego é o "prepalatal, fricativo, xordo": [ˈʃuɣo]. A desonorización da fricativa, prepalatal, sonora produciuse paralelamente á acontecida no resto do sistema de sibilantes. Segundo Martinet[18], que se limita unicamente ao caso do castelán, a desonorización das sibilantes sonoras sería o resultado da evidente influencia prolongada da fonoloxía do vasco sobre a do español, xa que os dialectos do vasco se caracterizan na súa maior parte por preferiren as articulacións xordas; e sitúa este fenómeno pola segunda metade do séc. XVI e primeiras décadas do XVII.

Dámaso Alonso[19] encontra numerosos testemuños de desonorización no galego xa desde o séc. XIII, e pensa que este fenómeno producido no norte da Península Ibérica debeu obedecer a unha causa profunda, sen dúbida, un substrato común de efecto retardado.

A desonorización puido ter ocurrido sinxelamente por unha evolución fonética interna, como defende Amado Alonso[20], que a considera debida ao incremento do sopro para manter o "rehilamiento", que se vía rebaixado polo abrandamento xeral da fala producida no séc. XVI, o que produciu unha crecente abertura supletoria que levaba consigo a supresión das vibracións larínxeas. Pero, esta evolución fonética debeuse ver favorecida pola dificultade que tiñan os falantes para articular as sibilantes sonoras, debida, sen dúbida, ao influxo dalgún substrato antigo.

C.

O terceiro resultado en galego é a variante "fricativa, apicoalveolar, xorda": [ˈʂuho], [ˈʂuxo]. Este concide, nunha gran parte, coa área onde o fonema /s/ se realiza como "fricativo, predorsal, xordo". Cómpre reparar en que nestas zonas, a pesar da despalatalización do fonema /ʃ/, aínda non se perdeu totalmente a oposición fonolóxica /ʃ/ vs /s/, posto que o primeiro fonema é realizado foneticamente como "fricativo, apicoalveolar, xordo", en tanto que o segundo se realiza como "fricativo, predorsodental, xordo". Atopámonos diante dunha oposición fonolóxica pouco común en galego: a producida polos trazos, neste caso distintivos, "apicoalveolar" / "predorsodental". Descoñecemos a anti-

güidade do seseo predorsal que se dá nesta zona, e non sabemos se a modalidade autóctona nesta área era a apicoalveolar, -neste caso a variedade predorsodental sería unha evolución recente do primitivo son apicoalveolar-, ou se, pola contra, o fonema /s/ tiña xa desde os primeiros anos da formación do romance unha realización predorsal. Galmés de Fuentes[21] é partidario da segunda interpretación, e pensa que a realización autóctona do seseo desta área é a predorsal:

> El seseo predorsal, que liga a una parte de Galicia, no con el portugués del Norte, sino con el menos conservador de Centro y Sur, representa, sin duda, la pronunciación autóctona del gallego. El seseo se halla comprendido dentro del área que emplea la *gheada*, y por lo tanto, pertenece a la zona más arcaizante de Galicia, que ha resistido con mayor tenacidad a la presión culta castellanizante, que, en lo que se refiere a las sibilantes, ha dominado en el resto del territorio gallego.

Se aceptamos a primeira hipótese de que a variedade predorsal é un fenómeno moderno, podemos explicar o paso de [s̠] apicoalveolar a [s] predorsal como unha reacción ante o fonema /ʃ/, ao realizarse este, foneticamente, primeiro como semipalatal [ʂ] e, posteriormente, como apicoalveolar [s̠], despois de perder totalmente a seu carácter palatal.

Todos os fonemas teñen un campo de dispersión, admiten unha gama máis ou menos variada de realizacións fonéticas distintas, sen que chegue a confundirse con outro fonema. Para evitar a confusión de dous fonemas de realización fonética próxima existe unha marxe de seguridade, a partir da cal a distinción fonolóxica non se percibe claramente. Na realización de cada fonema hai, polo menos dentro dun determinado contexto, unha pronuncia óptima, que Martinet[22] chama o centro de gravidade do seu campo de dispersión. No momento en que as realizacións fonéticas dun fonema se achegan perigosamente ao centro de gravidade doutro fonema, é posible que este segundo fonema atacado reaccione en contra do invasor, trasladando o seu punto de articulación en dirección contraria á do fonema que traspasou a marxe de seguridade existente entre o campo de dispersión de ambos os dous. Este podería ser o caso do fonema /ʃ/, realizado foneticamente [s̠], e de /s/, foneticamente [s].

Partimos dunha etapa en que o centro de gravidade do fonema /ʃ/ sería unha realización fonética "prepalatal, fricativa, xorda", cun campo de dispersión que permitiría adiantar ou atrasar un pouco o seu punto de articulación, pero sempre dentro dunhas marxes de seguridade que garantirían perfectamente manter a súa personalidade fonemática fronte ao fonema /s/. Nesta etapa o centro de gravidade do fonema /s/ sería unha realización "apicoalveolar, fricativa, xorda". No momento en que /ʃ/, a impulso duns determinados factores, adiantou o seu punto de articulación, chegando a unha realización fonética [s̠], coincidente mesmamente coa pronuncia de /s/, obrigou a este último fonema a mudar tamén o seu punto de articulación -realización [s] predorsal- para manter a súa entidade e conservar a oposición fonolóxica con respecto ao fonema que usurpou a súa antiga articulación. Neste caso o factor fundamental que obrigou a pasar ao fonema /s/ dunha pronuncia apicoalveolar a unha pronuncia predorsal é un factor interno xenuinamente lingüístico[23].

Trátase dunha reacción que poderiamos representar da seguinte maneira:

B _ A _

O campo de dispersión de B progresa en dirección de A, traspasando a marxe de seguridade que separaba o campo dos dous fonemas, e facéndose dono da zona que posuía A. Diante desta usurpación A vese obrigado tamén a progresar para poder seguir mantendo a súa personalidade diferenciada, pois, de non facelo, produciríase unha desfonoloxízación da oposición entre A e B.

Mais en contra desta hipótese atópase o feito de que a realización predorsal do fonema /s/ goza dun profundo enraizamento, e parece que é dunha notoria antigüidade. Teñamos en conta que a pronunciación do *s* como predorsal é tradicionalmente un dos trazos que, na conciencia lingüística popular, distingue a fala destes pobos da doutros veciños. Isto fainos supoñer que a variedade predorsal é a tradicional nesta área. Por outra parte, o proceso de despalatalización do fonema /ʃ/ parece un fenómeno moderno, que aínda hoxe se está levando a cabo en moitos puntos, nos que se observa que as xeracións de idade máis avanzada conservan aínda a pronuncia deste fonema como palatal ou semipalatal, en tanto que nas xeracións máis novas o proceso de despalatalización xa se atopa totalmente consumado.

Estes feitos fannos pensar que a pronuncia predorsal do fonema /s/ é un fenómeno autóctono destas zonas, ou, polo menos, dunha antigüidade moito maior ca o fenómeno de despalatalización de /ʃ/. Hai unha tendencia na lingua a manter aproximadamente a mesma distancia entre todos os fonemas, e a que todos os fonemas teñan aproximadamente un campo de dispersión da mesma amplitude. A distancia entre a realización predorsal do fonema /s/ e a palatal do fonema /ʃ/ era ampla de máis. O fonema /ʃ/ puido aproveitar o espazo libre do [s̻] apicoalveolar para avanzar nesa dirección.

Hai algún punto onde o proceso de despalatalización está a medio camiño, e o fonema /ʃ/ pronúnciase co son semipalatal [ʂ]. Este é un dos feitos que nos mostra que o fenómeno da despalatalización é recente. Son os puntos onde aparecen as realizacións [ʂ'uho] e [ʂ'uxo]. Pero a pronuncia do *x* como semipalatal non é en ningures a única realización fonética deste fonema. Nestes puntos, ao seu lado, áchanse as realizacións [ʃ] ou [ʂ]. A variante semipalatal cómpre estudala en relación coa socioloxía lingüística e tendo en conta as distintas xeracións que conviven nunha mesma fase da historia da lingua: Tanto en Mazaricos como en Duio (Fisterra) a pronuncia máis común do fonema /ʃ/ na xeración que a mediados da década dos setenta andaba polos sesenta anos, pouco máis ou menos, era a semipalatal /ʂ/, pero aínda había persoas desa idade que pronunciaban [ʃ]. Pola contra, as xeracións máis novas xa realizaban o fonema /ʃ/, dunha maneira case xeral, como [s̻], chegando mesmo nalgún caso ata a realización predorsal [s].

E.

A pronuncia [s] do fonema /ʃ/, ['suxo] e ['suho] dáse soamente nas persoas máis novas dalgún punto onde a realización máis xeral é [s̻]. Está rexistrada en Santa María de Roo

(Noia), na Serra de Outes e nos Muños (Muxía). É consecuencia da confusión e desfonoloxización de tres fonemas: /ʃ/, /s/, /θ/, os tres cunha realización fonética [s] predorsal.

Diante desta situación cómpre preguntarse verbo do rendemento funcional destas tres oposicións fonolóxicas. Sería necesaria a elaboración dun estudo exhaustivo no que se vise, en primeiro lugar, o número de pares léxicos que se opoñen polos trazos distintivos que separan os fonemas /ʃ/, /s/, /θ/; e, en segundo lugar, qué clase de palabras son estas e qué frecuencia teñen na fala popular cotiá. Porque pode acontecer que unha oposición fonemática que afecte a un número considerable de pares léxicos sexa pouco frecuente na fala (se, por exemplo, se atopa en voces pertencentes á fala culta), e o contrario se, a pesar de afectar a poucos pares léxicos, estes son moi usuais na lingua familiar de todos os días[24]. Habería que conxugar, pois, dous niveis, un de lingua e outro de fala: no primeiro sería necesaria a confección dunha estatística léxica dos pares que se opoñen polos trazos distintivos destes fonemas; de seguido habería que ver a frecuencia e ocorrencia destes pares no uso diario, e deducir o rendemento fonolóxico destas oposicións, que, nalgúns casos, como vimos, están xa desfonoloxizadas.

A pronuncia [s], e mesmo [s̻] do fonema /ʃ/ encóntrase tamén en Belesar (Baiona), onde a realización deste fonema non se pode observar a través da palabra *xugo*, xa que esta localidade está situada na zona onde este apeiro é coñecido co nome de *canga*.

En resumo, no panorama lingüístico actual de Galicia pódese observar a conservación de capas de distintos estadios de evolución do *xe* do galego común. A capa máis arcaizante é aquela onde aínda se conserva a oposición entre a fricativa prepalatal xorda e a sonora, como ocorre en Crespos (Padrenda), Entrimo e Lobios na provincia de Ourense, e Hermisende na de Zamora. A esta fase máis antiga superponse a que adquire unha extensión maior no galego de hoxe, que realiza este fonema como "fricativo, prepalatal, xordo". Mais en diversos puntos do occidente de Galicia estase a producir o fenómeno da despalatalización de /ʃ/, que desemboca en realizacións ápico-postalveolares, alveolares e mesmo predorsais.

4.1.2.2. O non paso de Ŭ latino a [o] en galego

A voz IŬGUM tiña Ŭ breve tónico en latín, polo que o resultado esperado en galego sería [o] pechado. A conservación do *u* tense tratado de explicar de maneiras diferentes: Meyer-Lübke (*REW*, art. 4610) pensa que se trata dun cultismo, feito improbable por ser un termo moi usado polo pobo baixo. H. Lüdtke[25] inclúe este termo dentro dun suposto grupo de voces que pertencerían a unha capa de latín con sistema vocálico asimétrico do tipo do romanés no que Ŭ latino se conserva como *u*. Pero Dámaso Alonso[26], despois de estudar o grupo de palabras aducidas por Lüdtke como substento da súa teoría, demostra que non hai no léxico portugués nin no castelán o máis pequeno indi-

cio de restos que permitan afirmar a existencia dun vocalismo asimétrico no que Ŭ non se confundira con Ó, mentres que Ĭ xa se tería fundido con Ē. Williams[27] pensa que o non paso de Ŭ a *o* nalgunhas palabras (IŬGUM > port. *jugo*; IUSTUM > port. *justo*; PLŬMBUM > gal.-port. *chumbo*) é debido ao influxo da palatal inicial. O problema do port. *justo* e *chumbo* está resolto con claridade por D. Alonso[28]: a primeira palabra ten vogal longa en latín (JŪSTUS), e sobre da segunda recaeron influxos de tipo culto, o mesmo que sobre do cast. *plomo*.

Corominas (DCELC, s.v. *yugo*) considera a forma portuguesa *jugo* (galego *xugo*) producida por metafonía, como ocorre noutras palabras como *fundo* (lat. FŪNDUS), *tudo*, *furo*, *fusco* etc., pero prodúcelle estrañeza o resultado *u* en castelán, e trata de lle buscar outra explicación: supón unha forma *JŭU xa no lat. vg. tardío, sendo así normal que o ŭ en hiato non se trocase en *o*, do mesmo xeito que ocorreu en TŬUS > *túo* ou *tuyo*, SŬUS > *súo* ou *suyo*. O hiato resultante, segundo a hipótese de Corominas, resolveuse intercalando unha consoante de tránsito, que puido ser *-g-*, resultando *yugo*, cunha consoante *-g-* que non é continuadora da latina; ou ben puido ser *-v-*, de onde *yuvo* (*chuvo*); ou ben puido pronunciarse primeiro *(y)uio* (como *tuyo*, *suyo*, *puya*, *gruya*, etc.) e despois *uvio*. Esta hipótese permítelle dar conta tamén das variantes que presentan unha consoante labial en vez dunha velar como sería de esperar se atendemos ao seu étimo. De ser verdadeira, tamén por este vieiro achariamos unha solución á forma galega *xugo*: o ŭ breve tónico latino en hiato con outro *u* non se cambiaría en *o*, e o *-g-* non sería unha continuación do latino, senón unha consoante antihiática secundaria.

4.1.2.3. A realización do g: os lindes da gheada[29]

A palabra *xugo* permítenos trazar dunha maneira ben detallada a fronteira da gheada que, coas súas variantes fonéticas, comprende as provincias da Coruña e Pontevedra na súa totalidade, e parte das de Lugo e Ourense, aparecendo tamén nalgún punto da de León.

Á vista dos materiais recollidos para o *Atlas Lingüístico Galego*, a fronteira oriental da gheada queda establecida pola isoglosa que, seguindo a dirección norte-sur, parte do leste de Cervo, baixa pola ladeira occidental da Serra do Xistral, pasa entre Muras e Xermade, dá un xiro cara á Oriente polo leste de Goiriz (Vilalba), pasa polo concello de Cospeito, a partir de onde segue aproximadamente a liña do río Miño, atravesa Lugo e corre entre os concellos de Guntín e Láncara, polo leste de Taboada e A Barrela. A partir de aquí a isoglosa vólvese a separar da liña do Miño, dá un xiro cara ao oeste e penetra na provincia de Ourense por entre A Barrela e San Cristovo de Cea, segue polo leste de Brués e de Santo Amaro, pasando polo lado de Ourense, entre Ceboliño e Pereiro de Aguiar, para penetrar de novo, nun xiro para o norte, na provincia de Lugo no concello de Sober. Volve á provincia de Ourense, baixa ao oeste de Vilariñofrío (Montederramo) e de Baños de

Molgas, quedando dentro da zona de gheada Allariz e Xinzo de Limia, pasa por Campobecerros e penetra en Portugal entre Vilardevós (en Riós aínda hai gheada) e a Gudiña.

Aparece, ademais, nunha área situada pola zona de confluencia das provincias de Lugo, Ourense e León. Rexístrase este fenómeno en: Candín e Calafresnas (Corullón) na provincia de León; na Lama de Noceda (Cervantes), Seoane do Courel e Outeiro do Courel na provincia de Lugo; na Veiga de Cascallá e Lamalonga na de Ourense.

Deste xeito a lagoa de gheada do Cebreiro, que Zamora Vicente[30] localiza en Pedrafita, As Nogais e Cervantes, queda notablemente ampliada, xa que estende as súas fronteiras cara ao leste penetrando na provincia de León, e cara ao sur nunha estreita franxa que chega sen solución de continuidade deica Lamalonga no concello da Veiga do Bolo en Ourense. Nesta área a realización fonética da gheada é apenas unha lixeira aspiración larínxea. Véx. o mapa núm. 5.

4.2. A VOZ "CANGA"

Hai unha pequena área no oeste de Ourense e no sur de Pontevedra, onde o xugo recibe a denominación *canga*, pronunciada fonéticamente como [ˈkaŋga] ou ben como [ˈkaŋka]:

[ˈkaŋga]: O-1, O-5, O-6, O-10, O-15, O-19, P-20 (ao lado de *canca*), P-23, P-25, P-26, P-27, P-29 (ao lado de *canca*), P-30 (ao lado de *canca*), P-31, P-32, P-33. Documentada en F. J. Rodríguez (*Diccionario*, p. 33), Cuveiro (*Diccionario*, p. 55), *DRAG* (p. 392), Carré (*Diccionario*, p. 223), Irmandades (*Vocabulario*, p. 246, s.v. *yugo*), E. Rodríguez (*Diccionario*, I, p. 466). Cuevillas (*CEG*, X, p. 155), Cuevillas-Taboada Chivite (*CEG*, XIII, p. 308), Cuevillas-F. Hermida-J. Lorenzo (*Velle*, p. 158), López Soler (*Carro mariñán*, p. 71), Ebeling ("Die Geräte", p. 99), Krüger (*Léx. NO. Ib.*, p. 15), Cotarelo y Valledor (*BRAE*, XIV, p. 110), R. Lorenzo (*CEG*, XVIII, p. 130), Sá Nogueira (*BF*, IV, p. 210), Rohlfs (*BF*, XII, p. 257).

[ˈkaŋka]: P-20, P-22, P-28, P-29 (ao lado de *canga*), P-30 (ao lado de *canga*).

Para a representación cartográfica destas realizacións, véx. o mapa núm. 6.

Etim.: Da etimoloxía desta palabra preocupáronse, entre outros, lingüistas como Meyer-Lübke (*REW*, art. 1585; *WS*, X, p. 138-139), Menéndez Pidal (*RFE*, VII, pp. 26-27), García de Diego (*DEEH*, art. 1309), Corominas (*RFH*, VI, p. 147; *DCELC*, I, pp. 606-607, s.v. *cama II*), Cornu (*Port. Spr.*, párr. 105), G. Viana (*Apost.*, I, p. 222), Nunes (*Compêndio*, p. 60), J. I. Louro (*BF*, XII, p. 282). A hipótese máis verosímil é a que dan Corominas (*op. cit.*) e García de Diego (*op. cit.*), segundo a cal esta palabra provén do célt. *CAMBĬCA 'madeira curva', derivado de *CAMBOS 'curvo'[31].

5. DESIGNACIÓNS DO XUGO TIPO "A"

Para designar este tipo de xugo, amais dos termos *xugo* e *canga* empregados illadamente, utilízanse outros sintagmas nos que estes substantivos van acompañados de distintos cualificativos (por ex. *xugo de cancil, xugo de piallas*, etc.). Tendo en conta a palabra base do sintagma, e os termos contiguos que a modifican, podemos clasificar as denominacións do xugo tipo "A" do seguinte xeito:

1) Palabra *xugo* sen ningún complemento. Presenta as variantes fonéticas:

['ʃuɣo]: L-4, L-7, L-8, L-11, L-12, L-14, L-15, L-24. Documentada en *Friol* (p. 73), *Incio* (p. 221), *Pereiramá* (p. 113), *Santa Justa* (p. 51).

['ʃuho]: C-2, C-6, C-8, C-9, C-15, C-17, C-18, C-20, C-25, C-30, C-31, C-32, C-36, C-39, C-41, C-42, L-11, L-14, L-17, L-24, P-3, P-4, P-5, P-7, P-11. Documentada en *Santaia de Gorgullos* (p. 167).

['ʃuxo]: C-8, C-10, C-11, C-12, C-45, P-1. Documentada en *Cabalar* (p. 168), *Curtis* (p. 191), *Dumbría* (p. 134), *Lage* (p. 136), *Mellid* (p. 103), *Razo* (p. 98), *Sobrado* (p. 192), *Toba* (p. 28).

['ʂuho]:.....C-21, C-27, C-29, C-33, C-38, C-41, C-43.

['ʂuxo]:.....C-24.

['ʂuho]:.....C-33, C-34.

['ʂuxo]:.....C-34.

['suho]:.....C-41.

['suxo]:.....C-24.

2) Palabra *xugo* con determinantes relacionados coas cangallas entre as que se mete o pescozo do boi ou da vaca, que vai asegurado a estas por medio dunhas correas:

-xugo de cangallas

['ʃuɣoðekaɲ 'gayas]: P-2.

['ʃuhoðekaɲ 'gaʎas]: C-3, C-14, C-23, C-30, C-37, P-9, P-10, O-1, O-18.

['ʃuhoðekaɲ 'haʎas]: C-3.

['ʃuhoðekaɲ 'hayas]: P-14.

['ʃuhoðekaɲ 'xayas]: C-4.

['ʃuhoðekaɲ 'xaʎas]: C-5, C-7, C-13, C-19.

['ʃuhoðekaɲ 'gaʎas]: C-37.

-xugo da canga

['ʃuɣoða 'kaŋga]: L-2, L-3. Documentada en *Cedofeita* (p. 142).

-xugo de canga

['ʃuɣoðe 'kaŋga]: L-6, L-10, (O-4), (O-16).

['ʃuhoðe 'kaɲha]: C-28.

-xugo de canciles

[ˈʃuɣoðekaɲˈθiles]: L-10, L-22, L-24.
[ˈʃuhoðekaɲˈθiles]: C-1, L-20.
[ˈʃuhoðekanˈsiles]: C-46.
[ˈʃuhoðekanˈsiles]: C-47, C-48.

-xugo de chancil

[ˈʃuɣoðetaɲˈθiles]: L-25.

3) Palabra *xugo* con complementos relacionados coas dúas correas que se amarran ás puntas das cangallas, e pasan pero debaixo do pescozo dos bois ou das vacas:

-xugo de peaza

[ˈʃuɣoðepeˈaθa]: L-21, L-25.

-xugo de piarza

[ˈʃuɣoðapiˈarθa]: L-26.

-xugo de pialla

[ˈʃuɣoðapiˈaya]: L-28.
[ˈʃuɣoðepiˈayas]: L-31.
[ˈʃuhoðapeˈaʎa]: L-36.
[ˈʃuhoðapiˈaya]: L-28.
[ˈʃuhoðepiˈayas]: L-31.

-xugo de barbillas

[ˈʃuɣoðeβarˈβiʎas]: P-8.
[ˈʃuhoðeβarˈβiʎas]: P-8.

-xugo de abrochas

[ˈʃuxoðaˈβrɔtʃas]: P-6.

4) Palabra *xugo* con complementos que fan referencia aos animais que o levan:

-xugo das vacas

[ˈʃuhoðazˈβakas]: C-40.

5) Palabra *xugo* con complementos relacionados co apeiro para tirar do cal se emprega máis a miúdo este tipo de xugo:

-xugo do carro

[ˈʃuhoðoˈkaro]: C-29.

6) Denominación *canga* cos seus derivados e variantes fonéticas:

-canga

[ˈkaŋga]: L-1, L-5, L-13, L-16, (O-24), (O-26).

-cangalla

[ˈkaŋ ˈgaʎa]: P-12, P-16.

[ˈkaŋ ˈgaya]: P-12.

[ˈkaŋ ˈxaya]: P-15.

[ˈkaŋ ˈkaʎa]: P-16.

7) Palabra *canga* con complementos relacionados coas cangallas do xugo:

-canga de chancil

[ˈkaŋgaðetʃan ˈθil]: L-25.

-canga de rellas

[ˈkaŋgaðe ˈreʎas]: O-10.

8) Palabra *canga* con complementos relacionados coas correas que pasan por debaixo do pescozo do boi ou da vaca:

-canga de peaza

[ˈkaŋgaðepe ˈaθa]: L-25.

-canga de barbilla

[ˈkaŋgaðeβar ˈβiya]: O-6.

Véx. o mapa núm. 7.

6. DESIGNACIÓNS DO XUGO TIPO "B"

Segundo a palabra básica para designar este tipo de xugo, e segundo os termos adxacentes que califican a esta palabra base, podemos clasificar as denominacións do xugo tipo "B" da maneira seguinte:

1) Palabra *xugo sen* ningún tipo de complemento. Presenta as seguintes variantes fonéticas:

[ˈʃuɣo]: L-39, O-19. Documentada en *Ferreira de Pantón* (p. 80).

[ˈʃuho]: L-39, P-16, P-17, P-19, P-23, P-24, P-25, P-32. Documentada en *Salvatierra* (p. 77).

[ˈʃuxo]: P-15. Documentada en *Castiñeiras* (pp. 338 e 342, *xujo*) e en *Goyán* (p. 77).

[ˈʂuho]: P-18, P-23.

[ˈʒuɣo]: O-19.

2) Palabra *xugo* con calificativos que fan referencia aos arcos de madeira que rodean o pescozo do animal:

-xugo de canga

[ˈʃuɣoðeˈkaŋga]: L-22, L-26, L-30, L-31, O-4, P-8.
[ˈʃuhoðeˈkaŋga]: L-31, O-16, P-8, P-10.
[ˈʃuhoðaˈkaŋga]: L-36.

-xugo cangueiro

[ˈʃuɣokaŋ ˈgeiro]: O-3.

-xugo de cangalla

[ˈʃuxoðekaŋ ˈgaʎa]: C-47, C-48.
[ˈʃuxoðekaŋ ˈkaʎa]: C-48.

-xugo de cancil

[ˈʃuhoðekan ˈθil]: P-9, P-14.

-xugo de canciles

[ˈʃuxoðekan ˈsiles]: P-13.
[ˈʂuxoðekan ˈsiles]: C-49.

-xugo de chanciles

[ˈʃuhoðetʃan ˈθiles]: O-2.

-xugo da torga

[ˈʃuɣoðaˈtɔrɣa]: L-21, L-25. En Ebeling (“Die Geräte”, p. 99), [ˈʃuɣo̯ ðe̯tˈorgas]

-xugo de arcos

[ˈʂuhoðeˈarkoʃ]: P-21.

3) Palabra *xugo* con complementos que fan relación aos animais que levan este tipo de xugo:

-xugo de bois

[ˈʃuɣoðeˈβojs]: L-27.

4) Palabra *canga* sen ningún complemento. Presenta as seguintes variantes fonéticas:

[ˈkaŋga]: L-35, O-1, O-5, O-15, O-19, O-24, P-20, P-23, P-25, P-26, P-27, P-29, P-30, P-31. Documentada en *Goyán* (p. 77).
[ˈkaŋka]: P-20, P-22, P-28, P-29, P-30.

5) Palabra *canga* con cualificativos relacionados cos arcos de madeira que rodean o pescozo do animal:

-canga de chancil

[ˈkaŋgaðetʃanˈθil]: O-6, O-10.

-canga da torga

[ˈkaŋgaðaˈtɔrɣa]: L-25.

6) Palabra *canga* con cualificativos que fan referencia aos animais portadores do xugo:

-canga dos bois

[ˈkaŋgaðozˈβojs]: P-33.

Véx. o mapa núm. 8.

7. DESIGNACIÓNS DO XUGO TIPO "C"

As denominacións deste tipo de xugo podémolas agrupar nos seguintes apartados:

1) Variantes fonéticas da voz *xugo*

-xugo

[ˈʃuɣo]: L-16, L-23, L-32, L-33, L-35, L-38, O-3, C-4, O-9, O-12, O-13, O-14, O-17, O-20, O-21, O-24, O-25, A-1, A-3, A-4, A-5, A-6, A-7, LE-2, LE-3, LE-4, LE-5, Z-1[32]. Documentada en *Ancares* (p. 221; tamén *xugu*), *Burón* (p. 172), *Castro Caldelas* (p. 86), *Ferreira de Pantón* (p. 80), *Gudiña* (p. 112), *Mezquita* (p. 107), *Montederramo* (p. 122), *Piedrafita* (p. 116), *V. Oro* (p. 111).

[ˈʃuho]: O-7, O-20, O-22, O-25, O-27, O-28, O-29. Documentada en *Villardevós* (p. 91).

[ˈʃuɣo]: O-26, Z-3.

2) Variantes fonéticas de *molida*

-molida

[ˈmoˈliða]: L-4, L-5, L-14, L-25, L-35, L-38, O-13, O-14.

[ˈmuˈliða]: L-14.

Etim.: O nome de *molida* recíbeo sen dúbida da almofadiña de pel, enchida con palla, que se coloca entre os arcos do xugo e a cabeza do animal, para preservar esta de rozaduras que lle poida ocasionar o xugo deste tipo. Trátase dun substantivo formado sobre o participio de pretérito do

verbo latino MOLLIRE (Meyer-Lübke, *REW*, art. 5648ª), derivado de MOLLIS 'brando'. Son abundantes en galego, como nas outras linguas románicas, os substantivos formados a partir dun participio de perfecto. Semanticamente a palabra non presenta ningunha dificultade.

3) A voz *xugo* con complementos referidos á *molida*

-xugo de molida

[ˈʃuɣoðoemo ˈliða]: L-5, L-18, L-26, L-30, O-18, O-31. Documentada en Ebeling ("Die Geräte", p. 95).
[ˈʃuɣoðoamo ˈliða]: L-2, L-6, L-9, L-22, L-29, L-37, LE-1. Documentada en *Cedofeita* (p. 142).
[ˈʃuɣoðoamu ˈliða]: L-3, O-18.
[ˈʃuɣoðoemu ˈliða]: L-31, O-11, P-8. Documentada en Ebeling ("Die Geräte", p. 95).
[ˈʃuɣoðoemu ˈɣiða]: A-2.
[ˈʒuɣoðoamo ˈliða]: O-31.
[ˈʃuhoðemo ˈliða]: C-3, P-10[33].
[ˈʃuhoðemu ˈliða]: C-1, L-31, P-8.
[ˈʃuhoðamo ˈliða]: L-1.
[ˈʃuhoðamu ˈliða]: L-36.
[ˈʃuhoðemo ˈliða]: P-1.
[ˈʃuxoðamo ˈliða]: C-5[34].

4) A palabra *xugo* con complementos referidos á parte do animal á que se xongue este tipo de xugo:

-xugo da cabeza

[ˈʃuɣoðaka ˈβeθa]: L-26.

5) A palabra *xugo* con complementos referidos á parte do xugo que se apoia sobre a moleira do animal:

-xugo de palmela

[ˈʃuɣoðepal ˈmɛla]: O-8[35].

6) A palabra *xugo* con complementos que cualifican este tipo de xugo como propio galego, fronte a outras variantes semellantes que non se consideran propias desta zona:

-xugo do país

[ˈʃuɣoðopaˈis]: O-8, O-16.

[ˈʃuhoðopaˈis]: O-16.

Véx. mapa núm. 9

Non se pode facer unha distribución fixa das denominacións para designar este tipo de xugo, pero pódense sinalar certas tendencias na escolla dunha determinada denominación en función dos seguintes elementos:

1) A localización do punto de que se trate.

2) A competencia doutros tipos de xugo.

3) As características propias deste xugo.

A denominación *xugo* coas súas variantes fonéticas encóntrase nunha extensión grande da área ocupada por este tipo de xugo. Poderiamos dicir, dun xeito xeral, que a atopamos en todos aqueles puntos onde, por non se coñecer outros tipos de xugo, non fai falla buscar nomes que o diferencien deles. É a designación xeral sen caracterizar, e encóntrase como tal moi estendida, sendo predominante e máis abundante cara á zona oriental, onde non encontra a competencia dos tipos que chamamos "A" e "B".

A denominación *molida* coas súas variantes fonéticas, así como os sintagmas nominais formados pola palabra *xugo* con outros cualificativos, tenden a ocupar as áreas laterais nas que este tipo de xugo se encontra convivindo con outros, ou nas súas proximidades. Nos puntos C-1, C-3, C-5, L-1, L-2, L-5, L-6, P-1, nos que se utiliza o sintagma *xugo de molida*, emprégase, amais do xugo "C", o xugo "A". Este feito da coexistencia de dous ou máis tipos obriga á procura de denominacións específicas para os distinguir, pois a designación xenérica *xugo*, utilizada indistintamente, non permitiría a diferenciación. Este mesmo feito explica a denominación *xugo de molida* en L-22, L-31, L-36, P-8 e P-10, onde se coñecen os tres tipos de xugo, e en L-30 onde coexisten o tipo "B" e "C". Algo semellante acontece cos nomes *molida* en L-4, L-5, L-14, L-25 e L-35, puntos todos eles nos que se utilizan dous ou tres tipos de xugo, e *xugo da cabeza*, en L-26, onde se coñecen os tres tipos.

O nome *xugo do país* de O-8 e O-16 explícase pola forma das mesas: o *xugo do país* tenas menos pronunciadas có *xugo castellano*.

Por último, a designación *xugo de palmela* de O-8 hai que incluíla entre as que se basean na forma e características propias do xugo de que se trata.

7. CONCLUSIÓN

O xugo, como apeiro indispensable tanto na súa utilización co carro para todo tipo de transporte, coma con outros apeiros de labranza, é coñecido en todo o territorio de fala

galega. Do xugo utilizado para xunguir dúas vacas para tirar polo carro coñécense en Galicia tres tipos diferentes, que presentan unha distribución xeográfica complementaria, se ben hai zonas de transición nas que coexisten dous ou mesmo os tres tipos. A distribución das áreas ocupadas por cada un destes tipos foi establecida por Xoaquín Lorenzo nun traballo publicado no ano 1967, e unha das finalidades principais desta achega é precisamente a de delimitar con maior precisión estas áreas. A outra cuestión á que procuramos dar resposta ao longo destas páxinas foi a dos nomes que recibe o xugo en toda Galicia, localizando o territorio ocupado por cada unha das denominacións, e tratando de afrontar algúns dos problemas de tipo lingüístico, de carácter etimolóxico e dialectal, que estes nomes presentan.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso, Amado, *De la pronunciación medieval a la moderna en español*, ed. Gredos, Madrid, vol. I (1ª ed. 1955; 2ª ed., 1967), vol. II (1969).

Alonso, Dámaso, "Sobre el vocalismo portugués y castellano (con motivo de una teoría)". Incluído in "Temas y problemas de la fragmentación fonética peninsular", *ELH*, I (Suplemento), Madrid, 1962. Recollido en *Obras completas*, I, Madrid, 1972, pp. 17-39.

Baamonte Traveso, Gloria, *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*, tese de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1977, inédita.

Braga Barreiros, F., "Vocabulário barrosão", *RL*, XX (1917), pp. 137-161; XXXV (1937), pp. 239-303.

Camafeita Pazos, Josefina, *Notas Léxicas y Etnográficas del Ayuntamiento de Salvatierra de Miño*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1979, inédita.

Carballo Calero, Ricardo, "Geada", *Grial*, nº 19, Xaneiro a Marzo de 1968, Vigo, pp. 99-100.

Carré Alvarellos, Leandro, *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán-galego*, 4ª ed., ed. Moret, A Coruña, 1972.

Carré Alvarellos, Leandro, *La geada en Galicia*, separata de *Douro Litoral*, Porto, 1956.

Cornu, Jules, "Die portugiesische Sprache", in: *Grundriss der romanischen Philologie*, herausgegeben von Gustav Gröber, I, Strassburg, 1888, pp. 715-803 (2ª ed. 1904-1906).

Corominas, Joan, "Indianoromanica. Estudios de Lexicología Hispanoamericana; Occidentalismos Americanos", *RFH*, VI.

Corominas, Joan, *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana*, 4 vols., Madrid-Berna, 1954, 1955, 1956, 1957.

Cortiña Vázquez, Serafín, *Anotaciones sobre el léxico de Gonce (Friol)*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1974, inédita.

Cotarelo y Valledor, Armando, "El castellano en Galicia", *BRAE*, XIV, 1927, pp. 82-136.

Cuveiro Piñol, Juan, *Diccionario gallego*. El más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas (...), Barcelona, 1876.

Dias, Jorge, *Rio de Onor. Comunitarismo agro-pastoril*, Instituto de Alta Cultura. Centro de Estudos de Etnologia Peninsular, Porto, 1953.

Dias, Jorge, *Vilarinho da Furna: uma aldeia comunitária*. (Cancioneiro de Margot Dias. Prefácio de Orlando Ribeiro), Porto, 1948.

Díaz Carnero, Mercedes, *El léxico de Castro Caldelas*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.

Dobarro Paz, José Mª., *Vocabulario de Capela (Cabalar)*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1974, inédita.

Durán Sotelo, Antonia, *Algunos aspectos de la vida en Justa*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1961, inédita.

Ebeling, W., "Die landwirtschaftlichen Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien)", *VKR*, V, 1932, pp. 50-151.

Feáns Landeira, Manuel, *El habla de Castiñeiras*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1976, inédita.
Fernández González, José Ramón, *Etnografía del Valle de Ancares* (Estudio lingüístico según el método "Palabras y Cosas"), Anexo 10 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1978.
Figueiredo, Cândido de, *Dicionário da língua portuguesa*, actualizado segundo as regras do Acordo ortográfico luso-brasileiro de 1945, 14ª ed., Lisboa, 1949 (2 vols.).
Fraga García, Ramón, *Vocabulario de Mellid y cercanías*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1968, inédita.
Galmés de Fuentes, Álvaro, *Las sibilantes en la Romania*, ed. Gredos, Madrid, 1962.
García de Diego, Vicente, *Diccionario etimológico español e hispánico*, ed. S.A.E.T.A., Madrid, 1954.
Gil Suárez, Mª Carmen, *El habla de Villardevós*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1969, inédita.
Gonçalves Viana, Aniceto dos Reis, *Apostilas aos dicionários portugueses*, vol. 1, Lisboa, 1906, (A-H); vol. II, Lisboa, 1906, (I-Z).
González Fernández, Mª. Isabel, *Vocabulario de "El valle de Burón"*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1972, inédita.
González González, Manuel, *A fala do Incio*. Tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1974, inédita.
Irmandades, *Vocabulario = Vocabulario castellano-gallego de las Irmandades da Fala*, A Coruña, 1933.
Krüger, F., *El léxico rural del Noroeste Ibérico*, RFE, anejo XXXVI, Madrid, 1947. Tradución do alemán feita por Emilio Lorenzo y Criado.
Krüger, Fritz, "Die nordwestiberische Volkskultur", *WS*, X, 1927, pp. 41-137. Cito a través da tradución ó castelán de Emilio Lorenzo y Criado: *El léxico rural del Noroeste Ibérico*, anexo XXXVI da *RFE*, Madrid, 1947.
Krüger, Fritz, *Die Gegenstanddskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete. Ein Beitrag zur spanischen und portugiesischen Volkskunde*, Hamburg, 1925.
Lausberg, Heinrich, *Lingüística Románica*, I, ed. Gredos, Madrid, 1970 (reimpresión). Tradución do orixinal alemán: *Romanische Sprachwissenschaft*. Zweite, durchgesehene Auflage. Walter de Gruyter. Berlin, 1963; feita por J. Pérez Riesco e E. Pascual Rodríguez.
Leis Casanova, Inés, *El habla de Santa Eulalia de Dumbría*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1969, inédita.
López Cuevillas, Florentino, "El comercio y los medios de transporte de los pueblos castreños", *CEG*, X, 1955, pp. 145-157.
López Cuevillas, Florentino, Fernández Hermida, Vicente, Lorenzo Fernández, Xaquín, *Parroquia de Velle*, Santiago de Compostela, 1936.
López Cuevillas, Florentino, Taboada Chivite, J., "Nuevas excavaciones de la "Cidá do Castro" de San Millán", *CEG*, XIII, 1958, pp. 301-311.
López Facal, Susana, *Fala e cousas de Toba*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1968, inédita.
López Soler, Juan, "El carro mariñán", in: *Boletín de la Real Sociedad Geográfica de Madrid* (Madrid), ano XC, III, 1-2, 1954, pp. 7-79 (Sep. Madrid, 75 páxs.).
López Taboada, Mª del Carmen, *El habla de la comarca de Sobrado de los Monjes*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1978, inédita.
Lorenzo Fernández, Joaquín, "Die Bremse am Galizischen Wagen", *VKR*, XI, 1938, pp. 282-289.
Lorenzo Fernández, Joaquín, "El carro en el folklore de Galicia", *RDTP*, XXX, 1974, pp. 43-76.
Lorenzo Fernández, Joaquín, "Nomenclatura del carro gallego", *RDTP*, XII, 1956, pp. 54-113.
Lorenzo Fernández, Joaquín, "Notas lingüísticas gallegas. Limia baja", *RDTP*, IV, 1948, pp. 79-93.
Lorenzo Fernández, Xaquín, "Distribución dos xugos na Galiza", in: Real Academia Galega, *Primera y segunda asambleas lusitano-gallega. Actas y Comunicaciones*, Madrid, 1967, pp. 61-63.
Lorenzo Fernández, Xaquín, "Notas etnográficas de la parroquia de Borneiro", *BCPMOrense*, XIII, 1942, pp. 183-203.
Lorenzo Vázquez, Ramón, "Estudios etnográfico-lingüísticos sobre La Mahía y aledaños", *CEG*, XVII, 1962, pp. 49-67 (Introducción); XVIII, 1963, pp. 129-147 (II. El yugo); XIX, 1964, pp. 10-64 (III. El carro).
Lourenzo, Xoaquín, López Cuevillas, Florentino, *Vila de Calvos de Randín*, Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela, 1930.
Louro, José Inês, "Considerações Etimológicas (Lampa, lampo; canga; pescaz; piscola; etc.)", *BF*, XII, 1951, pp. 267-290.
Lüdtke, H., *Die strukturelle Entwicklung des romanischen Vokalismus*, Bonn, 1956.

Martinet, André, "Structures en contact: Le dévoisement des sifflantes en espagnol", in: *Économie des changements…*, pp. 297-325.
Martinet, André, *Économie des changements phonétiques. Traité de phonologie diachronique*, ed. A. Francke, 3ª ed., Berne, 1970.
Martínez Martínez, Mª. Rosario, *El habla de Curtis y sus cercanías*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1970, inédita.
Menéndez Pidal, Ramón, "Notas para el léxico románico", *RFE*, VII, 1920, pp. 1-36.
Messerchmidt, H., "Aus und Wirtschft in der Serra da Estrêla (Portugal)", *VKR*, IV, 1931, pp. 72-163 e 245-305.
Meyer-Lübke, Wilhelm, *Romanisches Etymologisches Wörterbuch*, 3ª ed., Heidelberg, 1935.
Morandeira Lourés, María Josefa, *El habla de Lage*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1969, inédita.
Nunes, José Joaquim, *Compêndio de Gramática histórica portuguesa* (Fonética e Morfologia), Livraria clássica editora, Lisboa, 6ª ed., 1960.
Palacio Sánchez, José Antonio, *Notas sobre el léxico de Ferreira de Pantón (Lugo)*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1974, inédita.
Pensado Tomé, José Luis, "Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas", *RFE*, LIII, 1970, pp. 27-44.
Pensado, J. L; Pensado Ruiz, C.: *"Gueada" y "geada" gallegas*. Anexo 21 de *Verba*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1983.
Pérez Alonso, Mª Jesús, *Vocabulario de Goyán*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1969, inédita.
Prado Fernández, Margarita, *Vocabulario de Ferreira del Valle de Oro*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
Prieto Alonso, D.: "Algunhas hipóteses sobre a geada", *Verba 7,* 1980, pp. 223-242.
Risco, Vicente, "Estudo etnográfico da Terra de Melide", in: Seminario de Estudios Galegos, *Terra de Melide*, Santiago de Compostela, 1933, pp. 325-425.
Rodríguez González, Eladio, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, 1958-1961, 3 vols.
Rodríguez, Francisco Javier, *Diccionario gallego-castellano* (Su autor, el presbítero D. __, ahora difunto.... Dalo a luz la Galicia...), A Coruña, 1863.
Rohlfs, Gerhard, "Aspectos de toponimia española", *BF*, XII, pp. 229-265.
Sánchez Sánchez, Aurora, *El léxico de Montederramo*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
Santamaría Sande, Mª del Pilar, "La geada en la provincia de Lugo", in: *BCPMLugo*, VIII, pp. 71-81.
Santamarina Fernández, A.: "Novas consideracións ao redor das orixes da *geada*", *Verba 7*, 1980, pp. 243-250;
Schneider, H., "Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien)", *VKR*, XI, 1938, pp. 69-145 e 193-281.
Schröten, J.: "Interpretación de la geada gallega", *Verba 7,* 1980, pp. 209-222;
Souza, Bernardino José de, "Vocabulário do carro-de-bois", *RBF*, V, 1959-1960, pp. 129-208.
Taboada Cid, Manuel, *Vocabulario y notas etnográficas de La Mezquita*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
Treue, Wilhelm, *Achse, Rad und Wagen*, Munich, 1965.
Valladares Núñez, Marcial, *Diccionario gallego-castellano*, Santiago de Compostela, 1884.
Vázquez Fernández, Mª Isabel, *El habla y léxico de San Julián de Pereiramá*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
Vázquez Santamaría, Mª Ester, *El habla de la Gudiña*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1971, inédita.
Vecino Tomás, Fernando, *El vocabulario de Razo*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1970, inédita.
Williams, E. B., *Do latim ao português*, ed. Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro, 3ª ed., 1975 (1ª ed. de 1961). Traduc. do inglés: Williams, Edwin B., *From Latin to Portuguese* (,) *Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*, University of Pennsylvania. Philadelphia. University of Pennsylvania Press. Oxford: Humphrey. Milford: Oxford University Press, 1938. Trad. de Antônio Houaiss.
Zamora Vicente, Alonso, "La frontera de la geada", in: *Homenaje a Fritz Krüger*, Univ. de Cuyo-Mendoza, 1952, pp. 57-72.

Notas

1 *VKR*, XI (938), 282-289
2 *RDTP*, IV (1948), 79-93.
3 LORENZO, X.; LOPEZ CUEVILLAS, Florentino: *Vila de Calvos de Randín*, Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 1930.
4 en REAL ACADEMIA GALEGA: *Primera* y *segunda asambleas lusitano-gallega. Actas* y *Comunicaciones*, Madrid, 1967, 61-63
5 en *BCPMOrense*, XIII (1942), 183-203.
6 en *RDTP*, XXX (1974), 43-76).
7 en *RDTP*, XII (1956), 54-113.
8 Treue, Wilhelm, *Achse, Rad und Wagen*, Munique, 1965, p. 25.
9 Existe tradución ao castelán desta obra: Krüger, F., *El léxico rural del Noroeste Ibérico,* RFE, anejo XXXVI, Madrid, 1947. Tradución do alemán feita por Emilio Lorenzo y Criado.
10 Lorenzo Fernández, Xaquín, "Distribución dos xugos na Galiza", en R.A.G., *Primera* y *segunda asambleas lusitano-gallega. Actas* y *Comunicaciones*, editora Nacional, Madrid, 1967, pp. 61-63.
11 Lorenzo Fernández, X., "Distribución...", *op. cit.*, p. 63.
12 Non atopei o xugo *B* en Meira, ata onde o fai chegar Xoaquín Lorenzo ("Distribución...", *op. cit.*, p. 62).
13 Cando falamos de liñas divisorias non o facemos en senso estrito, xa que os lindeiros que separan dous fenómenos son zonas máis ou menos dilatadas nas que o paso dase dun xeito progresivo; nestas zonas de confluencia prodúcese unha mistura de variedades que fai imposible o asinalamento dun límite preciso entre unhas e outras.
14 Convén advertir que esta palabra, grafada *jugo*, xa se atopa documentada en F. J. Rodríguez (*Diccionario*, 79).
15 Vid. supra a localización das variantes fonéticas da voz *xugo*.
16 Vid. Lausberg, H.: *Lingüística Román.*, I, §. 324 y 330.
17 Esta etapa sonora pode comprobarse nestes puntos noutras palabras, como *xemer, xear, xenro, xunco*, etc.
18 Vid. Martinet, A.: "Structuras en contact...", 317 ss.
19 Alonso, Dámaso: "Ensordecimiento en el Norte...", p. 126 ss.
20 Alonso, Amado: *De la pronunciación medieval a la moderna en español*, pp. 312-313-
21 Galmés de Fuentes, A., *Las sibilantes en la Romania*, edit. Gredos, Madrid, 1962, p. 113.
22 Martinet, A.: *Économie...*, p. 48.
23 Entendo por "factores internos" os condicionamentos ou forzas motrices peculiarmente lingüísticos, e por "factores externos" aqueles que na actividade humana, mental ou física, poden influír na natureza dos sistemas lingüísticos. Non considero neste traballo a concepción do mentalismo tradicional, que aplica o calificativo de "interno" a aquilo que resulta da actividade do espíritu, e o de "externo" a todo o mais.
24 Sobre do rendemento funcional dos fonemas pódese ver: Martinet, A.: *Économie...*, pp. 54 e ss.
25 Lüdtke, H.: *Die strukturelle Entwicklung des romanischen Vokalismus*, Bonn, 1956.
26 Alonso, D.: "Sobre el vocalismo portugués y castellano", pp. 17-39.
27 Williams, E. B.: *Do latim…*, p. 50.
28 Alonso, D.: "Sobre el vocalismo portugués y castellano", pp. 23-25.
29 A gheada no galego é un fenómeno que levantou certa polémica, e para o que se teñen dado diversas interpretacións, que se poden ver nos seguintes estudos: Schneider, H., "Studiem zum Galizischen des Limiabeckens (Orense, Spaniens)", en *Volkstum und Kultur der Romanem*, XI, 1938, pp. 103-109; Zamora Vicente, A.: "La frontera de la geada", en *Homenaje a Fritz Krüger*, Universidad de Cuyo (Argentina), t. I, 1952, pp. 57-72; Carré Alvarellos, L.: "La geada en Galicia", en *Douro Litoral*, Porto, 1956, pp. 961-967; Santamaría Sande, M. P.: "La geada en la provincia de Lugo", en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, t. VIII, pp. 71-81; Carballo Calero, R.: "Geada", en *Grial*, núm. 19, Vigo, Xaneiro a Marzo de 1968, pp. 99-100; Pensado, J. L.: "Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas", RFE, LIII, 1970, pp. 27-44; Santamarina Fernández, A.: "Novas consideracións ao redor das orixes da *geada*", *Verba 7*, 1980, pp. 243-250; Schroten, J.: "Interpretación de la geada gallega", *Verba 7*, 1980, pp. 209-222; Prieto Alonso, D.: "Algunhas hipóteses sobre a geada", *Verba 7*, 1980, pp. 223-242.
30 Zamora Vicente, A.: "La frontera de la geada", p. 65.
31 Para o xuízo crítico das outras hipóteses, véx. R. Lorenzo (*CEG*, XVIII, pp. 132-133).
32 En O-21 coñecen dúas variedades de xugo, o *xugo castellano* e o *xugo gallego*, que se distinguen en que os rebaixes do primeiro, por onde se apoia sobre da moleira do animal, son máis pronunciados cós do segundo.
33 En P-10 xa non existe na actualidade este tipo de xugo, pero aínda se coñece.
34 Neste punto, a pesar de coñecer este xugo, non conseguín ver ningún.
35 As *palmelas* son os rebaixes que o corpo do xugo leva na súa parte inferior para que asente mellor sobre a moleira do animal que o soporta.



Distribución dos tipos de xugo en Galicia, segundo Xaquín Lorenzo

Mapa 1.
Mapa de localidades enquisadas para o *Atlas Lingüístico Galego*



Mapa 2.
Distribución dos tipos de xugo no territorio de fala galega



Mapa 3.
Voz xenérica para designar o xugo



Mapa 4.
Realizacións fonéticas da denominación *xugo*



Mapa 5.
Distribución da gheada na lingua galega



Mapa 6.
Realizacións da denominación *canga*



Mapa 7.
Designacións do xugo tipo "A"



Mapa 8.
Designacións do xugo tipo "B"



Mapa 9.
Designacións do xugo tipo "C"

XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
VIDA

Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego

> *En Orense, á las nueve del día veintiseis de Junio de mil novecientos siete ante D. Juan Ramos Cerviño Juez municipal de este término y D. Manuel Gomez Gonzalez Secretario, compareció D. Alfredo Estevez mayor de edad, de profesión empleado, natural de esta Ciudad, domiciliado en idem según cédula personal número siete, haciendo presentación de un impreso en el que manifiesta haber nacido un niño para su inscripción en el Registro civil, y al efecto como tío paterno declara:*
>
> *Que nació en la casa número treinta de la calle de la Paz de esta Capital el día veintitrés del corriente.*
>
> *Que es hijo legítimo de D. José Lorenzo Alvarez y de Dª. Joaquina Fernandez Barcia de estado casados de treinta y seis y ventidós años y naturales de Orense y Vigo respectivamente, y domiciliados en el del alumbramiento.*
>
> *Que es nieto por línea paterna de D. Joaquín Lorenzo Lopez y de Dª. Dolores Alvarez Caballero; y por la materna de D. Perfecto Fernandez Rodriguez y de Dª. Dolores Barcia Boullosa.*
>
> *Y que á dicho niño se le puso el nombre de Joaquín María Perfecto.*
>
> *Fueron testigos á este acto D. José Durán Medina y D. Ramón Vazquez Gonzalez, mayores de edad y vecinos de esta población.*
>
> *Leída que les fué esta acta á las personas que deben suscribirla, la hallaron conforme y firman el Sr. Juez, declarante y testigos, de todo lo cual y sellarla con el de este Registro, yo Secretario certifico.* (REXISTRO CIVIL, OURENSE, 1907).

Este documento sinala o comezo da vida de Xaquín Lorenzo Fernández, que se irá desenvolvendo ó longo de pouco máis de 82 anos: na cidade natal; na casa dos avós paternos na aldea de Facós (Lobeira); en Vigo, na casa dos avós maternos; e varias estadías máis ou menos curtas en Compostela, Zaragoza, Madrid, León... A súa existencia non sobresae por grandes e transcendentais feitos, senón pola constancia, por non arredarse do vieiro que escolleu sendo case un adolescente, cando o primeiro de maio de 1926 –aínda non fixera os 19 anos– ingresa como socio "activo" no Seminario de Estudos Galegos. Dende entón o seu labor a prol da nosa cultura non se detén ata o pasamento:

> [...] Pola miña parte, hai algo que me satisface. I é pensar en que durante toda a miña vida traballei por Galicia, que todo o que fixen, fíxeno por Galicia. Millor ou pior. Cada un traballa segundo os talentos que Deus lle deu. Non vou xuzgar o valor da miña obra, pero si, toda ela sen excepción, foi feita pensando en Galicia, traballando por Galicia, mantendo a fidelidade que prometín cando me puxen en contacto con Cuevillas, con Risco, con Otero [...] (ALVARADO, 1989).

Os amigos tratábano de *Xocas*, hipocorístico de Xaquín xa familiar dende neno, que rematou por xeneralizarse de mozo e máis cando reside en Santiago de Compostela.

Lembro, sobre todo, as fraternais conversas que mantiña con Antonio Fraguas nas xuntanzas do padroado do Museo do Pobo Galego, e que ese era o tratamento, mentres que el a Don Antonio case sempre lle dicía o apelido. E o mesmo os mestres e compañeiros cronoloxicamente maiores (algún deles xa maior que súa nai), ós que trataba sempre de vostede, como Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas:

> [...] Pois ben, estes homes, a pesar da confianza que tiñan comigo, tratábanme sempre de vostede. Risco chamábame Don Xocas, en ton familiar e bromista. Cuevillas e Otero chamábanme Xocas, pero de vostede. Eu, desde logo, tratábaos de vostede tamén. En cambio Castelao, desde o primeiro momento en que me puxen en contacto con el tratoume de "tu" e eu a el tamén de "tu" (BRAXE, L., 1987).

Outra testemuña tamén referida por el:

> [...] Lembro cando ingresei na Universidade. Un día cheguei á casa de Cuevillas e este me dixo:
>
> - Home, Xocas, chega vostede a tempo. Teño aquí un artigo para unha revista e quero que o vexa vostede; a ver que lle parece [...] (BRAXE, L., 1987: 6).

Don Xaquín endexamais rexeitou deste hipocorístico nin en familia, pois súa nai chamáballe de neno *Xoquiñas*, e cando xa tiña 25 anos escribe na dedicatoria da separata "Notas pra un cuestionario de Etnografía. Embarcacións", que fica agora no Museo do Pobo Galego, que saíu no número 111 da revista *Nós*, en 1933: *Pra miña nai, c-unha aperta mui forte, Xocas*.

Dende xa hai moitos anos o *Xocas* por antonomasia é Xaquín Lorenzo Fernández, o mesmo que Ramón Otero Padrayo imaxinou nos témeros días de setembro de 1936 formando parte da procesión da *santa compaña* na que ían os membros máis sobranceiros do Seminario de Estudos Galegos, que axiña afogarían os franquistas e a universidade compostelá, dos que el é por certo o único vivo:

> [...] Xocas escuita do crarín guerreiro
> a chamada baril e vai ao frente;
> aló nun castro esbróanlle un ombreiro
> i é o soio vivo qu'hai en tanta xente,
>
> pois forma baixo o sol cos mutilados
> e desfila con aire miliciario
> e por a noite seguindo outros fados
> discute o carro envolto no sudario [...] (OTERO PEDRAYO, R., 1998: 34)

OS DEVANCEIROS

A familia de Xaquín Lorenzo pertencía á clase acomodada ourensá, como o evidencia o feito de que seu pai estudase Dereito pero nunca traballase en nada, agás como colaborador de xeito moi esporádico nalgúns xornais republicanos e socialistas vigueses e ourensáns. Os bisavós paternos eran naturais de Calvos de Randín e Lobeira, nacendo o

avó na primeira poboación e a avoa na segunda, pero seu pai xa veu ó mundo en Ourense en 1871, na rúa chamada daquela "de Tetuán" e actualmente de Modesto Fernández, que é a curta calexa con soportais só en parte que vai da praza Maior á praza das Damas.

Joaquín Lorenzo López, o avó, nace en Calvos de Randín e de novo emigra a Arxentina, aínda que a familia é de supoñer que se defendese economicamente ben pois un irmán foi párroco de Lobios, do que Don Xaquín conservaba entre outros obxectos unha fermosa escribanía. Nada puidemos acadar sobre esta etapa da súa vida, só de que chegou a posuír unha estimable fortuna en Bos Aires, tal vez mesmo herdada en parte dalgún parente, e que regresa para a terra natal antes de 1870, quizais enfermo, xa que este ano as familias amañan o seu casamento cunha moza moito máis nova, Dolores Álvarez Caballero (el tiña 45 anos e ela non máis de 20), que nacera en Lobeira pero que a nai –María Matilde- procedía de Calvos de Randín, polo que era coñecida de todos[1].

Casan o 11 de xuño de 1870, o fillo nace o 11 de abril de 1871, e el falece o 11 de outubro do devandito ano. Ó pouco a viúva contrae segundas nupcias con Juan Francisco Estévez, natural de Entrimo, nacendo catro fillos (medios tíos de Don Xaquín), do que un deles, Edmundo, chegou a gobernador civil de León durante a II República e mantivo excelentes relacións co escritor Pío Baroja, sendo ademais un dos testamenteiros. A avoa faleceu moitos anos despois na súa casa de Facós, o 14 de febreiro de 1928.

Polo que atinxe ós bisavós maternos, el era do Ribeiro, Ventura Fernández de Soto, natural da parroquia de San Lourenzo da Pena (Cenlle)[2], ó que a desamortización e exclaustración truncaron a vocación relixiosa ó pecharse o mosteiro de San Clodio onde era novizo, que logo continuaría no seminario de Tui, pero non rematou por casar coa filla dun boticario alí establecido, natural da parroquia viguesa de Castrelos, sendo tamén desta cidade os demais devanceiros. O avó xa naceu na parroquia de Sárdoma, no lugar de San Roque, e a avoa en Vigo na casa número 17 do Paseo de Alfonso XII, coñecido daquela a nivel popular pola estrada de Baiona que pouco despois de nacer a nai de Don Xaquín (o 11 de febreiro de 1885), se transforma por influencia do político José Elduayen y Gorritti na actual rúa que leva o seu nome, e para a que houbo que destruír boa parte da zona antiga da poboación (como a capela da Misericordia, por exemplo):

> [...] compareció D. Perfecto Fernández natural de Sárdoma, término municipal de Vigo, provincia de Pontevedra, mayor de edad, casado, dependiente de comercio, domiciliado en esta ciudad, calle de Alfonso XII, número diez y siete, según la cédula personal núm. 6.468 que exhibe, presentando con objeto de que se inscriba en el Registro civil, una niña al efecto, como padre de la misma declaró:
>
> Que dicha niña nació en su espuesto domicilio el día once del corriente a las ocho de la mañana.
>
> Que es hija del declarante y de Dª. Dolores Barcia, natural de esta ciudad, término municipal de idem, provincia de Pontevedra, mayor de edad, y domiciliada en el del declarante su marido. [...]
>
> Y que a la espresada niña se le pondrá el nombre de Joaquina Ángela María [...] (REXISTRO CIVIL, VIGO, 1885).

Nesta casa naceu Xaquín Lorenzo:
Rúa da Paz, 30 (Fotografía de Xaquín Lorenzo, Museo do Pobo Galego)

Actualmente (xuño de 2004) aínda vive unha media irmá súa, debido a que o avó casou dúas veces, nacendo do primeiro matrimonio seis fillos, do que un foi a nai de Xaquín Lorenzo, e do segundo oito, dos que só vive a devandita media tía. Perfecto faleceu en 1949, cando o neto contaba 42 anos, encargándose el de atendelo ata o derradeiro suspiro, segundo contan os familiares e, en particular, a súa curmá Dolores Saénz Fernández, o mesmo que fixera antes coa avoa de Lobeira, en 1928, como di neste caso súa nai:

> [...] Ella tenía varios hijos, pero el mío fue quien la acompañó y recojió el último suspiro [...][3].

José e Joaquina –ela era 14 anos máis nova– coñecéronse en Vigo cando el era colaborador dos xornais socialistas *Solidaridad* e *La Lucha*, antes do 31 de decembro de 1905, pois nesta data xa lle dedica un pequeno poema no periódico *Madrid Cómico*, o que testifica que eran noivos. As relacións rematan o 19 de agosto de 1906 co casamento na igrexa de Santa María de Vigo:

> [...] Que á mi presencia ha procedido el presbítero D. José Martínez Doural, por delegación del cura párroco de la Iglesia de Santa María, á unir en matrimonio canónico á los referidos Dn. José Lorenzo Álvarez, de edad treinta y cinco años, de estado soltero, natural de Orense, vecino de Vigo, hijo legítimo de D. Joaquín y de Dª. Dolores y á Dª. Joaquina Fernández Barcia de edad de veintiun años, de estado soltera, natural de Vigo [...] (REXISTRO CIVIL, VIGO, 1906).

O BERCE: OURENSE E LOBEIRA

O matrimonio establece a residencia en Ourense, no número 30 da rúa da Paz (agora corresponde ó 26), na casa que mercara o bisavó Joaquín logo de volver da Arxentina, onde nacen os dous fillos: *Joaquín María Perfecto*, o 23 de xuño de 1907, e *Jorge Edmundo Vicente*, o 11 de febreiro de 1910. Don Xaquín nace na capital, pero non rexeita cando alguén pensa que é de Lobeira:

> [...] En primeiro lugar, dise que eu son de Lobeira. A verdade é que nacín en Ourense [...] E eu, por aquelo de que "non con quen naces senón con quen paces", deixo dicir dese xeito, porque a verdade é que me sinto limiao, procedendo das dúas bandas da Limia Baixa; son, pois, "dos da néboa" e teño a vaidade de que como tal asinen a miña nacencia [...] (LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1988)[4].

Na casa de enfronte naceran antes ca el, en 1884 e 1888, respectivamente, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, como o testemuñan as placas que campan na mesma: *O Concello de / Ourense / no centenario do / nacemento de / Don Vicente Risco / 1 outubro 1984*. E na outra: *Eiquí naceu, viviu e morreu / o Patriarca das Letras / Galegas / D. Ramón Otero Pedrayo / 1888-1976*.

A súa nenez transcorre entre Ourense e Facós, e xa menos en Vigo. Das tres poboacións a máis querida foi a do concello de Lobeira, por ser onde residía a avoa paterna,

onde a familia pasaba as vacacións e tamén porque alí coñeceu a vida e os costumes campesiños:

> [...] Nós alí non eramos os fillos do señorito. Os nosos compañeiros eran os fillos dos labregos cos que andabamos; recordo ir con eles roubar froita á nosa propia horta, na que podiamos coller o que quixésemos sen ir roubar, pero a gracia estaba niso, precisamente. Asistimos a todas as faenas comunitarias do campo, tiñamos un mallo máis pequeno [...] Así funme pondo en contacto co campo de Galicia. E vía que ao chegar a Ourense para retomar os estudos, os rapaces da cidade descoñecían completamente o que era o campo [...] (FERNÁNDEZ LÓPEZ, R., 1984).

A influencia do pai, José Laurentino, coñecido polo pseudónimo de *Tabarra,* será notoria, tanto nel como tamén no irmán Xurxo. En Compostela, onde cursa Dereito, colabora na revista estudiantil *Café con Gotas*, en particular dende o ano 1892, sobre todo con caricaturas e cadros humorísticos, aínda que tamén insire algúns textos. Publica artigos noutros periódicos, como *El Liberal* (Madrid), *Barcelona Cómica, La República* (Ourense), *Solidaridad* (Vigo), *La Asociación* (Vigo), *La Lucha* (Vigo), *El Socialista* (Madrid), etc. Un cadro humorístico seu, "En el baile nacional", acadou o segundo premio de caricaturas do xornal madrileño *El Liberal*, en 1903, o que lle deu sona de bo debuxante. Tamén é autor de dous folletos redactados, segundo parece, por encargo da Juventud Socialista de Ourense: *Nuestras ideas* e *El Régimen Socialista*. Faleceu novo, ós 52 anos, o 27 de novembro de 1923, constituíndo o seu enterro un acontecemento na cidade pola gran cantidade de xente que acompañou o cadaleito ata o cemiterio de San Francisco, como daba conta ó día seguinte o xornal ourensán *La Zarpa*:

> [...] figuraban obreros de los distintos gremios, que a pesar de ser hora de trabajo, acompañaron al cadáver hasta la morada postrera [...] (GONZÁLEZ PÉREZ, C. 2003: 41).

Vicente Risco, que naceu na mesma rúa da Paz, na casa de enfronte e, polo tanto, sabía ben de como se desenvolvía a familia Lorenzo Fernández, afirma ó referirse ó proxenitor:

> [...] Moi logo encomenzou tamén as súas leituras, guiadas e escollidas polo pai, que tiña unha bibrioteca ben fornecida de libros bós. O pai era quen lle'iba dando os libros aos dous irmáns, formándolles o gusto, dende pequenos, e evitando que lêran parvadas. Así que tiveron dende logo iste precioso auxilio. Os rapaces eran pau de obra, mais foron de cote ben guiados e coidados con sabencia polo amor inteligente dos seus pais [...] (RISCO, 1934: 63).

Tamén foi el quen se encargou de ensinarlles ós dous fillos a ler, a escribir e a contar, por iso dicía nunha entrevista Don Xaquín:

> [...] Eu en realidade non fun nunca á escola porque o meu maestro foi sempre o meu pai. Unicamente unha tempada antes de ingresar no Instituto, dixo meu pai: "Bueno, vas ir ó colexio este, ós Villares", rexido por don Amador e don Saturnino Villar, "con obxecto de que te poñas en contacto con outros rapaces que son os que van ser compañeiros teus de

Nesta casa finou Xaquín Lorenzo (Facós, Lobeira)
(Fotografía de C. González Pérez)

> bachillerato. De maneira que convén que vaias pra que te vaias familiarizando con eles". E pra eso fun. O demais, a preparación toda, o mismo que a das asignaturas do bachillerato era meu pai, o noso maestro [...] (VARA, 1999: 93).

Particularidade que confirma a nai nun pequeno diario que aínda se conserva, case só referido ós fillos. Do maior escribe:

> Joaquín María Perfecto / 1907 / Nacimiento: Domingo 23 de Junio a las 11 de la mañana / Habló: el 24 de Noviembre / Primeros pasos: 25 de Mayo de 1908 / Día 22 de Julio de 1910: talla 0'92 [...] Joaquín es terco y rencoroso pero tiene otras cualidades que por las buenas que son, nos compensa los malos ratos que nos dá con su genio arrebatado. / Es muy cariñoso y aunque a veces contesta mal nos quiere mucho [...] 16 Enero 1914: Aprende las primeras letras y los números (primera lección) / 25 de Abril: Sabe leer: / Lee cantidades de 9 cifras [...] El 12 de Octubre de 1915 va por primera vez al colegio [...][5]

ESTUDOS: OURENSE E COMPOSTELA

Ós dez anos ingresa no Instituto General y Técnico da súa cidade, no curso 1917-18, no que remata o bacharelato, título que lle expide a Universidade Compostelá o 27 de xuño de 1923. Nos últimos cursos un dos seus profesores foi o veciño Ramón Otero Pedrayo, que tomara posesión da cátedra de Xeografía e Historia o primeiro de outubro de 1921, como lembra na resposta do discurso de ingreso de Don Xaquín como membro numerario da Real Academia Galega, acto que se desenvolve en Celanova o 16 de setembro de 1951:

> [...] Cuenta que Joaquín Lorenzo fue alumno suyo en el Instituto de Orense y cómo, con su aplicación, su tenacidad y su entusiasmo, logró alcanzar en plena juventud un lugar destacado en el campo de la arqueología moderna. Asocia, en un emotivo recuerdo, a este triunfo del joven arqueólogo orensano, el nombre de su hermano Jorge, muerto hace años, cuando los dos, en plena vida universitaria, se habían lanzado ya por el camino que conduce a la investigación con bríos juveniles y aciertos de elegidos [...] ("LOS ACTOS...", 1951).

O 30 de agosto de 1923 matricúlase na Universidade de Compostela, pero só da materia de Historia de España:

> Sr. Decano de la Facultad de Filosofía y Letras
> Don Joaquín Lorenzo Fernández, natural de Orense, provincia de id. de 15 años de edad [...]
> Que habiendo terminado los estudios que comprenden el Bachillerato en el instituto de Orense, y deseando ampliarlos en esta Facultad.
> Suplica a V.E. le sea admitida la mencionada matrícula [...] [6]

Examínase en setembro, pero non aproba. Ó pouco tempo fina o pai, o 25 de novembro de 1923, agravándose aínda máis a situación familiar ó ter que ir a nai á Arxentina para arranxar certos problemas que lles xurdiran co administrador dos bens que posuían en Bos Aires. No curso seguinte, 1923-24, volve a matricularse por libre pero só de tres materias, das que non aproba ningunha. Matricúlase no curso 1924-25 tamén por "enseñanza no oficial", e unha vez máis suspende as tres en xuño, aprobando só "Historia de España" en setembro.

No curso 1925-26 matricúlase na Facultade de Dereito tamén por ensino libre, pero non se presenta en ningunha das dúas convocatorias, polo que decide abandonar os estudos. Nesta época reside o máis do tempo con súa avoa en Lobeira, atopándose precisamente con ela cando falece o 14 de febreiro de 1928. A estadía en Facós aprovéitaa de abondo, para recadar datos etnográficos, cantigas, refráns... Nestes anos, por exemplo, compila o *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, que cando se publica en 1973 advirte no limiar que a inmensa maioría das cantigas xa eran descoñecidas polos veciños:

> [...] Eu teño unha experiencia. Ata o ano 1932 estiven recollendo cantigas da terra da Limia Baixa. Publiqueinas –son preto de tres mil– e xa non encontro alí unha soa persoa que saiba esas cantigas. Perdéronse totalmente. E son, xa digo, recollidas ata o ano 1932. De entón para acá non recollín ningunha, e as xentes de alí xa non as coñecen. É unha cousa que se está perdendo. É como quen tira unha cousa polo río abaixo e non a colle no momento en que a ten á man: despois a auga lévaa e non se volve ver: E eiquí ocorre o mesmo. Esto váisenos [...] (VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., 1999: 53).

Outra mostra fidedigna do seu labor é a de que por estes anos publica catro artigos en *Nós* e tamén o primeiro libro, en colaboración con F. López Cuevillas: *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas* (Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela, 1930).

Seu irmán Xurxo matricúlase por libre en maio de 1929 na Facultade de Ciencias da Universidade Compostelá, pero logo decide ir para Madrid e facer Arquitectura, que troca no curso 1930-31 por Filosofía e Letras (sección Historia) na Universidad Central. Xaquín convénceo para que volva e xuntos matricúlanse en Compostela como alumnos oficiais no curso 1931-32. Aproveitan a estadía (viviron nunha pousada que estaba no número 8 da praza de San Miguel dos Agros) para traballar no Seminario de Estudos Galegos, á vez que tamén participan activamente na vida universitaria, como destacado membro da FUE (*Federación Universitaria Escolar*) pola que entra como representante na Xunta de Goberno da Universidade no mes de outubro de 1932, en substitución de Carballo Calero. Xunto con Francisco Fernández Del Riego, Raimundo Aguiar Álvarez, José Antonio Rodríguez Tenreiro e César González-Seco Seoane, é un dos encargados da campaña que se desenvolve 1933 a prol do manifesto "Aos Escolares, aos Universitarios, aos galegos", asinado por 25 estudantes en representación de tódalas facultades, en defensa dos seguintes postulados, segundo a "acta reservada" do 23 de marzo do devandito ano:

> [...] 1º - Exaltación de la Universidad Compostelana.
> 2º - Revisión del profesorado universitario.
> 3º - Acusación de los profesores universitarios que tienen abandonadas sus cátedras y que se caracterizan por su falta de labor extrauniversitaria, siempre ajenos a todos los grandes problemas que Galicia y la Universidad diariamente plantean.
> 4º - Galleguización de la enseñanza.
> 5º - Creación de cátedras permanentes de cultura gallega.
> 6º - Participación de los escolares en la dirección del Boletín de la Universidad, en el cual debieran publicarse los trabajos de investigación hechos por escolares de positivo merecimiento.
> 7º - Colegiación obligatoria de Doctores y Licenciados. [tachado]
> 8º - Desacumulación de cátedras [...][7].

Toma parte en varias escavacións arqueolóxicas como alumno da Facultade da que dependía o Instituto de Estudios Regionales, sobresaíndo as dos castros de Borneiro e Baroña, que aproveita para recadar datos para os traballos "Do cancioneiro de Borneiro (Cabana)" (1932) e "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro" (1936)[8], e "As dornas do Porto do Son" (1934).

O pertencer ó Seminario de Estudos Galegos, contar con publicacións en galego, dar conferencias, defender abertamente a nosa cultura e pertencer á FUE, ocasionáronlle serios enfrontamentos con varios profesores antigaleguistas e, en particular, co de Historia, Carmelo Viñas Mey, de tal xeito que por consello dalgúns profesores e dos amigos deciden os dous irmáns abandonar esta universidade e matricularse como alumnos libres na de Zaragoza:

> [...] Mais por fin, ao comenza-lo curso de 1933-34, os irmáns Lourenzo, por causas que tiñan que ver co seu galeguismo, tiveron que deixar a Universidade de Santiago pra írense a Zaragoza. Tamén alí traballou o Xurxo arreo. Segueu os seus estudos, adiantou nos seus escritos, recolleu e deprendeu cantos aragoneses, esculcou co irmán no folklore d'aquela terra [...] (RISCO, V., 1934:67).

Todo ía normal na capital maña ata que de súpeto a Xurxo se lle presenta unha infección (a causa da mesma non está clara), que remata en *septicemia séptica* –segundo a partida de defunción- a consecuencia da que fina o día 3 de abril de 1934. O velorio foi na sé do Partido Galeguista de Ourense, recibindo sepultura no cemiterio de San Francisco (GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2003: 117).

Xaquín só volve a Zaragoza para rematar Filosofía e Letras no mes de setembro do devandito 1934. O súbito pasamento do irmán foi, sen lugar a dúbidas, o suceso máis doloroso da súa vida, xa que os dous traballaban nas mesmas angueiras, tiñan iguais intereses culturais e ambos profesaban un enorme amor a Galicia:

> [...] De primeiras, Xurxo e Xaquín Lorenzo eran soio nomes, quizáis un soio nome, que sonaba mozo, sabido e galego. Logo, moi cedo na miña lembranza, Xurxo morría nun aura de leenda e a súa ialma, os seus traballos e a súa galeguidade enxel transmigraron a Xaquín. De cómo un segue vivendo noutro, eu non teño conocemento máis afervoado e patético, ben si que velaíño na pudorosa sentimentalidade de Xaquín [...] (LÓPEZ CID, X.L.,1983).

Ó rematar Filosofía e Letras pasa algún tempo en Madrid, onde traballa no Centro de Estudios Históricos, á vez que prepara oposicións. No mes de novembro de 1939 é nomeado profesor interino de Xeografía e Historia do instituto de Ourense, da cátedra que era de Otero Pedrayo pero da que fora afastado por resolución da "Junta Técnica del Estado" do 21 de agosto de 1937. Seguía no curso 1941-42. En outubro de 1942 oposita de novo, como se deduce da seguinte carta de Xesús Carro García a Xosé Ramón e Fernández-Oxea, que se atopaba en Madrid, do 17 do devandito mes:

> [...] Hacia esa irán Darío González, Xocas y Fraguas, como opositores, penoso papel [...][9]

Ou lle sucedeu o mesmo que a Afonso Vázquez, que o suspenderan o ano anterior porque fora do Seminario:

> [...] Nuestro amigo Alfonso Vázquez ha salido catedrático de Instituto. Había hecho oposiciones, al mismo tiempo, en un tribunal donde figuraba Viñas Mei (cepa torta) y, teniendo el número tres, le ha suspendido, alegando que, en lo político, había sido del Seminario. ¿Qué tal?¡Cómo hasta este extremo se nos persigue! [...][10].

Desiste do ensino público, e no curso 1942-43 xa era profesor do colexio privado "Cardenal Cisneros", do que foi copropietario e director, ó fronte do que bota ata o ano 1981 en que se xubila cando contaba 73 anos. Durante algún tempo tamén impartiu clase na Academia Bóveda e no colexio dos irmáns Villar. É de subliñar o seu labor a prol da nosa cultura, e máis tendo en conta a época e tamén de que se trata dun centro privado. Adoitaba encargar traballos ós alumnos maiores sobre diferentes temas, entre os que non faltan os referidos ó carro, ós cultivos, ás cantigas populares, á vivenda, ós oficios, etc., procedentes de diferentes puntos xeográficos da provincia de Ourense. Don Xaquín sabía da importancia destes traballos dos alumnos e por iso dispuxo que se conservasen no Museo do Pobo Galego:

> [...] Eu teño encargado traballos destes moitas veces a alumnos meus, e téñenme feito e traído cousas moi interesantes sobre determinados aspectos. Por exemplo encol do cultivo do millo ou do corte da leña, de calquera cousa destas, nunha parroquia determinada. Estes traballos que eu recollía leveinos pra o Museo do Pobo Galego [...] (VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., 1999: 53).

A REVISTA *NÓS* E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Nós empeza a andaina no mes de outubro de 1920, cando Xaquín ten 13 anos, moi preto da súa casa, na rúa de San Domingos, baixo a dirección de V. Risco. Avelino Abuín de Tembra conta que xa cando vivía o pai algunha vez tiña asistido ós parladoiros que se organizaban na sede da redacción, pero o proxenitor nunca chegou a colaborar e el empezaría a facelo varios anos despois, no mes de xuño de 1927 (ABUÍN DE TEMBRA, A., 1982).

Por esta época insire o primeiro artigo na prensa, "A fala galega", no xornal vigués *El Pueblo Gallego*, o 8 de setembro de 1926, na sección "Tribúa aberta", na que tamén se poden ver colaboracións de V. Risco, F. Bouza-Brey, V. Casas, L. Carré, J. de Loira, etc. Aínda que publica algúns artigos máis nos xornais, o número é moi reducido: *La Zarpa* (29-VIII-1930), *El Eco de Santiago* (22-IV-1933), *El Pueblo Gallego* (4-X-1934), *Heraldo de Galicia* (3-VI-1935, 2-XII-1935), *O Correo do Porto* (10-III-1959), e, por suposto, *La Región*, no que hai varios, dos que algúns pola extensión e contido xa cómpre consideralos como traballos de investigación, como ocorre co publicado o 9 de xuño de 1955: "Muestras de religiosidad popular. Los ex-votos como testimonio de una devoción".

Dende que empeza en 1927 en total insire en *Nós* once artigos, entre os que sobresaen "Un casamento en Lobeira" (outubro de 1928) feito en colaboración con Xurxo e ilustrado con dous deseños de *Tabarra* (é dicir, do pai); e "As dornas do Porto do Son", ilustrado neste caso con once debuxos da súa autoría (xuño-xullo, 1934).

O seu labor non se cingue unicamente ós artigos, senón que tamén participa en diferentes actividades xunto cos principais redactores, sobre todo cos tres veciños, Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas. Vai ser un deles, o último, quen o presenta e apadriña en 1926 para socio do Seminario de Estudos Galegos. Así foi como se desenvolveron os feitos segundo contou máis dunha vez, logo de que fixera un carriño de pau nunha das vacacións en Lobeira:

> [...] Ó comezalo curso tornéi a Ourense e un meu parente faloulle a Cuevillas, non sei con que motivo, do carriño que eu figuera. Cuevillas quíxome coñecer e unha noite fun ó Club, onde il ía á serán, co meu enredo na bulsa. Mostreillo; ollouno de vagar, leu as notas que eu esquirbira e mandóu precurar uns libros que tiña no gabán. Cando llos trougueron, deumos e díxome:
>
> -Tome. Co que vostede tén e co istes libros, faga un estudo encol do carro [...]
>
> E il foime amostrando o que había de positivo niste aspecto da cencia, e foi alumeando pra min ese ente creador e conservador que é a ialma popular, espertando no meu peito un fondo amor a esa cencia e, sobor de todo, ó pobo que a orixina, iste noso pobo, sempre tan

Os dous irmáns: Xaquín e Xurxo, o 10 de agosto de 1912
(Arquivo familiar Sáenz Fernández)

> novo e tan vello, tan sabio e tan iñorante; iste pobo que produz sabios e artistas sen precisar pra elo de grandes sabios nin de grandes artistas; iste pobo, en fin, que vive no día de hoxe co pensamento posto nun pasado lonxano e a espranza nun futuro iñorado e pra quen o presente conta pouco [...] (LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1957: 136).

Remata o traballo sobre o carro que Cuevillas presenta no Seminario de Estudos Galegos, como era preceptivo para ingresar como socio activo na douta institución, feito que tería lugar en maio de 1926:

> No salón social, o 1º do maio.
> O Sr. Tobío leéu o traballo de ingreso que presenta D. Xoquín Lorenzo, encol do: "Carro Galego".
> A seguido leéuse o do Sr. Magariños Granda: "Acougos (poesías)".
> E ergéuse (sic) a sesión.
> Sant-Yago 1 do maio do 1926.
> (asinado: Lois Tobío Fernández)[11]

Este encontro co ilustre arqueólogo dá outros froitos, pois xa antes de ingresar no Seminario, cando ten 18 anos, empeza a acompañalo nos seus traballos de campo:

> [...] Faguía xa tempo, dende o ano 1925, que eu colaboraba con Cuevillas diste xeito, unhas veces soio, como nas necrópoles dolménicas de Maus de Salas, nas de Entrimo, nos castros de Troña ou San Cibrao de Las; outras na súa compaña, como na Vila de Calvos de Randín ou en Santa Marta de Velle [...] (LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1986: 4).

De entón en adiante o seu labor vai ser moi desigual, distinguíndose tres tempadas: na primeira asiste ás xuntanzas de cando en vez, recompila datos, cantigas, refráns... Traballa en Ourense sobre todo á sombra de Risco e de Cuevillas, pero quizais máis do segundo, pois vai ser durante este tempo cando redactan o libro *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas*, que publica o Seminario de Estudos Galegos en 1930, moi ben ilustrado para aquela época con 45 figuras (algunhas con varios deseños) e 14 láminas de fotografías, todo da autoría de Xaquín Lorenzo, entre os que non faltan debuxos de obxectos da mesma casa dos seus devanceiros, na que nacera o avó paterno.

A situación tórnase diferente ó longo da segunda tempada, que vai dende o comezo do curso 1931-32 ata o remate do 1933-34, en que os dous irmáns trocan a matrícula de Compostela para Zaragoza. Como residen en Santiago, ademais de dedicarse a investigar, tamén desempeñan cargos na dirección do Seminario: o primeiro foi para el o máis importante de todos, de tal xeito que o marcou para o resto da vida, ó ser nomeado na sesión do 15 de outubro de 1932 conservador do Museo Etnográfico, xunto co crego Xesús Carro García:

> *Don Sebastián González García, Secretario del Seminario de Estudios Gallegos,*
> *CERTIFICO: Que según resulta del libro de acuerdos de este Seminario, el miembro del mismo Don Joaquín Lorenzo Fernández, fue designado en la reunión del Consejo Director celebrada en 15 de Octubre de 1932, para dirigir el Museo Etnográfico de este Centro.*

> *Y para que así conste y a petición del interesado expido la presente con el Vº Bº del Presidente y el Sello del centro, en Santiago a siete de Diciembre de 1933.*
> *El Secretario: Sebastián González.*
> *Vº Bº, El presidente: Salvador Cabeza*[12].

Tanta importancia lle daban a este museo, pois daquela o único de carácter etnográfico que había en Galicia era o pequeno que tiña o propietario do balneario de Mondariz na parroquia de Pías (Ponteareas), que chegan a afirmar que

> [...] Con soilo que se conseguira dotar â nosa Terra do Museu Etnográfico, o paso da nosa xeración non tería sido en balde [...] ("OS ACTOS...", 1926:14).

A inauguración tivera lugar o 14 de marzo de 1926 (mes e medio antes do seu ingreso no Seminario), e estaba instalado nun local cedido pola Sociedade Económica de Amigos do País no edificio do colexio de San Clemente, dentro dos actos da homenaxe á erudita portuguesa Carolina Michaelis de Vasconcellos.

O 29 de outubro tamén de 1932 os dous irmáns pasan a formar parte da Comisión Directora, el como Contador e o irmán como Secretario de Actas. Ademais Xaquín tamén pertence á Comisión de Publicacións. O seu compromiso vai a máis, e na sesión do primeiro de novembro do devandito ano acórdase que sexa un dos encargados de preparar a edición dos "Manuales do Seminario de Estudos Galegos".

Remata varios artigos verbo dos que levaba traballando dende algúns anos antes: o 18 de xaneiro de 1933 presenta unha comunicación sobre dous temas totalmente diferentes, o primeiro foi "Notas etnográficas de Lobeira: o liño e a lá", que se publicará no tomo VI de *Arquivos*, en 1934; e o segundo "Notas para un cuestionario de etnografía: embarcacións", que sae na revista *Nós* poucos días despois da exposición, o 15 de marzo. En 1933 presentáronse dous traballos nos que sabemos que colaborou: un a nome de Florentino L. Cuevillas e V. Fernández Hermida, "Estudo etnográfico da parroquia de Santa Marta de Velle", que se publica como libro tamén co seu nome tres anos despois, *Parroquia de Velle*. E outro o 2 de febreiro, que é de Cuevillas con seu irmán Xurxo: "Catálogo de Castros da Terra de Lobeira", que sae na revista *Nós* nos números 116 a 118 (15-VIII a 15-X), no que o noso biografado consta como colaborador en particular ó referirse ás acrópoles da Coroa, O Crasto, O Coto da Vila e O Coto de San Adrao.

A terceira e última tempada da súa relación co Seminario volve a ser semellante á primeira, pero coa mágoa de que xa faltaba Xurxo, que era o seu mellor colaborador. Asiste a algunhas xuntanzas, investiga, fai traballo de campo, doa pezas para o museo... No curso 1934-35 é nomeado "socio conselleiro" co gallo de non residir en Compostela, categoría que lles corresponde a

> [...] todos os socios do Seminario que haxan ocupado algún cargo na Comisión Direitora. Istes Conselleiros permanentes o serán do Consello Direitor por dereito propio; e de eiquí o seu nome[13].

Participa como conferenciante na Semana Cultural Galega que se desenvolve no Porto entre os días 31 de marzo e o 6 de abril de 1935, organizada polo Seminario e por varios profesores da universidade portuense, dos que algúns eran socios (Mendes Correa, Santos Júnior, Pires de Lima, etc.). Pronunciaron conferencias, entre outros, Otero Pedrayo (o discurso inaugural), Risco, Fernández Del Riego, Parga Pondal, Carro García, Castelao, Filgueira Valverde, Xaquín Lorenzo... No ano vindeiro, 1936, tería lugar a Semana Portuguesa en Galicia, pero as circunstancias políticas de todos coñecidas que teñen lugar logo do 18 de xullo frustran a celebración da mesma (FILGUEIRA VALVERDE, X., 1993; CARRO OTERO, J., 1994). Tamén participa pouco despois como conferenciante no primeiro Curso de Extensión Escolar que se celebra no instituto de Pontevedra.

Todo se derruba a partir do 18 de xullo de 1936, ó pechar as portas o Seminario de Estudos Galegos, que ficaba no edificio do Colexio de Fonseca e, en particular, o Museo Etnográfico no salón artesoado. Os seus fondos rematan por pasar á Universidade, sobre todo a biblioteca que é trasladada de mala maneira o 31 de decembro de 1941, como lle conta por carta Carro García a Xosé Ramón e Fernández-Oxea:

> [...] Se acarretó en el mismo día por medio de un carricoche tirado por un penco y con cestas llevadas por mujeres. Los libros iban en montones, todos mezclados y cayendo por los suelos, sin cuidado alguno. Las gentes, ante semejante espectáculo, quedaba pasmada y preguntaba de qué se trataba. Los mozos y porteros respondían: "Es la biblioteca de los galleguistas". Supóngase el gran disgusto que he llevado. Me parecía increíble que se pudiese realizar acto tan salvaje [...][14]

Grazas a esta institución traba relación con varios intelectuais tanto galegos, como a nivel do Estado Español e tamén estranxeiros. Entre os conterráneos cóntanse, entre outros, Fraguas Fraguas, Filgueira Valverde e Bouza Brey; e dos de fóra algúns portugueses e alemáns. Con quen máis chegou a intimar foi, sen dúbida, co etnógrafo, folclorista e arqueólogo Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior, moi coñecido polas investigacións arqueolóxicas nas colonias africanas; a amizade mantense ata o pasamento, o do noso intelectual pouco tempo antes, cunha interesante correspondencia e tamén encontros persoais co gallo de diferentes actos aquí e nas terras lusas, datando a derradeira carta do amigo portugués do 30 de abril de 1989, pouco máis de dous meses antes do pasamento (GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2003: 112). Tamén se relacionou e mantivo correspondencia con Alberto Vieira Braga, Ruy da Serpa Pinto, Mario Cardoso, Adelino A. de Sousa Araujo, etc.

Foi nesta douta institución onde empeza a relacionarse co dialectólogo alemán Fritz Krüger, director do Seminario de Filoloxía Románica da universidade de Hamburgo, e tamén con varios dos seus discípulos, en particular con Hans Schneider, que

traballou verbo dos dialectos do val do Limia e chegou a pasar algúns días na casa de Lobeira:

> [...] Xocas cita o día de noiteboa do ano 1933, estaba pasando con eles as vacacións en Lobeira o entón estudiante Hans Schneider, os veciños foron cantar "os reises", botaron as gabanzas, "os vivas" e lembraron tamén o escolante forasteiro:
>
> Nos días da miña vida
> xa vin un cacho de pan;
> que por moitos anos viva
> o señorito alemán.
>
> E o "señorito alemán" soubo agradecer tan afectuoso saúdo cun improvisado cuarteto:
>
> Nos días da miña vida
> xa pasei por unha feira;
> que por moitos anos viva
> a xentiña de Lobeira.
>
> Corenta anos despois volveu Schneider a Galicia, estivemos con el pero a penas se lembraba das historias pasadas. Sempre pasa así, hai xente que sabe usar moi ben a sorna do esquecemento (FRAGUAS FRAGUAS, A., 1996:17).

Mostra da importancia destas relacións é o de que publicase 17 traballos en revistas portuguesas [o primeiro foi "O tardo (Notas de mitoloxía popular galega)" (1934)], e o último, "Metamorfosis dunha casa castrexa" (1973), e ata que chegase a inserir algún artigo xornalístico, coma "O varapau" no *Comércio do Porto* (10 de marzo de 1959), traducido por Ernesto Veiga de Oliveira, autor de *Festividades Cíclicas em Portugal*. Xaquín Lorenzo tamén foi socio correspondente da *Associação dos Arqueólogos Portugueses* de Lisboa, e membro do *Clube Filatélico de Portugal*.

Por F. Krüger publica dous traballos en alemán, un verbo dos diferentes tipos de freos dos nosos carros ("Die Bremse am galizischen Wagen") e outro sobre a vivenda na Limia Baixa ("Das Bauernhaus im unteren Limiabecken (Prov. Orense, Spanien)", na revista *Volkstum und Kultur der Romanen,* en 1938 e 1943, respectivamente. Cando o filólogo xa residía na Arxentina publicou na súa homenaxe "Cierres de fincas en el SE. de Orense (Galicia)" (1952).

Don Xaquín conservou sempre a memoria do vello Seminario, dos ditosos anos que pasara en Compostela na compaña de seu irmán Xurxo, e dos mestres e amigos que foron para toda a vida:

> [...] No Seminario de Estudos Galegos había algo extraordinario: o plano de igualdade en que estaban todos; chegaba un alí e os demais facían que se sentira coma un deles; non se vía autoridade, senón consello, axuda; dábanlle entrada a un principiante para que opinase, para obrigalo a traballar; a ninguén se lle preguntaba nunca alí pola súa opinión política, relixiosa, en absoluto: íase traballar nun centro científico; o demais non tiña importancia. O que había era unha irmandade de ideas en canto a Galiza: eu reafirmeime na idea que levaba dende o comezo, de que se debe un a Galiza, de que ten que traballar por Galiza, e non pensar se o que un fai ten valor ou non; o tempo e a posteridade dirán (FERNÁNDEZ LÓPEZ, R., 1984).

A GUERRA CIVIL: TEMPO DE SILENCIO

Se culturalmente sempre tivo por mestres e guieiros ós tres veciños (Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas), o mesmo sucederá no plano político, como o amosa a súa pertenza dende novo á "Mocedá Galeguista d'Ourense", que logo pasa a denominarse "Irmandande Galeguista", e que na xuntanza do 1 de maio de 1930 se acorda que o presidente sexa Risco, o vicepresidente Cuevillas e el e o irmán, 3º e 4º secretarios respectivamente. Pertence logo ó Partido Nacionalista Republicano polo que Otero Pedrayo consegue a cadeira de deputado nas Cortes Constituíntes, pero a comezos de decembro de 1931 deciden fusionarse con outros grupos para crear o Partido Galeguista, do que sempre se considerou un dos fundadores:

> [...] -Eu fun un dos fundadores do Partido. Eramos, que eu poida lembrar, Otero Pedrayo, Cuevillas, Risco, Amador Villar, Monxardín, Eleuterio González, o meu irmau, López Trasancos, Peña Rei e outros que non recordo. Fundámolo nos sótanos do que hoxe é local do Orfeón, e estaba alí o que me parece era o Café Unión. Foi polo ano trinta ou trinta e un. Dende entón eu pertencín ó Partido. Fundáronse despois as Mocedades Galeguistas, pero nin meu irmau nin eu perteñecimos xa a elas. E fun do Partido hasta o ano trinta e seis en que se disolveu oficialmente polo goberno militar. E o mismo que cáseque todos aquiles homes, fun expedientado, fun sancionado, e dende entón permanecín ó marxen de toda actividade política [...] (ALVARADO, 1985).

Intervén nalgúns mitins, en particular á prol do Estatuto de Autonomía, pero non sobresae como político, sen posible comparanza con Castelao, Bóveda, Otero Pedrayo ou outros compañeiros de Ourense e Compostela.

O 18 de xullo de 1936 estaban el e a nai en Facós. Non saben ben que facer: primeiro pensar fuxir para o veciño Portugal, que a fronteira queda a poucos quilómetros da casa, pero logo deciden volver para Ourense. No intre en que os militares e os falanxistas se fan donos da cidade empeza a mobilización, sendo os primeiros mozos aqueles que cumpriran o servizo militar polo sistema de "cuotas", é dicir, aboando unha determinada cantidade e non facendo máis que algunha instrución, xa que eran polo xeral de familias acomodadas que, agás contadas excepcións, se supoñía que estarían da banda dos sublevados. Conta 29 anos e incorpórase co grao de cabo ó Rexemento de Infantería Zaragoza número 30, que o inmediato primeiro de agosto sae cara á fronte mineira ástur-leonesa.

O día 12 do devandito mes de agosto atopándose en Villablino (León) cae gravemente ferido, sen case entrar en combate, apreciándoselle segundo o parte médico

> [...] herida de arma de fuego con entrada en tercio medio del cuello y salida por parte superior de espalda con parálisis de plexo braquial tipo Erb (superior) y lado derecho. Pronóstico grave [...][15]

Bota algúns días en León e logo evacúano para o hospital de Ourense, pasando o 4 de setembro a residir na súa casa, tempo que pasa na compaña dos amigos máis íntimos que á vez que o veñen visitar tamén aproveitan para organizar un pequeno parladoiro do que

son asiduos, entre outros, os tres veciños. En febreiro de 1937 trasládase a Valladolid para efectuar unha intervención cirúrxica no Grupo de Clínicas Militares de "Las Francesas", e o 31 de decembro do devandito ano o tribunal médico militar da Coruña declárao inútil para continuar no exército (GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2003: 140).

Pasa o tempo entre Ourense e Lobeira, dedicándose principalmente a ler, a recadar datos e a debuxar, ata que en novembro de 1939 é nomeado profesor interino de Xeografía e Historia do instituto da súa cidade natal, pero por pouco tempo, pois no curso 1942-43 xa forma parte do claustro do profesorado do colexio privado Cardenal Cisneros. No abandono do ensino público contou o feito de que o 28 de abril de 1941 o "Juzgado Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas de Orense" lle incoase expediente polo seu labor galeguista, xunto con outros amigos, como Otero Padrayo, Cuevillas, Xosé Ramón e Fernández-Oxea, etc.

> [...] Estos expedientes se instruyen por orden del Tribunal Regional de Responsabilidades Políticas de La Coruña, por lo que, todas cuantas personas tengan conocimiento de cual haya sido la conducta política social de los mencionados, así como cuales sean los bienes de su pertenencia, está en la obligación de ponerlo en conocimiento de este Juzgado o del correspondiente al que tenga su domicilio el declarante, haciéndose saber además, que ni el fallecimiento, ni la ausencia, ni la incomparecencia del presunto responsable detendrá la tramitación y el fallo del expediente [...] [16]

Segundo parece foi sancionado con 35.000 pesetas, pero non se sabe de certo a cantidade que chegou a pagar, ou mesmo se non foi nada.

DO GRUPO "M. MACÍAS" Ó MUSEO DO POBO GALEGO

Malia que a situación política é totalmente hostil á cultura, el non por iso deixa de traballar e de colaborar en varias revistas, tanto de aquí como tamén portuguesas, sendo nas segundas onde pode publicar algún artigo en galego. Coopera coa Comisión provincial de Monumentos Históricos y Artísticos, que creara o primeiro museo na cidade en 1845, dando a coñecer algúns estudos no seu boletín dende 1939, entre os que é de subliñar a versión castelá das "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro" que ía saír no volume VII de *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos.

Grande afeccionado á fotografía dende novo, non se cinguiu soamente a fotografar obxectos etnográficos e arqueolóxicos, senón que ata chega a facer algunhas innovacións de carácter técnico, modificando os obxectivos, adicionando lentes, etc. (VEGA PATO, T., 1999: 35). Tamén proba sorte co cine, sendo seu o guión da curtametraxe *El hombre y el carro* (versión galega, *O home e o carro*), que o cineasta ourensán Antonio Román roda en Lobeira no verán de 1940.

Ó pouco de rematar a Guerra Civil, chega Xesús Ferro Couselo a Ourense como director do arquivo provincial, entre os que haberá dende entón unha amizade fraterna.

O 7 de xaneiro de 1942 constitúese o grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo Arqueolóxico Provincial, ó que pertence Xaquín Lorenzo e do que dende 1982 será o presidente.

Por esta época tamén se crea en Santiago de Compostela o Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, co gallo de encher o oco cultural do desaparecido Seminario de Estudos Galegos. O seu labor case se limita a colaborar na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, na que publica en total once traballos, a maioría deles con Florentino L. Cuevillas, M. Rubén García Álvarez e Fermín Bouza Brey; e o libro *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense* (1968) en colaboración con Álvaro D'Ors e F. Bouza Brey.

Como xa viña facendo dende os anos mozos, non se esquece da arqueoloxía, tomando parte activa en varias escavacións, e máis dende que en 1946 é nomeado colaborador da Comisaría de Excavaciones Arqueológicas, xunto con Ferro Couselo, Taboada Chivite, Chamoso Lamas, García Álvarez, etc.

Participa coa Coral De Ruada, da que era vogal asesor, sobre todo en 1948 en que se encarga de redactar co gallo de ser Ano Santo Compostelán un texto de evocación histórica titulado *Camino de Santiago*, que consta de cinco cadros e un limiar, nos que se conxugan o texto e diferentes pezas de música popular, consonte o lugar xeográfico por onde pasan os peregrinos (VALES, X., 2000).

O 16 de setembro de 1951 ingresa na Real Academia Galega como membro numerario, tendo lugar o acto no mosteiro de Celanova. O discurso versou sobre *La casa gallega*, e a resposta correu a cargo de Ramón Otero Pedrayo. Foi, sen dúbida, o primeiro grande recoñecemento de todo o labor como etnógrafo e arqueólogo, dende que empezara a publicar na revista *Nós* en 1927.

Por estes anos traballa arreo percorrendo toda Galicia na achega de datos para a súa grande obra: *Etnografía. Cultura material*, que será o volume II da *Historia de Galiza* que dirixe Otero Pedrayo (Bos Aires, 1962). Trátase do libro máis importante publicado deica hoxe verbo da nosa Etnografía; ademais do texto conta con 351 figuras (a maioría de varios obxectos) e 163 fotografías, todo da súa autoría. As obras seguintes en importancia son a dedicada ás inscricións romanas, feita con Á. D'Ors e F. Bouza Brey (Compostela, 1968), e o *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, que malia que sae en 1973, o traballo de recompilación fixérao antes de 1932. O seu derradeiro libro é o *Refraneiro galego*, editado pola editorial Castrelos de Vigo en 1983.

Traballa, colabora, dá conferencias, intervén en toda clase de actos culturais..., principalmente en Ourense, ata que en 1976 se constitúe o padroado do Museo do Pobo Galego, do que é nomeado presidente, cargo que ostenta ata o pasamento. Este museo é o herdeiro daquel que con tanto esforzo creara o Seminario de Estudos Galegos, e do que el fora director por algún tempo, pero que desbaratara a sublevación militar de 1936. Cando xa tiña 70 anos presentiu que aínda había a posibilidade de que se fixese reali-

Xaquín e Xurxo con súa nai, c. 1930
(Arquivo familiar Sáenz Fernández)

dade unha das arelas máis queridas da xuventude, que era a de que Galicia contase cun museo etnográfico, no que se recollesen os apeiros, ferramentas, costumes... dos devanceiros, para que as xeracións vindeiras soubesen como era a vida antes no campo, no mar, a vivenda, as construcións auxiliares, etc. Da mesma arela tamén participaban outros vellos compañeiros, como Antonio Fraguas:

> [...] Mais había un ideal, un soño pra facer o grande Museo de Galicia, da Etnografía Galega, que, ó cabo de medio século, está organizándose baixo a súa presidencia. A larga espera, pra moitos longa noite de pedra, non foi cousa nosa, foron as circunstancias [...] (FRAGUAS FRAGUAS, A., 1983).

O 29 de outubro de 1977 foi para el un dos grandes días da súa vida: o ministro de Cultura, Pío Cabanillas Gallas, inaugura as primeiras salas do Museo do Pobo Galego con sede no antigo convento compostelán de San Domingos de Bonaval. A mostra máis elocuente do aprecio que sentiu por esta institución é a que a deixase herdeira da biblioteca, parte do arquivo fotográfico e dos dereitos de autor de todas as publicacións. Presidiu o padroado por derradeira vez o 17 de decembro de 1988:

> [...] En realidade nós queremos todo no Museo do Pobo Galego. Porque cando se fala da cultura dun pobo non é só a cultura popular. Hai que ter en conta que a cultura popular dá despois lugar, valga a redundancia, á cultura culta [...] Así o Museo do Pobo Galego comeza por aí, pola prehistoria, e logo claro, imos reunir todo o que poidamos en canto a eses obxectos materiais de cultura [...] Pero por outro lado tampouco queremos que o Museo do Pobo Galego sexa unha obra morta. Non queremos que o Museo sexa un cuarto onde se meten en frascos con alcohol uns exemplares de cousas pra que as xentes as vexan, non. Queremos algo vivo, e ese algo vivo farase a base de publicacións, a base de conferencias, a base dalgunhas exposicións [...]
>
> Porque a etnografía está nun perigo gravísimo e a xente non se dá conta deste perigo. Un castro ou as ruínas dunha vila romana, por exemplo, se non se escavan hoxe, escávanse dentro de cincuenta anos, as cousas están alí soterradas, esas xa non se perden. En cambio as cousas que o pobo usa, que vai desbotando, esas desaparecen. Hoxe xa é dificilísimo encontrar algunhas cousas destas do pobo. Hoxe un arado de madeira xa é difícil, unha cambela costa Dios e axuda dar con ela. Agora andamos eiquí atrás de conseguir unha barca "de dornas" do río Miño que desapareceron practicamente. E dese xeito, hai outras moitas cousas que se están perdendo definitivamente, que hai que recollelas agora, porque é o intre agora, en canto deixemos pasar uns anos, de todo eso non queda xa nada, e naturalmente esas cousas convennos conservalas. A única maneira de entender un pobo é o entender a cultura dese pobo, e a cultura é a cultura popular, que esa non se improvisa nin pode vir de fóra porque esa é obra do mismo pobo. É tan obra do pobo como é o idioma. Nós non podemos esperar pra comunicarnos que nos veñan traer unha lingua de fóra. Temos que usar a nosa, o galego, e a nosa cultura ten que estar basada nesa cultura popular; na cultura que fixo o pobo. Poden vir de fóra mestres da pintura ou da escultura ou da literatura, do que non poden vir é mestres que sean capaces de facernos un arado de madeira ou de facernos unha agrade ou de montarnos un muíño de rodicio [...] (VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., 1999: 51, 52, 53).

Nos últimos anos da vida o seu labor é recoñecido por todos: premio Ramón Otero Pedrayo (1982), Fillo Predilecto da provincia de Ourense (1983), presidente de honra do Pedrón de Ouro (1983), Corista de honor e mestre de Galeguidade da coral De Ruada (1983), Premio Trasalba (1983), Medalla Castelao da Xunta de Galicia (1984)... o concello de Muíños dedícalle unha rúa (1985), o concello e comunidade educativa do colexio público de Bande acordan que o centro leve o seu nome (1989), etc.

Confiou no futuro e, sobre todo, na xente nova, que é a que pode seguir o vieiro dos homes da Xeración Nós e da Xeración do Seminario de Estudos Galegos, á que el pertence:

> [...] A min prodúceme unha grande satisfacción ver como aquela semente de antes do ano 1936 que despois durante 40 anos tivo que estar acougada, xorde hoxe na xuventude actual. Vexo que estes rapaces novos senten unha curiosidade enorme por coñecer Galiza, por coñecer aos galegos, por coñecerse a si mesmos e por traballar por Galiza [...] (BRAXE, L., 1987:6).

EN LOBEIRA

Como fixo sempre ó longo da vida, non quere agora deixar de pasar varios días de lecer en Lobeira, máis que por fuxir das calores estivais da capital, para falar cos veciños, algúns compañeiros dende nenos cando xuntos ían roubar a froita á súa horta, descansar á sombra do magnolio que trouxera súa avoa de Santiago de Compostela, lembrar tempos pasados e persoas queridas que se foron para sempre... Non andaba ben de saúde, pero non por iso rexeita de ir a Facós, á patrucial casa do Outeiro.

Ventaba dende algún tempo que se aproximaba a fin, que as forzas ían a menos e que xa case non podía escribir e menos debuxar:

> [...] Eu teño oitenta e dous anos e a ista edade un está un pouco máis alá de todas estas cousas.
>
> Cando un chega a ise intre, que chamou Pío Baroja "a derradeira volta do camiño", xa ten un que mirar para atrás porque por diante non ten xa nada. O camiño rematou [...] (ALVARADO, 1989).

A noitiña do 18 de xullo de 1989 falecía só na casa de Facós, sen molestar a ninguén como sempre tentou de facer ó longo de toda a vida, como lembraba na homilía do funeral celebrado na catedral ourensá o seu amigo Monseñor Miguel Anxo Araúxo:

> [...] Pero xa aquí nos encontramos cun xeito especial de ser enfermo. A eiva de Xocas era súa exclusiva; mostrouse sempre moi celoso de que ninguén participase nela; gardouna para os seus adentros, atendíaa como podía e non molestou a ninguén, nin sequera para morrer [...] (ARAÚJO IGLESIAS, M.A., 1989: 70).

Recibiu sepultura no panteón familiar do cemiterio de San Francisco de Ourense, onde tamén descansan o sono eterno moitos dos seus amigos e mestres: Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Leuter González, Afonso Vázquez Monxardín...

No mes de febreiro de 1986, tres anos antes do pasamento, o filólogo Elixio Rivas Quintas, natural do concello de Xunqueira de Ambía, dedícalle o seguinte poema, co que rematamos esta biografía de Don Xaquín Lorenzo Fernández, do amigo e mestre *Xocas*, no que lembra a súa orixe "querquerna", do pobo antigo que habitou as terras do Limia e ó que lle dedicara en 1938 un cumprido traballo feito en colaboración con Florentino L. Cuevillas, "Sôbre arqueología do território dos Querquernos", publicado na *Revista de Guimarães*:

Ó XOCAS

Labrado na raigaña dun carballo,
querquerno rexo de fraguenta terra;
afiado espírito, dourado,
en longa andaina e sempre arredor dela.
Leal amigo dos amigos
e amigo da nosa xente toda;
alma fidalga, limpa, nobre,
que aínda para mostra queda.
Cos pés no chau, que de folla amarelea,
furgando nas entrañas o seu misterio olla
e cara o alén, que xa lumbriga, enxerga.
Home, non de terra allea ou recomposta,
senón da anterga, enxebre e milleirenta:
A que circunda ó castro que o cruceiro alonga (RIVAS QUINTAS, E., 1990-91).

BIBLIOGRAFÍA

Fontes documentais

Arquivo Histórico Diocesano, Ourense: San Vicente de Lobeira; Santiago de Calvos de Randín; San Lourenzo da Pena.
Arquivo Histórico Provincial de Ourense: Registro civil de Matrimonios del Ayuntamiento de Orense (1863-1870); Federación Universitaria Escolar (FUE).
Arquivo Histórico Universitario, Compostela: Expedientes académicos.
Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos: Seminario de Estudos Galegos.
Museo do Pobo Galego: Xaquín Lorenzo Fernández.
Registro Civil de Zaragoza
Rexistro Civil de Lobeira
Rexistro Civil de Ourense
Rexistro Civil de Vigo

Publicacións

ABUÍN DE TEMBRA, A., 1982: "Galicia amencer. Un epígono de 'Nós': Xaquín Lorenzo", *El Ideal Gallego*, A Coruña, 30 de maio.
ALVARADO, 1985: "Xaquín Lorenzo: Eu estou disposto a traballar polo Partido Galeguista...", *La Región*, 3 de febreiro.
ALVARADO, 1989: "Un home e un nome para esta data: Xaquín Lorenzo", *La Región*, 17 de maio.
ÁLVAREZ, R. (coord.), 2004: *Día das Letras Galegas, 2004. Xaquín Lorenzo, Xocas*, Universidade de Santiago de Compostela.
ARAÚJO IGLESIAS, M.A., 1989: "Xaquín Lorenzo Fernández, 'Xocas'", *Encrucillada*, 64, setembro-outubro.
BRAXE, L., 1987. "Xaquín Lorenzo, Xocas", en *A sombra inmensa de Otero Pedrayo*, A Nosa Terra, Vigo.
CARRO OTERO, J., 1994: "La 'Semana de Galicia' en Portugal, en 1935", *El Correo Gallego*, 27 de febreiro.
COIRA, P. / FERNÁNDEZ, M.A. / ACUÑA, E. / LOZANO COELLO, E., 2004: *O carro e o home. O cine de Antonio Román e Xaquín Lorenzo*, Xunta de Galicia – Museo do Pobo Galego.
FERNÁNDEZ LÓPEZ, R., 1984: "Xaquín Lorenzo: O galego non necesita patrocinios de ninguén", *Faro de Ourense*, 17 de maio.
FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A., 2004: *Xoaquín Lorenzo Fernández, 1907-1989. Memoria do home e o etnógrafo*, Concello de Ourense.
FILGUEIRA VALVERDE, X., 1993: "O Seminario de Estudos", *La Voz de Galicia*, 14 de outubro.
FRAGUAS FRAGUAS, A., 1983: "Sinfonía de amor á terra", *La Voz de Galicia*, 16 de xuño.
FRAGUAS FRAGUAS, A., 1996: "Lembranza de Don Xaquín Lorenzo Fernández", *Tecnoloxía tradicional: Dimensión patrimonial e valoración antropolóxica. Actas do Simposio Internacional In Memoriam Xaquín Lorenzo*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2003: *Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", 1907-1989*, Ed. Toxosoutos, Noia.
GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2004-1: "O rodicio do tempo: O Coedo", *Galicia Hoxe*, Santiago de Compostela, 24-xaneiro.
GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2004-2: *Xaquín Lorenzo, "Xocas"*, colección "A Nosa Memoria", Xunta de Galicia.
GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2004-3: "Xaquín Lorenzo e Compostela: Do Seminario de Estudos Galegos ó Museo do Pobo Galego", *Raigame*, 19, Ourense, maio.
GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2004-4: "Xaquín Lorenzo Fernández e o Seminario de Estudos Galegos (SEG)", *Congreso sobre Xaquín Lorenzo*, Xunta de Galicia.
GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., 2004: *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*, Ed. Galaxia, Vigo.
LÓPEZ CID, X. L., 1983: "Un home intemporal", *La Voz de Galicia*, 16 de xuño.
LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1957: "Cuevillas, etnógrafo", en *Homenaxe a Cuevillas*, Ed. Galaxia, Vigo.
LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1986: *Castro de Cameixa. Campañas 1944-46*, en colaboración con F.L. CUEVILLAS, Xunta de Galicia.
LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1988: "Algunhas notas de rectificación e gratitude", *La Región*, 5 de novembro.
"Los actos conmemorativos del primer centenario del nacimiento de Curros Enríquez en Celanova", 1951, *La Región*, 18 de setembro.
MATO, A., 2001: *O Seminario de Estudos Galegos*, Ed. do Castro, Sada.
"Os actos do Seminario d'Estudos Galegos", 1926, *Nós*, 28, 15 de maio.
OTERO PEDRAYO, R., 1998: *A estadea ou Pranto polo Seminario de Estudos Galegos*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.
RISCO, V., 1934: "Xurxo Lourenzo Fernández, 1910-1934", *Nós*, núms. 124-125, abril-maio.
RIVAS QUINTAS, E., 1990-91: "Ó Xocas", *Boletín Auriense*, XX-XXI, Ourense.
VALCÁRCEL, M., 2004: *Xoaquín Lorenzo. Vida e obra*, Ed. Xerais, Vigo.
VALES, X., 2000: "Xaquín Lorenzo e De Ruada. Noticia da evocación histórica 'Camino de Santiago'", *Boletín Auriense*, XXX, Ourense.
VARA, A., 1999: "Lembranzas de nenez", *Raigame*, 9, decembro.
VÁZQUEZ GONZÁLEZ, B. / GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., 2004: *Xaquín Lorenzo. O herdeiro de Nós*, Fundación CaixaGalicia.
VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., 1999: "Xoaquín Lorenzo, 1979", *Raigame*, 9, Ourense, decembro.
VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNEZ, A. (coord.), 2004: *Xoaquín Lorenzo, 1907-1989. Unha fotobiografía*, Edicións Xerais – Museo do Pobo Galego – Consello da Cultura Galega, Vigo.
VEGA PATO, T., 1999: "Xocas. Fotógrafo e debuxante. Fotografado e debuxado", *Raigame*, 9, decembro.
VILAR ÁLVAREZ, M., 2004: *Diccionario. Xaquín Lorenzo "Xocas"*, tres Editores, Santa Comba.

Notas

1 María Matilde, filla de solteira, debeu ir para Facós de criada, onde tivo esta filla de solteira, que recoñece como pai Vicente Álvarez pero cando xa ten oito anos, en 1857. Debido a isto a avoa de Xaquín Lorenzo figura primeiro como María Dolores Fernández, pero logo ademais de ser recoñecida polo pai tamén debeu ser recoñecida a nai, constando entón como María Dolores Álvarez Caballero (Arquivo Histórico Diocesano, Ourense: "San Vicente de Lobeira", "Santiago de Calvos de Randín").

2 Naceu no Coedo. Dáse o caso curioso que neste pequeno lugar tamén veu ó mundo o pai de Eladio Rodríguez González, a quen se lle dedicou o día das Nosas Letras correspondente ó ano 2001 (GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2004-1).

3 Museo do Pobo Galego (MPG): Xaquín Lorenzo Fernández.

4 Tamén se dicía o mesmo do pai, de que nacera en Lobeira, cando xa veu ó mundo na rúa de Tetuán (agora Modesto Fernández) da capital, o 11 de abril de 1871. Unha mostra é a nota necrolóxica de *La Zarpa* (28-novembro-1923): "[...] Al lado de la carroza se veían mujeres del pueblo donde naciera el finado y la directiva en pleno de la Sociedad Agraria

de Lobera que hizo el viaje desde aquella tierra para mostrar la gratitud debida a su fundador [...]".

5 Arquivo familiar da súa curmá Dolores Saénz Fernández.

6 Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela (AHUC): Expedientes académicos, Lorenzo Fernández, Joaquín.

7 Arquivo Histórico Provincial de Ourense: FUE, C-9183.

8 Este traballo formaba parte do volume VII da revista *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos, pero non se chegou a rematar por mor da Guerra Civil de 1936, polo que foi editado de novo en 1942, pero en castelán, no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos* y *Artíticos de Orense* (GONZÁLEZ PÉREZ, C., 2003: 225 e 234).

9 Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos (IPSEG): Seminario de Estudos Galegos.

10 Ídem. Carta de Carro García a Xosé Ramón e Fernández-Oxea, 29 de novembro de 1941.

11 IPSEG: Seminario de Estudos Galegos.

12 MPG: Xaquín Lorenzo Fernández.

13 IPSEG: Seminario de Estudos Galegos.

14 Ídem.

15 MPG: Xaquín Lorenzo Fernández.

16 *Boletín Oficial de la provincia de Orense*, 26 de xullo de 1941; e *Boletín Oficial del Estado*, 6 de agosto tamén de 1941.

Tumba de Xaquín Lorenzo no cemiterio de San Francisco de Ourense
(Fotografía de C. González Pérez)

O PRÍNCIPE LAGARTO, de Vila de Calvos

Xosé Ramón Mariño Ferro

Xaquín Lorenzo e Vicente Risco son, como se sabe, os máis grandes etnógrafos galegos da súa época. Sábese menos que son tamén dous dos máis grandes da Península. Etnógrafos complementarios, Risco dedicouse á cultura espiritual, da que, cunha agudeza extraordinaria, soubo ver a súa orixe medieval e os seus paralelos en Europa. E Xocas describiu en detalle a cultura material e deixounos magníficos debuxos dos carros, xugos, apeiros, casas, redes, ferramentas, cestas e outros obxectos. Pero tamén recolleu cantigas, romances, contos, e describiu romarías e máscaras do entroido. Nas monografías *Vila de Calvos* –en colaboración con Cuevillas– e *Parroquia de Velle* –dos mesmos e Fernández Hermida– aparecen versións moi interesantes de contos marabillosos. Noutro traballo analicei un dos máis ricos e complexos, "Brancaflor". Aquí intentaremos aproximarnos ao mundo máxico de «O Príncipe Lagarto», que se contaba na vila de Calvos de Randín.

Era o rei e a raíña dun país, que non tiñan fillos, i-estando un día a raíña asomada no balcón víu pasar por baixo un lagarto e dixo:

–Quen me dera ter un fillo, anque fora como ese lagarto.

En efeuto, salíu embarazada e no seu tempo deu a luz un rapaz igoal a un lagarto.

Pasaron anos e un día o príncipe lagarto díxolle a su mai:

–Eu quérome casar.

–¿E con quen te vas casar, queridiño? É millor que se che tire esa ideia da cabeza porque ó fin ninguién te vai querer.

E contestoulle o príncipe:

–Boeno. Eu quérome casar.

I-entón a mai foi falar con tres irmás que eran moi probes para ver se querían o seu fillo. E como as tres dixeron que sí, propúxolles a raíña que a que resistise os beixos do príncipe aquela había ser a que casara.

Foi a mais vella e o chegarlle o lagarto onde o peito xa quedou desmaiada. Foi a segunda e pasoulle o mesmo e foi a mais nova e dixo:

–Pois eu hei resistir.

E así pasou. O lagarto subíu, baixou, e beixouna canto quixo, i-ela tan campante.

Chamaron os padriños, foron onda o abade, e casáronse. E pro outro día da boda a raíña faloulle a sua nora:

–¿Qué tal pasaches a noite, miña filla?

–Moi ben. ¡Ai si vira que mozo bonito é o príncipe cando se quita de noite a pelica do lagarto!

I-entre as duas ordearon de que cando il estivera durmindo roubarlle a pelica e queimarlla para que non-a volverá a por, e de esa forma andivera sempre como os demais homes.

E así o figueron.

Mais á mañá perguntoulle o príncipe á sua muller:

–¿Onde me puxeches o vestido?

–Eu non che sei de il.

–Pois xa que non sabes nada, ou mo tras ou marcho pol-o mundo adiante.

E o príncipe fuxíu da casa e botouse pol-o mundo adiante sen saber onde iba parar, mais tivo a sorte de meterse n-un raíñado onde falou ca filla do rei e namoráronse un do outro.

E a muller do príncipe andaba toda desgustada sen saber do paradeiro do seu home e botouse a buscalo por un lado e pol-o outro.

Indo de camiño alcontrou unha muller vella que lle perguntou:

–¿E logo pra onde vas?

–Vou buscar ó meu marido que se me marchou.

–Pois mira, marcha de presa que o teu home vai casar ca filla do rei de aquil raíñado. E ti has facer de esta maneira: Colle esta mazá, esta pera e esta laranxa e vai porte nas escaleiras do pazo do rei. E primeiro abres a mazá e sairache unha roca e un fuso de ouro e brillantes e ti has fiar co-iles hastra que pase a noiva do teu marido, e cando che diga se vendes o fuso e a roca, ti dislle que non e que soio llos das se che deixa dormir unha noite co seu mozo.

A muller do príncipe foi andando e chegou o pazo do rei e púxose nas escaleiras co fuso e a roca, e pasou todo asegún dixera a vella.

Non lle gostaba moito á filla do re rei que aquela muller se deitara co seu home, mais por fin, como se lle antoxaran a roca e o fuso, deixou que dormiran xuntos.

Mais á noitiña, a princesa deulle ó príncipe lagarto unha auga dormideira para que en toda a noite non falara co-ela.

Deitouse a muller na cama co seu home e díxolle:

–¿Pero ti non me conoces? Mira que son a tua muller de denantes, a que che queimou o vestido. Fálame, non me mates porque xa ando moito tempo perdida se saber de ti.

Mais il dormía e non lle contestaba.

Veu a mañá e ela ergueuse e o quedou sen saber nada do que pasara.

I-ela entón volveu á escaleira do pazo e abriu a pera e sacou un sarillo de ouro e brillantes, máis bonito aínda que a roca e o fuso e púxose a ensarillar e cando pasou a princesa e antouxóuselle o sarillo, ela díxolle que non llo daba senon-a deixaba dormir outra vez co seu noivo. E deulle o permiso.

Mais volveron a pasar as mesmas cousas que a noite anterior porque a princesa tamén lle deu auga dormideira ó seu mozo, e a pesares de que a muller toda se mataba a falarlle il non lle contestaba cousa ningunha.

I-ergueuse e marchou con moita pena.

Pero o goardia que gardaba o pazo díxolle ó principe que xa había duas noites que estaba co-il unha muller na cama e que lle falaba e lle decía se non se acordaba de cando estaban casados, se non-a coñecía e que se fose co-ela.

Entón il deuse de conta de que era a sua primeira muller.

Entrementras ela volveu porse na escaleira do pazo e abriu a laranxa que era o último que lle quedaba e sacou unha devandoira de ouro e brillantes. Pasou a filla do rei, viuna e antoxóuselle, mais a muller díxolle que non a daba se non-a deixaba dormir outra noite co seu mozo.

E a princesa respondeulle que si.

Mais de aquela o príncipe, en vez de beber a auga dormideira, botouna pol-o peito abaixo.

I-estando na cama volveu a muller a porfiarlle se non se acordaba de ela e de aquiles tempos pasados. que lle falase, que non-a fixese sofrir, que se non lle falaba aquela noite que ela xa estaba perdida.

Il ben ouvía, mais non lle decía nada nin llo dixo tampouco en toda a noite.

Cando foi día, o príncipe ergueuse e marchou xunto ó rei de aquil raíñado e falaron. E dixo o príncipe:

–Eu teño un baul e perdinlle as chaves e agora figuen outras novas. Sua maxestade me dirá coales son millores, as que tiña ou as que figuen novas para mesma pechadura.

E o rei respondeulle:

Millores son as que eran nativas do baul.

E contestou o príncipe:

–Eu era casado, deixei a muller e vin por aiquí, mais agora apareceume a muller. Xusto é que me marche co-ela e que deixe a sua filla.

O rei quixo mudarse, mais por fin tivo que cumplir o que denantes dixera e deixar ó príncipe lagarto que marchara na compaña da súa primeira muller.

«O Príncipe Lagarto» é a versión de Calvos de Randín dun conto ben coñecido en Europa, o número 425A da clasificación de Aarne e Thompson, titulado «O monstro (animal) de noivo», que ten moitos parecidos co 433B. O relato coincide en bastantes aspectos coa historia de Cupido e Psique, que relata Apuleio no *Asno de Ouro* (APULEIO IV, 28 ss.) e que é o texto da Antigüidade clásica con máis relación cos contos marabillosos.

Unha raíña infecunda pare un fillo animal. Cando se fai mozo, o monstro quere ou esixe unha esposa. O pai atópalle unha doncela disposta a casar con el. Nalgunhas versións o protagonista devora as primeiras candidatas. A esposa definitiva comproba que para durmir deixa a pelica de animal e toma forma humana. Unha noite quéimalle a pel, pero era demasiado pronto para desencantalo. Entón o esposo animal marcha e ela ten que buscalo, ás veces calzando zapatos de ferro. Recupera o marido comprando o dereito a pasar tres noites con el.

Na Península existen versións en castelán, portugués, catalán e galego (CAMARENA 241). Como adoita suceder nos contos populares –e nos romances– as distintas versións incorporan elementos diferentes, que a miúdo aparecen á súa vez noutros contos. Poderiamos dicir que a cultura tradicional posúe un amplo conxunto de motivos simbólicos aos que estrutura en diferentes combinacións. Poderiamos dicir tamén que as combinacións non son ao chou, senón entre motivos simbólicos compatibles, é dicir, capaces de crear unha historia ben estruturada e con sentido. Por exemplo, o tema do fillo lagarto que quer casar é compatible co motivo –frecuente nos contos marabillosos– das relacións entre esposos e os seus parentes. Polo tanto, cada versión ten as súas particularidades, destacando determinados aspectos.

Na versión que recolleu don Xaquín Lorenzo distinguimos os seguintes motivos simbólicos:

UN FILLO LAGARTO

Moitos contos comezan falando duns pais que están tristes por non ter fillos. Iso contribúe, sen dúbida, a que os nenos que escoitan os relatos se sintan queridos. E, por suposto, reflicte o sentir da maioría das parellas da sociedade tradicional en semellantes circunstancias.

Un conto portugués expón o problema na primeira frase: "Había un rei que tiña moita pena por non ter fillos da muller"(OLIVEIRA 888; véxase tamén 177, 345, 590, 727; DIEDERICHS decembro 105). «Príncipe coitelo» comeza así: "Éranse unha vez un tsar e unha tsarina que levaban dez anos sen ter fillos. A tsarina, cada vez que vía un neno, botábase a chorar" (DIEDERICHS xullo 119). E «Märthöl»: "Érase unha vez un duque que tiña unha esposa moza aínda. Amábanse moito, pero levaban tempo sen ter fillos e estaban moi tristes" (DIEDERICHS febreiro 89). Tamén quedaron apesarados o

rei e a raíña de «O rei dragón» ao descubrir no leito nupcial un letreiro no que se lles comunicaba que non gozarían de descendencia (DIEDERICHS xaneiro 82; véxase xaneiro 36).

Algúns pais, ao principio, repudian os seus fillos malvados ou viciosos. Pero axiña pasan do rexeitamento inicial ao amor máis desprendido. Por exemplo, os pais de «O burriño» dos irmáns Grimm. Había unha vez –di o conto– un rei e unha raíña moi ricos que tiñan todo o que desexaban, agás fillos. E a raíña queixábase día tras día, dicindo: "Son como un campo no que nada medra". Ao cabo atendeu Deus os seus desexos; pero o neno, ao vir ao mundo, non parecía un ser humano senón un burriño. Cando a nai o viu, comezou a berrar e laiarse; antes prefería non ter fillos que un burro, polo que pensou en botalo ao río para que o comesen os peixes. Mais o rei dixo: "Non, se Deus mo deu será o meu fillo e o meu herdeiro, ocupará o trono despois da miña morte e cinguirá a coroa real" (GRIMM 160. Véxase tamén OLIVEIRA 656).

Os protagonistas masculinos dos contos responden a varios tipos. Algúns encarnan o modelo ideal, que se parece moito ao cabaleiro da literatura culta; é un mozo esvelto, valente e forte, que vai montado nun espléndido cabalo e porta unha espada, mentres os rivais son covardes que pretenden pasar por valentes. Outros son rapaces normais que padecen defectos máis ou menos graves e, ás veces, non son valorados como merecen, pero que case sempre triúnfan.

O protagonista do noso conto é un fillo desexado, aínda que se trate dun rapaz con defectos, un rapaz encantado en forma de lagarto.

Os mozos, que coma o príncipe lagarto, sofren un encantamento son mozos reais, con algún defecto; defecto simbolizado polo animal no que se transforman. En xeral trátase de encantamentos e defectos superables. Aclaremos que tamén existen protagonistas masculinos malos sen remisión, como o noivo diabro, o noivo vampiro e Barba Azul. Eses non están encantados; son homes perversos que non se emendan. As mozas que caen nas súas mans, se son un pouco inxenuas, perecen; se son listas, foxen. Pero en ningún caso os redimen.

Algúns dos animais nos que se transforman os mozos que sofren un encantamento teñen unha connotación claramente maléfica. Representan mozos con algún trazo de maldade na súa conduta, pero non definitivo senón corrixible –ou polo menos iso pretende transmitir o conto–.

Malos son os mozos encantados en forma de dragón, que é un elaboradísimo símbolo do Mal (MARIÑO 1996). O protagonista de «O príncipe encantado» avisa a moza: "De día non me verás, porque son un dragón. Pero de noite podo quitar a pel e son un príncipe" (ALMODÓVAR 72). O heroe de «O dragón e a besta máxica» nace destinado a cometer un asasinato ou a ser dragón (CALVINO 370). O conto danés de «O rei dragón» descríbenos perfectamente o carácter, maligno, do mozo dragón, que ameaza con matar a seu pai se non lle consegue unha esposa (DIEDERICHS xaneiro 83).

Tamén denotan maldade as encarnacións noutros dous animais asociados co Mal como son a serpe e o lagarto. De feito, en bastantes casos son animais intercambiables. Nunha versión o protagonista convértese en lagarto e noutra en serpe. Nunha das versións españolas queda patente a maldade do protagonista, pois nace como castigo á súa nai, culpable por non resignarse ante os designios de Deus, e o rapaz compórtase de maneira terrible desde o primeiro momento: "Estes eran un rei e unha raíña que non tiñan fillos. E a raíña xa enfadada porque Deus non lle daba un fillo, foi un día e rogoulle a Deus que lle dera un fillo aínda que fose un lagarto. E Deus para castigala deulle un fillo lagarto. E ao nacer o lagarto buscaron unha ama de cría e aos poucos días xa o lagarto lle comera os peitos. E buscaron outra e tamén llos comeu. E foron buscar outra ama para que criara o lagarto, pero como xa lles comera os peitos a dúas xa non quería ningunha crialo" (CAMARENA 241).

Así pois, o protagonista de «O príncipe lagarto» representa a un mozo mala persoa e de mal carácter, que, a pesar diso, conta co amor de súa nai.

O LAGARTO QUERE CASAR

Os contos marabillosos abordan os asuntos básicos da vida, e entre eles, claro está, o matrimonio. E presentan as distintas posibilidades. Unha delas é a do matrimonio cunha moza ou un mozo de mal carácter ou decididamente malvados. O exemplo máis coñecido quizais sexa o conto de Barba Azul. Se ben existen diferentes versións con distintos finais, Barba Azul case sempre se comporta coma un malvado sen remisión, que mata as esposas, se non tiveron a precaución de manter os lazos cos seus parentes, que lles axudarán a fuxir.

O príncipe lagarto, polo seu carácter, terá dificultades en conquistar unha moza. Dío ben claramente o noso conto. Cando o príncipe lle comunica a súa nai o desexo de casar, ela contéstalle: "¿E con quen te vas casar, queridiño? É millor que se che tire esa idea da cabeza porque ó fin ninguén te vai querer".

A única solución neses casos, segundo os contos, consiste en procurar unha esposa entre mulleres de inferior condición económica e social. Bastantes contos preséntannos un pai pobre forzado a entregar por diñeiro a súa filla a un mal becho –un esposo serpe, lagarto, etc.– e mesmo a un depravado.

Non sempre o marido imposto polo pai resulta ser un malvado impenitente. Na maioría dos casos trátase dunha persoa con defectos máis ou menos graves, pero capaz de vencelos e de facer feliz a súa esposa.

A historia adquire un ton máis grato e remata nun final máis claramente feliz cando a moza acepta o matrimonio por amor filial, como sacrificio polo benestar dos pais, para quen ese enlace supón o único medio de escapar da miseria.

ACEPTA O MATRIMONIO UNHA DE TRES IRMÁS POBRES

Ás veces, como no noso conto, sucede que a proposta matrimonial do lagarto vai dirixida a tres irmás. A resposta das dúas irmás maiores difire segundo as versións: néganse desde o principio; aceptan nun primeiro momento pero acaban por rexeitar a relación; aceptan mais, debido á súa conduta inapropiada, son castigadas. Na versión de Calvos, que segue a segunda posibilidade, as dúas rapazas máis vellas están dispostas a darlle un bico ao príncipe pero desmáianse.

Nalgúns contos nos que o pretendente é un mal home –sexa ou non lagarto- a filla máis nova accede a contraer matrimonio por amor a seu pai. Sacrifícase polo ben da súa familia paterna. Logo recibe o premio á súa xenerosidade pois o marido resulta ser un príncipe fermoso e sensible. Así en «O demo de cuñado», no que o millonario pretendente é un mozo que asinara co demo un pacto polo que recibía incalculables riquezas a cambio de non lavarse nin peitearse durante sete años. O mozo ofreceulle unha fortuna a un comerciante a cambio da man dunha das súas tres fillas. As dúas máis vellas examinan o pretendente, desaseado e sucio, e rexéitano horrorizadas. Aseguran preferir o suicidio a casar con el. Entón o pai suplícalle á filla máis nova que o acepte. Ela, chea de amor filial, consente en casar co mozo noxento. Pasados os sete anos fixados no pacto, o esposo transfórmase nun marido fermoso e bo, que fai feliz a rapaza (DIEDERICHS novembro 114-5; véxase OLIVEIRA 653, PRIETO 90).

Nunha versión española, as dúas primeiras irmás aceptan gustosas o casamento pero o lagarto mátaas: "E cando o lagarto medrou díxolle á raíña que quería casar. E a nai foi buscarlle noiva e foi á casa de Mariquiña (a nena que o criara). E a irmá maior dixo que casaría con el. E casaron, e o lagarto díxolle á noiva que se deitara ela primeiro, que el viría deitarse ás doce, e que non se durmira senón que o agardara esperta para que o sacase do encanto. Pero a noiva deitouse e durmiu e cando veu o lagarto deitarse atopouna durmida. E ao momento tocouna e comeuna". E o mesmo pasou coa segunda irmá.

"Pasado algún tempo o lagarto díxolle a súa nai que quería casar outra vez. Pero como xa sabían o que lle pasara ás dúas irmás xa ningunha moza quería casar co lagarto. E entón o lagarto díxolle á nai que quería casar con Mariquiña, a que o criara. E a nai foi e díxollo a Mariquiña, e ela dixo que non, que non casaba co lagarto. Pero a raíña rogoulle que casara con el para desencantalo" (CAMARENA 241-2).

Esa versión quere recalcar que a esposa dun home malo, se quere redimilo, debe dedicarlle amor materno, pois logra desencantalo quen o cría cos seus peitos. O mesmo sucede no conto portugués «O Príncipe Sapo». Cando nace o fillo sapo os pais piden unha rapaza que queira criar o monstro coa promesa de que casará con el e, polo tanto, acabará sendo raíña. Di o conto que se presentou voluntaria unha rapaza que o criaba con moito amor, «como se ele fosse uma criança» (COELHO 183).

O BICO

Na versión de Calvos de Randín que estamos analizando as tres irmás pobres aceptan, en principio, a oferta de matrimonio, polo que a raíña propuxo que casaría co príncipe aquela que resistise os seus beixos. As dúas primeiras caeron desmaiadas ao intentalo; a máis nova, en cambio, propúxose resistir e conseguiuno. Aceptar os bicos do mozo e darllos representa o cariño. As dúas primeiras non son capaces de amalo; a segunda, si.

Nunha versión portuguesa de «A bela e a besta» a rapaza, tras visitar uns días os seus pais, volve ao pazo do monstro e encóntrao no chan coma morto. Entón di: "Pobre, está morto. Dareille un beixo". E deullo. Daquela o monstro transformouse nun fermoso mozo, pois era en realidade un príncipe encantado, e casou con ela (OLIVEIRA 612).

Ao regresar dunha visita á casa paterna, a heroína de «Rosa» atopa desmaiado o repulsivo animal co que vive. "Iso entristeceuna moito, axeonllouse xunto a el e bicouno. Entón a pel peluda desprendeuse do seu corpo e apareceu ante ela un fermoso príncipe... O príncipe abrazou a rapaza e contoulle que fora maldicido e que so o bico dunha doncela pura e inocente o podía liberar. Logo casou coa rapaza" (DIEDERICHS setembro 91).

DE NOITE O MOZO É FERMOSO

Ao outro día da voda, a nai do príncipe preguntoulle á súa nora que tal fora a noite. Ela contestoulle que moi ben, que de noite o lagarto quitara a pel e deixara ver un mozo fermosísimo. É este un motivo que se repite en múltiples contos, non só no do príncipe encantado en forma de lagarto. A miúdo as persoas encantadas, que durante o día son monstros, de noite, na cama cos seus amantes ou cónxuxes, recobran o aspecto humano. Poderiamos dicir que é un desencantamento temporal. Ese desencantamento nocturno será permanente cando, unidos pola relación sexual, saiban amarse. É dicir, os contos de fadas subliñan a importancia da relación sexual como medio de unir a parella, como medio de superar as dificultades da convivencia.

Na versión castelá, na noite de vodas o noivo "quitou sete camisas de lagarto e quedou un fermoso príncipe e deitouse coa súa muller" (CAMARENA 242). O protagonista de «O rei serpe», que durante o día vive baixo a aparencia dunha cobra, pola noite, coa súa esposa, vólvese cristián. Na versión grega, a sogra pregúntalle á esposa se a serpe mantén o seu aspecto durante a noite, e ela contesta: "¡Non, que va! ¡O meu marido non é ningunha serpe senón un lindo mozo que só está metido nunha pel de serpe, pero cando a quita, resplandece como se fose fillo do sol!" (CALVINO 645; DIEDERICHS agosto 14. Xa BASILE 54-55. Véxase tamén OLIVEIRA 817, 661; DIEDERICHS marzo 49; ALMODÓVAR 72).

Vimos que na versión castelá o lagarto se cobre con sete peles. No conto portugués do príncipe sapo vainas quitando unha a unha a medida que a noiva quita as sete saias que leva postas. É un motivo –manexado tamén noutros contos- que plasma de maneira enxeñosa a idea de que o pracer sexual compartido contribúe a superar o lado malo da persoa encantada. Nun soño a protagonista sabe como, ao casar co príncipe sapo, ha de actuar para que o rapaz deixe a aparencia monstruosa: "Quando fosse na primeira noite que se fosse deitar, que ele tinha sete peles e ela levase sete saias e quando ele lhe dissesse: «Tira uma saia» lhe dissesse ela: «Tira uma pele». Assim foi e casou o sapo com a rapariga e na noite do casamento ele pediu-lhe que tirasse ela as saias e ela foi-lhe pedindo que tirase as peles e despois de ele as tirar ficou un homem" (COELHO 183-4). Noutras palabras: ela vaise entregando a medida que el supera o seu lado innobre.

«O rei dragón» mata a todas as súas esposas na mesma noite de vodas. A súa próxima noiva, a filla dun pastor, teme perder a vida, pero unha anciá infórmaa de cómo saír do apuro. Dille que en canto remate a cerimonia, antes de meterse con el na cama, poña dez camisas; que, antes de entrar na cama, pida un barril de salmoira, un barril de leite e toda a leña que poida levar un home nun brazado. Dille tamén que, cando el lle pida que se saque a camisa, ela lle esixa que se quite unha capa de pel, e así sucesivamente até que a ela só lle quede unha camisa e a el unha capa de pel. Nese intre o dragón xa no será máis que un anaco de carne sanguiñolenta. Entón debe mergullar as pólas na salmoira e golpealo con elas sen deixarlle nin un anaco san. Logo debe lavalo con leite, envolvelo nas nove camisas e abrazalo. A rapaza seguiu eses consellos e "cando espertou tiña entre os brazos un belo príncipe" (DIEDERICHS xaneiro 85-86). Neste conto aconséllase á moza, pois, ademais de gañar o amor do esposo malvado mediante a entrega sexual, que sexa á vez firme e cariñosa.

(DESENCANTAR)

As persoas encantadas, a diferenza dos bruxos que son malvados contumaces, están baixo o influxo do mal só de forma transitoria. Poden superar as malas inclinacións se se esforzan; tamén co apoio de alguén que as queira. Xa que logo, para desencantar a outra persoa, é dicir, para que sexa normal, cómpre amala. Para saír do seu encantamento, as persoas enfeitizadas necesitan mostras de amor. O amor do outro é o que lles permite superar a súa condición, os seus problemas, os seus defectos.

O protagonista de «O diamante» confésalle á súa prometida "que o enfeitizaran unhas bruxas e que o condenaran a ser tartaruga durante o día e home durante a noite, coa condición de que, se unha rapaza aceptaba converterse na súa muller, correr mundo e soportar, durante certo tempo e por amor a el, toda clase de infortunios, o embruxamento romperíase e el podería volver a ser o que fora, un home novo e fermoso" (DIEDERICHS abril 114).

QUEIMARLLE A PELICA

Como no noso conto, sucede a miúdo que, para lograr o desencantamento, un dos membros da parella queime a pel do animal que recobre o outro. Esa incineración da pel representa, no plano simbólico, a purificación do encantamento, e, no plano psicolóxico e relacional, a superación dos defectos do personaxe.

A nai de «O fillo serpe», para desencantar o rapaz, dille á nora: "Esta noite acenderemos o forno, e cando esteas con el na cama e vexas que xa quedou durmido, achegareiche o atizador desde arriba; colga nel a súa pel de serpe e eu tirarei cara arriba, sacareina do barril de fermentación e botareina no forno para que se queime". Así o fixeron. Á mañá seguinte, ao non atopar a súa pel para meterse nela, o rapaz saíu do barril de fermentación e de alí en diante viviu na súa casa como as demais persoas (DIEDERICHS agosto 14; véxase outubro 15; xullo 51; febreiro 93).

«A galiña lavandeira» narra a historia dunha rapaza que se transforma en galiña. Vea un príncipe, lévaa ao palacio e prepáralle un niño nunha cesta xunto á súa cama. E pola noite foi bailar. A galiña esperou a que saíra, logo sacudiu as plumas, converteuse nunha moza e tamén ela correu ao baile. Cando entrou na festa, o fillo do rei recoñeceuna ao momento e saíu correndo. Chegou á casa, foi mirar na cesta, encontrou as plumas da galliña e tirounas no lume. Despois volveu á festa e bailou coa moza finxindo que non a recoñecía.

Regresou á casa tarde, e a galiña aínda non estaba. O fillo do rei deitouse e finxiu durmir. Entón viu que a moza entraba ao xeitiño, nas puntas dos pés, e crendo que ninguén a vía ía en busca das plumas. Acercouse á cesta e as plumas non estaban. Mirou ao redor espantada, e niso o fillo do rei ergueuse e abrazouna dicindo: "¡Agora casarás comigo!" (CALVINO 546; véxase 318-9).

O protagonista de «A rapaza pomba», agachado nunha fonte, observa cómo varias pombas, entre as que estaba a súa amada, deixan os vestidos e se meten na auga. Entón saíu do agocho e apoderouse do vestido. "¡Dáme o vestido! ¡Dáme o vestido!", empezou a berrar a rapaza. Pero o mozo prendeulle lume e queimouno. "Si –dixo a doncela–, agora quedarei contigo e serei a túa muller" (CALVINO 737).

ANTES DE TEMPO

A pesar dos exemplos anteriores, a queima da pel, como sucede no noso conto, non sempre supón o final do encantamento. E non sempre acaba co problema porque en moitos casos o cónxuxe do monstro precipítase, executa o rito de desencantamento antes de tempo.

Esa precipitación provoca o distanciamento na parella. Cabe interpretar que o fallo radica en pretender que a persoa encantada, a persoa con defectos, os supere en pouco tempo.

Nalgunhas versións a que lle queima a pel é súa nai, a raíña: "Ao outro día ergueuse o príncipe e vestiu outra vez as sete camisas de lagarto. E pola mañá a sogra, cando viu que Mariquiña durmira con el e non a matara, preguntoulle como era o lagarto de noite. E Mariquiña contoulle o que pasara. E a sogra díxolle entón que ela quería ver o seu fillo sen as camisas de lagarto, como home, e díxolle que esa noite deixara a porta do cuarto aberta para velo. E chegou a noite e pasou o mesmo que a noite anterior. Chegou o lagarto a media noite, atopou a Mariquiña esperta e quitou as sete camisas de lagarto e quedou un fermoso príncipe e deitouse coa muller. E a noiva deixou a porta entreaberta para que a sogra puidese ver o seu fillo como home. E chegou a sogra cando o príncipe estaba durmido e viuno. E cando viu as sete camisas sobre a cadeira colleunas e queimounas. E ao día seguinte cando se ergueu o príncipe e cando viu que non estaban as súas sete camisas de lagarto díxolle á súa muller que agora estaba máis metido no encanto e que tiña que ir ao Castelo de Irás e non Volverás, e que para chegar a atopalo tería que marchar moito tempo e gastar sete pares de zapatos de ferro e outros tantos o seu neno" (CAMARENA 242).

En «Unha cabeza» a traxedia provócaa a madrasta da moza. A protagonista está casada cun rapaz que é só unha cabeza. O monstro advírtelle que se lle desvela a alguén o seu segredo, marchará en forma de pomba. A madrasta da rapaza, desexosa de coñecer o misterio, emborráchaa, e ela revela que as pernas do seu marido son de prata, os brazos de ouro e que leva unha estrela no cabelo, un sol na testa e unha lúa na caluga. Ao oíla, o esposo rompe o cristal da ventá e sae voando cara ao sur. En canto lle pasou a borracheira, a esposa empezou a buscar o seu marido, pero este desaparecera. Entón saíu na súa busca e viaxou sete anos en un (DIEDERICHS febreiro 34).

Outras veces é a propia esposa quen lle queima a pel. Violeta, unha fermosa doncela, acepta casar co protagonista de «O príncipe sapo pide esposa». E celébrase a voda. Cando quedaron os noivos sós, Sapiño quitou a pel de sapo que o cubría e apareceu un real mozo coma un castelo, fermoso e lanzal que daba gusto velo. Violeta alegrouse moito disto; pero da alegría non puido calar, e contoullo á raíña á mañá seguinte, aconsellándolle esta que, cando estivese deitado, collese a pel de sapo e a queimase, para que así tivese que quedar sempre de mozo á forza.

Chegou a noite seguinte, e Violeta, que estaba desexando que chegase para queimar a pel, díxolle ao seu esposo que se deitase, que ela tiña que amasar. Deitouse Sapiño, e cando Violeta o viu durmido, fixo unha boa fogueira e queimou a horrible pel; pero, ao arder, a pel facía ruído, e Sapiño espertou, preguntándolle a ela que facía; moi contenta, contestoulle que queimándolle a pel, para que así sempre seguise en forma de mozo tan baril e aposto. Pero Sapiño, moi triste, díxolle: "Pois matáchesme sen querer; só me faltaban tres días para saír do encanto porque achara unha muller que me quería, e es ti, e así me mataches" (CAMARENA 300. Véxase OLIVEIRA 637).

«A noiva do corvo» trata dunha moza casada cun corvo. Unha veciña aconséllalle que lle queime as plumas mentres dorme. Ela faino. Entón o seu marido acorda berrando: "¡Ai, que dobraches o meu encantamento!" (OLIVEIRA 625).

Á protagonista de «O príncipe encantado» as súas irmás chámanlle parva por casar cun dragón. Tanto llo repetiron que non puido conterse e acabou revelándolles que o seu marido de día era un dragón, pero de noite quitaba a pel e era un príncipe moi fermoso. As irmás quixeron velo cos seus propios ollos. Cando o príncipe estaba durmido, queimáronlle a pel e logo ela arrimou unha candea para que as súas irmás viran o príncipe, pero con tan mala sorte, que unha pinga de cera lle caeu sobre a cara e o príncipe espertou. "¡Ai! –exclamou– ¡Que xa estaba rematando o meu encantamento! Agora non teño máis remedio que irme. E ti terás que buscarme até gastar sete pares de zapatos de ferro" (ALMODÓVAR 72. Véxase CURIEL 194; ESPINOSA 1993, 164; DIEDERICHS xaneiro 69, agosto 43; CAMARENA 284; CALVINO 121; OLIVEIRA 817; WILDE 203; BASILE 183).

A protagonista de «O vello Querecas», ansiosa por ver con quen se deitaba, acende unha candea, e ve un fermoso mancebo. Tan entusiasmada quedou contemplándoo que non se decatou de que unha pinga de cera lle caía na cara. O rapaz acordou ao instante e dixo: "¡Ah, desgraciada, o que fixeches! Dobráchesme o encantamento que estaba case terminado. Agora non volverás a verme" (OLIVEIRA 886. Véxase PEDROSO 341; OLIVEIRA 666).

Mentres que a súa esposa baila no palacio despoxada da pel de ra, Iván Zarevich, o heroe de «A tsarina ra», atopou a pel da súa muller, colleuna e queimouna. Pouco despois chegou a súa muller e botou de menos a pel. Díxolle: "Iván Zarevich, non o resistiches do todo. Sería túa, pero agora... só Deus o sabe. ¡Adeus! ¡Búscame tras tres veces nove países, no trixésimo imperio dos tsares!" (DIEDERICHS outubro 9).

En «O palacio encantado» vive a raíña de Portugal, que cobre o rostro cun veo. Fiordinando, que a visita todas as noites no seu palacio do bosque, namórase dela e dorme ao seu lado, pero non sabe cómo facer para conquistala pois a moza non lle fala nin consente que lle vexa a cara. Unha noite, durante a cea, Fiordinando, seguindo o consello da súa nai, empuxou co cóbado o garfo da raíña; ela agachouse e el arrincoulle o veo. Entón a raíña incorporouse, fermosa coma un raio de lúa e inflamada coma o ardor do sol e berroulle: "¡Mozo imprudente! Traizoáchesme. Se durmise outra noite ao teu carón, sen falar e sen descubrirme, teríame liberado do encantamento e ti serías o meu esposo. Agora terei que irme a París oito días, e de alí a Petersburgo, onde pasarei a ser o galardón dun torneo, e quén sabe a quén lle tocarei en sorte. ¡Adeus!" (CALVINO 325).

A heroína de «A man negra» falla en desencantar por imprudente. Nun dos cuartos do palacio o xigante dorme e móstrase como un mozo fermosísimo. A moza ve que o seu peito é un río no que había moitas lavandeiras lavando la. Visítao moitas noites. Un día entrou no cuarto e, como de costume, púxose a mirar o mozo durmido, cando viu que a unha das lavandeiras lle escapaba de entre as mans un anaco de la, que a auga arrastraba río abaixo

sen que ela o notase. Asustada, botou un berro, e nese mesmo momento sentiu un gran tremor no palacio, desapareceron o río e as lavandeiras, e o mozo, que espertou cun sobresalto, púxose dereito. Indo cara á moza, díxolle con moita tristeza: "¿Qué fixeches, desgraciada? Eu son o xigante, que estaba encantado. A túa prudencia ía desencantarme, e mañá sairiamos de aquí felices para sempre; pero o berro que botaches obrígame a matarte, ou a volver a ser encantado non se sabe até que día" (ALMODÓVAR 89).

A versión estremeña do príncipe sapo ten interese porque mostra que nalgún caso o fallo no desencantamento no ten remedio. Nela o protagonista morre tan pronto como a súa esposa lle queima a pel, sen darlle a oportunidade de que se arrepinta e intente conquistalo de novo, de modo que ela non logra ser feliz no resto da vida: "Matáchesme sen querer; só me faltaban tres días para saír do encanto porque encontrara unha muller que me quería, e es ti, e así me mataches –dixo o pobre Sapiño e quedou morto. A moza, desconsolada, contoullo á raíña, e as dúas choraron a felicidade perdida e a desgraciada morte do namorado Sapiño. E non viviron felices porque tiveron sempre o recordo do querido Sapiño" (CAMARENA 300-1)

O PRÍNCIPE MARCHA, EMPRENDE OUTRA RELACIÓN

A versión de Calvos di que despois do frustrado desencantamento o lagarto "botouse polo mundo adiante sen saber a onde ía parar, mais tivo a sorte de meterse nun reinado onde falou coa filla do rei e namoráronse un do outro". Pero a esposa non se rendeu. Buscouno por todas as partes.

Na versión castelá a esposa, acompañada polo seu filliño, terá que andar e andar ata gastar sete pares de zapatos de ferro antes de encontrar o seu marido. Saberá del o día en que acaba de casar con outra princesa. Eses zapatos de ferro, que aparecen en moitos contos, serven para simbolizar a inmensidade e a dureza do camiño, ou sexa, dos sacrificios que haberá que facer na vida para recuperar unha persoa perdida.

Ás veces as parellas, despois dun feito que as distancia, rompen definitivamente (CURIEL 268). Pero aos autores dos contos interésalles, sobre todo, ofrecer posibles solucións aos conflitos. Por iso na maioría dos casos os protagonistas acaban superando o período de distanciamento. Mostran que a verdadeira unión chegará cos anos, despois de superar grandes dificultades xuntos, despois de verdadeiras mostras de amor, non de simple namoramento.

Os responsables da separación han de sufrir durante anos para emendar o fallo; na simboloxía dos contos, han de sufrir no camiño da vida, durante longas xornadas. De aí que camiñen por sete países, por varios planetas ou gasten zapatos de ferro. Mais, como na vida real, nos contos marabillosos non sempre é o culpable do distanciamento quen se esforza por solucionalo. A miúdo unha esposa ou un esposo inxustamente abandonados pola súa parella poñen todo o seu empeño en reconquistala.

Á esposa de «O conde Infante Lagarto» cáenlle unhas pingueiras de cera mentres contempla o seu compañeiro de cama, que esperta lamentándose: "Dobróuseme o encanto, e agora, infeliz, só volverás a verme despois de que gastes un par de zapatos de ferro, un bastón tamén de ferro, unha saia de malla de cobre e un sombreiro de bronce" (OLIVEIRA 661).

Despois de provocar o distanciamento por pretender desencantar o seu marido antes de tempo, a esposa de «O príncipe das Palmas-Verdes» vese obrigada a ir pedindo esmola polo mundo adiante, pola casa do Sol, da Lúa e do Vento (OLIVEIRA 677). Tamén comete o mesmo fallo a protagonista de «O cadeado», que ha de mendigar polo mundo até que, despois de mil padecementos, atopa o seu amante (BASILE 211). Pola casa do vento do Leste, do vento do Oeste, do vento de Sur e do vento do Norte ha de camiñar en busca de seu home, tras fallar en desencantalo, a protagonista de «Ao leste do sol e ao oeste da lúa» (DIEDERICHS xaneiro 69-72).

No «Rei Crin» emprégase unha bela fórmula para a expiación: "¡Rompiches o encantamento e non volverás a verme! –berrou el- ¡A menos que poidas encher sete frascos de bágoas e gastar sete pares de zapatos de ferro, sete mantos de ferro e sete sombreiros de ferro!" (CALVINO 121).

RECUPERAR CON FUSO, SARILLO, DEVANDOIRA

A esposa abandonada atopa no seu longo camiño en busca do marido unha velliña, que é a axudante máxica dos contos e que representa o saber tradicional. A velliña explícalle como recuperar o home: "Colle esta mazá, esta pera e esta laranxa e vai porte nas escaleiras do pazo do rei. E primeiro abres a mazá e sairache unha roca e un fuso de ouro e brillantes e ti has fiar co-iles hastra que pase a noiva do teu marido, e cando che diga se vendes o fuso e a roca, ti dislle que non e que soio llos das se che deixa dormir unha noite co seu mozo".

Na versión castelá, como sucede a miúdo, a velliña conselleira é a Virxe. Neste caso dóalle tres noces, das que sairán unha roca, un fuso e un nobelo de fío (CAMARENA 243-4).

Con frecuencia o responsable do distanciamento ou o amante abandonado recuperan a súa parella revalidando as probas de selección matrimonial. Mentres que a un pretendente masculino impóñenselle probas de traballos agrícolas –como expliquei no artigo sobre Brancaflor– e outras semellantes, ás mulleres correspóndenlles tarefas asignadas ao seu xénero: cociñar, lavar, coser e, sobre todo, fiar. En fiar grandes cantidades de la consiste a proba matrimonial para a protagonista de «As tres fiandeiras» dos irmáns Grimm e repítese noutros moitos contos. É que fiar, que ocupaba boa parte do tempo da muller casada, era o traballo feminino por excelencia. De feito na imaxe convencional da muller case nunca faltan –xa desde os romanos– a roca e o fuso.

Na versión portuguesa titulada "O conde Infante Lagarto" a esposa abandonada trata de recuperar o marido cunha debandoira de ouro, e logo cunha galiña dos pitos de ouro (OLIVEIRA 666-7). Esta última representa a riqueza (MARIÑO 1996).

Despois de que a protagonista de «Ao leste do sol e ao oeste da lúa» fracasara en desencantar o seu esposo, este pensa en casar con outra muller, a princesa nariguda. Pero a esposa non se rende. Loita por recuperalo; loita coas súas calidades, que a rival non posúe e desexa. Un día sentouse debaixo das ventás do palacio e púxose a xogar cunha mazá de ouro. A princesa nariguda quixo comprarlla. Deulla a cambio de durmir unha noite co príncipe. Pero cando a rapaza entrou na alcoba do príncipe, este estaba profundamente durmido. Chamouno e sacudiuno, chorou e lamentouse, pero non puido espertalo. Cando amenceu, chegou a princesa do nariz longo e botouna de alí. Ou sexa, ao principio o marido atópase a gusto co seu novo amor e non responde aos esforzos da súa esposa por reconquistalo.

Pero a esposa insistiu. Sentouse de novo debaixo das ventás do palacio e púxose a debandar fío na súa debandoira de ouro. Entón ocorreu o mesmo que o día anterior. A princesa preguntoulle que quería pola debandoira. A rapaza contestoulle que non a vendería nin por ouro nin por diñeiro, pero que, se lle permitía durmir outra noite co príncipe, a debandoira sería súa. A princesa dixo inmediatamente que si e colleu a debandoira de ouro. Pero cando a rapaza subiu, o príncipe estaba outra vez profundamente durmido. E por máis que o chamou e o sacudiu, por máis que chorou e se lamentou, non conseguiu espertalo. Ao amencer, chegou a princesa do longo nariz e botouna de alí.

Ao día seguinte a rapaza sentouse coa súa saia de ouro debaixo da ventá e púxose a tecer. Cando a princesa do nariz longo viu a saia, tamén quixo tela. Abriu a ventá e preguntoulle á rapaza que quería pola súa saia de ouro. Como as dúas veces anteriores, a rapaza dixo que non a vendía nin por ouro nin por diñeiro, pero que, se a princesa lle permitía durmir outra noite co príncipe, sería súa. A princesa dixo que si, que podía facelo se quería e levoulle a saia de ouro. Pero uns cristiáns que estaban cativos no palacio, encerrados nunha cámara contigua á do príncipe, oíran durante dúas noites chamadas e choros moi tristes dunha muller, así que pola mañá contáronllo ao príncipe. Cando pola noite chegou a princesa coa sopa que o príncipe adoitaba tomar antes de ir para a cama, fixo ver que a tomaba, pero en realidade tirouna, pois sospeitaba que a princesa botara un somnífero na sopa. Como esa noite non tomou o somnífero, non durmiu e puido ver a súa esposa. Alegrouse moito de volver vela, e volveron a vivir xuntos (DIEDERICHS xaneiro 73-74. Véxase OLIVEIRA 666-8, 670).

A esposa de «Pobre monstro pretende a princesa» achégase ao seu marido, que vive con outra, mostrando unha roca e unha galiña con sete poliños. Á terceira tentativa de espertalo díxolle: "¡Pero meu amor! ¡Pero mira! ¡Que xa teño que marchar! ¡Que xa non teño nada que mostrar! ¡Que xa teño os zapatos de ferro gastados! ¡Que xa fixen un sacrificio moi grande!". Entón el espertou e viuna que era ela, tan guapa. Abrazáronse, e botaron a outra fóra (CAMARENA 286).

Finist, o heroe de «A pluma de Finist, o falcón nobre», non completamente desencantado, abandona a súa esposa. Ela búscao até gastar tres pares de zapatos de ferro. Despois traballa de criada na casa dunha panadeira. Ponse a fiar cunha roca de prata e un fuso de ouro. A filla da panadeira pídellos. E a moza dállos a cambio de pasar unha noite co seu marido. Pero o marido está baixo os efectos dun somnífero. Ao día seguinte pasa o mesmo cun bastidor de ouro e unha agulla que borda soa. A esposa volve a pasar a noite co marido da filla da panadeira, que é o seu propio marido. Pero el dorme profundamente e non se decata de nada. Ela chora desconsolada durante un bo anaco. "De súpeto, unha bágoa da fermosa rapaza caeulle sobre a meixela e espertou nese mesmo intre. E volveu con ela (DIEDERICHS outubro 29-31). As calidades da súa esposa e a súa dor convencérano.

Na versión portuguesa recollida por Oliveira, a esposa recupera o seu marido dunha forma que tamén atopamos noutros contos, por exemplo, na versión italiana de «As tres laranxas». A esposa abandonada entra de criada no palacio onde vive o seu marido, o príncipe, con súa nai, a raíña. "Ora a rapariga deu à luz un menino e a rainha foi logo vê-la. Ficou pasmada da semelhança do menino com o seu filho que tinha desaparecido. A rainha tomou a criada sob a sua protecção. Ao cabo de um ano viu a rainha entrar no palácio o seu filho. Ficou muito contente e correu a abraçá-lo levando ao colo o filhinho da criada. O príncipe ficou encantado da criança e perguntou-lhe quem ela era. A rainha disse-lhe que era filho de uma criada do palácio. O principe quis ver a criada e esta foi chamada à súa presença. Então conheceram-se ambos e abraçaram-se" (OLIVEIRA 655-6). Ou sexa, que o que os une, como a tantos matrimonios, é o fillo que teñen en común.

DURMIDEIRA, SOMNÍFERO

Segundo a versión de Calvos de Randín, a esposa non consegue recuperar o seu esposo reproducindo as probas matrimoniais porque a amante ou segunda esposa adorméntao con auga durmideira. Adorméntao de pracer, e reteno.

Na versión castelá a amante dálle ao esposo "unhas durmideiras na comida" (CAMARENA 2442); na versión portuguesa titulada "O conde Infante Lagarto" dálle "viño dormente" (OLIVEIRA 668).

A protagonista de «O príncipe encantado» rescata o seu esposo da casa da amante cunha roca normal, unha roca de prata e unha roca de ouro. A última noite o príncipe non toma a durmideria que lle daba a súa amante e consegue ver a súa esposa e o seu filliño. Como estaba esperto, axiña a lembrou, deulle unha aperta e díxolle que xa estaba desencantado do todo. "Quedo –dixo– con esta fermosa peregrina, que é a miña verdadeira esposa, e deixo a segunda. E tamén me quedo con este, que é o meu fillo" (ALMODÓVAR 74).

O somnífero que adormenta o príncipe é, claro está, o pracer da relación coa amante. A imaxe utilízaa Clarín no capítulo vintenove de *La Regenta*, onde se di que don Álvaro Mesía, o amante da protagonista, "conseguía a miúdo facerlle esquecer todo para gozar do delirio amoroso no que sabía envolvela, como nunha envelenada nube de opio".

A CHAVE

O motivo do achado da primeira chave para representar a recuperación do marido aparece tamén en «O príncipe encantado», «O castelo de Oropé», «Xoán de Calais», «O home de corno», «Os tres ventos» e "A rapaza axudante", que en Galiza se chama Brancaflor e que xa estudei noutro traballo (MARIÑO 1997). A chaves e a pechadura representan os órganos sexuais do home e da muller e, por extensión, o marido e a esposa. O que di o conto, de acordo cos usos, é que a primeria relación, o primeiro matrimonio, debe prevalecer sempre.

En resumo, velaquí o conto e a súa tradución cultural:

Un fillo lagarto	**Un fillo mala persoa**
Ese lagarto quere casar, pero resulta difícil que ningunha muller o acepte	Ese fillo mala persoa quere casar, pero resulta difícil que ningunha muller o acepte.
Acaba por aceptalo unha de tres irmás pobres	Acaba por aceptalo unha de tres irmás pobres
A rapaza é capaz de vencer o noxo e darlle un bico ao monstro	É a rapaza capaz de darlle cariño ao mozo mala persoa
De noite na cama o monstro saca a pelica de lagarto e recobra o aspecto humano, resultando un mozo lanzal	Mediante a relación sexual, a esposa logra que o marido mellore o seu carácter
A fin de que se manteña sempre co aspecto humano, a moza decide queimarlle a pelica	Visto o comportamento do esposo nos momentos de relación amorosa, a moza pensa que el xa superou completamente os seus defectos
Cando descobre que a esposa lle queimou a pelica, o lagarto comunícalle que marcha polo mundo adiante e inicia relación con outra muller	Pero a esposa equivócase. Non debía ser tan impaciente. Pretendeu cambiar o marido antes de tempo. A consecuencia é que o esposo buscará fóra da casa aventuras amorosas
A esposa busca o seu marido. Vai á casa da amante do marido e móstralle un fuso, un sarillo e unha devandoira. Entrégallos á amante a cambio de durmir co marido.	A esposa decide esforzarse por recuperar o seu marido. Faille ver as súas cualidades. Móstralle que é unha muller traballadora, hábil nos labores relacionados co fío, que son dos máis pesados dos que se encargan as mulleres na sociedade tradicional
Para impedir que o marido fale coa súa esposa, a amante adorméntao cunha durmideira, de forma que a esposa non pode darse a coñecer.	Pero non resulta fácil que a esposa recupere o seu marido porque a amante reteno cos lazos do pracer sexual
Mais alguén lle axuda ao marido a que non quede durmido e poida falar coa esposa e recoñecela	Alguén lle axuda ao marido a que saiba recoñecer os méritos da súa esposa.
O protagonista pregúntalle ao pai da amante que chave é a mellor para un baúl, a primeira chave ou a copia.	O protagonista plantéase, e plantéalles aos parentes da amante, se o primeiro matrimonio debe prevalecer sobre calquera outra relación.
A resposta é afirmativa. Os esposos reúnense por fin	A resposta é afirmativa. Os esposos reúnense por fin.

OUTRAS VERSIÓNS

A versión de Viana do Bolo recollida por Laureano Prieto demostra a liberdade dos narradores tradicionais para construír contos combinando diferentes motivos simbólicos. Nesta versión hai un príncipe lagarto que quere casar, pero falta o motivo da nai que ama o seu fillo aínda que sexa lagarto. Polo contrario, utilízanse outros motivos, que analizaremos brevemente.

Na versión de Viana, o lagarto, do que non coñecemos os pais, pídelle a un cazador unha das súas fillas a cambio de convertelo nun home rico. O cazador acepta, pero as súas fillas maiores non están dispostas a casar co monstro. A pequena teme o que lle poida suceder co lagarto, pero consente en ir con el porque en calquera caso lle quedará "o consolo de que os meus pais quedan ricos para sempre" (PRIETO 92).

O lagarto ordénalle á moza que durante un ano sirva de criada nunha casa que el lle indica e dálle unha cuncha máxica que fará realidade canto lle pida. No camiño a moza atopa catro cazadores que se meten con ela e aos que logra escorrentar coa axuda da cuncha. Logo pediu pousada na casa dun matrimonio cuxa filla choraba sen consolo. A protagonista, coa axuda da cuncha, conseguiu que a meniña calase e durmise tranquila. Ao día seguinte continuou o seu camiño até atopar a casa que lle indicara o lagarto. Era unha panadaría. No forno había tres estudantes que trataron de conquistala. De novo coa axuda da cuncha logra desfacerse do acoso. E tamén coa axuda da cuncha converteuse na mellor vendedora de pan no mercado. Ao cabo dun ano volveu á fraga onde quedara o lagarto, que se converteu un fermoso mozo e casou con ela.

Este conto incorpora motivos cos que se indican as calidades que se lle piden a unha candidata a esposa. Entre as probas a superar destaca unha dobre proba de fidelidade. Ten que cortar os intentos de sedución dos estudantes e dos cazadores. Nos contos marabillosos, como nos romances, os mozos cazadores representan sempre mozos en busca de relacións amorosas. Por exemplo, nunha versión antiga de "Conde Claros en hábito de frade", na que o protagonista «caza» a filla do rei:

> -Bien sabedes, señora, que soy cazador real;
> caza que tengo en la mano nunca la puedo dejar.
> Tomárala por la mano, para un vergel se van;
> a la sombra de un aciprés, debajo de un rosal,
> de la cintura arriba tan dulces besos se dan,
> de la cintura abajo como hombre y mujer se han (Romancero del siglo XV , 281).

En "Xerineldo" o rei atopa o paxe cando este sae de durmir coa princesa:

> -D'onde vens, oh Reginaldo? -Venho da caça perdido;
> só achei uma garça dentro d'aquelle castillo.
> -Essa garça, Gerineldo, foi creada no meu trigo;
> ama-a tu como mulher, e ela a ti como marido (BRAGA I, 185; véxase 180, 374, 412).

A segunda proba para candidata a esposa consiste en coidar e calmar unha meniña que chora. Debe demostrar, pois, as virtudes maternais que se lle esixen a unha boa nai. E demostra ser unha excelente ama de casa porque coce moito e moi bo pan e amáñase mellor ca ninguén para vendelo. Todo iso servindo de criada un certo tempo, ou sexa, sendo esposa en casa allea, na casa do marido.

A versión portuguesa do conto do lagarto recollida por Ataide Oliveira céntrase en explicar como deben ser as relacións entre os esposos e os seus parentes tanto consanguíneos como por alianza.

Di o conto que un leñador moi pobre tiña tres fillas. Un día viu no monte un lagarto que lle regalou unha fortuna a cambio do primeiro que atopase ao regresar á casa. E atopou a súa filla máis nova, que aceptou ir vivir co lagarto. Resulta que o lagarto vivía nun espléndido palacio.

Pouco tempo despois un paxariño avisou a moza de que ía casar unha das súas irmás. Sentiu pena por non asistir á voda. Entón o lagarto entregoulle o seu anel, que a transportaría até a casa paterna para acompañar a súa irmá no día do casamento. Mais advertiulle que ao día seguinte da voda, sen falta, volvese para a casa.

Pasado un tempo de novo chega o paxariño para avisala do casamento da outra irmá e todo sucede da mesma forma. A terceira visita do paxariño foi para comunicarlle que morrera o pai. O lagarto actuou coma as veces anteriores e insistiu: "Podes ir, mas volta logo. Bem sabes que não voltando me redobras o encanto" (OLIVEIRA 655). Esta vez a rapariga atrasouse no regreso e cando volveu non encontrou o lagarto. Aflixida, buscouno chorando. O lagarto estaba enfermo. Díxolle que lle dobrara o encanto e que agora para volver velo debía pasar grandes traballos. Andou polo mundo até entrar de criada no palacio dun rei, onde deu a luz un meniño idéntico ao príncipe. O príncipe quixo ver o neno e recoñeceu na criada a súa esposa, pois el era o lagarto, que recobrara por fin a súa natureza humana.

Nesta versión dísenos de novo que a esposa nova vive na casa dos seus sogros como unha criada. E dísenos tamén como debe ser a súa relación coa casa paterna. Debe ser equilibrada. O esposo preferiría que a súa muller cortase toda relación coa familia paterna. Sentiríase máis seguro. Pero recoñece que a esposa necesita manter contacto coa súa familia, sobre todo nos momentos máis importantes, como son o casamento das irmás e a morte do pai. O perigo está en que a esposa –que é unha simple criada na casa dos sogros– sinta demasiada nostalxia da casa paterna. Se iso sucede, a relación co esposo pode deteriorarse. Logo, para solucionar o distanciamento, terá que esforzarse, terá que sufrir. Na recuperación do marido xogará un papel decisivo –como xa vimos antes– o fillo que teñen en común.

En xeral os contos ensinan aos esposos a manter unhas equilibradas relacións cos parentes de sangue. E mostran os perigos tanto de rompelas definitivamente como de seguir demasiado apegados a elas. A solución ideal que propoñen é o equilibrio de forzas entre as relacións consanguíneas e as relacións por alianza.

Non cabe se non agradecerlle a Xaquín Lorenzo o esforzo na recollida da nosa literatura oral, que hoxe constitúe unha parte valiosa do noso patrimonio cultural e unha fonte de sabedoría sobre a vida.

BIBLIOGRAFÍA

AARNE, A. e THOMPSON, S.: 1995 *Los tipos del cuento folklórico*, Helsinki, Academia Scientiarum Fennica, 359 pp.
BASILE, Giambattista: 1995 *El cuento de los cuentos*, Madrid, Siruela, 2 vols.
BRAGA, Teófilo: 1982 *Romanceiro geral português*, Lisboa, Vega
CALVINO, Italo: 1993 *Cuentos populares italianos*, Madrid, Siruela, 940 pp.
CAMARENA, Julio y CHEVALIER, Maxime: 1995 *Catálogo tipológico del cuento folklórico español*, Madrid, Gredos, 794 pp.
COELHO, Adolfo: 1985 *Contos populares portugueses*, Lisboa, Dom Quixote, 290 pp.
CURIEL MERCHÁN, Marciano: 1987 *Cuentos extremeños*, Editora Regional de Extremadura, 536 pp.
DIEDERICHS, Ulf: 1995 *El palacio de los cuentos*, Barcelona, Círculo de Lectores, 12 vols.
ESPINOSA, Aurelio M.: 1993 *Cuentos populares de España*, Madrid, Espasa, 250 pp
ESPINOSA, Aurelio M. (Hijo): 1987 *Cuentos populares de Castilla y León*, Madrid, CSIC, 2 vols.
GRIMM, Jacob y Wilhelm: 1981 *Cuentos*, Madrid, Alianza, 286 pp.
LORENZO, X. e LÓPEZ CUEVILLAS, F.: 1930 *Vila de Calvos de Randín*, Santiago, Seminario de Estudos Galegos.
LORENZO, X., LÓPEZ CUEVILLAS, F. e outros: 1936 *Parroquia de Velle*, Santiago, Seminario de Estudos Galegos.
MARIÑO FERRO, X. R.: 1996 *El simbolismo animal*, Madrid, Ediciones Encuentro, 487 pp.
1996 *Contos marabillosos*, Vigo, Edicións do Cumio, 125 pp.
1997 "Brancaflor en Galicia e Portugal", *Actas del III Congreso de Historia de la Antropología y Antropología Aplicada*, C. Superior de Inv. Científicas, Tomo I, pág. 407-430
2004 *Cuentos maravillosos*, Barcelona, Ronsel, 378 pp.
MARIÑO FERRO, X. R. e BERNÁRDEZ, Carlos L.: 2002 *Romanceiro en lingua galega*, Vigo, Xerais, 415 pp.
OLIVEIRA, Carlos y FERREIRA, José Gomes: s/f *Contos tradicionais portugueses*, Lisboa, Iniciativas Editoriais, 4 vols.
PEDROSO, Consiglieri: 1984 *Contos populares portugueses*, Lisboa, Vega, 368 pp.
PRIETO, Laureano: 1958 *Contos vianeses*, Vigo, Galaxia, 205 pp.
RODRÍGUEZ ALMODÓVAR, Antonio: 1986 *Cuentos maravillosos*, Sevilla, Editoriales Andaluzas Unidas, 214 pp.
1992 *Cuentos al amor de la lumbre*, Madrid, Anaya, 319 pp.
ROMANCERO DEL SIGLO XV: 1972 *Romancero del siglo XV*. Genève. Círculo de Amigos de la Historia. 297 páxs.
WILDE, Lady y otros: 1994 *Cuentos populares irlandeses*, Madrid, Siruela, 288 pp.

"MENOS MAL QUE NOS QUEDA PORTUGAL"

Teresa Soeiro

Neste ano de 2004, em que a Real Academia Galega dedicou o Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo Fernández, multiplicam-se as publicações biobibliográficas que lhe são dedicadas, todas elas com referências às suas ligações a instituições e investigadores do Norte de Portugal, com quem partilhou trabalho, lutas, sonhos e companheirismo. Relação longa, começada no dealbar da década de trinta do século vinte, irá sobreviver a diferentes tempos políticos e culturais, ancorada em firmes convicções e amizades. Não foi, certamente, um caminho original.

Desde a segunda metade de oitocentos que os eruditos galegos olhavam para o país vizinho como um amparo à sua luta regionalista ou independentista. Portugal era o exemplo e a prova real de que tal via fora possível no passado, constituindo-se numa identidade duradoura, desejo para o qual também eles agora despertavam. Em momento avançado deste ambiente, em que política e cultura andavam francamente a par, enquadramos a primeira etapa da relação de Xaquín Lorenzo com Portugal, trazido pela mão de conhecidos galeguistas das gerações precedentes.

Em 36 a guerra interromperá brutalmente estas relações, mas não as quebrou, e veremos pouco depois o investigador de etnografia e arqueologia que Xaquin Lorenzo foi mandar trabalhos, tantas vezes escritos em galego, para revistas científicas, participar em reuniões, fazer visitas de estudo, ser aceite como sócio de diferentes agremiações destas áreas do saber, trocar correspondência e publicações com colegas portugueses.

A liberdade reconquistada em Portugal em 74, e toda a movimentação que a preparou na segunda metade da década de sessenta, tornou-se numa nova esperança para os que pugnavam pela pátria galega, independente ou no quadro de uma Espanha de nações. Mais uma vez os olhares se voltavam animosos para o Sul do Minho, à procura de legitimação e sentido, recuperando muito do imaginário anterior à guerra civil. E a liberdade não tardou a chegar também para a Galiza. Então, Xaquín Lorenzo terá obrigações redobradas com a sua terra, tarefas ingentes que o absorverão. Em Portugal muitos dos seus velhos amigos haviam já desaparecido, os novos investigadores, com raras excepções, conheciam-no mal, e os contactos parecem ter-se progressivamente deslaçado, excepto com o seu sempre parceiro Santos Júnior, com quem trocará visitas e manterá correspondência até ao final. Certo é, não levando em conta o anacronismo, que toda a sua vida poderia ter dito com verdade: «menos mal que nos queda Portugal».

O ENCONTRO COM PORTUGAL NO CONTEXTO DO GALEGUISMO

Será no último quartel do século XIX que a intelectualidade galega olhará para Portugal com esperança de encontrar fundamento e apoio para a sua causa, pelo menos no âmbito cultural, já que o reintegracionismo político apenas pairou como uma figura mais ou menos de retórica propagandística. O *perigo português* nunca parece ter existido de facto e o interesse carecia de reciprocidade. O que em Portugal se podia equacionar era uma federação ibérica e não uma relação particular apenas com a Galiza, até porque o foco desta polémica morava a Sul, na capital, para quem *os galegos* eram sobretudo um tópico, as figuras de baixa extracção essenciais ao quotidiano mas grotescas, caricaturadas por Rafael Bordalo Pinheiro.

Nem o facto da discussão partir de um dos grandes políticos do tempo, vulto pioneiro da Etnografia Portuguesa, Teófilo Braga, ajudará a consolidar uma relação efectiva entre os intelectuais portugueses e os galegos. Também Oliveira Martins e um ainda muito jovem Leite de Vasconcelos terçarão armas na imprensa pelo ressurgimento da língua galega, erudita, reafirmando a fundamental identidade étnica, linguística e histórica dos dois povos *«desde o Finisterre pelo menos até ao Mondego»* (TORRES FEIJÓ 1999).

Mas se olharmos mais de perto o muito e bom trabalho de arqueologia e etnografia que nas décadas da viragem de século se fazia no Norte de Portugal, e particularmente a proliferação de instituições e revistas que o divulgavam de forma continuada, reconheceremos que a Galiza está grandemente ausente das preocupações dos autores e das suas relações de trabalho. Quer percorramos as portuenses *Revista de Sciencias Naturaes e Sociaes* (1889-1897) e a sua continuadora *Portugália* (1899-1908), quer nos voltemos para a vimaranense *Revista de Guimarães* (1884-) ou para a mais tardia e fronteiriça *Lusa* (1917-1924), não se encontram colaborações de investigadores do Norte do Minho.

Aquela relação desigual, mais desejada e bem acolhida na Galiza do que pensada e assumida em Portugal, entrará em nova fase no final da primeira grande guerra e início dos anos vinte, época muito sensível aos pequenos nacionalismos, marcando agora presença figuras destacadas como Leonardo Coimbra ou Teixeira de Pascoais e, em geral, os homens da *Renascença Portuguesa*. Ainda que ideologicamente confusa, esta adesão à causa galeguista podia mais facilmente ser sentida, uma vez que se tratava sobretudo de homens do Norte, com sentido de periferia e maior proximidade à Galiza (MEDEIROS 2003; 325-328).

No campo mais restrito que nos interessa de perto, o do conhecimento e da colaboração entre investigadores galegos e do Norte de Portugal que enquadrem a entrada em cena de Xaquín Lorenzo, devemos reconhecer que o papel cimeiro coube a Rui de Serpa Pinto (1907-1933). O despontar da sua actividade injectará, no final da década de vinte, novo alento e pragmatismo a esta velha relação onírica. A Sociedade Portuguesa de

Antropologia e Etnologia, onde pontificava a figura tutelar de Mendes Corrêa (1888-1960), será o seu vínculo institucional.

Este professor dedicara-se ao ensino da antropologia, no Porto, desde que esta entrara no currículo universitário com a reforma republicana de 1911, reunindo um círculo de estudiosos que, em 1918, esteve na origem da criação da referida Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia. O primeiro número da revista desta associação, sob o título *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, será publicado em 1919 e espelha bem as principais linhas de investigação incentivadas por Mendes Corrêa, muito orientadas para a antropologia física e colonial. Nos números seguintes começam a surgir estudos dedicados à etnografia e à arqueologia do território metropolitano, alguns deles ainda pela pena de homens da antropologia física e da medicina como o próprio Mendes Corrêa, o professor de anatomia Joaquim A. Pires de Lima (1877-1951) ou Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior (1901-1990). Na lista de membros da Sociedade publicada no número de 1926, estas duas secções aparecerão já em destaque, a primeira liderada por Virgílio Corrêa e Cláudio Basto, a segunda por Joaquim Fontes e José de Pinho, personalidades bem conhecidas nos respectivos meios. De relevo é também a panóplia de sócios honorários e sócios correspondentes, demonstrativa das relações internacionais deste grupo de fundadores. Estão significativamente ausentes investigadores da Galiza.

O interesse pela arqueologia e etnografia galega será introduzido por Rui de Serpa Pinto, que na mais prístina colaboração para esta revista (v.3 1926-1928), composta entre outras notícias por diversas recensões bibliográficas, dedica uma atenção especial às temáticas específicas do Noroeste. A partir deste momento, Serpa Pinto tornar-se-á num fortíssimo elo de ligação entre estas comunidades científicas, que nem a sua prematura morte quebrará.

Logo no volume seguinte da revista Lopez Cuevillas publicará um artigo (LOPEZ A.-CUEVILLAS 1930), no qual refere uma passagem, em visita breve, pelos museus da Sociedade Martins Sarmento e da Faculdade de Ciências do Porto, no âmbito desta colaboração. Também para Guimarães enviará um artigo, em colaboração com Bouza Brey, intitulado «*Paralelos galegos a unha prática popular transmontana*» (BOUZA BREY; LOPEZ CUEVILLAS 1928), a pedido do seu novo amigo Alberto Vieira Braga (1892-1965). No prólogo deste texto os autores sublinham a inata identidade da Galiza e Norte de Portugal, pois «*non podía soceder de outro modo cando o mesmo ethnos serve de base a dous paises que a prehistoria común acredita e o común sentimento avencella*». As características comuns estavam apenas separadas pela «*barreira fronteiriza que os homes ergueron*», sendo sua intenção contribuir no futuro com outros trabalhos para estreitar as relações culturais entre a *Galiza renascente* e a *saudosa Lusitania*.

Em simultâneo, Santos Júnior irá inserir no mesmo número dos *Trabalhos* o artigo «*Afinidades galaico-portuguesas de folclore*» (SANTOS JÚNIOR 1929), glosando um

escrito de Fermín Bouza Brey e Luis Brey Bouza. Respondia assim com simpatia à referência no trabalho de Bouza Brey e Cuevillas que mencionava uma investigação sua em Trás-os-Montes (SANTOS JÚNIOR 1928). Estavam a descobrir-se de parte a parte os traços de união, e os investigadores deixavam perpassar para os textos um certo fascínio pelo mútuo reconhecimento, a concretizar em desejados planos para um comum e prometedor futuro.

Coube ainda ao jovem Rui de Serpa Pinto, uma vintena de anos mais novo do que o consagrado Cuevillas, a honra de partilhar com este a construção de dois importantes trabalhos de síntese sobre a Idade do Ferro, ambos publicados na revista do Seminário de Estudos Galegos (LOPEZ CUEVILLAS; PINTO 1933 a e b), no ano em que falecia.

Malgrado esta perda, a relação entretecida estava destinada a prosperar, chegando agora ao Porto a colaboração de mais um jovem do *Seminário*, Xaquín Lorenzo, como Serpa Pinto nascido em 1907. Aliás, no mesmo fascículo da revista, de 1933, em que Mendes Corrêa inseria a nota necrológica deste, surgia nova recensão crítica ao trabalho daquele, neste caso o artigo «*Embarcacións (notas pra un cuestionario de etnografia)*», pela mão de Santos Júnior, que em 1931 inserira na *revista bibliográfica* dos *Trabalhos* uma nota sobre o livro «*Vila de Calvos de Randin*» e no ano seguinte elogiara o artigo «*A mulher no cancioneiro galego*». Notemos que desde o ano de 1932 fora também ele, Santos Júnior, aceite como sócio do *Seminário*.

«*O tardo (notas de mitoloxia popular galega)*» virá a ser o primeiro trabalho de Xaquin Lorenzo publicado em Portugal, a abrir o 4º fascículo do 6º volume dos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, do ano de 1934.

Neste ano uma reunião científica, muito abrangente, pois englobaria investigadores de toda a Ibéria, teve lugar em Santiago de Compostela, organizada pela Associacion Española para el Progreso de las Ciencias. Incluiu, evidentemente, uma visita dos congressistas às instalações do *Seminario* (SANTOS JÚNIOR 1934) e a outras instituições culturais galegas, que Santos Júnior se encarrega de relatar. Aliás, num dos seus discursos de acolhimento à futura Semana da Galiza, este investigador terá ocasião de recordar que a ideia surgira sete anos antes, aquando de uma visita de Mendes Corrêa à Galiza, mas apenas renascera e se firmara durante este encontro da Associacion Española para el Progreso de las Ciencias, em conversa pessoal com Filgueira Valverde.

De facto, incomparavelmente mais importante e expressiva das relações do Norte de Portugal com a Galiza viria a ser a Semana Cultural Galega no Porto, que decorreu entre 31 de Março e 6 de Abril de 1935, organizada pelo *Seminário* e por um grupo de portugueses que se organizam em comissão ao redor das figuras de Mendes Corrêa e Joaquim Pires de Lima, respectivamente director da Faculdade de Ciências e catedrático destacado da Faculdade de Medicina da Universidade do Porto, ambos membros da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia.

A iniciativa teve ainda, para além do mais empenhado apoio da Reitoria da Universidade do Porto, e especialmente das Faculdades de Ciências, Medicina e Engenharia, o patrocínio das autarquias do Porto, Vila Nova de Gaia, Feira e Guimarães, a colaboração de vários museus e outras instituições culturais, da Casa de Espanha no Porto, algum empenhamento por parte dos governos dos dois países e contou com a significativa presença de figuras marcantes da precedente relação com a Galiza, como Leonardo Coimbra . À comissão organizadora presidia Mendes Corrêa e era secretariada por Santos Júnior.

A sessão solene inaugural teve lugar na Faculdade de Engenharia, presidida por José Pereira Salgado, reitor da Universidade do Porto, em parceria com Luiz Iglesias e Iglesias, vice-reitor da Universidade de Santiago de Compostela, também em nome do Instituto de Altos Estudos Galegos. Para além das saudações e discursos políticos, Santos Júnior dissertaria largamente sobre a meritória actividade do *Seminário de Estudos Galegos*. Com uma deslocação ao cemitério de Agramonte foi lembrado Rui de Serpa Pinto, cujo elogio coube a Fernandez del Riego, e também Alexandro Rodriguez Cardarso, falecido no decorrer da organização.

Esta Semana trouxe ao Porto artistas plásticos, literatos, cientistas e estudiosos de diferentes áreas do saber, como a geologia, a medicina, as ciências naturais, os estudos literários, a arqueologia, a etnografia, etc, que pronunciaram as suas conferências nas faculdades mais adequadas às temáticas desenvolvidas e em agremiações culturais. De entre estes destacamos, por maior afinidade com os campos que nos interessam aqui, Isidro Parga Pondal, que pronunciou uma conferência intitulada *Los granitos de Galicia* e Primitivo Hernandez Sampelayo, sobre *La geologia de Galicia*. Xesus Carro Garcia falaria sobre *A catedral de Santiago de Compostela e os ultimos descobrimentos*, Castelao acerca d' *As cruces de pedra en Galicia*, Frederico Maciñeira, deu notícia sobre as estações pré-históricas de Ortegal, Vicente Risco, sob o título *Hipóteses e problemas do folklore galego e português* e Xaquín Lorenzo Fernandez que apresentou o trabalho *A arte popular nos xugos da Galiza*, logo publicado no volume 7, fascículo 4 (p. 209-230) da revista *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, deste ano de 1935, dedicando-o «*ao meu mestre J. R. dos Santos Júnior*». Para Filgueira Valverde ficou reservada a dissertação *A lírica galega no século XIX*, área em que seria acompanhado por Aquilo Iglesias Alvariño que falou em geral sobre *Revelación de Galicia na sua literatura*. Otero Pedrayo abrira esta presença galega no Porto dissertando de forma eloquente e emotiva sobre *Terra e alma de Galicia*.

Durante a estadia no Porto reuniu na Faculdade de Ciências a Assembleia Geral do *Seminário*, presidida por Luiz Iglesias. Nela foi lançada a ideia de levar à Galiza uma *Semana de Portugal*. Esta iniciativa seria corroborada por uma outra, então anunciada por Mendes Corrêa e Joaquim Pires de Lima, a de criar na cidade um Centro ou Instituto de Estudos Galegos, para o qual disseram já contar com o suporte do Senado da Universi-

dade do Porto e da Junta de Educação Nacional. Pires de Lima e Pedro Vitorino foram, nesta ocasião, eleitos membros do *Seminário*.

A 5 de Abril teria lugar, no Instituto de Antropologia da mesma Faculdade de Ciências, a reunião da Secção de Etnografia do *Seminário de Estudos Galegos*, sob a presidência de Vicente Risco «*tendo sido discutidos e aprovados planos de estudos a realizar*» em conjunto, pressupõe-se (SANTOS JÚNIOR 1935).

No dia seguinte, por acção de Mário Cardoso, os congressistas visitarão Guimarães, com sessões na Câmara, no Museu Alberto Sampaio e na Sociedade Martins Sarmento, e uma deslocação à Citânia de Briteiros e ao monumento a Martins Sarmento (CARVALHO1935).

Amplamente noticiada pela imprensa, particularmente a sediada no Porto, esta Semana Cultural mereceu, por exemplo, todos os dias, lugar na primeira página do diário portuense de maior circulação nacional, *O Primeiro de Janeiro*.

No ano seguinte, seria a vez do Norte de Portugal se apresentar em Santiago, mas a guerra não o permitiu, e esta pioneira e brilhante iniciativa permanece há sete décadas por retribuir.

DÉCADAS DE PROFÍCUA COLABORAÇÃO NO PÓS-GUERRA

A segunda etapa da relação de Xaquín Lorenzo com Portugal podemos considerar que abre com a publicação de um artigo na *Revista de Guimarães* de 1938, (v. 48), em coautoria com Cuevillas, intitulado «*Sôbre arqueologia do território dos Querquernos*». Não sabemos se fora escrito antes de partir para a guerra ou quando, regressado, convalescia do grave ferimento sofrido. Fazemos notar que o trabalho foi publicado em português, sem qualquer nota sobre o autor ou os motivos da tradução. Talvez o original estivesse em galego, língua a evitar forçosamente pelo editor nestes anos conturbados e de forte censura.

Ainda em plena segunda guerra mundial, na qual a posição portuguesa oficial foi de neutralidade, o país celebra com pompa e circunstância o duplo centenário da independência. A esse contexto pertence o Congresso do Mundo Português e também o Congresso Nacional de Ciências da População. Os trabalhos da secção de pré e protohistória do primeiro e o segundo tiveram lugar no Porto e a ambos acorreram muitos estrangeiros, bem como vários investigadores galegos, e entre estes Xaquín Lorenzo, que trouxe duas comunicações: ao primeiro a dedicada a «*El símbolo solar en el NW de la Península*», ao segundo um trabalho sobre as «*Lápides sepulcrales gallegas de arte popular*». Afinal uma participação nada surpreendente, se notarmos que o presidente destes congressos era novamente Mendes Corrêa, agora também presidente da Câmara Municipal do Porto, e nele estiveram muitos dos estudiosos que víramos na Semana de 35, incluindo, evidentemente, Santos Júnior (SANTOS JÚNIOR1941a e b).

Outra presença que nos interessa destacar pela sua relação com a obra de Xaquín Lorenzo é a de Fritz Krüger. No 1-2º fascículo do 9º volume dos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, do ano de 1939, Santos Júnior fizera já a recensão ao interessante estudo publicado pelo autor na Alemanha, sobre o travão dos carros de bois na Galiza, ao que parece sem se dar conta que a metodologia etnolinguística que o enformava teria forte ressonância nos estudos de romanistas, inclusive em Portugal.

Ao longo da década de quarenta, em que Xaquín Lorenzo não publica em Portugal, irão começar a definir-se com maior clareza, na etnografia portuguesa, correntes ou orientações metodológicas e práticas de trabalho discordantes, perante as quais precisamos de situar o autor.

No Porto, pouco mudara na Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia, mas surgira entretanto o Museu de Etnografia e História, com base nos materiais reunidos para a Exposição de Etnografia Provincial que estivera patente durante os congressos dos centenários. Este novo museu tinha à frente Pedro Vitorino (falecido antes da inauguração), Augusto César Pires de Lima, Armando de Mattos, Bertino Daciano Guimarães, Abílio Miranda e António Santos Graça, muitos deles, se não todos, bem entrosados nas iniciativas de colaboração com a Galiza que antes mencionamos. Na revista *Douro Litoral* (1940-1959) reúnem-se trabalhos de nomes conhecidos deste meio estudioso nortenho. Fermín Bouza Brey, Leandro e Lois Carré Alvarelhos, Jesus Taboada, entre outros, asseguram a presença assídua de temas galegos, mas não há qualquer artigo de Xaquín Lorenzo.

Mas neste ambiente de uma etnografia do regime que grassava por todo o país, fortemente tradicionalista e com pouca preparação académica específica, despontava um caminho novo, pela mão do recém regressado Jorge Dias (1907-1973). Formado em filologia germânica pela Universidade de Coimbra, fora leitor na Alemanha entre 1938 e 1944, tendo entretanto feito o doutoramento em Munique, com a monografia *Vilarinho da Furna, uma aldeia comunitária*. Passara depois ao leitorado em Santiago de Compostela (1944-1946) e Madrid(1946-1947). Ele viria a ser a figura de proa da etnologia portuguesa durante mais de duas décadas.

Precisamos agora de recuar a 1945 para dar notícia da criação do Centro de Estudos de Etnologia Peninsular, instituído em 1945 por decisão do Instituto de Alta Cultura e sediado na Universidade do Porto. Tinha por objectivo-base o estudo do homem peninsular no seu todo e fora mais uma iniciativa impulsionada pela incontornável figura da antropologia portuense, Mendes Corrêa, fazendo valer o seu prestígio académico e político e as suas extensas relações internacionais. A direcção do novo Centro foi-lhe entregue, e para ele esboçou um programa com três linhas fundamentais de investigação, a antropologia física, a evolução cultural desde a pré-história e a etnografia, folclore e psicologia étnica dos povos, portanto com um cariz próximo do das actividades da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia. A maior diferença em relação ao Centro

ou Instituto proposto em 1935, imediatamente antes da guerra, seria o facto de agora se procurar a colaboração com Espanha, de olhos postos na capital, e não com a Galiza.

O correspondente Centro Espanhol apenas surgiria em 1947, ao que parece para cumprir a formalidade. Ernesto Veiga de Oliveira fará a propósito, em 1968, a seguinte reflexão: «*Deve-se notar que este propósito de cooperação luso-espanhola na investigação «etnologica» que esteve presente sobretudo no espírito do Professor Amândio Tavares* [reitor da Universidade do Porto] *ao lançar a ideia da criação do Centro, nunca chegou a ter realização efectiva, devido sobretudo ao desinteresse dos espanhóis, que se mantiveram sempre alheios a tal cooperação*». Propunha mais que a designação Centro de Estudos de Etnologia Peninsular deveria, por uma questão de verdade, ser modificado para *de Etnologia Europeia* (OLIVEIRA 1968, 10).

Neste mesmo ano de 1947, Mendes Corrêa (deputado da Assembleia Nacional desde 1943 e, portanto, ausente em Lisboa) convida Jorge Dias, então o único português detentor de um título académico em etnologia, e já com publicações nesta área, para se encarregar do Centro, que funcionava nas mesmas instalações da Sociedade. O programa apresentado por este novo responsável nada tinha a ver com a pobreza do anterior, deixando para outros a antropologia física e arqueologia, para se centrar na etnografia do espaço metropolitano, com horizonte internacional (LUPI1984). A equipa então formada, que no seu cerne trabalhará junta durante décadas, potenciou uma produção em quantidade e qualidade, com coerência teórica (do difusionismo inicial ao culturanismo, sempre com pendor historicista) e método, que logo se fará presente nas revistas já referidas, os *Trabalhos da Sociedade* e o *Douro Litoral*. Também a externalização deste trabalho conheceu um sucesso só comparável ao dos autores finisseculares, desfrutando Jorge Dias de um grande prestígio por toda a Europa, o que o levará a integrar por convite a direcção de diversas instituições internacionais.

A partir de 1952 lecciona na Universidade de Coimbra, até 1956, de onde passa para o Instituto Superior de Estudos Ultramarinos, em Lisboa. Começa agora uma nova vertente da sua investigação, mais voltada para o espaço *colonial*, em que os movimentos de libertação e a possibilidade da guerra afloravam. O Centro de Estudos de Etnologia Peninsular será transferido definitiva e formalmente para Lisboa em 1963, deixando no Norte de Portugal um vazio qualitativo, mal preenchido por um persistente regionalismo serôdio.

Sabemos, por referências cruzadas de Santos Júnior e por dedicatórias inscritas em livros, que estes homens do Centro de Estudos de Etnologia Peninsular conheciam bem Xaquín Lorenzo. Nem de outra forma poderia ter sucedido dado frequentarem as mesmas instituições e reuniões, terem os mesmos conhecidos e interesses científicos afins, circulando num meio intelectual limitado como era o do Porto ou do Norte de Portugal. Mas na obra daquele não pressentimos qualquer mudança estimulada por esta nova postura perante a Etnografia.

Um outro campo que para Xaquín Lorenzo parece totalmente desconhecido, malgrado a proximidade de princípio a alguns dos seus trabalhos, é o dos estudos de linguística portuguesa levados a cabo a partir das Universidades de Coimbra e de Lisboa. Na primeira sobressaía a figura de Manuel Paiva Boléo (1904-1992), aluno de Fritz Krüger em Hamburgo, que a partir de 1940 irá desenvolver um intenso trabalho de investigação linguística segundo a metodologia *Coisas e Palavras*. O seu *Inquérito Linguístico*, que foi enviado por correspondência (1942) e que também centenas de alunos da cadeira de Linguística Portuguesa preencheram, deu origem a um vastíssimo manancial que, em última análise, deveria apoiar a construção do *Atlas Linguístico de Portugal*. A *Revista Portuguesa de Filologia* e as muitas teses de licenciatura apresentadas com o mesmo método aplicado aos mais variados temas dão-nos uma mostra deste labor. Em destaque, como paradigmático, deve ser tido o trabalho de doutoramento de Herculano de Carvalho *Coisas e palavras. Alguns problemas etnográficos e linguísticos relacionados com os primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica*, separata da revista *Biblos*, volume 19, publicada em Coimbra, em 1953.

Mas também em Lisboa, na esteira de Leite de Vasconcelos, se trabalhava a linguística portuguesa, sendo objectivo enunciado no primeiro volume da *Revista de Filologia*, de 1932, a elaboração do *Atlas Linguístico de Portugal e Ilhas*, a que virá a estar associado o então jovem investigador Lindley Cintra (1925-1991). Num momento de harmonia e cooperação entre estes dois centros, os três autores mencionados, Manuel Paiva Boléo, José G. Herculano de Carvalho e Luís F. Lindley Cintra, apresentam ao III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, realizado em Lisboa em 1957, uma comunicação intitulada *Projecto de um atlas linguístico-etnográfico de Portugal e da Galiza*, que ficou por concretizar.

Enquanto a ciência académica avançava integrada nos movimentos europeus, a outra etnografia, com pendor regionalista, na linha do que se vinha fazendo há algumas décadas, continuava o seu percurso, sempre mais do mesmo, produzindo uma substancial acumulação de informação publicada e de materiais que encheram os museus locais, as Casas do Povo, as sedes de associações culturais e ranchos folclóricos, etc. Apesar da cultura material ser a área temática mais trabalhada por Xaquín Lorenzo e também a mais desenvolvida pelo grupo de Jorge Dias, aquele continuou preferencialmente vinculado à etnografia que vinha de trás, certamente pelas ligações pessoais a velhas amizades.

Entre a presença no Porto para os colóquios de 1940 e a participação em 1956 no Congresso de Etnografia e Folclore, de Braga, apenas enviará para Portugal artigos de arqueologia, três dos quais dados à estampa na *Revista de Guimarães*. Em seguida chegará um outro artigo de arqueologia a publicar na *Arqueologia e História*, edição da Associação dos Arqueólogos Portugueses, de Lisboa, instituição da qual foi sócio correspondente.

Depois daquele longo hiato em colaborações de temática etnográfica, vemos Xaquín Lorenzo regressar a uma mais assídua presença, retomada, como dissemos, pela apresen-

tação de uma comunicação ao Congresso de Etnografia e Folclore, de 1956, dedicada ao tema «O mazo, a trompa e a moa», inserta no segundo tomo das *Actas*, editadas em Lisboa, apenas em 1963. A circunstância que rodeou esta colaboração não é nada estranha ao autor, já que o presidente da comissão científica da reunião é o sempre presente Mendes Corrêa, em parceria com Ramón Otero Pedrayo, vice-presidente. Um dos secretários será Fernando Castro Pires de Lima, muito ligado ao meio etno-museológico portuense. Além de Xaquín Lorenzo vêm até Braga outros investigadores galegos, como Vicente Risco, Fermín Bouza Brey, José Maria Alvarez Blazquez, Fernandez del Riego, António Fraguas, Lois Carré Alvarellos, Leandro Carré Alvarellos e Jesus Taboada.

Dois anos depois terá lugar o Colóquio de Estudos Etnográficos «Dr José Leite de Vasconcelos», organizado no Porto. A este o autor apresenta a comunicação intitulada «*O pastoreio na serra do Leboreiro*», publicada no v.1, Porto 1959, p. 245-249. Se atentarmos na longa lista de participantes do evento, verifica-se novamente uma muito forte presença de investigadores de toda a Espanha, incluindo vários nomes de topo na Galiza, como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Fermin Bouza Brey ou Fernandez del Riego que traziam consigo um longo passado de colaboração com os organizadores, a Junta de Província do Douro Litoral, nas pessoas de Augusto César Pires de Lima e Fernando Castro Pires de Lima, o primeiro dos quais era, recordemos, director do Museu de Etnografia e História e responsável pela revista *Douro Litoral*.

A correspondência com Santos Júnior volta também, desde meados da década de cinquenta a ser fluida, tratando-o por *meu benquerido amigo e mestre*, agradecendo-lhe o cuidado em remeter selos para a sua colecção, e chegou a ser sócio do Clube Filatélico de Portugal. É neste período dos anos cinquenta, início de sessenta que se relaciona mais frequentemente com Jorge Dias, que em 56 lhe oferece um trabalho dedicando-o *ao compadre* do Seminário de Estudos Galegos, lembrando tempos distantes e a sua admiração. Também Ernesto Veiga de Oliveira o visita, lhe pede esclarecimentos sobre assuntos de etnografia, envia trabalhos dedicados e faz a tradução do artigo «O varapau», publicado no jornal *O Comércio do Porto*, de 10 de Março de 1959.

Para a homenagem a Mendes Corrêa, ainda em 1959, chega ao Porto o artigo «Muiños de maré», publicado no volume 17 dos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia* (p. 249-255). No tomo seguinte da revista é Fernando Galhano quem assina a recensão crítica ao artigo «Enredos». Em 1961 sabemos que realizou uma visita de estudo em companhia de Santos Júnior e Mário Cardozo, em Abril de 1964 passa *uns fermozos dias* em companhia de Santos Júnior e em Agosto também, agora incluindo Xesus Taboada. E assim se entretecia a malha destas amizades, que estiveram de novo juntas no Congresso Internacional de Etnografia, promovido em 1963 pela Câmara Municipal de Santo Tirso. Mais internacionalizado do que os precedentes, este congresso acolheu muitos dos que neles já tinham marcado presença, nomeadamente vindos do Norte do Minho. Presidia Fernando Castro Pires de Lima, já director do Museu de Etno-

grafia e História do Porto. A comunicação escolhida por Xaquín Lorenzo chamou-se «As casas dos mortos», e figura no volume 2, de 1965, a p. 141-145.

Deste ano de 1963 data também um projecto de estudo sobre a debulha de cereal, iniciativa que Santos Júnior propõe ao presidente do Seminário de Estúdios Gallegos Padre Sarmiento, depois de ter obtido a prévia anuência de António Fraguas e Jesus Taboada, dispostos a passar parte do Verão a fazer recolhas sobre a malha na Galiza. Quer ainda mobilizar Fermín Bouza Brey e Xaquín Lorenzo até porque, se o projecto fosse bem estruturado e incluísse investigadores credíveis, poderia vir a ser subsidiado. Em Portugal contava com a parceria do Conde de Aurora para estudar o Entre-Douro-e-Minho. Os resultados começaram a surgir logo nesse ano, com a publicação do artigo «Malha do centeio em Lavradas (Barroso)» (SANTOS JÚNIOR 1963). Jesus Taboada teria também, de facto, realizado recolhas de campo, uma vez que para os *Trabalhos* de 1965-66 envia o seu relatório sobre «La malla en la comarca del Támega superior» (TABOADA 1965-66). Já o Conde de Aurora se fica por um texto mais sintético, inserido na *Revista de Etnografia* de 1966 (AURORA 1966). Ambos utilizam ilustrações desenhadas por Fernando Galhano. Uma década depois, Santos Júnior retoma o assunto, explicando algo melhor como decorrera o processo e publicando um texto de síntese intitulado «A cultura dos cereais no leste transmontano» (SANTOS JÚNIOR 1977). Não sabemos com exactidão o que se terá passado com as demais colaborações previstas, nomeadamente as de investigadores galegos.

Nos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, volume 20 (1-2) de 1965-66, na revista bibliográfica, deparamos com uma recensão à «História de Galiza», feita por Santos Júnior. Este rejubila com a obra que tem entre mãos (de que comprara um exemplar para a Sociedade, tendo recebido outro, pessoal, do seu amigo), começando por classificá-la de «*monumental que o nobilíssimo espírito de Castelao tantas vezes sonhou*». Ao chegar ao trabalho de Xaquín Lorenzo os encómios continuam, definindo-o como discípulo e companheiro de Vicente Risco e de Florentino Lopez Cuevillas, diz «*impõe-se como um dos maiores etnógrafos peninsulares*» (p. 206), elogio que repete «*sem favor*» no fascículo seguinte dos *Trabalhos*, reportando-se agora ao artigo sobre «Vellas artes de pesca no rio Miño», publicado na *Revista de Etnografia*.

Dissemos antes que Xaquín Lorenzo não havia colaborado com a revista *Douro Litoral*, dirigida por Augusto César Pires de Lima, director do Museu de Etnografia e História, por estranho que possa parecer. Mas para a *Revista de Etnografia*, que lhe sucede em 1963, quando o leme passa para a mão de Fernando de Castro Pires de Lima, já vai ter ocasião de se apresentar, com duas achegas. A primeira é o artigo que acabamos de mencionar, «Vellas artes de pesca no rio Miño», inserto no número 14, de 1966, a páginas 289-295, texto de uma *charla* que lhe pedira Santos Júnior na Primavera de 1964. Nesta estadia no Porto(?) tem ainda ocasião de fazer outra conferência acerca da «Arqutectura prerrománica no NW Peninsular». A segunda contribuição para a *Revista* virá no núme-

ro 25, de 1969, pág. 105-112, sob o título «O mar terra adentro». Estava mais uma vez entre conhecidos, já que o director e muitos dos restantes autores desta revista são presença certa nas reuniões científicas realizados no Norte, continuando a haver um considerável aporte de artigos vindos de além Minho.

Algo diferente seria o ambiente do Congresso Luso-Espanhol de Estudos Medievais, promovido pela Câmara Municipal do Porto em 1968 e presidido por Damião Peres. Se muitos dos mencionados investigadores acorreram, diluíam-se num contexto mais favorável a medievalistas e historiadores da arte. Foi nesta última secção, *arqueologia e arte*, que se integrou, com a comunicação «A eirexa de Santa Maria de Mixós, encrucillada de tres estilos», cujo resumo se pode ler na página 298 do livro do Congresso.

Estas jornadas científicas em terra portuguesa terminaram em 1972 com a presença no Colóquio Luso-Espanhol de Cultura Castreja organizado por Santos Júnior, tendo por foco o Castro de Carvalhelhos. Aí apresentou a comunicação «Metamorfosis de unha casa castreja», publicada nos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, volume 22 (3) de 1973, a pág. 225-229. Tão importante como a matéria discutida pelos congressistas, a maioria do Noroeste, com excepções de nível nacional como Maluquer de Motes, Fernando de Almeida e Octávio da Veiga Ferreira, parece ter sido o convívio, a que chama *as fermosas xeiras en torno a Carvalhelhos*, das quais fez fotografias que remeteu ao amigo.

Mais uma recensão publicada nos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, volume 22 (2) de 1973, sobre o trabalho «Uma rueda fósil en Catoira (Galicia)», sempre pela pena de Santos Júnior, introduz-nos na seguinte etapa das relações com Portugal, que nos fornece apenas mais uma outra, ao «Cantigueiro popular», que irá para o tomo de 1975.

UMA FIEL AMIZADE: O PROFESSOR DOUTOR SANTOS JÚNIOR

Por contraditório que pareça, a revolução Portuguesa de 74 e a mudança de regime no estado Espanhol parecem marcar como que uma ruptura na colaboração regular de Xaquín Lorenzo em publicações portuguesas e na sua participação em reuniões científicas. Motivos circunstanciais não faltam para podermos compreender este corte, que poderão ir desde uma muito maior e absorvente solicitação para participação em actividades culturais no seu país de origem, às modificações introduzidas nos ambientes científicos portugueses com os quais mantivera contactos ao longo de décadas.

Particularmente no Porto, as instituições de referência com quem trabalhara estavam então em nítida perda de importância. No Museu de Etnografia e História desaparecera a ainda agregadora liderança de Fernando Castro Pires de Lima (1903-1973), na Sociedade Portuguesa de Antropologia o Professor Santos Júnior era cada vez mais um homem isolado e fora do tempo. Por outro lado em Guimarães o seu amigo Alberto Viei-

ra Braga (1892-1965) havia desaparecido há muito e Mário Cardoso (1889-1982) retirara-se da presidência da Sociedade Martins Sarmento em 1972, embora só viesse a falecer dez anos depois.

Neste mundo mudado, a ligação a Portugal continuava assim amarrada pela fiel amizade a Santos Júnior, com quem se continua a corresponder e a trocar visitas, a pedir trabalhos para as publicações em homenagem aos amigos comuns que vão falecendo, como sucedeu logo em 1975 com Xesús Ferro.

Na década de oitenta queremos destacar as muitas agraciações recebidas por Xaquín Lorenzo, contando em alguns destes destacados momentos com a presença a seu lado de Santos Júnior, como sucedeu na Senhora do Viso, em Lobeira, em Maio de 1983. Por seu lado, Santos Júnior, algo ostracizado no seu país, foi também objecto do desvelo das instituições galegas, tendo sido homenageado, em 7 de Setembro de 1988, aos oitenta e sete anos, no Museo de Pontevedra, após ter sido nomeado académico de honra da Real Academia Gallega em sessão de 5 de Abril de 1987. Nessa ocasião viu recordado o seu longo currículo de amigo da Galiza, desde a pertença ao Seminário de Estudos Galegos, à participação nos trabalhos arqueológicos relativos à *Terra de Deza* e nas escavações da Lanzada. Pronunciou uma conferência subordinada ao tema «*Aspectos etnográficos da obra de Rosalia de Castro*».

A última carta conservada de Santos Júnior para *Xocas*, e ele não o tratara habitualmente por este diminutivo de carinho, respondendo a outra de 17 de Abril de 1989, data do último dia daquele mês, pouco antecedendo a sua morte, e trata ainda de novos projectos de trabalho, além das doenças que a idade trouxera (GONZÁLEZ PÉREZ 2003, 111).

Para além de Santos Júnior, restava a Xaquín Lorenzo, no Porto, um outro velho conhecimento, o arquitecto Octávio da Lixa Filgueiras, assídua visita das terras do Norte do Minho onde repartia o seu largo saber sobre arqueologia e etnografia das embarcações e, na Faculdade de Letras do Porto, um outro firme amigo da Galiza, Carlos Alberto Ferreira de Almeida (1934-1996) que pertencia, podemos dizer, à geração seguinte. Iniciara a sua carreira de etnógrafo em 1958 escrevendo para a revista *Douro Litoral*. Era também arqueólogo e historiador da arte, praticante da história local de largos horizontes e, como Xaquín Lorenzo, colaborador de muitas publicações periódicas do Noroeste, presença assídua em reuniões científicas e museus, apaixonado da terra galaica e com muitos amigos comuns, postura que foi reconhecida, aliás, pela atribuição do «Pergamiño de Honra e Loubanza» do Patronato Pedrón de Ouro, em 1979, a mesma distinção que a Santos Júnior fora outorgada em 1968. Xaquín Lorenzo era, desde 1965, membro deste Patronato, e depois, a partir de 1983, seu presidente de honra.

A participação no primeiro Congresso Luso-Galaico de Medicina Popular, que decorreu na terra raiana de Vilar de Perdizes no mês de Junho de 1983, organizado por António Lourenço Fontes, deve ter sido o derradeiro acto científico a que acorreu em Portu-

gal, guardando deste evento uma comovida recordação, que transmitiu em carta a Santos Júnior: «*maravilhoume a atención e desexo de atender, especialmente das gentes do povo. Coido que nunca me atopei tan satisfeito coma ise dia pola adicación de aquelas sinxelas xentes ó seu desexo daprender*».

Vimos antes como há muito parecia ter-se distanciado dos contemporâneos membros do Centro de Estudos de Etnologia Peninsular, agora no Museu Nacional de Etnologia, em Lisboa, nomeadamente Ernesto Veiga de Oliveira (1910-1990) e Fernando Galhano (1904-1995), com os quais tivera relação enquanto estes, no princípio das carreiras, até à década de sessenta, haviam permanecido no Porto.

Entretanto, os novos antropólogos concentravam-se em Lisboa, desde a Revolução, repartidos entre as velhas escolas, onde a antropologia colonial procurava readaptar-se, e as novas às quais chegara uma antropologia vinda da Europa, sobretudo anglófona, que pouco tinha a ver com as passadas décadas de etnografia portuguesa (BRANCO 1986; CABRAL 1991).

REFERÊNCIAS

As fotografias 3 e 4 bem como muitas das referências utilizadas neste trabalho foram recolhidas no Fundo Prof. Doutor Santos Júnior, em depósito na Biblioteca Municipal de Torre de Moncorvo, a cujo director e funcionários agradeço o diligente apoio.

AURORA, Conde de 1966 - «Malhas de centeio no Entre Douro e Minho», *Revista de Etnografia*. Porto, 13, p. 25- 54.

BOUZA BREY, Fermin e LOPEZ CUEVILLAS, Florentino. 1928 - «Paralelos galegos a unha prática popular transmontana», *Revista de Guimarães*. Guimarães, 38, p. 115-122.

BRANCO, Jorge de Freitas 1986 – «Cultura como ciência? Da consolidação do discurso antropológico à institucionalização da disciplina», *Ler História*. Lisboa, 8, p. 75-101.

BRANCO, Jorge de Freitas; LEAL, João 1995 - «Retratos do país», *Revista Lusitana*. Lisboa, nova série, 13-14

CABRAL, João de Pina 1991 - «A antropologia em Portugal hoje», in *Os contextos da antropologia*. Lisboa, Difel, p. 11-41.

CARVALHO, A. L. de 1935 - «Boletim», *Revista de Guimarães*. Guimarães, 45, p. 75-86.

DIAS, A. Jorge 1952 – *Bosquejo histórico da etnografia portuguesa*. Coimbra, 1952.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio 2003 – *Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas» 1907-1989: Unha vida dedicada á Nosa Cultura*. A Coruña, Toxosoutos, S. L.

LEAL, João 2000 – *Etnografias portuguesas (1870-1970): Cultura popular e identidade nacional*. Lisboa, Publicações Dom Quixote.

LOPEZ A.-CUEVILLAS, F. 1930 - «Novas cerâmicas das antas galegas», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 4(3), p. 263-282.

LOPEZ CUEVILLAS, Florentino; PINTO, Rui de Serpa 1933[a] – «Estudos sobre a Edade do Ferro no Noroeste da Península: a relixión», *Arquivos do Seminário de Estudos Galegos*. Santiago de Compostela, 6, p. 1-71.

LOPEZ CUEVILLAS, Florentino; PINTO, Rui de Serpa 1933[b] – «Estudos sobre a Edade do Ferro no Noroeste da Península: as tribos e a sua constituizón política», *Arquivos do Seminário de Estudos Galegos*. Santiago de Compostela, 6, p. 263-293.

LUPI, João Eduardo Pinto Basto 1984 – *A concepção de etnologia em António Jorge Dias. Teoria e método no estudo científico da cultura*. Braga, Publicações da Faculdade de Filosofia.

MEDEIROS, António 2003 - «Discurso nacionalista e imagens de Portugal na Galiza», *Etnográfica*. Lisboa, 7(2), p. 321-349.

OLIVEIRA, Ernesto Veiga de 1968 – *Vinte anos de investigação etnológica do Centro de Estudos de Etnologia Peninsular: Porto-Lisboa 1947-1967*. Lisboa, Instituto de Alta Cultura.

SÁNCHEZ GOMEZ, Luis Ángel 1997 - «Cien años de antropologías en España y Portugal (1870-1970), *Etnográfica*. Lisboa, 1(2), p. 297-317.
SANTOS JÚNIOR 1928 - «Revista bibliográfica», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 3(4), p. 374-375.
SANTOS JÚNIOR 1929 - «Afinidades galaico-portuguesas de folclore», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 4(2), p. 183-190.
SANTOS JÚNIOR 1934 - «Congresso científico de Santiago de Compostela», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 6(4), p. 384-388.
SANTOS JÚNIOR 1935 - «Semana Cultural Galega», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 7(2-3), p. 175.
SANTOS JÚNIOR 1941a - «Congresso Nacional de Ciências da População», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 9(3), p. 153-167.
SANTOS JÚNIOR 1941b - «Congresso do Mundo Português», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 9(3), p. 169-173.
SANTOS JÚNIOR, J. R. 1963 - «Malha do centeio em Lavradas (Barroso), *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 19(1), p. 47-68.
SANTOS JÚNIOR, J. R. 1977 - «A cultura dos cereais no leste transmontano», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto, 23(1), p. 41-159.
SILVA, Augusto Santos1997 - *Palavras para um país: estudos incompletos sobre o século XIX português*. Oeiras, Celta Editora.
TORRES FEIJÓ, Elias J. 1999 - «Cultura portuguesa e legitimação do sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891)», *Ler História*. Lisboa, 36, p. 273-318.

Visita dos participantes na Semana Cultural Galega de 1935
à Estação de Zoologia Marítima da Foz do Douro, guiada por Augusto Nobre.
O Primeiro de Janeiro, de Abril de 1935. Reprodução realizada
pela Biblioteca Pública Municipal do Porto

Conferencistas da Semana Cultural Galega de 1935,
no Porto O Primeiro de Janeiro, de Abril de 1935.
Reprodução realizada pela Biblioteca Pública Municipal do Porto

Convívio de amigos em Angeiras, Matosinhos, 1963
(Santos Junior, Xaquín Lorenzo, Elvira Cuevillas, Lizarda Santos, Agostinho Isidoro, Norberto Santos Junior, ?, Judite Santos)
Fundo Prof. Doutor Santos Júnior, em depósito na Biblioteca Municipal de Torre de Moncorvo.
Reprodução realizada pela Biblioteca Municipal de Torre de Moncorvo

Visita ao Castro de Carvalhelhos no decurso do Colóquio Luso-Espanhol de Cultura Castreja, de 1973. Fundo Prof. Doutor Santos Júnior, em depósito na Biblioteca Municipal de Torre de Moncorvo. Reprodução realizada pela Biblioteca Municipal de Torre de Moncorvo

Apresentando a comunicação no Congresso Luso Galaico de Medicina Popular, em Vilar de Perdizes, 1983

Com o velho amigo Santos Junior, de visita a San Cibran de Las, Orense, em 1986

II

Alocucións académicas sobre Xaquín Lorenzo Fernández no Día das Letras Galegas

O compromiso coa lingua e coa cultura. Carta a Xaquín Lorenzo no Día das Letras Galegas
Manuel González González

Don Xaquín Lorenzo Fernández, arqueólogo e etnógrafo ao servizo da identidade galega
Xosé Manuel González Reboredo

O COMPROMISO COA LINGUA E COA CULTURA. CARTA A XAQUÍN LORENZO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Manuel González González
Secretario da Real Academia Galega

Irmán Xaquín:

Permíteme que che trate de irmán como o adoitaban facer os teus maiores da Xeración Nós e moitos dos teus compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, aínda que quen o faga sexa a persoa a quen ti chamabas o rapaz do carro, desde que nos coñecemos a través do querido Manolo Taboada, que a morte nos arrebatou prematuramente, e ao que tanto botamos en falta. Daquela non che pasaba polo maxín que o rapaz podería un día estar nun acto coma este homenaxeando a túa memoria e tratando de facer xustiza ao teu exemplo.

Eu ben sei que ti non aspirabas a isto, non lles dabas importancia ás glorias da persoa, reservabas toda a túa enerxía para a gloria e a memoria do teu pobo; por iso permíteme, irmán, mestre, amigo Xocas que che explique por qué a Real Academia Galega considerou que debías ser presentado á sociedade como exemplo, como modelo neste Día das Letras Galegas:

Estabas convencido de que Galicia tiña un tesouro, un tesouro manifestado nos seus castros, nos seus petróglifos, nas súas construcións populares, nas súas cantigas, nos seus costumes, en fin, na súa cultura material e espiritual, pero fundamentalmente na súa lingua. Esa lingua que ti tanto amaches cultivándoa tal como saía da boca do pobo, por iso, por riba de recomendacións normativizadoras, ti nunca renunciaches a *iste*, a *il*, a *ouvir*, a *faguer* e mesmo *figuen*, nin ao léxico aprendido nas terras de Lobeira, onde circulaban cada día as palabras que che quedaron gravadas desde a túa adolescencia, como *portairo*, *arrigadeiras do liño*, *rangalleiro*, *calaceiro*, *gangos*, *churir*, *torterizo*, *apatular*, *carrouceira*, *ramboia*, e tantas outras que fuches refrescando ano a ano durante as túas vacacións. Nos teus textos e no teu verbo sempre estiveron presentes o infinitivo conxugado, o futuro de subxuntivo, as interpolacións entre o pronome persoal átono e o verbo, como estaban presentes nas cantigas que con tanto agarimo e dedicación recolliches da boca das xentes da Limia Baixa.

Para ti, o gran problema de Galicia era, e eu diría que segue sendo, o da incapacidade para transmitirlles ás novas xeracións a existencia deste tesouro. No fondo, querido Xaquín, trátase do problema da identificación como pobo, trátase do problema de sentírmonos orgullosos do que somos, e este é o gran desafío

que temos diante de nós: o de facer consciente ao conxunto da nosa sociedade de que somos un pobo cunha cultura propia, cunha lingua propia, que nos dá unha personalidade no mundo, pero que somos igualmente un pobo con vontade de futuro que, a partir da cultura propia, é capaz de seguir creando e de competir no concerto internacional. Esta é unha das ensinanzas que trataches de transmitirnos da man de Vicente Risco, de Otero Pedraio, de López Cuevillas, e de tantos outros... Se somos quen a dar resposta a este desafío, sei que aló onde esteades vos sentiredes reconfortados, porque veredes que o voso esforzo en circunstancias difíciles non foi inútil.

Ti fuches un dos principais cultivadores en Galicia do método "Palabras e cousas". Método polo que xa avogaba o Padre Sarmiento moitos anos antes de que se sentasen as súas bases metodolóxicas, cando proclamaba que non se poden entender as palabras se non se coñecen as cousas que designan, e ás veces tamén o contrario, non se coñece verdadeiramente unha cousa ou un concepto se non se coñece en profundidade a palabra que o nomea, non só sincrónica senón tamén diacronicamente. Por iso defendía a necesidade de estudar conxuntamente as palabras coas cousas que designan. Había moito camiño que percorrer ata que Schuchart definise a finais do XIX a metodoloxía *Sachen und Wörter*, e ata que Meringer, Meyer-Lübke e outros fundasen no 1909 a revista *Wörter und Sachen* que acabou dando nome a este novo método, xurdido dentro da dialectoloxía como unha reacción contra o método histórico-comparativo dos neogramáticos, ao que se lle achacaba non que fose errado (non podemos esquecer que este método significou a creación da lingüística científica), senón a súa unilateralidade (que se centrase fundamentalmente no estudo da fonética e que se ocupase de maneira case exclusiva da lingua literaria esquecéndose da complexidade das falas).

Xa sei que ti non coñecías moito de Schuchardt, nin de Meringer, nin de Meyer-Lübke, pero vivías o ambiente do teu tempo, tempo no que a Escola de Hamburgo, encabezada por Fritz Krüger, director do Seminario de Filoloxía Románica da Universidade de Hamburgo, introduciu realmente os estudos con este método na Península Ibérica, e a quen debemos traballos maxistrais coma *A cultura material de Sanabria e territorios veciños* ou o *Léxico rural do noroeste ibérico*, ou *O mobiliario popular nos países románicos* (ao que ti tanto contribuíches con informacións sobre Galicia). E esta é outra das facetas que hoxe che temos que agradecer: que, en tempos difíciles, nos que Galicia e España en xeral vivían de costas ao que pasaba no mundo, ti, xunto con outros compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, soubeches dentro das túas posibilidades manter unha xanela aberta ao diálogo e á comunicación co exterior. Grazas á túa relación con Krüger, e sobre todo á túa amizade co seu discípulo Schneider, a quen deches acollida na túa mesma casa, e que che serviu de tradutor dalgún traballo teu ao alemán, mantiveches unha estreita colaboración coa revista *Volkstum und Kultur der Romanen*, na que publicaches no ano 39, cando aquí viviamos tempos de anguria, o teu traballo "Die Bremse am galizischen Wagen"; e no ano 1943 a monografía sobre a casa popular na Limia Baixa, co título de "Das Bauernhaus im unteren Limiabecken". Cando Krüger se desprazou a Arxentina, seguiches tendo unha estreita relación con el, como o mostra o traballo "Cierres de fincas en el Sureste de Orense (Gali-

cia)" que enviaches para a homenaxe que lle rendeu a Universidade Nacional de Cuyo (1952), ou o estudo que leva por título "El carro en el folklore gallego" publicado no 1957, nos *Anales del Instituto de Lingüística* da mesma Universidade de Cuyo.

Pero, máis estreita aínda foi a túa colaboración nos Congresos e nas Revistas de arqueoloxía e etnografía que se publicaban no norte de Portugal. Chega con ver a presenza continuada das túas investigacións nos *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia* (no Porto), na *Revista de Guimarães,* no *Boletim da Biblioteca Pública de Matosinhos,* na *Revista de Etnografia* (do Porto), n'O *Comercio de Porto,* nas *Actas do Congresso Nacional de Ciencias da População* (celebrado no Porto en 1940), nas *Actas do 1º Congresso de Etnografia e Folclore* (que tivo lugar en Braga no 1956), nas *Actas do Colóquio de Estudos Etnográficos "Dr. José Leite de Vasconcelos"* (Porto, 1959), nas *Actas do Congresso Internacional de Etnografía* (organizado pola Cámara Municipal de Santo Tirso no 1963) etc.

Á túa xenerosidade débese que o teu nome non apareza moitas veces explícito en traballos aos que contribuíches decisivamente. Non vou recordar agora a túa axuda e colaboración, unhas veces manifesta polo agradecemento dos seus autores, e outras veces totalmente anónima. Pero, recorda, amigo Xocas as horas que dedicaches, por exemplo, a preparar información sobre Galicia para a obra "Coisas e palavras. Algúns problemas etnográficos e lingüísticos relacionados com primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica" de Herculano de Carvalho, un dos traballos máis completos e máis interesantes realizados en toda a Romania co método "Wörter und Sachen", ou a axuda que lle prestaches a Schneider no seu "Studien zum Galizischen des Limiabeckens".

Nos anos previos á Guerra Civil, Tomás Navarro Tomás puxo en marcha o *ALPI (Atlas Lingüístico da Península Ibérica)*, que se ocupaba de todo o territorio de España e Portugal. Proxecto fanado co conflito bélico, que provocou a interrupción das enquisas, a dispersión dos materiais que fixeron viaxe de ida e volta a Nova York, e que para nós garda ademais o recordo desagradable das tristes circunstancias padecidas por Aníbal Otero, cando realizaba enquisas na zona arraiana de Galicia con Portugal. O deseño do ALPI semellábase máis ao do *Atlas Linguistique de la France* de Gilliéron ca ao *Atlas Linguistico-etnográfico de Italia e de Suíza meridional* de Jaberg e Jud. Navarro Tomás era fundamentalmente fonetista, e estaba máis interesado polos problemas estritamente lingüísticos ca polos etnográficos. De aí que o *ALPI* fose proxectado coma un atlas exclusivamente lingüístico, no que non aparecía un tratamento sistemático do aspecto etnográfico coma o que se dá no Atlas de Jaberg e Jud, e, abofé, foi mágoa que non se incorporase a esta obra a faceta etnográfica. Disto eran conscientes os mesmos enquisadores, e eu vin enquisas de Aníbal Otero con abundancia de debuxos do carro, do xugo, dos apeiros de labranza, e con gran número de observacións marxinais sobre costumes e usos populares.

Esta lagoa tratouna de cubrir a Sección de Etnografía e Folklore do Seminario de Estudos Galegos ao redactar o Cuestionario de etnografía, no que ti, Xaquín,

fuches un esteo fundamental. Ti tiñas perfectamente claro que as linguas son instrumentos de comunicación social e reflicten en gran medida a maneira de ver a vida de cada pobo, por iso sabías que non tiña sentido estudar a nosa lingua sen estudar os modos de vida da nosa xente, as súas crenzas, a súa maneira de pensar, o seu xeito de divertirse, o seu hábitat, as súas actividades, e os apeiros que usan para levalas a cabo. Non entendías o estudo da etnografía sen a lingua nin da lingua sen a etnografía. Isto foi exactamente o que fixeches por exemplo na túa proposta de *Cuestionario para o estudo das embarcacións*, que publicaches no número 111 de *Nós*, xa no ano 1933, onde formulas 115 preguntas sobre o tema dunha maneira realmente maxistral, onde integras o documento gráfico, as características tipolóxicas, os procesos de produción, o seu emprego e utilidade, os modos de uso, e todo acompañado sempre polas súas denominacións. Dóenos que non houbese aínda oportunidade de pasar un cuestionario deste tipo nunha rede mesta do noso territorio costeiro, o que constituiría un documento histórico realmente impresionante.

E este mesmo espírito é o que manifestas noutros traballos teus como *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas* (do ano 1930) (en colaboración con Florentino López Cuevillas) ou "Notas etnográficas da terra de Lobeira. O liño e a lá", ou *As dornas do Porto do Son* ou *Galicia. Parroquia de Velle* (en colaboración con López Cuevillas e Vicente Fernández Hermida). Pero este é o espírito que anima, por riba de todas, a túa obra "Etnografía. Cultura material", publicada en Buenos Aires como segundo volume da *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedraio. Serías merecente de que se che dedicase o día das Letras Galegas, aínda que fose só por esta obra, verdadeiro monumento no que se describe con man mestra a nosa cultura material, pero que constitúe ao mesmo tempo tamén a mellor fonte lexicográfica do momento sobre as denominacións que designan as distintas manifestacións desa cultura.

Algúns dos teus traballos, dos que é paradigmático o que leva por título "Nomenclatura del carro gallego", publicado no ano 1956 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, son verdadeiras obras de xeografía lingüística, mesmo que lles falte a representación cartográfica dos datos lingüísticos, porque responden ao principio básico desta disciplina: a distribución das formas no espazo xeográfico; requisito que cumpres, e dunha maneira fiable, por certo. Cando elaborei a miña tese de doutoramento sobre o xugo e o carro, o estudo básico de referencia foi este traballo teu, e nunha porcentaxe moi alta de casos puiden corroborar a exactitude das túas informacións. Se excluímos o estudo lingüístico das denominacións debo recoñecer que o núcleo da miña tese estaba xa deseñado na túa "Nomenclatura", e eu pouco máis fixen que ampliar os puntos de documentación mercé á oportunidade que me brindou a realización do *Atlas Lingüístico Galego*. Pero, visto desde hoxe, o teu esforzo foi exemplar, porque ti non contaches cos medios de que tivemos a sorte de gozar Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e mais eu para percorrer Galicia practicamente concello por concello durante dous anos. E o mesmo podo dicir do teu traballo sobre a "Distribución dos xugos en Galicia": a distribución dos tipos de xugos que aparece na miña tese unicamente precisa un pouco as fronteiras que ti delimitaches e marca certas zonas de

transición nas que coexisten distintos tipos, pero as grandes áreas de distribución tipolóxica estaban perfectamente establecidas no teu traballo.

Non fuches un lexicógrafo no senso estrito da palabra, aínda que en *Nós* publicaches dúas pequenas achegas neste campo: os "Apuntes de xeografía lexicográfica galega" e "Papeletas pra un diccionario". No primeiro recolles 77 palabras de usanza corrente en Lobios, e no segundo regálasnos con 119 palabras que chamaron a túa atención na terra de Lobeira. Un número non desprezable destas voces non foran nunca documentadas nas obras lexicográficas existentes ata ese momento, e algún pequeno erro non é atribuíble a ti, senón a quen interpretou o teu manuscrito, como cando se define a palabra CARRADOIRO como 'Camiño pra levar o esforzo âs leiras", onde parece que alguén mudou o teu "t" nun "f" e o teu "c" nun "zeta", convertendo o "esterco" en "esforzo", e non é o mesmo levar "esterco" ca levar "esforzo" por máis que para carrexar o esterco cumpra certamente non pouco esforzo.

Pero, á parte destas achegas, toda a túa obra é unha fonte primaria inesgotable de material lexicográfico, e non só polas denominacións que recolles, senón tamén pola precisión nos conceptos e nas descricións. Probablemente dunha maneira inconsciente aplicas case sempre os principios aristotélicos de xénero próximo e de diferenza específica, fundamentos da definición lexicográfica. Ademais, procuras darnos sinónimos dos termos, exemplos de uso, ou a súa equivalencia na nomenclatura científica cando é pertinente.

Alguén pode pensar que vivías ancorado no pasado, que considerabas a lingua e a cultura como obxecto de museo. Nada máis lonxe da túa visión, querido Xaquín. A cultura nunca pode ser inmobilista, a cultura é unha continua tensión dialéctica entre a historia, a tradición, que caracterizan a maneira de ser dunha sociedade, e as novas necesidades que xera esa mesma sociedade, por un lado, e as influencias que lle chegan de fóra, por outro. Aspecto este último cada vez máis perceptible nun mundo globalizado coma o actual. Neste diálogo a sociedade unhas veces rexeitará a innovación, outras aceptaraa, e as máis das veces integraraa modificándoa e dándolle forma propia, segundo a súa maneira de ver o mundo. E isto non só afecta ás modas, aos usos, aos costumes, aos obxectos, senón tamén á lingua.

Non podemos pechar os ollos á nova realidade que nos toca vivir, cun desenvolvemento científico e tecnolóxico que nos inunda de novos produtos cada día, cunha revolución no sistema de comunicacións que fai que calquera innovación producida no outro cabo do mundo chegue a nós case instantaneamente. Todas estas innovacións veñen acompañadas de palabras que as designan, e calquera lingua, se quere preservar a súa integridade, debe ter capacidade para responder desde a súa identidade a todas estas novas realidades. De aí o gran desenvolvemento da terminoloxía nas sociedades modernas. Pois, tamén neste campo nos deixaches un herdo que debemos de saber aproveitar, enchendo de contido novo voces que designaban realidades da nosa sociedade xa en desuso. E pregúntome, cantas das palabras que recolles na túa *Etnografía* non poden ser aproveitadas para reutilizar, por exemplo, no moderno léxico da construción, ou do transporte, ou

mesmo da informática? Por que non lles podemos chamar ás pezas dun remolque ou dun camión que impiden que o contido que transportan saia polos lados *caínzas* ou *ladrais?*, Por que non lle podemos chamar nós *devasa* ao programa informático que o español coñece coma *cortafuegos* e o inglés como *firewall*, que nos permite impedir a recepción a través de Internet de determinados tipos de arquivos non desexados? Sei que a alguén lle poden parecer propostas irrisorias, pero esta percepción en non poucos casos non é máis ca unha manifestación dun complexo de inferioridade, e dunha infravaloración do propio. Porque estas mesmas persoas non se escandalizan para nada porque lle chamemos *pluma* a unha estilográfica, por máis que nada teña que ver coa pluma de ave que se utilizaba primitivamente para escribir. Trátase de aproveitar o recurso de "viño novo en foles vellos". Trátase de aproveitar o noso léxico propio e de enchelo de nova carga semántica para que cubra as necesidades da sociedade actual.

Por todo isto, Xaquín, a RAG ofréceche esta homenaxe e escolleute como exemplo para a nosa sociedade, dedicándoche o Día das Letras Galegas do 2004:

a) Pola defensa que fixeches da nosa cultura, recollendo os seus nomes, porque, como di a admirada María Zambrano, nomear as cousas é espertalas, facelas amencer.

b) Porque fuches un verdadeiro activista cultural galeguista desde case neno no Seminario de Estudos Galegos.

c) Porque soubeches ter aberta a fiestra para dar a coñecer a cultura de Galicia no exterior (Krüger, Schneider, Santos Júnior, Herculano de Carvalho).

d) Porque pelexaches coma ninguén pola creación dun Museo Etnográfico de Galicia, que felizmente viu a luz co Museo do Pobo Galego, onde te atopabas tan a gusto porque facía realidade un dos teus soños.

e) Porque fixeches felices estes días a moitos rapaces das escolas das nosas aldeas labregas e mariñeiras, que se decataron de que do que ti lles falabas si que sabían, e que sachar as patacas ou pescar ó xeito ou á traíña eran actividades tamén importantes como para saíren nos libros.

f) En fin, querido Xocas, polo teu compromiso coa Galicia de todos os tempos. Grazas.

Día das Letras Galegas, 17 de maio de 2004

DON XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ, ARQUEÓLOGO E ETNÓGRAFO AO SERVIZO DA IDENTIDADE GALEGA

Xosé Manuel González Reboredo

Na década dos anos vinte deste pasado século, a un rapaz nacido en Ourense, mais coñecedor do mundo rural de Lobeira, ocorréuselle realizar unha maqueta do carro de bois e recoller os nomes dos seus compoñentes. A fortuna asociouse con esta curiosidade xuvenil, e puido ensinarlle o seu carriño a Florentino Cuevillas, que estaba a cobrar fama como investigador da nosa prehistoria. Era Cuevillas un mestre disposto a fomentar vocacións no estudo da realidade cultural galega, e decidiu orientar a aquel mozo para que afondase neste elemento da tecnoloxía rural. Así naceu o etnógrafo don Xaquín Lorenzo Fernández, case dúas décadas despois de ver a luz dos humanos como froito do matrimonio formado por Xosé Lorenzo Álvarez e Xaquina Fernández Barcia.

Os contactos iniciais con Cuevillas continuarán no futuro, ampliados a Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Malia incursións illadas noutros asuntos, e malia a súa colaboración en diversas iniciativas culturais, este galego agora homenaxeado pola Real Academia Galega, membro desta corporación desde o ano 1951, e tamén docente ao longo de varias décadas, considerouse sempre un etnógrafo e arqueólogo, combinación de dúas pólas dos estudos humanísticos baseada nun principio moi espallado por toda Europa no seu tempo, o de que os sectores rurais das sociedades complexas poden manter supervivencias de tempos idos, ás veces daquelas remotas idades nas que se iniciou a configuración dun *Volksgeist* ou espírito peculiar dos pobos. Unha longa tradición iniciada no século XIX á sombra do romanticismo, e logo continuada polo evolucionismo e difusionismo sociocultural e polos estudos de Folklore, elevou estas camadas populares, con cultura en gran parte oral, á categoría de "pobo auténtico", a depositarias dunhas tradicións que permiten dotar de singularidade as sociedades europeas que estaban sendo sometidas a unha primeira globalización tecnolóxica. Non é por iso de estrañar que en todo o mundo occidental xurdise, a carón dunha curiosidade polas culturas dos pobos exóticos, un interese pola recollida e valoración das prácticas populares. Os estudos da *Volkskunde* en Alemaña, ou os iniciados pola *Folklore Society* londiniense, ou os emprendidos por Sébillot en Francia, Pittré en Italia, Teófilo Braga, Coelho ou Leite de Vasconcelos no irmán Portugal, son boa mostra desta tendencia, a cal contaba na nosa terra, á altura dos tempos de don Xaquín, con antecedentes na obra de Manuel Murguía, ou nos datos recompilados pola sociedade "El Folklore Gallego".

No ano 1926 don Xaquín ingresou no *Seminario de Estudos Galegos* cun traballo dedicado precisamente ao carro, e acabará converténdose nun activo membro desta benemérita institución, na que tivo a oportunidade de relacionarse con figuras como Bouza-Brey, Filgueira Valverde, Fraguas, Fernández-Oxea ou Xesús Carro, todos eles perseverantes amigos e compañeiros de inquedanzas galeguistas e investigadoras, aos que se engadiron co tempo outros, como Taboada Chivite, Ferro Couselo, Laureano Prieto ou García Álvarez. Será no Seminario onde el defina os seus obxectivos de investigación, os que podemos resumir en dous principios:

1º) A necesidade de recoller trazos do pasado arqueolóxico e do presente etnográfico para deixar constancia das súas características antes da súa destrución ou perda, fornecendo así materiais para a análise comparativa dentro da propia Galiza ou con terras veciñas e culturalmente afíns.

2º) No que se refire á interpretación dos materiais descritos, don Xaquín, como os demais estudosos da época, acudirá ao paradigma historicista baseado na aludida relación entre culturas orais presentes e pasado remoto. A interpretación das formas como produto dun proceso no que o pobo conservou, malia influencias sucesivas, certos compoñentes, ou actitudes, ao longo dos séculos, conduce ao etnógrafo a se dar a man co arqueólogo e o historiador, detectando, con máis ou menos precisión, *survivals* de vellos trebellos ou de antigas crenzas.

Como arqueólogo, don Xaquín pode ser cualificado de arqueólogo artesanal, sempre fiel seguidor das directrices marcadas por Cuevillas, con quen libra as súas primeiras lides nestes eidos en traballos como o feito en Calvos de Randín e publicado en 1930. Tamén axudou a Cuevillas e ao seu amado e malogrado irmán Xurxo a catalogar os castros da terra de Lobeira e, xa estudante en Santiago, participará nas escavacións de Borneiro, Baroña e Troña. Pasada a treboada da guerra civil, volve colaborar con Cuevillas en Cameixa, con Taboada Chivite en Cabancas, con García Álvarez en Ribadavia e con Ferro Couselo no Castromao. Ademais, publicou numerosos achados soltos, como a arracada do Irixo, analizou o monumento de Augas Santas, contribuíu á actualización do *corpus* de inscricións latinas de Ourense coa axuda de Álvaro d´Ors e Fermín Bouza-Brey, fixo demorados estudos de arquitectura prerrománica en Amiadoso, Francelos, Pazó e Mixós, e estableceu constantes contactos con Portugal, onde foi membro correspondente da *Associação dos Arqueólogos Portugueses* e da *Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología* do Porto, da cal era figura destacada o seu bo amigo J. R. dos Santos Júnior. Todo isto sen esquecer que en Ourense colaborará intensamente co grupo "Marcelo Macías" do Museo Arqueolóxico, e coa Comisión Provincial de Monumentos.

Mais foi a súa condición de etnógrafo a que lle deu xustificada sona por tres razóns diversas, aínda que complementarias. Unha delas é que, no conxunto da súa obra, as publicacións dedicadas a Etnografía ou Folklore son as máis numerosas e voluminosas. A segunda está relacionada coa súa habilidade para o debuxo, o que o converteu no

mellor debuxante etnográfico da Galiza do seu tempo. En canto á terceira, refírese á divulgación da nosa cultura oral en centos de conferencias, artigos e intervencións radiofónicas e televisivas, ou mediante o interesantísimo documental "O carro", filmado co seu asesoramento por Antonio Román. Este afán divulgador e patrimonializador tivo outra faciana na súa contribución á museoloxía etnográfica, primeiro como un dos encargados dun nacente Museo proxectado polo Seminario nos anos trinta e, a partir de 1976, na entusiasta contribución ao nacemento e consolidación do Museo do Pobo Galego, institución da que será primeiro Presidente do Padroado e á que doará, por manda testamentaria, os seus libros, materiais antropolóxicos e dereitos de autor.

Non foi don Xaquín un etnógrafo creador de grandes teorías sobre a cultura, senón un investigador orientado a facilitar un retrato das formas culturais do mundo rural e mariñeiro vixente na primeira metade do século XX. O seu campo de observación privilexiado foron as terras da Limia Baixa, aínda que estendeu a súa ollada a moitas outras. Os seus escritos conteñen achegas sobre diversos aspectos da cultura. Un deles é o ámbito crencial-simbólico, presente en contribucións como a que lle dedicou a un ser da nosa mitoloxía popular, o *tardo*, ou as centradas en festas como a da súa adorada Virxe do Viso e a do tres de maio en Laza, esta última en colaboración con Vicente Risco. No campo da sociedade, deixounos artigos como a descrición dunha voda en Lobeira, traballo de mocidade asinado co seu irmán Xurxo, e outros dedicados a entreaxudas como o *carreto*. Así mesmo, recolleu textos de literatura oral, con mostras como o seu monumental *Cantigueiro popular da Limia Baixa*.

De todas as maneiras, a maior parte da súa produción estivo centrada na arquitectura e tecnoloxía tradicionais, cubrindo así un ámbito que foi moito menos cultivado polos seus mestres e compañeiros do *Seminario de Estudos Galegos*. Son ben coñecidas as súas investigacións sobre o carro, a arquitectura popular, tema ao que dedicou o seu discurso de ingreso nesta Academia, a tecnoloxía do liño e a la, ou a dorna. De maneira moi especial, é preciso salientar a súa *Etnografía. Cultura material*, na que fai unha completa síntese da tecnoloxía campesiña, artesá e mariñeira da Galiza do seu tempo.

Sería, con todo, inxusto pensar que don Xaquín tiña unha visión fragmentaria da cultura. Por moito que razóns de método descritivo o levasen a catalogar obxectos, tamén atopamos nos seus escritos un esforzo por amosar que a cantiga se mestura na práctica co traballo material, que as institucións sociais están en relación intensa coas crenzas e coa arquitectura, ou que a dorna non se entende plenamente se non se alude á organización dos mariñeiros que a utilizan. Esta visión holística reflíctese en monografías fomentadas polo Seminario de Estudos Galegos como *Parroquia de Velle*. Mais tamén aparece no citado traballo sobre o liño e a la, no cal, cabo dos datos tecnolóxicos, nos fala de xuntanzas da xuventude nos *fiadeiros*, e das cantigas a eles asociadas. Noutra orde de cousas, el foi moi consciente das relacións entre lingua e cultura, e en función disto ocupouse de recoller o léxico asociado aos obxectos, do que son mostra

dúas publicacións súas na revista do *Seminario de Lingüística Románica da Universidade de Hamburgo*, que contaba con etnolingüistas coñecidos de don Xaquín, como Schneider ou o propio director, Fritz Krüger.

Cando o 18 de xullo de 1989 falece na súa casa de Facós, don Xaquín era un recoñecido investigador da nosa Etnografía e Arqueoloxía, condecorado e homenaxeado reiteradamente. Deixounos como herdanza o seu amor a Galiza e un monllo de escritos nos que dá noticia dos máis variados recunchos da cultura autóctona, unha cultura aberta a influencias e novidades, mais tamén con capacidade creativa propia, feito que converte a celebración das Letras Galegas deste ano tanto nunha homenaxe a un etnógrafo como ás xentes portadoras de formas culturais por el estudadas. En liñas xerais podemos cualificalo como un investigador honrado e coherente que estudou un universo labrego e mariñeiro que estaba a comezar un proceso de transformación, mais que era maioritario no conxunto de Galiza, pois en 1962, ano de publicación da *Etnografía. Cultura material*, aínda case o 63% da poboación activa galega traballaba na agricultura e a pesca.

Non quero rematar a miña intervención sen aludir ao deber cívico e profesional que temos os etnógrafos, co necesario apoio institucional e social, de continuar de forma renovada o seu ronsel, e o dos seus mestres e compañeiros de xeración. De certo que aínda podemos ampliar ou matizar moitos dos temas abordados na súa obra, mais tamén estamos na obriga de orientar unha parte do noso esforzo en novas direccións. Porque nesta alborada do terceiro milenio Galiza é distinta da dos tempos de don Xaquín. O pobo campesiño, artesán e mariñeiro, antes maioritario, está sendo substituído por xente que manexa ordenadores, viaxa en avións, utiliza diversos medios técnicos no campo, o mar ou a cidade, e asume, de xeito ás veces perigoso para a nosa identidade, variadas modas e influencias. O etnógrafo enfróntase, por iso, ao reto de combinar os estudos de romarías como a do Viso cos dedicados a percorridos rituais como as manifestacións, unha nova forma do que algúns investigadores chaman a "relixión civil". Se pode seguir sendo de utilidade recoller literatura oral sacada da memoria dos máis vellos, tamén temos que admitir como obxecto de atención o que Dundes e Patger denominaron "o folklore do papeleo", un "neofolklore" transmitido por Internet ou en follas impresas. E o mesmo que don Xaquín documentou a vida na dorna, debemos ser capaces de analizar o traballo dos mariñeiros nun moderno buque, ou as novidades de artificios mecánicos como os tractores no agro, ou a etnicidade simbólica nos grupos emigrantes da Galiza exterior, tema este último sobre o que investigaron diversos antropólogos non galegos pero que aquí mereceu, ata o presente, escasa atención. Isto non quere dicir que abandonemos o vello patrimonio cultural tan ben descrito por el; pola contra, é preciso conseguir unha axeitada patrimonialización activa da herdanza cultural do pasado para reforzar unha identidade referencial que en todos os pobos se constrúe mediante a memoria colectiva.

Ademais, o noso mester ha ser exercido con espírito crítico, sendo capaces de recoñecer que certos hábitos herdados polos galegos e galegas, ou algunhas subordinacións

conformistas, son ferramentas pouco aptas para avanzar cara ao futuro con decisión, dentro dun espírito europeísta tan defendido no seu día polos homes de *Nós* e o SEG. Unha breve frase de Víctor F. Freixanes, incluída no seu discurso de ingreso nesta corporación, é suxeridora dun camiño para que os etnógrafos manteñamos unha fidelidade actualizada co noso pobo, coa nosa lingua e con persoeiros como o que agora nos ocupa: "Desterremos para sempre o conto da escaleira". Se así o facemos, seguro que don Xaquín e os seus mestres e compañeiros nolo agradecerán dende ese ceo dos bos e xenerosos do que tanto falaban.

DIXEN
XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO
Ourense, 17-V-2004

III

Traballos de investigación e estudo

Escrita epistolar en galego: a correspondencia de don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626) (I)

Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo

ESCRITA EPISTOLAR EN GALEGO: A CORRESPONDENCIA DE DON DIEGO SARMIENTO DE ACUÑA, I CONDE DE GONDOMAR (1567-1626) (I)

Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo

1. NOTICIA DOS TEXTOS

En 1973 Luís Tobío deu a coñecer dúas cartas escritas en galego por Diego Sarmiento de Sotomaior, señor das Achas e de Petán, remitidas a Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar. Introduce a súa edición cunha análise das causas do abandono da escrita en galego a partir do século XVI, identifica a liñaxe e títulos do autor da carta, comenta e extracta pasaxes en galego tomadas da correspondencia do conde de Gondomar, e recupera fragmentos que mostran a identificación do conde co reino de Galicia (Tobío 1973: 133-144). Catro anos despois, en 1977, publica na mesma revista outras dúas cartas, remitidas, respectivamente, por Juan de Lanzós e Andrade e por Beatriz da Serra, que tamén elixen o galego para se dirixir ao conde de Gondomar (Tobío 1977: 366-367). Finalmente, en 1980, dá a luz senllas cartas en galego de María de Moscoso e Sotomaior e de Rodrigo de Moscoso e Sandoval remitidas ao mesmo destinatario (Tobío 1980: 357-358); máis tarde veu a lume aínda outra redacción da carta de Beatriz de Serra, con igual data e finalidade cá publicada por Tobío (Rodríguez Montederramo 1999: 8). A este corpus de sete cartas engadimos agora outras tres inéditas: a máis antiga, de xuño de 1596, é da man de frei Lope Gallo de Avellaneda; a seguinte, de outubro dese mesmo ano, subscríbea o correxedor de Baiona Pedro Obeso de Oriona; e a terceira, de 1605, é de San Juan de Amorín.

Este artigo, que esperamos conte cunha segunda entrega no seguinte número desta publicación, ocúpase da edición e estudo, desde o punto de vista lingüístico e histórico, desta monza de dez cartas en galego[1]. A relación delas, ordenadas cronoloxicamente, coa abreviatura que utilizaremos nas remisións, xunto co autor, lugar e data de emisión, e mais a ubicación actual é a seguinte:

1596-Gallo. Carta de Lope Gallo de Avellaneda. San Antón, 25 de xuño de 1596. RB II/2162, doc. 269 (*Cat.Gondomar*, III:11973).
1596-Obeso. Carta de Pedro Obeso de Oriona. Mañufe, 2 de outubro de 1596. RAH 9-71 (*Índice Salazar*, VI:10773).
1598-Lanzós. Carta de Juan de Lanzós e Andrade en carta de Francisco de Sotomaior. Zamora, [1598?]. RB II/2135, doc. 20 (*Cat.Gondomar*, II:6119).
1603-Serra-1. Carta de Beatriz da Serra. Baiona, 20 de maio de 1603. RB II/2137, doc. 6 (*Cat.Gondomar*, II:6511).
1603-Serra-2. Carta de Beatriz da Serra. Baiona, 20 de maio de 1603. RB II/2150, doc. 198 (*Cat.Gondomar*, II:9409).
1604-Moscoso. Carta de María de Moscoso e Sotomaior. Laiosa, 27 de febreiro de 1604. RB II/2171, doc. 93 (*Cat.Gondomar*, III:13649).

1605-Amorín. Carta de San Juan de Amorín. Gondomar, 6 de febreiro de 1605. RB II/2130, doc. 11 (*Cat.Gondomar*, I:4859).
1605-Achas-1. Carta de Diego Sarmiento e Sotomaior. Baiona, 8 de abril de 1605. RB II/2113, doc. 10 (*Cat.Gondomar*, I:1277).
1605-Achas-2. Carta de Diego Sarmiento e Sotomaior. Baiona, 20 de setembro de 1605. RB II/2113, doc. 99 (*Cat.Gondomar*, I:1366).
1619-Moscoso. Carta de Rodrigo de Moscoso e Sandoval. Santiago, 19 de outubro de 1619. RB II/2159, doc. 24 (*Cat. Gondomar*, III:11335).

2. CONSTITUCIÓN E PARADOIRO DA COLECCIÓN EPISTOLAR

Todas estas cartas teñen en común o seu destinatario, don Diego Sarmiento de Acuña, señor de Vincios e Gondomar, nomeado I Conde de Gondomar o 12 de xuño de 1617. Nove consérvanse actualmente na Real Biblioteca, e unha, a que asina o licenciado Obeso, na Real Academia de la Historia, mais o primeiro paradoiro foi compartido por todas elas: o pazo vallisoletano do conde de Gondomar, a coñecida popularmente como Casa del Sol de Valladolid[2], que en catro das súas estancias albergou unha das máis importantes coleccións librarias da España Moderna. A transformación desas catro salas en "librería" ou "aposento de libros" data de fins do século XVI; así, a carta que en marzo de 1599 Gaspar Cardoso envía a don Diego ofrécenos un testemuño dun aspecto central na formación dunha biblioteca nobiliaria, como é o aparato ornamental do seu estudo, ao lle confirmar a remisión de "los retratos de plomo (...) y los verdaderos de nro. P^{e} San Bernardo y nro. P^{e} St Gregorio que (...) bien podrán estar en el estudio" (RB II/2147, 142).

Á disposición física da biblioteca precédelle a paixón coleccionista de don Diego. Gayangos (1869:XIII) comenta unha carta escrita en 1593 por don García, irmán de don Diego e nesa data colexial en Salamanca, que mostra que, con vinteseis anos, o futuro conde puña verdadeiro empeño na adquisición de libros; nela don García, en función de axente librario de don Diego, dálle conta da súa busca de libros pola cidade do Tormes, un tanto infrutuosa ao non atopar ningún que non teña xa o irmán, agás "un Romancero de romances de Liñán y de otros, que dicen es nuevo". O resultado desta paixón bibliófila non tardaría en obter público recoñecemento e xa en 1609 un contemporáneo de don Diego, Francisco de Quevedo y Villegas, dedicaba á biblioteca gondomarense a seguinte pasaxe da súa *España defendida*:

> ¿En qué materia del mundo no hay en España sola tantos libros como en todas las naciones, en sola su lengua, en la cual están traducidos todos los griegos y hebreos y latinos y franceses y italianos, como es de ver al que ha visto librerías en España, y, entre todas, la del señor don Diego Sarmiento de Acuña, que es toda de libros en la propia lengua, donde están de suerte que apenas los más de ellos se ven mejores en sus originales? (Luis Astrana Marín [ed.] 1932: 295; cit. Michael & Ahijado Martínez 1996: 187-188).

E en 1619, o enxeñeiro católico inglés George Gage, hóspede de Lerma en Valladolid ao seu paso por España, mostra a súa admiración pola Casa del Sol e anota, respecto á

librería, que «es como de Príncipe y pocas debe haber que tengan tanto bueno" (Sánchez Cantón 1935: 44).

Nese mesmo ano a biblioteca viuse arrequentada coa chegada dos libros e cartas que o conde tiña no seu pazo de Gondomar, e así llo comunica o seu bibliotecario Étienne Eussen:

> Nous avons ouvert tous les coffres qui sont venus de Galicia et j'ay recogneu et conferé tous les livres… Le deux coffres de Cartas non sont venus parmy ceux cy, bien y a il deux autres, un de livres manuscrits e autre plein des habits lesquels nous n'avons pas bougez (RB II/2134, doc. 190).

Xunto cos libros, o conde de Gondomar dispuxo o que poderiamos denominar o seu arquivo persoal, que acolleu, entre outros papeis, a súa correspondencia privada. Este ocupou polo menos nove andeis da sala cuarta, segundo se desprende do «índice de los legajos de la sala quarta y razón de los papeles de varios pleitos que se han hallado en esta librería de la casa del Sol» (BNM ms. 19523, analizado en Andrés Escapa & Rodríguez Montederramo 1998: 40).

Respecto ao traslado desta importante colección libraria e documental ao seu actual paradoiro, a Biblioteca do Palacio Real, sábese que o marqués de Malpica, José Antonio Ortiz de Salazar, o 30 de abril de 1806 entregou a librería ao comisionado real e administrador do Patrimonio Real en Valladolid, Francisco de Ulloa y Olmedilla. O interese do rei pola súa compra é anterior, datable polo menos en 1775, canda o inventario realizado por Diego de Arratia, administrador dos bens do marqués de Malpica, onde consta a carón da descrición de cada un dos libros a súa taxación en reais de vellón (Fernández de Córdoba & Cortijo Medina 1999: 324). Con todo, por diversos motivos, houbo dispersión dunha pequena parte desta biblioteca.

Polo que toca ás cartas, sábese que en 1623 estaban encadernadas en 143 volumes, e así se recolle no "Índice y Inventario de los libros que ay en la librería de don Diego...", que nese ano remata o bibliotecario Enrique Teller:

> Cartas de differentes personas escritas al señor don Diego Sarmiento de Acuña, que oy es conde de Gondomar y del Consejo de Estado y Guerra de su Majestad etc. Comiençan las cartas desde el año 1592 hasta el de 1620; son 143 volúmines (*apud* Manso Porto 1996: 175).

O núcleo principal deste monumental epistolario privado —deixamos á marxe a correspondencia oficial conservada no Archivo General de Simancas—, arredor de 120 volumes, consérvase no Palacio Real, onde foi reencadernado a principios do século XIX en pasta española alterando a ordenación orixinal e poñendo escaso coidado no labor de guillotina, da que foron vítimas numerosas datacións e rúbricas. Un conxunto de doce volumes está hoxe depositado na Biblioteca Nacional, procedente da biblioteca de Pascual de Gayangos (Roca 1904: 60-63); segundo anotación de man do polígrafo no primeiro deles, adquiriunos en 1852 por compra aos herdeiros de Francisco López de la Torre Ayllón y Gallo (Roca 1904: 60). Outros 16 volumes pasaron á Real Academia de

la Historia, procedentes da colección Salazar y Castro (*Índice-Salazar*, t. VI-VII) e un á Real Academia Española (*Cat.Mss.RAE*, ms. 73).

3. CRONOLOXÍA

O arco cronolóxico das dez cartas en galego abarca 23 anos, desde 1596 ata 1619, período en que se desenvolve boa parte do *cursus* militar, administrativo e político do seu destinatario, que en 1617 lle había valer a distinción como conde de Gondomar. En 1596, data de redacción de dúas das cartas que editamos (1596-Gallo e 1596-Obeso), don Diego está na casa patrucial de Gondomar e ocupa o cargo militar de cabo da xente de guerra do bispado de Tui. En 1598, data probable da carta que lle envía o seu sobriño Juan de Lanzós e Andrade (1598-Lanzós), don Diego é correxedor de Toro, cargo para o que fora nomeado no ano anterior. En 1603, data das dúas cartas de Beatriz da Serra (1603-Serra-1, 1603-Serra-2), o señor de Vincios e Gondomar era xa correxedor de Valladolid, e nese mesmo ano concedéuselle a encomenda de Guadalerza (Granada) e mais o cargo de gobernador da vila de Baiona e bispado de Tui (Tobío 1974). De febreiro de 1604 é a carta que lle remite María de Moscoso e Sotomaior (1604-Moscoso), cando don Diego está destinado en Galicia dando cabo á comisión que se lle encomendara en outubro de 1603, consistente na protección e descarga en Baiona de dúas naves portuguesas procedentes da India Oriental con cargamento valioso. O ano de 1605, en que escribe as súas dúas cartas o señor das Achas (1605-Achas-1, 1605-Achas-2), é un ano de mudanzas para Gondomar: no mes de abril, data da primeira delas, está a punto de dar por concluídas as súas funcións como correxedor de Valladolid, pois o 12 de novembro de 1604 foi nomeado para ese cargo Diego Gómez de Sandoval, fillo segundo de Lerma (Tobío 1974: 207), se ben o futuro conde de Gondomar seguirá exercendo ata maio de 1605; en setembro de 1605, data da segunda carta do señor das Achas, Gondomar, xa definitivamente cesado como correxedor, exerce o seu novo cargo, contador maior do Consejo de Hacienda en praza de supernumerario (Tobío 1974: 206), para o que fora nomeado en setembro de 1604. En agosto de 1619, data da derradeira carta, o xa conde Gondomar encóntrase en Madrid, de regreso da súa primeira embaixada en Inglaterra. A súa estadía en España durará ben menos do que el desexara, e en xaneiro de 1620 embarca de novo para Inglaterra.

4. OS CORRESPONDENTES

Pola súa posición social os remitentes constitúen un mostrario representativo da sociedade da época, coa nobreza galega como grupo social mellor representado.

O señor das Achas, que participou en accións militares relacionadas coa defensa das costas galegas fronte á piratería inglesa ou na descarga en Baiona das naves portuguesas Nossa Senhora da Conceição e São Roque cargadas con mercadorías das Indias Orien-

tais, representa os señores que retoman protagonismo grazas ao papel militar que por esa época lle toca asumir ao Reino de Galicia.

Tamén é membro da nobreza e de importante liñaxe, aínda que segundón, don Rodrigo de Moscoso e Sandoval, que destinado á carreira eclesiástica foi deán de Santiago de Compostela e prior de Soriano de Castro, na Igrexa de Córdoba (Crespo Pozo: III 301). É fillo de Lope de Moscoso Osorio e Castro, VI conde de Altamira, e de dona Leonor de Sandoval y Borja, natural de Valladolid. De entre os seus numerosos irmáns –ademais do primoxénito Gaspar, VII conde de Altamira–, destacaron tamén no ámbito da igrexa Baltasar, que alcanzou a dignidade de cardeal e arcebispo de Toledo, e casou a Felipe IV e Mariana de Austria; Melchor, reitor da Universidad de Salamanca; e Antonio, que «fue primero sacerdote y canónigo de Toledo, y más tarde, por indulto de la Santa Sede, fue marqués de Villanueva del Fresno y caballero de Calatrava» (Crespo Pozo: III 301).

Juan de Lanzós e Andrade, asinante dunha carta escrita no mesmo prego e a continuación da que escribe o seu irmán Francisco de Sotomaior, é fillo primoxénito de Fernán Pérez de Lanzós e Andrade e de Ana de Sotomaior e Osorio. Por casamento con «Dª Aldonza, n. y señora de Maceda y vª de Layosa, hija de D. Juan de Novoa y Lemos, señor y natural de la fortaleza solar de Maceda; y de Dª María de Ulloa, n. de la casa solar de Taboada; nieta paterna de D. Alonso López de Lemos, señor de Layosa» (Crespo Pozo: II 479-480), pasará a ser señor de Maceda e de Laiosa.

Máis difícil é establecer a identidade de María de Moscoso e Sotomaior, se ben o lugar de Laiosa, dende o que asina a carta que editamos e algunhas outras conservadas na correspondencia do conde de Gondomar[3], pona en relación co anterior corresponsal, Juan de Lanzós, que, como sinalamos arriba, chegou a ser señor dese lugar. Crespo Pozo (IV 375) menciona unha María de Sotomaior, filla de Pedro IV Álvarez de Sotomaior e de dona Urraca de Moscoso, que casou co seu curmán don alonso Quirós, señor de Mos, e que foi irmá –sempre segundo Crespo– da mencionada Ana de Sotomaior, nai de don Juan de Lanzós e Andrade; sen embrago, datos procedentes do epistolario do conde de Gondomar e de nobiliaios que tratan da casa de Maceda, que habemos analizar con detalle na segunda entrega deste traballo, contradín esa información e permiten postular entre ambos unha relación de irmandade. Esta rede familiar estenderase ata o propio conde de Gondomar, pois a súa filla dona Juana casará con don Diego de Lemos, conde de Amarante, fillo de dona Jerónima de Nóboa e, xa que logo, sobriño de dona Aldonza de Nóboa e de don Juan de Lanzós e Andrade.

Beatriz da Serra comparte coa anterior corresponsal a súa condición de muller. Da súa liñaxe nada sabemos, e a documentación que atopamos limítase, ademais de ás dúas cartas editadas, a outra escrita de súa man, que nos informa sobre dous membros da súa familia. Nesa carta, remitida o 15 de febreiro de 1606, tamén desde Baiona, Beatriz solicita ao conde que interceda en favor do seu cuñado Giuseppe Serolla (RB II/2116, doc. 30). Este personaxe de orixe italiana, a xulgar polo nome, é marido de Violante de Paz, irmá da nosa

Beatriz; viuse obrigado a abandonar Santiago de Compostela a causa dunha pendencia cun soldado e hospédase en Valladolid na casa de Bartolomé de Aguiar, secretario de Guerra.

San Juan de Amorín foi máis pródigo ca Beatriz na súa relación epistolar con don Diego, como era obrigado pola súa condición de criado no pazo de Gondomar, baixo as ordes do administrador Gregorio de Castro e Oia. A relación entre ambos nunca debeu de ser amigable, como así o confirman as numerosas queixas de San Juan dispersas ao longo do epistolario, que conclúen en 1612 cun despido. A determinación de Gregorio de Castro, que, nas súas propias palabras, causou "mucho roydo para tan pequeña monteria" (RB II/2118, doc. 132), non foi ben recibida polo criado, de modo que recorreu a protectores que o favorecesen perante o conde, como se deduce do seguinte fragmento:

> Muy grandes concilios me dicen que se an echo sobre el aber yo despedido a San Juan de Amorín, y que a llebado cartas en que le favorecen con V.Sª... (Carta de Gregorio de Castro a Diego Sarmiento de Acuña, Gondomar, 18-10-1612 [RB II/2118, doc. 132]).

Ao grupo dos letrados pertence o licenciado Pedro Obeso de Oriona[4], que en 1596, cando escribe a carta que editamos, era correxedor de Baiona. A súa traxectoria define perfectamente as aspiracións e frustracións do seu grupo socio-profesional na España da época. Seleccionamos dous momentos da súa biografía que resumen esa andadura: en 1600 desprázase a Madrid coa pretensión dalgún oficio, sen dúbida co desexo de medrar na súa posición social e económica, pero a sorte foille adversa, coma a tantos outros pretendentes que por eses anos asistían á corte. Dous anos despois, en 1602, está asentado en Arenas, desde onde escribe ao conde Gondomar, que nesas datas está en Valladolid. A súa negativa a ir de novo a pretender á corte, que se mudou a Valladolid, e o comentario que fai da súa estadía en Madrid son explícitos dabondo como reflexo do desencanto deste e de tantos outros letrados guiados por igual ambición[5]:

> no me pareçe açertado asistir en esa corte a gastar lo que después no ganaré, que me costó 1000 ducados estar en Madrid un año, y como se me murió el hombre que me avía de sacar de la piscina no içe nada (RB II/2154, 108).

5. A LINGUA ESCOLLIDA

Atopámonos perante un monllo de textos que teñen en común testemuñar o estilo epistolar usado para se dirixir a unha personalidade de alto nivel social e cultural, nun pequeno arco temporal entre finais do século XVI e a segunda década do século XVII. Do resto, os textos son heteroxéneos: non sempre proceden do mesmo estamento social de don Diego Sarmiento de Acuña; os correspondentes non só pertencen a distintos grupos socioculturais, senón tamén a diferentes variedades diatópicas; non todas as cartas son escritas por galegos, cando menos non por galegofalantes espontáneos con plena competencia comunicativa, nin todas saen directamente da pluma dos seus asinantes; por último, os diferentes asuntos que tratan condicionan diversos graos de formalidade nos seus rexistros, e mesmo o cambio de código lingüístico.

O castelán frei Lope Gallo de Avellaneda (1596) escribe da súa man, desde algunha casa da Orde de Santo Antón Abade en Castela, unha carta privada bilingüe, empregando un voluntarioso pero deficiente galego no primeiro, terceiro e quinto parágrafos, máis curtos, e o castelán nos restantes e mais na posdata. Ignoramos a procedencia e extensión dos seus coñecementos lingüísticos e cal é a motivación última desta vontade explícita de usar o galego, que ben puidera ser só réplica amistosa a frases galegas que o propio Gondomar entremete nas cartas que lle envía[6]; en todo caso cómpre salientar que non domina ben a lingua, así a todo nada paródica nin hipercaracterizada, mais ao seu pesar inzada de castelanismos.

A práctica bilingüe dáse tamén nos correspondentes galegos, pero de varios xeitos diferentes. Así, cando San Juan de Amorín (Gondomar 1605) colle a pluma para lle dar conta dalgúns asuntos da habenza e, sobre todo, pedirlle que confirme a súa versión nun desacordo retributivo, comeza a súa carta en castelán, con algunhas interferencias que nos permiten entrever que se está sometendo a unha práctica lingüística que lle supón certo esforzo, pero conforme vai avanzando cara ao cerne da súa petición pasa ao galego e só volve á lingua de partida tras cumprimentar os amos, ao final da despedida e na data. Hai por tanto unha compoñente emocional nesta escolla lingüística, que tanto se xustifica pola conmoción de quen escribe coma pola mellor disposición que se pode presumir en quen recibe a demanda de amparo.

É distinta a práctica bilingüe doutros dos seus correspondentes, semellante á que vemos con frecuencia na prosa tabeliónica, de fins do século XV e sobre todo do século XVI, como paso intermedio entre a redacción do documento integramente en galego e a instalación definitiva do castelán como lingua notarial. Así, a carta privada de dona María de Moscoso e Sotomaior (Laiosa 1604), que mestura desculpas, ofrecementos e petición de grandes e pequenos favores, é tamén un texto bilingüe, pero a alternancia de código non se produce en unidades ben diferenciadas nin se reserva a unha pasaxe en particular: comeza en castelán, cun parágrafo de contido bastante protocolario, pasa ao galego en medio dunha causal explicativa ("...y de lo en que pueda servirle a vuestra merced, pues *non desejo cousa máis que*..."), usa esta lingua en todo o corpo da carta e só volve ao castelán nas fórmulas protocolarias de despedida; o cambio de lingua é consciente, cando menos na volta ao castelán, pois trabúcase e emenda <non> por <no> superpoñendo á nasal o grafema <c> inicial seguinte, <si abra alguũha deprobeito yoquepo | dracostar *ypor no(n)cansar*>. Así actúa tamén don Diego Sarmiento de Sotomaior na segunda das súas cartas que editamos (setembro 1605), unha misiva privada ao seu curmán, que trata sobre todo de asuntos do goberno: arrinca en castelán, para pasar inopinadamente ao galego na quinta liña ("obligar a quien tanto quiero y devo y deseo servir a que me jnbíe *sós dúas rregras da súa maom*") e volver á lingua inicial só nas fórmulas corteses da despedida.

Finalmente, a carta bilingüe de don Rodrigo de Moscoso e Sandoval (Santiago de Compostela 1619) evidencia de forma máis clara un uso diglósico de ambos os códigos.

O seu breve texto está escrito en dúas partes ben diferenciadas: a inicial, en castelán e da pluma dun escribán, dá conta dos resultados dunha encarga que lle foi feita por don Diego no ámbito das súas competencias como deán; a segunda, da mesma man cá sinatura de don Rodrigo, é privada e está escrita en galego. O cambio de lingua é tan significativo que suscita ao punto a pregunta sobre a súa motivación, pois ou ben confirma que o galego segue sendo lingua habitual na relación epistolar familiar (como ten afirmado Tobío 1977: 367; 1980: 357), ou ben o deán está impelido pola lingua en que Gondomar se dirixiu a el, ou ben don Rodrigo pertence a un círculo que ofrece algún tipo de resistencia á asimilación lingüística...

Por tanto, só metade das cartas que editamos están escritas integramente en galego. O licenciado Pedro Obeso de Oriona (1596), correxedor de Baiona e seu compadre, envía a Gondomar unha nota cortés escrita e asinada da súa man, tramitada por Benito Valverde, que asina unhas liñas remisivas, tamén en galego. O seu parente don Juan de Lanzós e Andrade (Zamora c. 1598), escríbelle en galego para dar conta dun servizo cumprido e pórse á súa disposición para ulteriores encomendas, no mesmo sentido que ten a carta en castelán doutro seu sobriño, frei Francisco de Sotomaior, que a antecede no mesmo prego; o endoso, onde figura como remitente o mesmo don Juan, está en castelán, pero dado que se dirixe á cidade de Toro non informa sobre cal sería a práctica dentro da Galicia da época. Dona Beatriz da Serra (Baiona 1603) envía dúas cartas consecutivas para lle pedir a don Diego que faga valer a súa influencia perante o gobernador do reino de Galicia en favor de seu irmán; as cartas non autógrafas ("por ser ruyn escriban", e a sinatura mostra de feito moi pouca destreza), escritas ao ditado en galego, amosan algúns elementos en castelán que semellan imputables á práctica lingüística do escribán e non á variedade empregada por dona Beatriz.

Deixamos para o remate a primeira das dúas cartas editadas de don Diego Sarmiento de Sotomaior (abril 1605) –ambas de carácter privado e familiar e ao parecer grafadas da súa man–, escrita "nesta lingoaje, pois é de vm tan estimada", unha variedade dialectal galega con forte influencia, cando menos gráfica, do portugués. É significativa a xustificación da opción de lingua para a redacción da carta, con alusións expresas tanto ás afeccións coñecidas de Gondomar coma á conmoción que lle pode producir a escolla feita ("E por ela me troufe aquj, que coela despertaría v*osa m*e*rcé* do sono de correxidor"). As cartas do señor das Achas e Petán reflicten procuradamente unha variedade dialectal fronteiriza, con trazos concomitantes coas variedades portuguesas veciñas, e nese sentido diferente de todas as empregadas nesta monza de textos, que dentro da heteroxeneidade mostran trazos menos localistas. Por iso non é doado sabermos con certeza se con "nesta lingoaje" o seu curmán se está referindo ao galego no seu conxunto ou á variedade miñota que dalgún xeito comparte o núcleo familiar, e afondando nesta liña se el cre que esa póla pende da árbore galega, da portuguesa ou dun toro común.

6. CRITERIOS DE EDICIÓN

A edición das cartas tenta ser moi respectuosa cos orixinais, con lixeiras modificacións gráficas tendentes a facilitar a comprensión a un lector moderno, no sentido que cremos máis acaído a cada pasaxe. En calquera caso queda sempre testemuño das manipulacións operadas, coas xustificacións que damos ao longo do estudo lingüístico, que verá a luz dentro da segunda parte deste artigo; de por parte, o lector poderá contrastar desde xa a nosa lectura cos facsímiles facilitados. A intervención concrétase nos seguintes aspectos:

a) Actuamos sobre a unión ou separación de sílabas en palabras, tentando de non alterar con iso as características morfolóxicas dos textos. Empregamos o guión <-> como marca de separación morfolóxica, a pesar da silabación, entre a conx. y e a vogal seguinte (*y-a señora may*), nas contraccións de adv. *non* ~ *no* con artigos ou pronomes (*no-nos* distinto de *non-os*, *no-me*, etc.) e nos casos de mesóclise consonte a práctica gráfica portuguesa actual (*Fa-lo-ey de bagar*). Empregamos o apóstrofo <'> para marcar a perda fonotáctica dunha vogal (*d' Oya*).

b) Consonte a práctica da época, os textos carecen de acentos gráficos, de modo que todos os que figuran na nosa edición, de intensidade ou diacríticos, foron inseridos por nós co único obxectivo de guiar o lector moderno. Respecto ao til de nasalidade <˜>, moi infrecuente na grafía da época, mantémolo por fidelidade en todos os casos, mesmo cando é superfluo (<mỹñas>, <yrmaõ>). Mantemos tamén o punto empregado nalgún caso como diacrítico (<vn.a letra>).

c) Aínda que na nosa lección e no estudo temos en conta os escasos signos de puntuación presentes nos textos, na edición puntuamos segundo o uso moderno para dar así conta da interpretación atribuída a cada pasaxe.

d) Regularizamos maiúsculas e minúsculas, de acordo co uso moderno. Este proceder lévanos a cambiar sistematicamente <R> por <rr>.

e) Mantemos a disparidade gráfica, aga cando é preciso contribuírmos ao correcto establecemento do texto tal como debe ser lido, deixando constancia e xustificación no apartado correspondente. Así, substituímos <c> por <ç> en <esperanca> *esperança* ou <mereca> *mereça*, e mais <n> por <ñ> nos casos en que temos ampla marxe de seguridade de cal fonema se quere representar, como en <mina> *miña*.

f) Desenvolvemos as abreviaturas marcando con cursiva as letras repostas (*vosa mercé*) e con <(?)> os desenvolvementos dubidosos, coma en "a meu yrmaõ Jerónimo Fernández (?)". Encerramos entre parénteses cadradas os fragmentos supostos ("no soy m[ás] | larga") e os grafemas que nos pareceu preciso inserir, segundo se xustifica no lugar axeitado ("obrigarme a [a] myn y a ele", que se debe ler como 'obrigarme ha a min e a el'); as parénteses curvas encerran os segmentos que deben ser eliminados, como en <po(r)la rresposta>.

g) En caso de emenda do escribente, editamos a forma que na nosa opinión reflicte mellor a derradeira vontade deste; no apartado ou apartados correspondentes do estudo lingüístico queda constancia das formas emendadas que consideramos de interese para a historia lingüística.

Edición crítica e facsimilar

1596-Gallo

Se eu voto un crauo á rroda da fortuna, meu señor, yo e chegado a o alto dela, pues teño a nosa tía en miña pousa con os ossos amados de su hirmao, y no-nos faltaua sino vosa mercé e nosa doña para pasar este enuerno, que onte ubo muy boa geada, uea v*osa* m*ercé* que será por o janeyro.

Después que no ui a v*uestra* m*erced* an pasado por mí mill auenturas. Fenescí el año con salir de Madrid acabadas las partijas y llegué a Valladolid tal que pensé morirme. Reparéme un poco y acudiendo otro día de s*an*t Antón al casamiento de mi sobrina, como era materia de gusto, que tan mal me suele auenir luego, llegó nueba del mal vltimo del coronel, donde con arto rriguroso tiempo fui asistiendo a su muerte y luego al casam*ient*o de su hijo mayor con una dama de n*uest*ro lugar, y esta ocupación llegó asta la primera semana de quaresma, que asta la 2ª de pascua me detube en esta casa trauajando arto en preuenir cosas para n*uest*ro capítulo, que fue en Toledo y partí a él a los 21 de abril y se fenesció en 20 de mayo, con variedad de sucesos, pero los vltimos y importantes fueron como yo pudiera desear y voluí a Madrid, y estando los huesos de n*uest*ro s*an*to tío tan sin olor y enteros como si fuera enbalsamado de muchos años, salimos de allí y guiándonos él y sacándonos de grandes peligros llegamos aquí muy llenos de agua víspe*r*a del Sp*iri*tu S*an*to.

Quedó a perra aña fameada y-a cautelosa Ortega doña de súa doña, la qual fizo muytos pucherinos que, se foran tan certos como merescía, la causa desa soledade y la perda que fazía duxéranlo, que a uida dispois acá se saue está mellor y en el disponer de si y de sus [verso] bees anda uagarosa y ya a Ortega fizo s*an*t Ju*an* y se alarga en la vitalla, que antes andaua a despensa muy curta.

Llegados aquí fue imposible pasar adelante según estauan tomados en mi fauor los caminos de arroyos, y más sauiendo la casa en S*an*t Juan de Ortega no estaua acauada. Mi s*eñor*a d*oña* Ysauel por me hazer m*erced* gusta honrrarme en esta soledad, de que yo estoy tan ufano que no sé de mí, y soy tan necio que siempre estoy malo y nunca salgo de la cama, creo que el mucho rregalo me manca. Uerdad es que los caminos y ciudades me traen ya uenzido. La uida de aquí en todo es menos buena q*ue* deue escreuir mía tía, que de todo se contenta y sastifaze, más q*ue* ello meresce y paga más que se puede merescer, y de Burgos uendrán algunos que asta aora se an estoruado, y la salida de aquí crea v*uestra* m*erced* q*ue* por mi interés la dilataré lo que yo pueda.

A auido festas brauas. O fillo de León saleu mestre de capella. Uerdade é que o libro iba en un mal latril. Ubo danzas y muytas invenzones, e premos de arta quantía de rreás á mellor. Aora se trata de una gran cossa para a missa noua de un meu collazo y tomara yo acá a n*os(r)*o Lopo Ambrossio y un par de gaytas para q*ue* no faltara nada á festa.

Yo e dado a v*uestra* m*erced* entera q*uen*ta de lo que acá pasa y deseo sauer la de v*uestra* m*erced* y de mi s*eñor*a d*oña* Costanza, cuyas manos ueso muchas uezes, y si ay algo de Madrid, que ya aunque v*uestras* m*erced*es no quieran pienso tenerles muy presto por acá, que no creo podrán pasar sin uer a quien tanto les quiere. Yo de mi sé con muchas ueras deseo seruir a v*uestras* m*erced*es y con ellas quedo rrog*ando* N*ues*tro Señor guarde a v*uestras* m*erced*es y toda esa cassa como yo se lo supl*i*co. De S*an*t Antón, 25 de junio 1596, a mi s*eñor*a d*oña* Juana y al s*eñor* d*on* García ueso muchas uezes las manos y las de v*uestra* m*erced* diez y compañía.

Don fr*ay* Lope Gallo de Auellaneda

A mi s*eñor*a d*oña* Costanza ymbío estos taos, supplico a v*uestra* m*erced* dé licencia pa*ra* q*ue* sea de la orden, y he sentido mucho las nueuas de los aprestos de la Inglessa, q*ue* de fuerza ha detener a v*uestra* m*erced* por allá.



Reprodución facsímile de 1595-Gallo.
Copyright Patrimonio Nacional



Dees anda vagarosa y ya cortega fizo S. Hi. y se alarga en la vitalla
que antes andaua a despensa muy curta ~
llegados aqui fue imposible pasar adelante segun estauan tomados en mi
fauor los caminos de arroyos y mas que sauiendo la casa en S. Juan de or
tega no estaua acauada mi s.ª d. ysauel por me hazer md. gusto honrra
me en esta soledad de que yo estoy tan ufano que no se de mi y soy tan
necio que siempre estoy malo y nunca salgo de la cama creo que el
mucho regalo me manca verdad es que los caminos y auidades me
traen ya venzido la vida de aqui en todo es menos buena q̃ deue
escreuir mi tia que de todo se contenta y sastifuze mas q̃ ello meres
ce y paga mas que se puede merescer y de burgos ve niran algunos
que asta aora se an estoruado y la saliua de aqui crea V. m. q̃ por mi
interes la dilatare lo que yo pueda.
a auido festas brauas ofillo de leon sabeu mestre de capella verdad
e que olibio iba en un mal latril ubo danzas y muytas inuenzones e
premios de arta quantia de reas a mellor. aora se trata de una gran
cossa para a missa noua de un meu collazo y tomara yo aca a mi
lopo Ambrossio y un par de gaytas para q̃ no faltara nada a festa ~
yo e dado a V. m. entera q.ta de lo que aca pasa y deseo sauer la de
V. m. y de mi s.ª d. Costanza cuyas manos veso muchas vezes y si ay algo
de maiorio que ya aunque a V. mds no quieran pienso tenerles muy
presto por aca que no creo podran pasar sin ver a quien tanto les
quiere yo de mi se con muchos veras deseo seruir a V. mds y con
ellas quedo Rog.º nro s.r guarde a V. mds y todo esa cassa como yo
se lo sup.co de S. Anton 25. de Junio 1596. a mi s.ª d. Juana y al s.r D.
garcia veso muchas vezes las manos y las de V. m. Diez y compania ~

A mi S.ra D. Costanza ymbio estos tacos, supp.co a V. m. de
licencia para q̃ sea de la orden, y he sentido mucho las
[illegible] de la Inglesa, q̃ de fuerza ha de tener a V. m. por alla

Don fr. Lope Gallo
de auellaneda

1596-Obeso

Aquí nos ten v*osa* m*ercé*, se*ñ*or compadre, tan a seu seruiço como sempre. Cando eu fore a uisitar Peytieros, Chin e Morgadáns irey por a casa de vosa m*erce*d p*ar*a veyjar as mans a vosa m*erce*d y-a miña s*eñor*a comadre e antes si eu pudere, porque quería vejar as mans e ver a vosa m*erce*d antes da festa de o señor S*an*t Franc*is*co. A miña s*eñor*a dona Juana e dona Costança veixo as mans, e meu secretayro e meu algaçil façen o mesmo, e todos as do se*ñ*or don Garçía. Noso Se*ñ*or garde a bosa m*erce*d muytos anos. De Mañufe, oxe corta feyra 2 de ot*ubr*e de 96,

El li*cenci*ado Obeso

Por mandado de o señor lecençeado Pedro de Oveso de Oriona corre*gedo*r da vila de Vayona por súa magestade,

Benjto Balberde



Reprodución facsímile de 1596-Obeso.
Copyright Real Academia de la Historia

c. 1598-Lanzós

Eu beyjo a v*osa* m*erce*d as mans muytas ueçes por a memoria que tubo de acordarse de min, suprico a v*osa* m*erce*d que non me oluide. A miña s*eñor*a doña Costança fago o mismo, q*ue* é veyjarlle as mans, e que ningún no mundo é máis seu servidor q*ue* eu, e como atal terrey a muyta dita se acorde [verso] de enpregarme en cousas de seu seruiço, con muyta certeça que ninguén con tanta uontade como eu a seruirá, que en miña conciança q*ue*, quando eu non tibera a obrigaçón que o mundo saue, pola nobreça q*ue* en v*osas* m*ercé*s coñeço o fijera. A esos meus señores seus fillos de v*osa* m*erce*d e primos meus veyjo infinitas ueçes as mans, e Deus os faga en todo seus fillos de v*osa* m*ercé* e de miña señora doña Costança, a quens g*uar*de Noso Señor como eu seu criado desejo. Çamora, oje sabado,

Seu sobriño de v*osa* m*erce*d e seruidor,

Don Ju*a*n de Lançós y de Andrade

[endoso]

A mi tío don Diego Sarmi*ent*o de Acuña señor de Vincios y Gondomar y corregidor de la ciudad de Toro.

De don Ju*a*n de Lançós y Andrade.



Reprodución facsímile de 1598-Lanzós.
Copyright Patrimonio Nacional





1603-Serra-1

Permita Noso Señor ache esta a v*osa* m*ercé* y-a señora dona Costanssa e señores fillos con tanto contento e saúde quanto a miña alma deseja. Todas as uezes que se ofresce non leyxo de pescudar por v*osa* m*ercé* e por todas súas coussas. E na alma folgo, e todas miñas hirmás, q*ue* ban tan adiante as coussas de v*osa* m*ercé* e confío en Deus han de ser milloradas, porque ho meresçe ho ser e balor de v*osa* m*ercé* e ho mereçeu a ben abenturada da señora dona Juana, súa may, que Deus dé gloria, e lle aparessa os bes e merçés que nos a feyto en súa cassa, así hela como v*osa* m*ercé*, que Deus goarde.

No-me olbido nen olbidarey de encomendar a Deus en mỹnas fracas oraçois todas as cousas de v*osa* m*ercé* ao quale pesso me faza m*erce*d seja sauedora dos bes de bosa merced e da señora dona Costança e do se*ñ*or yrmaõ don Garçía, q*ue* lebarey coysso o contento y-alegría que deuo.

Eu estoy nesta uilla de Bayona nas cassas donde moraba meu pay, que Deus aja, e sen marido, bay por doçe anos que passou ha Yndea, mais de qualquera sorte serta p*ara* o serbisso de v*osa* m*ercé* aquy se achou meu hirmao Jerómino F*ernández* (?), q*ue* biue en Pontev*edra*, de quen v*osa* m*ercé* foy padriño y a se*ñora* may madriña, q*uando* v*osa* m*ercé* nos fes m*erce*d como senpre de alegrarnos e onrrarnos con súa nobressa. E pois que v*osa* m*ercé* entonçes o honrrou e a nós, nos conbén que agora nos faza m*erce*d de vma carta para o señor gouernador deste reyno don Luis Carrillo, porque ele [verso] tras vn preyto con vn alcalde que foy da bila de P*ontevedra* sobre vma senrrezón que fes a miña hirmán téndoho a ele presso e, p*ara* que o se*ñ*or gouernador e oubidores lle fazan justiça rreta, me pidiu rrogasse a v*osa* m*ercé* o favorescese con seu balor encargándolle este negoçio, porque será m*ui*ta m*erce*d para nós e obrigarme a [a] myn y a ele para estarmos sertos. E beña a carta encargada como de maõ de v*osa* m*ercé* con heste ordinario para que entendan q*ue* en todo v*osa* m*ercé* nos faz merçed e nos anpara como senpre.

Nouas da terra v*osa* m*ercé* as terá a meudo. Está perdida. Temos esperança coas boas nouas q*ue* nos deraõ das pases bolua a seu ser de todo.

Reseberey m*erce*d abisarme v*osa* m*ercé* da saúde de v*osa* m*ercé*, prencipalmente, e de miña se*ñora* dona Costanssa e dos se*ñores* fillos, os quais dé Deus bida a v*osa* m*ercé* p*ara* que os beja no estado que eu desejo a v*osa* m*ercé*. Non escrevo por miña lettra por ser rruyn escribán, fa-lo-ey de bagar. Noso Se*ñ*or guarde y-engrandessa súas cousas como pode. De Bayona, aos 20 de mayo de 1603 a*nos*.

[Autógrafo] Servidora de v*osa* m*ercé*, Briatís da Ser[r]a



Reprodución facsímile de 1603-Serra-1.
Copyright Real Academia de la Historia



1603-Serra-2

Con el correo de Pontevedra escrevy a v*osa* m*ercé* antes de agora en que sinificaua a v*osa* m*ercé* o muyto gosto e contento q*ue* tiña, y-os desta cassa de v*osa* m*ercé*, por me dezeren q*ue* v*osa* m*ercé* y-a señora dona Costanssa y-os señores fillos y-o señor yrmán don Garçía todos tiñan saúde, permita Noso Señor darlla tan cunprida e acauada como eu a desejo e senpre a desejey, amén. Teño muyta consolaçón por oubir senpre boas nouas de v*osa* m*ercé* e q*ue* súas cousas ban muy adiante, confío en Deus serán senpre milloradas porque o mereeçe a nobressa de v*osa* m*ercé* y-o mereseu a ben abenturada da s*eñor*a dona Joana, súa madre, que Deus teña en súa santa gloria e lle aparessa os bes que dela hey rreseuido, e miñas yrmás. Pedía a v*osa* m*ercé* na que escrebía que, pois senpre folgou onrrar a cassa de meu pay e anparala con súa nobressa e balor, q*ue* agora ma faza tan cresida, y he que a meu yrmaõ Jerónimo F*ernández* (?) de Ponteuedra, vn alcalde que foy da bila mesma passando as tropas dos soldados lle a feyto vma senjustiça tocándolle na onrra, q*ue* he coussa p*ara* a cassa de meu pay de m*uy*ta estima, e pois v*osa* m*ercé* ho onrrou en seu desposorio sendo seu padriño y a s*eñor*a súa may, por seu balor me he nesario vma carta de man de v*osa* m*ercé* e de outras pesoas q*ue* conesçan o s*eñor* gouernador deste rreyno para que fassa castigo e guarde a justiça anparándo[o] enela, e quero ber a m*erce*d q*ue* se lle faz por parte de v*osa* m*ercé*, a quen ho señor goarde os anos q*ue* eu lle desejo, q*ue* non serán menos que os meus, en bida [verso] da señora dona Costança a quen beyxo as maus mill vezes y ao s*eñor* don Garçía, e queyra Deus se logren os anos q*ue* Deus pode darlle. A carta yrá derijida á casa de meu yrmaõ Jerónimo F*ernández* (?) a Ponteuedra coeste mensajeyro q*ue* de hay bay e vosa mercé me faza m*erce*d abisarme de súa saúde e contento e de seus beis, q*ue* será para mjn alegría, e mándeme en que o sirua conforme estou obrigada.

Esta terra está perdida. Temos boas nouas que ay pases. Abíseme v*osa* m*ercé* disso o que hay. De Bayona, binte de mayo de 1603 a*nos*.

Seruidora de v*osa* m*ercé*,

Briatís da Serra



Reprodución facsímile de 1603-Serra-2.
Copyright Patrimonio Nacional



1604-Moscoso

Primo y señor mío:

Pensando que sus pleitos y enfados de don Antonio le diesen lugar a que pudiese ir a besar a vuestra merced las manos y por él açer esto, me aguardé asta aora, que según lo que deseo continuarlo, por lo que se me sigue de contento y de gusto, me parece ya muy tarde. Vuestra merced, mi prim[o] y mi señor, me perdone y me la aga de abisarme por éste de su salud y de la de la señora dona Costança y de todos esos señores mis primos y de lo en que pueda serbirle a vuestra merced, pues non desejo cousa máis que enplearme nel toda [a] bida y-eso terei por muy gran dita.

Aynda teño esperança que don Antonio ha de bir da Coruña a tenpo que lle poda a meu primo e señor beijar [fol.1v] as maus, que eso será parte a que non sinta ningún traballo, Noso Señor lle queira dar ese alibio. Eu teño aquí vnha cerba mansa, dícenme ten vosa mercé vn bosque junto a súa casa de Ballaulid, quijera que fora matrimonio enteiro para que quedara poboado deles, pero yrá agora a cerba e despois procurarémoslle o marido.

O pretendente por quen escribe don Antonio suplico a vosa mercé, primo, o faborezca en todo, porque con eso pueda salir con el suceso que le deseamos y en ello la rrecibiremos muy grande.

Pola merced das porcelanas beijo as maus a vosa mercé muytas beces, que por ser de tal mau ey eu de pólas na guarda que tas prendas merecen, e mais lle digo a vosa mercé que si fijera mayorasgo as pujera nel, pero eu non so tan boa que mereça telo, cuanto máis façelo.

Señor meu primo acá me diçen tran esas nabes marabillas y-entre elas yndias grandes labrandeiras. Ynbiei a meu yrmau no sei cuanto para que me conprase una e como non se bende nada paréceme que por [fol.2r] eso non ma conpró. Vosa mercé ma faga tan grande de abisarme si abrá algunha de probeito y-o que podrá costar. Y por no cansar más a vuestra merced no soy m[ás] larga. Guarde Nuestro Señor a vuestra merced, primo y señor mío, tantos años y con los aumentos de mayor estado que yo deseo. Laiosa y de hebrero 27 de 604.

Dona María de Moscoso y Sotomaior



Reprodución facsímile de 1604-Moscoso.
Copyright Patrimonio Nacional





1605-Amorín

En estremo me a pesado de que el señor Lázaro de Losada me aya quitado de que yo no fuese este camino sirbiendo a v*uestra* m*erced*, que mis deseos eran ber yo a v*uestra* m*erced* para dar rrelación a v*uestra* m*erced* del arboledo que se a quitado de la biña, que en toda ella no a quedado árbol chico ni grande, y la otra prantía de la Torre que v*uestra* m*erced* me dexó encargado ba buena, porque están plantados ciento y çinquenta y dos castaños, más doçientos menos quatro carballos tanbién en la Torre.

Bien sabe v*uestra* m*erced* y se le acordará de dos d*ucado*s que pedí a v*uestra* m*erced* para vn debantal de Marta y v*uestra* m*erced* me yzo m*erced* de darme tanbién vnos çapatos. V*uestra* m*erced* me aga m*erced* como sienpre de declarar si aquellos dos d*iner*os y los çapatos fueron a quenta de mi selario, porque Franc*i*sco Brabo los sientó por mi quenta y me lo dá acá en quenta Lázaro de Losada. Bea v*uestra* m*erced* la m*erced* que en esto me a de azer.

Acórdeselle a su m*ercé* do que su m*ercé* me a prometido por muytas bezes bindo polo camiño, q*ue* dixo que onde quer que quixese tomase vn bo bestido, e mo dixo v*osa* m*ercé* por muytas bezes diante de Franc*i*sco Troncoso e de fray Diego de Zamora. E confiado súa m*ercé* me a de faze-la m*ercé* a quedo agardando e rrogando a Deos lle dea tanta saúde como eo desexo. A Franc*i*sco Trancoso, que estou ben agardando po(r)la rresposta de Mariquita, que sin ela nona podo mandar, e llo diga v*osa* m*ercé* así.

Marta Rodriges e eo beyjamos os pés de miña señora dona Costança e os de v*osa* m*ercé* e os de mi señor don Lope e de todos esos señores. De Gondomar, y ebrero 6 de 1605.

San Juan d'Amorín



Reprodución facsímile de 1604-Moscoso.
Copyright Patrimonio Nacional

1605-Achas-1

Gran traballo é estar tan lonje do que bein se quer. E ysto podo eu dezer por v*osa* m*ercé* y-este seu cativo, q*ue*, en naon bendo vn.a letra de v*osa* m*ercé*, logo ando en pesqujsa de queim a tem, y-en béndoa, logo naon pregunto máis. E tíñame v*osa* m*ercé* tan agastado que, se naon fora tenpo tan santo como é oje, estava p*ara* naon fazer ysto. Mais Noso Señor me encamjñou q*ue* ja que que perdoava aos ynjmjgos perdoase a meu dono e señor, e mais que fixese ysto nesta lingoa-je, pois é de v*osa* m*ercé* tan estimada. E por ela me troufe aquj, que coela despertaría v*osa* m*ercé* do sono de correxidor. E se ev naom tibera aquj a conpañía portuguesa ja fora desfeito das outras naçoins q*ue* aquj corren con muytos bentos. O q*ue* troufer a v*osa* m*ercé* a esta súa terra será mjllor q*ue* o que traz as naos de contrataçaom a este porto. Mereza ev saver de v*osa* m*ercé* e de miña s*eñor*a dona Costanza, e deses meus señores, e q*uan*do a de ser o casamento de mjña s*eñor*a d*ona* Joana, q*ue* ja é muyto aguardar, e se o señor fora Sarmento ja bramara pola mjña señora. Mande por min, q*ue* ja q*ue* vm naon é correxidor, [verso] farei justiza coa alçada da pimenta. E tanvén se acorde v*osa* m*ercé* de darlle marjdo porque tenpo é a nosoutros quedar vein, o que naon sei se será se aguardar outro ynverno nesta umjdad, e mais que nos qujtou v*osa* m*ercé* o bon conpañeyro e nos deija en poder da justiza crjmjnal, mais con jente [b]oa q*ue* o fará ser çebill. Dona M*ari*a e dona Costanza veinjan as maons [a] v*osa* m*ercé* e á boa Joaniña, y-elas y-eu as de miña s*eñor*a d*ona* Costanza y-eses meus señores, en cuja conpañja g*uard*e Deus v*osa* m*ercé* muytos anos e lles dé tan boas saídas de pascoas como todos os desta súa casa lle desejamos. Vajona, oje Vernes Santo, 8 de abrjll de 605.

Di*e*go Sarmiento de Sotomayor

Perdoe v*osa* m*ercé* o papel pequeno, q*ue* aynda este naom me mereze.



Reprodución facsímile de 1605-Achas-1.
Copyright Patrimonio Nacional



1605-Achas-2

Bien sé q*ue* canso. Pero descanso. Porque ya que de boca no puedo ablar, siquiera vna vez en la semana quiero por pluma bengarme y obligar a quien tanto quiero y devo y deseo servir a que me jnbíe sós dúas rregras da súa maom pera ter por pítima para o coraçaom, q*ue* en vendo letra do meu señor don Diego logo descansa, y-así a que rreçevím por D*ie*go G*arcí*a me serve de entreter as savdades con lela cada día. V*osa* m*ercé* ordene como o señor tesourejro y-ev o podamos ver presto, e se naom faça v*osa* m*ercé* conta q*ue* os olandeses lle levaron dous catibos yndo ós coellos ás ynsoas. Naom se espante v*osa* m*ercé* destas branduras, q*ue* saom Sarmento e crjado á veira de Portugal, e v*osa* m*ercé*, mev señor, me bolveu a juntar coeles, e así naom poso deyxar de dezer jsto e ser agradezido de quem tanta m*erce*d me faz. Os olandeses fizeron liberdad con os nabíos que tomaron ao mostejro d' Oya, e foy que lles deron aos mestres vn dos nabíos con toda a sal, e toda a jente dos dous botaron naquele. [verso] E pois estes fezeron esta liverdade, v*osa* m*ercé* procure q*ue* meu se*ñ*or don Ju*an* d' Acuña y-eses se*ñ*ores da Junta do noso Portugal nola den con bribidade ao señor tesourejro y-a min, e naon pase pela maom de Figuejredo, que virá mujto escasa, como foy a provisaom dos mercadores da pimenta, q*ue* faz firmar a vn Rej tan xeneroso y liberal q*ue* se quixeren conprar os sacos llos vendaom, e se naom q*ue* llos naom prestem. Espantoume muyto esta pouqujdade, q*ue* se foraom mester os do meu graonçiño, de Petam os mandara catar e llos prestara por lebaren fazenda de súa mag*esta*de. E sendo o se*ñ*or tesourejro y-ev de muyto grande coraçaom nos mandara muyto curto rrescate, porq*ue* Figueyredo é muyto peq*ue*no en tudo, e o mev estómago naon sofre cousas peq*ue*nas; bolbo a dezer a v*osa* m*ercé* q*ue* a liçença naom tarde, porq*ue* ja se pasa o tenpo de colle-lo meu panziño e se naom naom terej que comer o ynverno e ficarej como çigarra q*ue* cantou no beraom e no jnverno pedía á formjga, e meu vmor ja bosa m*erce*d o save q*ue* é máis de dar q*ue* de pedir, se podese. Se podese, v*osa* m*ercé* o rremedie todo, pois o a de ser meu. Ja me pareçe que so largo e q*ue*ro acabar esta, y-a miña Janjña Sarm*ie*nto me beim abraçar e naon q*ue*r q*ue* escreva máis, e me pareçe q*ue* tein rraçaom pelo q*ue* deve a m*erce*d q*ue* v*osa* m*ercé* lle faz.

D*oña Marí*a y doña Costanza v*esan las* m*anos* a v*uestra* m*erced*, y-ellas y yo las de mi se*ñor*a doña Costanza y-esos mis señores ijos de v*uestra* m*erced* en cuya conpañja g*uard*e Dios a v*uestra* m*erced* muchos años, como yo deseo y menester. Vajona, y set*iembr*e 20 de 605.

D*ie*go Sarmiento de Sotomayor



Reprodución facsímile de 1605-Achas-2.
Copyright Patrimonio Nacional



1619-Moscoso

No é rrespondido a su carta de V*uestra Señoría*, que me dieron los días pasados, en que me mandaba fauoreçiese la causa de Antonio Núñez, hasta poderle embiar a V*uestra Señoría* abiso de lo q*ue* suçediesse, q*ue* por la misericordia de Dios se hiço todo bien, y en este punto me le acaban de embiar los inquissidores, libre y sin sospecha de lo que le impusieron. É estimado en mucho se offreçiese ocasión en que V*uestra Señoría* me quisiese emplear en su serbiçio, a que acudiré con muchíssimo gusto todas las vezes que me quisiere mandar. Guarde N*uestro Señor* a V*uestra Señoría* como desseo. Sanctiago, 19 de Oct*u*bre 1619.

A seu sobriño de V*osa Señoría* tuue nestes días acó que me folguei muyto con ele, que é muy bo galego, e má mes (?) p*ara* o conde de Oñate, que me folgo assí nos honrre V*osa Señoría*. Ogano ay por acó muita má ventura, que perdimos o panciño, si Deus no-nos remedia por outro camiño.

Don R*odrig*o de Moscoso y Sandoual

Conde de Gondomar,



Reprodución facsímile de 1619-Moscoso.
Copyright Patrimonio Nacional

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ANDRÉS ESCAPA, Pablo & José Luis RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (1998): «Manuscritos y saberes en la librería del Conde de Gondomar», *El Libro Antiguo Español IV. Coleccionismo y bibliotecas (siglos XV-XVIII)*, 13-81.
Cat.Gondomar = *Catálogo de la Real Biblioteca*. T. XIII. *Correspondencia del Conde de Gondomar*, Madrid, Patrimonio Nacional, 1999-2003, vol. I-IV.
CHARTIER, Roger (1992), "Espacio social e imaginario social: los intelectuales frustrados del siglo XVII", en *El mundo como representación. Historia cultural: entre práctica y representación*, Madrid, Gedisa Editorial.
CRESPO POZO, José Santiago (1997): *Blasones y linajes de Galicia*. Introducción de Carlos Martínez-Barbeito, A Coruña, Ed. Boreal.
FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, Enrique & José CORTIJO MEDINA (1999): «Noticias sobre la venta de la librería del conde de Gondomar al rey Carlos IV y su traslado al Palacio Nuevo de Madrid», *Cuadernos para Investigación de la Literatura Hispánica* 24, 309-328.
GARCÍA CARRAFFA, Alberto e Arturo (1919-1953): *Enciclopedia heráldica y genealógica hispano-americana*, Madrid, Imprenta de Antonio Marzo.
GARCÍA ORO, José (1997): *Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar y Embajador de España (1567-1626). Estudio biográfico*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
GAYANGOS, Pascual (1869): *Cinco cartas político-literarias de D. Diego Sarmiento de Acuña...* Publícalas la Sociedad de Bibliófilos, Madrid, Imprenta de M. Rivadeneyra.
Índice-Salazar = VARGAS-ZÚÑIGA Y MONTERO ESPINOSA, Antonio, Marqués de Siete Iglesias (1949-1979): *Índice de la Colección de Don Luis Salazar y Castro*, Madrid, Real Academia de la Historia.
MANSO PORTO, Carmen (1996): *Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar (1567-1626): erudito, mecenas y bibliófilo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
MICHAEL, Ian & José Antonio AHIJADO MARTÍNEZ (1996): «La casa del sol: la biblioteca del Conde de Gondomar en 1619-1623 y su dispersión en 1806», *El Libro Antiguo Español III. El Libro en Palacio y otros estudios bibliográficos*, Salamanca, Universidad, 185-200.
RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO, Xosé Luís (1999): "Otra carta en gallego dirigida al conde de Gondomar", *Avisos* 17, 8.
ROCA, Pedro (1904): *Catálogo de los manuscritos que pertenecieron a D. Pascual de Gayangos existentes hoy en la Biblioteca Nacional*, Madrid, Tip. de la Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos.
PÉREZ COSTANTI, Pablo (1930): *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago, Seminario Central.
SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco Javier & Salvador BERMÚDEZ DE CASTRO Y O'LAWLOR (1935): *Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar: 1567-1626. Discursos leídos ante la Academia de la Historia*, Madrid (s.i., s.a.).
TOBÍO, Lois (1973): «Gondomar e o galego», *Grial* 40, 133-144.
TOBÍO, Lois (1974): *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos.
TOBÍO, Lois (1977): «Outras dúas cartas en galego a Gondomar», *Grial* 57, 366-377.
TOBÍO, Lois (1980): «Galego familiar escrito a comenzos do século XVII», *Grial* 69, 357-358.
URREA, Jesús (1996): *Arquitectura y nobleza. Casas y palacios de Valladolid*, Valladolid, Consorcio IV Centenario Ciudad de Valladolid.

Notas

1 Nesa segunda parte estudaremos detalladamente, no plano histórico, a relación que existe entre o correspondente e o destinatario, así coma o contido de cada unhas das cartas, coa identificación, ata onde nos sexa posible, dos motivos e personaxes mencionados; e, no plano lingüístico, a especificidade de cada texto e a variación que se observa neles, sobre todo no plano diacrónico e diatópico. A segunda entrega achegará tamén un glosario conxunto.

2 Véxase a súa descrición en Urrea 1996: 101-104.

3 Por exemplo, a que no ano anterior, 1603, lle remite ao conde sobre o encabezamento das alcabalas do sal e a compra dunha cadea "de aditamentos" (RB II/2137, doc. 50).

4 Obeso é apelido de orixe cántabra (García Carraffa:LXII, 210-213); en canto ao segundo apelido, localizamos en Galicia en 1510 a un Pedro de Oriona, mestre canteiro, que traballou na capela do Hospital Real de Santiago (Pérez Constanti 1930: s.v. Oriona).

5 Véxase ao respecto a análise de Chartier (1992: 165-180) sobre a frustración dos intelectuais no século XVII. Considera este estudioso que é a fins do século XVI cando se produce o maior desfase entre o número de graduados universitarios e a dispoñibilidade de postos na burocracia.

6 Como en RAH A74 fol. 406, onde parece evidente que Gallo (San Antón, 19-10-1602) só pode reproducir unha frase procedente da carta de Gondomar a que responde: "solo deseo su magd acabe de resolver en lo del patronazgo desto y que entre en posessión y v.m. dé ese gallo y *media duzia de perdigóns*, que si tubiéramos..." (a cursiva é nosa). Naturalmente, subsiste a necesidade de explicar por que don Diego vai trufando de galego as súas cartas, se o fai de maneira habitual ou con este correspondente en particular, e nese caso por que.

IV

Vida oficial da RAG

A academia na actualidade

Crónica da academia

Necrolóxicas

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2003)

Directiva da Real Academia Galega

Desde o 20 de decembro de 2001, a Executiva da RAG está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
- Secretario: D. Manuel González González.
- Vicesecretario: D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
- Arquiveiro-Bibliotecario: D. Antonio Gil Merino.
- Tesoureiro: D. Andrés Fernández-Albalat Lois.

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Domingo García-Sabell Rivas. Ingreso: 20 de xuño de 1959. (Faleceu o 5 de agosto de 2003).
2. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández del Riego. Ingreso: 26 de novembro de 1960.
3. Excmo. Sr. D. Antonio Meijide Pardo. Ingreso: 25 de maio de 1963. (Faleceu o 25 de xuño de 2004).
4. Excmo. Sr. D. Antonio Gil Merino. Ingreso: 13 de decembro de 1975.
5. Excmo. Sr. D. Xulio Francisco Ogando Vázquez. Ingreso: 18 de abril de 1980. (Faleceu o 1 de abril de 2005).
6. Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Araúxo Iglesias. Ingreso: 27 de maio de 1980.
7. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
8. Excmo. Sr. D. Constantino García González. Ingreso: 12 de marzo de 1982.
9. Excmo. Sr. D. Francisco Xabier Río Barxa. Ingreso: 25 de xuño de 1983.
10. Excma. Sra. D.ª Olga Gallego Domínguez. Ingreso: 15 de novembro de 1986.
11. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
12. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui. Ingreso: 25 de novembro de 1992.
13. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.

14. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
15. Excma. Sra. D.ª Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
16. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
17. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
18. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández. Ingreso: 24 de outubro de 1998.
19. Excmo. Sr. D. Xaime Illa Couto. Ingreso: 29 de xaneiro de 1999.
20. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
21. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
22. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
23. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
24. Excma. Sra. D.ª Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
25. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
26. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
27. Excmo. Sr. D. Camilo González Suárez-Llanos. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
28. Excmo. Sr. D. Manuel María Fernández Teixeiro. Ingreso: 15 de febreiro de 2003. (Faleceu o 8 de setembro de 2004).
29. Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.

Relación dos académicos de honor actuais

- Excmo. Sr. D. Antonio Tovar Bobillo. Ingreso: 15 de marzo de 1997. (Faleceu o 16 de xuño de 2004).

Relación dos académicos correspondentes actuais

1. Ilmo. Sr. D. Francisco Mayán Fernández. Ingreso: 16 de xaneiro de 1944.
2. Ilmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
3. Ilmo. Sr. D. Benito Varela Jácome. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
4. Ilma. Sra. D.ª Pura Vázquez Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
5. Ilmo. Sr. D. Carlos Pereira Amil. Ingreso: 4 de maio de 1952.
6. Ilma. Sra. D.ª Aurora Vidal Martínez. Ingreso: 4 de maio de 1952.
7. Ilmo. Sr. D. Manuel Lucas Álvarez: Ingreso: 4 de marzo de 1955.

8. Ilmo. Sr. D. Baldomero Cores Trasmonte. Ingreso: 5 de xuño de 1958.
9. Ilmo. Sr. D. Luís Santiago Sanz. Ingreso: 1 de marzo de 1960.
10. Ilmo. Sr. D. Antonio Iglesias Álvarez. Ingreso: 23 de abril de 1961.
11. Ilmo. Sr. D. Emilio Merino Losada. Ingreso: 17 de xuño de 1964. (Faleceu o 30 de outubro de 2004).
12. Ilmo. Sr. D. Xosé Isorna Ferreirós. Ingreso: 25 de xuño de 1967.
13. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
14. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
15. Ilmo. Sr. D. Alejandro Campos Ramírez, "Alejandro Finisterre". Ingreso: 17 de decembro de 1967.
16. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
17. Ilmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 26 de xaneiro de 1969.
18. Ilmo. Sr. D. Francisco Guitián Ojea. Ingreso: 19 de abril de 1970.
19. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
20. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo: Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
21. Ilmo. Sr. D. Manuel Cecilio Díaz Díaz. Ingreso: 17 de decembro de 1972.
22. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
23. Ilmo. Sr. D. Agustín Sixto Seco. Ingreso: 29 de xullo de 1979. (Faleceu o 30 de decembro de 2004).
24. Ilma. Sra. D.ª Eva Lloréns Rodríguez. Ingreso: 19 de xullo de 1981. (Faleceu o 5 de setembro de 2004).
25. Ilmo. Sr. D. Manuel Remuñán Ferro. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
26. Ilmo. Sr. D. Teodoro Sandomingo García. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
27. Ilmo. Sr. D. Ramiro Fonte Crespo. Ingreso: 17 de xuño de 1995.
28. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
29. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
30. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
31. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
32. Ilmo. Sr. D. Santiago Daviña Sáinz. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
33. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
34. Ilma. Sra. D.ª Teresa Barro Muñoz–Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
35. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.

36. Ilmo. Sr. D. Ramón Lugrís Pérez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
36. Ilmo. Sr. D. Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
37. Ilmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
38. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
39. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
40. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
41. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
42. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
43. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
44. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
45. Ilmo. Sr. D. Benigno Fausto Galdo Fernández. Ingreso: 12 de xullo de 2003.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2003)

XUNTAS CELEBRADAS

Co Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria nas seguintes datas:

— Xunta extraordinaria e pública: 15 de febreiro
(ingreso do Excmo. Sr. D. Manuel María Fernández Teixeiro)
— Xunta ordinaria: 22 de febreiro
— Xunta ordinaria: 26 de abril
— Xunta extraordinaria e pública: 17 de maio
(Día das Letras Galegas)
— Xunta extraordinaria e pública: 6 de xuño
(ingreso da Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco)
— Xunta ordinaria: 12 de xullo
— Xunta ordinaria: 25 de outubro
— Reunión consultiva: 17 de decembro

A Comisión Executiva da Real Academia Galega, reuniuse nas seguintes datas:

— Xunta de goberno: 10 de xaneiro
— Xunta de goberno: 11 de febreiro
— Xunta de goberno: 9 de abril
— Xunta de goberno: 26 de maio
— Xunta de goberno: 19 de xuño
— Xunta de goberno: 4 de xullo
— Xunta de goberno: 16 de setembro
— Xunta de goberno: 2 de outubro
— Xunta de goberno: 10 de decembro
— Xunta de goberno: 15 de decembro

INGRESO DE ACADÉMICOS

Numerarios

— Excmo. Sr. D. Manuel María Fernández Teixeiro.
En substitución do Excmo. Sr. D. Marino Dónega Rozas.
Data de ingreso: 15 de febreiro de 2003.
Título do discurso: *A Terra Chá: poesía e paisaxe*.
Resposta do Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín.

— Excma Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco.
En substitución do Excmo. Sr. D. Antonio Iglesias Vilarelle.
Data de ingreso: 6 de xuño de 2003.
Título do discurso: *Variedade e diversidade da lingua: algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar*.
Resposta do Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.

Correspondentes

— Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar.
Ingreso: 22 de febreiro de 2003.

— Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido.
Ingreso: 22 de febreiro de 2003.

— Ilmo. Sr. D. Benigno Fausto Galdo Fernández.
Ingreso: 12 de xullo de 2003.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2003

Foi dedicado á personalidade do escritor e poeta Antón Avilés de Taramancos. O Día das Letras Galegas transcorreu na vila natal do homenaxeado, en Noia.

A sesión académica extraordinaria e pública celebrouse o 17 de maio no Teatro Coliseo Noela, coas intervencións dos académicos:

— Excma. Sra. D.ª Xohana Torres
— Excma. Sra. D.ª Luz Pozo Garza
— Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño
— Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

SECCIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

I. Sección de Lingua: componse dos seguintes seminarios:

- **Seminario de Lexicografía** creado en 1983.
  Director: D. Manuel González González.
  Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvoltos

1. Continuáronse os labores de redacción de novas entradas, de incremento de novas acepcións nos artigos xa existentes, e corrección dos artigos redactados no *Diccionario da Real Academia Galega*.
2. Tamén se seguiu traballando na redacción do *Diccionario bilingüe castelán-galego*, e foi necesaria unha revisión total dos artigos xa redactados para adaptalos ás novas normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego aprobadas pola Academia no mes de xullo.
3. Durante este ano apareceron as seguintes publicacións relacionadas co traballo do Seminario:
   — González González, M.: "*Proxectos lexicográficos en curso*" en: González Seoane, E. (coord.): *A estandarización do léxico*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003, páxs. 499-550.
   — González González, M.: "Síntese dos cambios no novo texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobado pola Real Academia Galega en sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003, con respecto ao texto da edición de 1995", *Cadernos de lingua*, 25 (2003), 129-142.

- **Seminario de Sociolingüística** creado en 1990.
  Director: D. Manuel González González.
  Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
  Traballos desenvoltos:
  Ao longo do ano 2003, o equipo de investigación do Seminario de Sociolingüística da RAG realizou as seguintes actividades:

1. Posta en marcha do proxecto de investigación *Actualización do Mapa Sociolingüístico de Galicia*
   De acordo coa temporalización establecida para o desenvolvemento deste proxecto, durante o ano 2003 realizáronse as seguintes actividades: 1. Revi-

sión bibliográfica e estatística, 2. Revisión e corrección do cuestionario, 3. Concurso e adxudicación do traballo de campo, 4. Deseño mostral.

Como características máis salientables desta actualización cómpre sinalar: unha maior atención ás áreas urbanas e suburbanas; atención á zonificación das cidades galegas; fixar o obxecto de estudo na poboación entre 15 e 54 anos; estudar tamén a situación sociolingüística do galego estremeiro.

A mostra final considerada parte da realización de 8.900 entrevistas dun universo total de 1.508.949 galegos, o que suporía un erro máximo de +/-1.05 para os datos globais.

2. O Seminario de Sociolingüística elaborou unha proposta de partida para o deseño dun *Plan Xeral para a normalización da lingua galega*, que entregou á Dirección Xeral de Política Lingüística.
3. Colaboración no proxecto *Análise da situación do ensino bilingüe na Comunidade Autónoma de Galicia*.

   Colaborou coa Universidade de Santiago na realización do proxecto de investigación titulado *Análise da situación do ensino bilingüe na Comunidade Autónoma de Galicia* (cód. PGIDT02EDU20401PR), financiado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e do que é investigador principal Manuel González González. Neste proxecto preténdese realizar unha avaliación da competencia, usos e actitudes lingüísticas dos mozos ao rematareen o ensino secundario obrigatorio. De acordo cos obxectivos do proxecto, durante o ano 2003 deseñáronse e testáronse os instrumentos de medida de todas as dimensións previstas para o estudo das competencias bilingües ao final do ensino secundario obrigatorio: 1. Cuestionario de información sociolingüística, 2. Instrumento para avaliar a comprensión oral, 3. Instrumento de avaliación da expresión escrita, 4. Instrumento para avaliar a comprensión escrita, 5. Instrumento de avaliación das interferencias lingüísticas, 6. Instrumento de avaliación da expresión oral, 7. Instrumento de avaliación da fonética.

   Para testar as probas deseñadas escolleuse unha mostra de estudantes de 4º da ESO da comarca de Santiago. Despois da análise dos resultados dos diferentes instrumentos deseñados foi preciso realizar algunhas correccións antes de aplicalas sobre a mostra definitiva.
4. Durante o ano 2003 publicáronse os seguintes traballos, realizados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega:
   - — *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e aos discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.
   - — "Revisión das actitudes lingüísticas da mocidade galega: resultados dunha achega indirecta e cualitativa", en *Cadernos de Lingua* 25, Real Academia Galega, páxs. 63-74.
   - — "The draft of measures to improve attitudes towards the Galician language and the extension of its use", *Noves SL. Revista de sociolingüística (http://cultura.gencat.net/llengcat/noves)*, Barcelona: hivern, 2003.
   - — "Actitudes lingüísticas en Galicia", en *Grial* ,160, páxs. 52-59.

— "As actitudes lingüísticas dos mozos e mozas galegos: Unha achega mediante técnicas cualitativas e experimentais", en *Actas dos VI Encontros para a Normalización Lingüística*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

- **Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMIGAL)**, creado en 1996.
  Director: D. Manuel González González.
  Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
  Traballos desenvoltos

1. Realizouse a revisión da guía de estilo e glosarios iniciais para a localización de Windows XP ao galego, a pedimento de Microsoft.
2. Traballouse no estudo das equivalencias galegas do *Léxico panlatino do comercio electrónico*, proxecto internacional levado a cabo no seo de Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía) e coordinado polo Bureau de la traduction do goberno do Canadá. Este léxico, que será publicado en liña proximamente, recolle un conxunto de termos especializados de comercio electrónico en inglés e nas principais linguas románicas, entre elas o galego.
3. Continuouse a revisión e ampliación das seguintes bases de datos terminolóxicas:
   — Vocabulario de informática e Internet
   — Vocabulario da industria téxtil
   — Vocabulario de relacións laborais
   — Vocabulario de siglas
   — Vocabulario administrativo
4. Durante o ano 2003 continuou en funcionamento o Servizo de Consultas, que ten como finalidade a resolución de dúbidas terminolóxicas e asesoramento lingüístico a particulares (diferentes profesionais, entre os que se atopan tradutores, técnicos de normalización, profesores etc.) e institucións públicas (Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, universidades etc.). Como resultado deste traballo, a base de datos de consultas existente ampliouse con máis de 200 fichas terminolóxicas novas. Ao longo deste ano tamén se levou a cabo unha revisión dos diferentes campos das fichas preexistentes, ampliando o número de equivalencias doutras linguas, engadindo exemplos de uso e imaxes ilustrativas de determinados termos.
5. Como resultado do convenio con algunhas institucións, realizáronse diversas traducións de textos especializados do castelán cara ao galego, así como revisión e corrección de documentos (documentación administrativa e de contabilidade de Repsol YPF, documentación administrativa e exemplar de *A Voz do Porriño*, documentación administrativa e descricións enolóxicas para etiquetaxe da Cooperativa do Ribeiro etc.)
6. Púxose en marcha o servizo Arrecada, que ten a finalidade de *arrecadar* e someter a estudo e discusión problemas e propostas denominativas sobre termos cos que tradutores, traballadores de servizos de normalización lingüística, científicos e outros profesionais se atopan na súa actividade diaria.

7. Organizáronse eventos científicos de importancia, como:
   — O IV Simposio da AETER (Asociación Española de Terminoloxía) (6 e 7 de novembro).
   — O I Simposio Galego de Terminoloxía (6, 7 e 8 de novembro), este en colaboración co Consello da Cultura Galega.
8. Participou en Congresos e reunións científicas especializadas coas seguintes contribucións:
   — González González, Manuel: "Avaliación da situación da terminoloxía en Galicia", *I Simposio Galego de Terminoloxía* Santiago de Compostela, 6-8 de novembro 2003.
   — González González, Manuel: "Cómo organizar la terminología en España", Mesa redonda (con participación de Rosa Colomer, Amelia de Irazazábal, Fernando Pardo e Mercé Lorente; coordinada por María Teresa Cabré), *IV Coloquio de la AETER*. Santiago, 6-7 novembro 2003.
   — Castaño, Berta: "Arrecada. Ficha de traballo terminográfico de Termigal e da Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade", *I Simposio Galego de Terminoloxía*, Santiago de Compostela, 6-8 de novembro 2003.
   — María Montserrat Muriano Rodríguez, Berta Castaño Torrado, Inés Veiga Mateos: "Presentación das bases de datos terminolóxicas elaboradas en Termigal", *I Simposio Galego de Terminoloxía*, Santiago de Compostela, 6-8 de novembro 2003.

- **Seminario de Gramática,** creado no ano 2000.
  Directora: D.ª Rosario Álvarez Blanco.
  Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Real Academia Galega.
  Traballos desenvoltos:
  Elaboración e redacción da gramática institucional.
  Traballos conducentes a un Dicionario de construcións verbais, en colaboración co Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela.
- **Seminario de Onomástica**, creado en 2001.
  Director: D. Antón Santamarina Fernández.
  Financiamento: Real Academia Galega.

II. Sección de Historia

Creada en 1998.
Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Financiamento: Parlamento de Galicia e Real Academia Galega.
Traballos desenvoltos:
Esgotada a primeira edición da obra *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2003)*, a Real Academia Galega e o Parlamento de Galicia encargaron unha segunda edición que chegou ás librerías no ano 2003. O coordinador xeral do proxecto, o profesor Barreiro Fernández, e os doutores Beatriz López Morán e Xosé Luís Mínguez Goyanes, responsables respectivamente

dos tomos I e II, dan conta de importantes modificacións que se teñen introducido nesta segunda edición tanto na parte textual como nas ilustracións.
Entre os proxectos desta sección ocupa un capítulo importante a catalogación, transcrición e anotación do monumental epistolario de D. Manuel Murguía.
No mes de maio de 2003 saudamos a aparición do primeiro volume do que son responsables o profesor D. Xosé R. Barreiro Fernández e de D. Xosé L. Axeitos. O libro apareceu na colección *Galicia Viva* da Fundación Pedro Barrié de la Maza.
Está previsto que todo o prezado material epistolar arredor da figura do primeiro presidente da Real Academia estea a disposición dos investigadores no ano 2006 coincidindo coa efeméride do Centenario da institución.

III. Sección de Literatura

Creada en 1998.
Director: D. Xesús Alonso Montero.
Financiamento: Real Academia Galega.
Traballos desenvoltos:
Cómpre salientar a aparición inmediata do primeiro froito dun proxecto de grande interese denominado *Letras da Academia*. Trátase de aproveitar a abondosa e fértil documentación inédita que como doazón, principalmente, ten chegado á Academia.
Cunha edición da obra poética de D. Antonio de la Iglesia a cargo da profesora Saurin de la Iglesia comeza o desenvolvemento deste ambicioso proxecto literario.
Outro capítulo importante desta sección, ademais de promover a edición crítica e rigorosa de determinados textos canónicos da nosa literatura, acaba de rematar coa entrega á imprenta da a obra de Pondal *Os Eoas,* coa que comeza o desenvolvemento daquel ambicioso proxecto literario. A crítica textual a cargo do profesor D. Manuel Ferreiro estará precedida polos estudos dos tamén profesores D. Manuel Forcadela e D. Xosé R. Pena.

Biblioteca e Hemeroteca

Creadas en 1905.
Director: D. Antonio Gil Merino
Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
Traballos desenvoltos:
Na biblioteca desenvolvéronse as tarefas que a continuación se detallan:

— Asentamento, selado, rexistro informatizado e rotulado dos materiais máis recentes dos que convén salientar o fondo Isidro Parga Pondal.
— Saneamento e reordenación do faiado distribuíndo os materiais alí gardados ata o momento segundo a súa natureza cara a outras dependencias da RAG (hemeroteca, soto...).
— Revisión dos fondos da sala de folletos: ordenación interna, substitución dalgunhas caixas e traslado para a hemeroteca dalgunha publicación periódica alí asentada.
— Elaboración dunha listaxe dos fondos de Emilia Pardo Bazán trasladados do cuarto andar ao museo coa indicación do lugar que ocupan na actualidade.

— Continuación das tarefas de catalogación e informatización no cuarto e quinto andares.

Na Hemeroteca levouse a cabo organización definitiva do fondo galego e americano coas conseguintes tarefas:

— Revisión de todo o fondo coa inclusión de novos títulos que proviñan doutras dependencias da RAG (Arquivo, sala de folletos, cuarto e quinto andares e soto) ou ben que chegaron como doazón, intercambio ou compra (Fondo Isidro Parga Pondal).
— Recolocación de parte das publicacións periódicas por razóns de conservación e revisión de rótulos.
— Catalogación informatizada de todo este fondo.
— Inicio da dixitalización de parte das publicacións de fondo galego grazas a un convenio coa Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Arquivo

Creado en 1905.
Director: D. Antonio Gil Merino.
Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
Traballos desenvoltos:
Arquivos persoais:

— Organización e descrición dos fondos da Familia Pardo Bazán, Eduardo Pondal e Arquivo Parga Pondal.

Arquivo fotográfico**:**

— Catalogación dos seguintes fondos: Manuel Casás, Eduardo Pondal, Rey Escariz, Familia Pardo Bazán, José Baldomir, Santiago Bonome e Xavier Bóveda
— Tarefas de limpeza, aspirado e instalación definitiva con material adecuado.

Arquivo Academia:

— Organización e descrición dos expedientes dos académicos (1 100 en total).
— Contidos do Arquivo para a páxina web.
— Informatización da correspondencia da RAG (ano 1905).
— Creación de documentos normalizados para a xestión administrativa.

Coleccións:

— Organización e breve descrición dos manuscritos orixinais existentes no Arquivo.
— Índice de mapas, planos, carteis, bandos, debuxos e gravados.

CONVENIOS

Durante o ano 2003 a Real Academia Galega asinou unha serie de convenios de colaboración con distintas entidades, co fin de desenvolver proxectos concretos:

— Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para o mantemento do Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega.

— Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para a organización da décimo quinta edición dos cursos de verán de lingua galega para estranxeiros.
— Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para continuar coa nova edición do dicionario da Real Academia Galega e redactar a gramática galega.
— Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para darlle continuidade ao equipo de traballo sociolingüístico.
— Convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a informatización da biblioteca e o arquivo.
— Financiamento da edición do *Boletín da Real Academia Galega* 2002, pola Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones, S.A.
— Convocatoria de proxectos en colaboración 2002-2003. Convenio de colaboración entre a Fundación Pedro Barrié de la Maza e maila Real Academia Galega para a catalogación e dixitalización das publicacións periódicas antigas da Real Academia Galega e creación da Hemeroteca Virtual da Real Academia Galega.
— Convenio entre a Universidade da Coruña e a Real Academia Galega para a creación da páxina web da Real Academia Galega.
— Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e Real Academia Galega para o financiamento das actividades do ano dous mil tres.
— Acordo de colaboración entre Obras Sociais de Caixa Galicia e a Real Academia Galega para contribuír ao financiamento da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS

Ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ao desenvolvemento da súa actividade diaria dos seguintes organismos:

— Excma. Deputación Provincial de Lugo.
— Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
— Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

REPRESENTACIÓN DA RAG

— Consello da Cultura Galega.
— Consello de Comunidades Galegas.
— Fundación Cidade da Cultura.
— Instituto da Lingua Galega.
— Padroado da Biblioteca do Real Consulado.
— Padroado da Biblioteca Nacional.
— Padroado da Fundación Caixa Galicia.
— Padroado da Fundación Carlos Casares.
— Padroado da Fundación Castelao.
— Padroado da Fundación Curros Enríquez.
— Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
— Padroado da Fundación Luís Seoane.
— Padroado da Fundación Manuel Curros Enríquez.

— Padroado da Fundación Rosalía de Castro.
— Padroado do Museo do Pobo Galego.
— Padroado da Fundación Camilo José Cela.
— Padroado da Fundación Otero Pedrayo.
— Padroado da Fundación Manuel Puente "Cultura Gallega" de Bos Aires.

PREMIOS NOS QUE A RAG TEN REPRESENTACIÓN COMO XURADO

— Premio Antón Losada Diéguez.
— Premio das Letras e das Artes de Galicia.
— Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres.
— Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo.
— Premio Antonio López Ferreiro de Investigación Humanística e Premio para Investigadores Mozos (área de humanidades) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación.
— Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

— Arquivo do Reino de Galicia.
— Caixa Galicia.
— Caixanova.
— Centro Galego de Imaxe (CGAI).
— Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
— Concello da Coruña.
— Consello da Cultura Galega.
— Fundación Luís Seoane.
— Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
— Fundación Rodríguez Iglesias.
— Hércules de Ediciones, S. A.
— Instituto da Lingua Galega (ILG).
— Museo de Pontevedra.
— Universidade da Coruña.
— Universidade de Santiago de Compostela.

DOAZÓNS E ADQUISICIÓNS

— O 20 de xaneiro de 2003, D. Andrés Martínez-Morás Soria, académico correspondente da Real Academia Galega (RAG) fixo doazón á dita Corporación de diversa documentación, cartas, xornais e manuscritos da súa propiedade (2ª entrega).
— O 19 de febreiro de 2003 D. Justo Cortizo Sóñora doou unha copia do manuscrito orixinal de *Apuntes para un diccionario galego* de Luís Aguirre del Río.
— O 15 de abril de 2003 a Real Academia Galega adquiriu a biblioteca de D. Isidro Parga Pondal.
— O 2 de xullo de 2003, D.ª María do Carme Mourelo Gallardo fixo doazón de diversa documentación do médico, escritor e académico fundador, D. Xesús Rodríguez López.

— O 4 de xullo de 2003 o Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández, actual Presidente da Real Academia Galega, doou á biblioteca desta institución exemplares do *Boletín Oficial Eclesiástico del Arzobispado de Santiago*, os correspondentes ao período comprendido entre os anos 1862 e 1866.
— O 5 de decembro de 2003, D. Manuel Lousa Rodríguez, fixo doazón á Real Academia Galega dun impreso que contén o "Discurso leído por Dª. Emilia Pardo Bazán en los juegos Florales de Orense el día 7 de junio de 1901".
— O 19 de decembro de 2003, D. Manuel Losada Varela doou unha carta autógrafa do Dr. D. Roberto Novóa Santos, datada o 28 de outubro de 1922.
— O 19 de decembro de 2003, D. Rodolfo Núñez de las Cuevas doou dúas reproducións do mapa de Galicia de Fontán.

PUBLICACIÓNS

— ÁLVAREZ BLANCO, R. *Variedade e diversidade da lingua: algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar*. A Coruña: RAG, 2003. Discurso de ingreso.
— BACHILLER OLEA. *Vocabulario[s] gallegos escuros: lo q[ue] quieren dezir*. Ed. J. L. Pensado. A Coruña: RAG, 2003. (*Cadernos de lingua*. Anexo 7).
— BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (coord.). *Parlamentarios de Galicia (1810-2003)*. 2ª ed. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia; A Coruña: RAG, 2003.
— *Cartas a Murguía*. Ed. X. R. Barreiro Fernández e X. L. Axeitos. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza: RAG, 2003.
— CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN. *[catálogo]*. A Coruña: RAG: Concello da Coruña, 2003.
— *Emilia Pardo Bazán homenaxeada en privado nas dedicatorias dos libros de moi ilustres escritores*. A Coruña: RAG, 2003.
— FERNÁNDEZ TEIXEIRO, M. M. *A Terra Chá: poesía e paisaxe*. A Coruña: RAG, 2003. Discurso de ingreso.
— GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.) *O galego segundo a mocidade : unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: RAG, 2003.
— ALONSO MONTERO, X. (ed.) *Rosalía de Castro traducida ó latín e cantada en latín e grego clásico: (noticia e textos): homenaxe ó profesor Sergio Álvarez Campos*. Padrón (A Coruña): Centro de Estudios Rosalianos; A Coruña: RAG, 2003.



DOMINGO GARCÍA SABELL (1908-2003)
Ensaio arredor dunha fotografía

Víctor F. Freixanes

O pasado 5 de agosto do ano 2003 falecía na Coruña, rodeado da súa familia e dos seus amigos, Domingo García-Sabell. Tiña noventa e cinco anos. Nacera en Santiago de Compostela o 8 de outubro de 1908. Durante dúas décadas, entre 1977 e 1997, data en que por razóns de saúde presentou a dimisión, presidiu a Real Academia Galega, institución na que ingresara en 1959, un ano despois que Ricardo Carballo Calero e un ano antes que Francisco Fernández del Riego.

Contra mediados do ano 1998, en sendo eu director de Alianza Editorial, recibín o orixinal en castelán de *Paseata arredor da morte*, que daquela estaba a piques de aparecer en Galaxia. Era a derradeira entrega dun pensador e ensaísta a quen, dende a perspectiva que empeza a dar a distancia, e logo de repasar a dimensión da súa obra, máis intensa ca extensa, pero dotada dunha extraordinaria coherencia interior, atrévome a cualificar, sen disimulo, de luxo ou galano intelectual das nosas letras contemporáneas.

De feito, a *Paseata arredor da morte* era, coma quen, a súa despedida. Así o percibiamos moitos. E non obstante, escrita dende a lucidez de quen se sente case que na fronteira, malia o que de primeiras o título parece suxerir é un canto afervoado á vida, á afirmación da vida e da existencia plena do ser humano, reivindicación profunda desta condición, deborcado –iso si- diante do "gran acontecemento", o gran salto, que el entendía que non podía ser no baleiro, pero que o enchía de dúbidas e de inseguridades, ao tempo que, paradoxalmente, o afirmaba nalgunhas certezas, abordado todo na liña de rigor intelectual e pensamento libre, sen apriorismos fáciles, que caracterizou o discurso vital (e existencial) do seu autor. Culminaba daquela, cun cerre tan estremecedor que mesmo semellaba calculado, o discurso intelectual dun dos homes cimeiros da chamada "xeración Galaxia".

Algunha vez téñome referido a unha fotografía que alguén tirou nas caeiras dos Ancares (outros din que no Cebreiro) contra os primeiros anos 60. Nela aparecen Francisco Fernández del Riego, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell. Dos cinco, segue entre nós, lúcido e apaixoado, Fernández del Riego, quen por certo había suceder a García-Sabell na presidencia da RAG en 1997 e ata o 2001, por catro anos.

García-Sabell viste chaqueta de la, o colo da camisa aberto e apoia a man dereita nun caxato. O vento da montaña axita levemente os seus cabelos. Olla directamente á cámara. Nesa fotografía está representado un pequeno grupo xeracional que marca e

lidera o rexurdir das letras galegas contemporáneas despois da guerra civil, o que o profesor Xesús Alonso Montero ten denominado nalgunha ocasión "segundo rexurdimento". É unha fotografía que en si mesma merece un ensaio. Ramón Piñeiro, apoiado tamén nun caxato, ocupa a posición máis elevada, aínda que lixeiramente retirado, detrás de Ánxel Fole, que ten unha cabicha na boca e introduce a man por dentro da chaqueta. A ollada de Fole, coa perna dereita dobrada contra o lado esquerdo, é a máis retranqueira. A dos outros catro é unha ollada directa. Celestino Fernández de la Vega (*O segredo do humor*, 1963) está no medio. Dos cinco, Fole é o único que leva garabata, aínda que co colo da camisa tamén desabotoado. Representa a ficción literaria. Xunto con Eduardo Blanco Amor (*A esmorga*, 1959) e Álvaro Cunqueiro (*Merlín e familia*, 1955), configuran a trepia do rexurdimento literario da posguerra. Os outros catro son o ensaio, o pensamento, xénero no que sobrancea o grupo e que inspira a estratexia de Galaxia, que se constituíra en Compostela o 25 de xullo de 1950 cunha decidida vocación de intervención cultural (tamén política, cando menos indirectamente) a prol da lingua e a recuperación da dignidade intelectual de Galicia. Por aquelas datas (1963) iniciaba a súa andaina a revista *Grial*, proxecto especialmente querido polo grupo, que tivera dificultades nunha primeira etapa. Para completar o núcleo inicial de ensaístas, que Ramón Piñeiro animaba e en certo modo orientaba, cumpriría engadir (ausentes na foto) a Rof Carballo (*Mito e realidade da terra nai*, 1957) e a Xaime Isla Couto.

Foi Francisco Fernández del Riego quen puxo en relación a Ramón Piñeiro e a Domingo García-Sabell. Seica dende o primeiro momento se produciu unha forte atracción intelectual entre eles, fundamentada na admiración e no mutuo respeto, que co tempo frutificaría nunha inquebrantable amizade. Piñeiro introduce a García-Sabell no círculo de Galaxia (ata o punto de que á morte de Ramón Otero Pedrayo, primeiro presidente da editora, García-Sabell ocupa o seu lugar na presidencia) e, por extensión, no galeguismo cultural. Tamén na escrita en galego. Os primeiros textos de García-Sabell nesta lingua aparecen nas páxinas de *Grial*.

A personalidade de Domingo García-Sabell ten catro dimensións cando menos: 1. a profesional, como médico, formado en Alemaña e no pensamento da Escola de Heidelberg, a escola que, segundo Carlos Leira, introduce na medicina o concepto de persoa: o suxeito psíquico do paciente na Patoloxía (a chamada Patoloxía Psicosomática); 2. a dimensión humana e de anfitrión cultural, que con tanto afecto e admiración lembran algúns membros das novas xeracións que se incorporan á vida estudantil compostelá nos anos 50 e 60, e que tiñan na casa do doutor García-Sabell e da súa dona Elena un punto de referencia e un extraordinario lugar de encontros e descubrimentos (entre outros a posibilidade de coñecemento e visita de personalidades sobranceiras como Américo Castro, Rodrigues Lapa, Zubiri, Laín Entralgo, Aranguren, Julián Marías...); 3. a dimensión institucional e política, animador no seu momento do grupo Realidade Galega, o que o levou a aceptar cargos a condición de senador por designación real nas Cortes

Constituíntes durante a transición política, ou a Delegación do Goberno en Galicia (1981-1906); e 4. a dimensión intelectual, como pensador e escritor (en galego e en castelán).

Destas catro dimensións, as dúas primeiras permanecerán na memoria dos seus pacientes e amigos, así como das persoas das xeracións formadas naqueles anos que tiveron na residencia familiar da Rosaleda, en Santiago de Compostela, un referente de formación intelectual e galeguista, na compaña de Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo ou o propio Ramón Piñeiro, entre outros. A terceira forma parte das continxencias do ser político, que se compromete co seu tempo alí onde cre que pode ser útil e máis operativo (o proceso de galeguización institucional no delicado período da transición da ditadura á democracia, despois da morte do xeneral Franco en 1975). A cuarta, sen dúbida, permanecerá e prolongarase na medida en que saibamos ler, comprender e difundir a súa obra, achega vizosa ao discurso do pensamento e as letras galegas contemporáneas. É esta dimensión, sen desmerecer as anteriores, a que cómpre, sobre todo, salientar.

Domingo García-Sabell é unha das figuras cimeiras do ensaio galego de posguerra. A aparición de *Ensaios I* (1963) e *Ensaios II* (1976) representan quizais o seu gran momento de madurez. No conxunto da súa obra, asuntos tan variados como a arte, a comunicación, a antropoloxía do home e da muller galegos, a psicoloxía social, o erotismo, a soidade, a curiosidade intelectual (e emocional) do ser humano diante da enfermidade ou a morte, alternan con estudos sobre personalidades significativas, nosas e universais, como Rosalía de Castro, Valle-Inclán, Castelao, Luís Seoane, Novoa Santos, Emilia Pardo Bazán, Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Carlos Maside, James Joyce, Saul Bellow, Van Gogh ou Pablo Picasso, ata configurar un mosaico que, na súa totalidade, constitúe un expoñente claro do xeito de entender Galicia que tiña aquel grupo xeracional, o da fotografía: identidade (autenticidade) e universalidade, rigor intelectual e liberdade de pensamento, precisión analítica e vocación de estilo, individualidade e compromiso coa estirpe común. A lingua e o pensamento galegos abren o seu discurso cara a dentro e cara a fóra, cando menos nas cuestións que o preocupaban, cuestións sempre de carácter esencial, poucas veces accidental ou circunstancial.

O seu traballo sobre Rosalía de Castro, publicado no libro colectivo *7 ensayos sobre Rosalía* (1952) amosa unha capacidade de observación, unha vocación universalista (a partir da identidade do ser galego) e unha sensibilidade intelectual pouco frecuentes, extraordinariamente enriquecedoras no seu momento. Inauguraba daquela unha liña de preocupación que culmina no citado *Paseata arredor da morte* (1999) e que inclúe unha selecta nómina de títulos (*A pintura como comunicación*, 1971; *As facianas do erotismo contemporáneo e outros ensaios*, 1976, *Carta ao pintor Luis Seoane*, 1983; *A Coruña: onde nace a luz*, 1989, *Análise existencial do home galego enfermo*, 1991) aos que debemos enga-

dir a colaboración periódica e constante en cabeceiras xornalísticas e revistas especializadas (tamén de especialidade médica) dentro e fóra de Galicia, así como unha importante actividade como conferenciante, xénero no que brillaba singularmente. Algúns dos seus traballos periodísticos están recollidos en volumes como *Cen relembros*, (1993), *Os gromos do pensamento* (1996), *Libro dos comentos* (1996) ou *Tempo de lecer* (1998). En castelán publicou, entre outros títulos, *Rosalía y su sombra* (1952), *Disculpa de Galicia* (1955), *Retrato de un médico gallego* (1957), *Notas para una antropología del hombre gallego* (1966) e *Tres síntomas de Europa* (1968). Como tradutor salientan as súas achegas á obra de Heidegger e Spranger. Como prologuista, algúns dos seus traballos adquiren a dimensión de brillantísimos ensaios, tal o que serve de limiar á *Escola de menciñeiros* (1959) de Álvaro Cunqueiro. Foi editor da obra poética e da correspondencia do poeta Manuel Antonio.

A medicina e as letras. A curación (tamén) pola palabra. A maxia sanadora do verbo. Velaí o seu interese polos vellos menciñeiros. A palabra e a fe, que no fondo é a credibilidade (do receptor) respecto de quen emite a mensaxe, ata punto de entregarse e rexurdir, da súa man, das profundidades. A loita contra a depresión (física e psíquica). A construción do discurso como valor (e factor) de identidade. O concepto de autenticidade, tan querido. O pensamento coma canle liberador. A arte como vía de coñecemento. Rosalía... Castelao... Maside... Picasso... A vella escola alemá na que se formou abríralle os camiños da significación da alma (a psique) para explicar os procesos do comportamento biolóxico, nos individuos e nas sociedades. Todo na tradición do máis circio humanismo. A obra de García-Sabell fai compatible (e complementa) a arte de curar e curación pola arte (a sensibilidade do artista). Era un liberal. Profundamente liberal. Na mellor tradición do pensamento libre.

A lingua non configura un territorio neutro. O uso culto do galego, tamén no ámbito da vida social, era para o grupo Galaxia unha ferramenta de transformación da realidade. García-Sabell utiliza o idioma moi conscientemente neste sentido. A precisión, a vocación de estilo, o rigor na selección das palabras e na configuración do discurso expositivo caracterizan un corpus literario, rico e complexo, enraizado na identidade do país e, ao mesmo tempo, universal (a lingua como ferramenta de acceso e difusión do coñecemento), sempre pensando nunha sociedade nova, moderna, democrática e aberta.

Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, a súa cidade natal. Continuou despois a súa formación en Suíza e Alemaña, pensionado pola Junta de Ampliación de Estudios. Premio Extraordinario de Licenciatura en Santiago e Premio Extraordinario Nacional de Doutorado en Madrid, cunha tese dirixida polo doutor Jiménez Díaz. Na súa etapa de estudante compostelán foi Presidente da F.U.E.

Académico numerario da Real Academia Galega, formou parte tamén das Academias de Medicina e Cirurxía de Galicia, así como da Real Academia de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario e da Academia Galega das Ciencias. Membro do Clube de

Roma. Membro de número da Sociedad Argentina de Humanismo Médico. Con carácter honorario, foino tamén do Ateneo de Historia de la Medicina da Facultade de Medicina da Universidade de Buenos Aires, e asesor científico do Instituto de Ciencias del Hombre. Participou, asemade, na creación da Sociedad Española de Patología Digestiva e na Sociedad Española de Patología Psicosomática, das que foi membro fundador. Socio de Honra da Asociación de Biopatología Clínica de España. Profesor do Colexio Libre de Eméritos. Patrono da Fundación Xavier Zubiri e de varias institucións e fundacións galegas, entre outras a Fundación Luís Seoane, a Fundación Rosalía de Castro e a Fundación Otero Pedrayo, de quen foi testamenteiro.

Asesor cultural da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña. Xurado dos Premios Príncipe de Asturias, dos que nalgunhas ocasións foi tamén presidente. Fillo adoptivo da cidade da Coruña. Medalla de ouro do Colexio Oficial de Médicos de Galicia e Premio Beechman da Sociedade Española de Médicos Escritores. Xunto cos doutores Laín Entralgo, Duarte, Rof Carballo e Hernando formou parte do Comité Español da Guide Internationale de Médicins. Board Member da International Association for Cultural Freedom, con sede en París, xunto con Pierre Emmanuel, François Bourricaud, Shepard Stone e outros. Os seus restos repousan no panteón familiar do cemiterio compostelán de Boisaca.

Índice xeral

3
Presentación

I. Estudos e investigacións sobre Xaquín Lorenzo Fernández
9
Xaquín Lorenzo, precursor dos estudos
da arquitectura popular galega / *Manuel Caamaño Suárez*
37
Cultura mariñeira / *Francisco Calo Lourido*
57
A propósito dos traballos arqueolóxicos
de don Xaquín Lorenzo / *Francisco Fariña Busto-Xulio Rodríguez González*
93
O *cantigueiro popular da limia baixa* de Xaquín Lorenzo / *Xesús Ferro Ruibal*
123
A roda e a dorna. Xaquín Lorenzo e o Museo
do Pobo Galego / *Carlos García Martínez* e *María-Xosé Fernández Cerviño*
135
Os tipos de xugo e os seus nomes no territorio
de fala galega / *Manuel González González*
171
Xaquín Lorenzo Fernández. Vida / *Clodio González Pérez*
197
O Príncipe Lagarto, de Vila de Calvos / *Xosé Ramón Mariño Ferro*
217
"Menos mal que nos queda Portugal" / *Teresa Soeiro*

II. Alocucións académicas sobre Xaquín Lorenzo Fernández no Día das Letras Galegas
239
O compromiso coa lingua e coa cultura.
Carta a Xaquín Lorenzo no Día das Letras Galegas / *Manuel González González*
245
Don Xaquín Lorenzo Fernández, arqueólogo e etnógrafo
ao servizo da identidade galega / *Xosé Manuel González Reboredo*

III. Traballos de investigación e estudo
253
Escrita epistolar en galego:
a correspondencia de don Diego Sarmiento de Acuña,
I Conde de Gondomar (1567-1626) (I) / *Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo*

IV. Vida oficial da RAG
295
A academia na actualidade
299
Crónica da academia (ano 2003)
311
Necrolóxicas

HÉRCULES DE EDICIONES S. A.

FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

FUNDACIÓN RODRÍGUEZ IGLESIAS